O territorio pasou de titularidade privada a pública mediante expropiación con fins militares en 1943. Até entón, as terras estaban arrendadas ás persoas que foran vivir alá. Ao longo da década de 1960, o Estado decidiu construír unha nova igrexa e escola no centro xeográfico da illa, mais non reforzou nin ampliou o porto, que favorecería o sector pesqueiro —motor económico de Ons.

A construción deste centro cívico non trouxo as repercusións socioeconómicas esperadas e, entre finais desa década e inicios da seguinte, a xente comezou a abandonar as súas casas e a se instalar nos concellos máis próximos onde puidesen atracar as súas embarcacións. A Illa de Ons quedou deshabitada case por completo, como se observa nos censos da táboa 1, entre a década de 1970 (primeiro descenso identificado: de 482 a 455) e a de 1980 (con só 21 persoas censadas).

O segundo fito relevante foi a incorporación desta illa dentro do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galiza o 12 de abril de 2002, producindo un incremento do turismo que xa se empezara a sentir desde a década anterior. Ademais, impuxo unha serie

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de restricións na pesca e marisqueo do territorio delimitado dentro do Parque, polo que só as persoas censadas neste lugar gozarían de certos privilexios.

Táboa 1: censos da Illa de Ons desde 1870 até 2019.

Censo	Habit.	Casas
1870	167	32
1898	282	45
1921	442	55
1930	380	59
1940	312	66
1950	456	75
1960	482	79
1970	455	119
1981	21	8
1991	19	7
2000	41	-
2005	70	-
2010	79	-
2019	64	-

Este último motivo é o que explica o incremento da poboación desde o censo de 2005 (táboa 1). Malia todo, na actualidade só viven permanentemente tres persoas e, durante o verán, as casas énchense dos habitantes retornados e os seus descendentes. Ademais, este pequeno territorio insular aparece ocupado por milleiros de turistas que o visitan temporalmente.

Con este traballo propoñémonos tres obxectivos fundamentais:

1. Describir as principais características fonéticas, morfolóxicas e sintácticas do corpus oral transcrito.

2. Estudar a variación lingüística para contribuír a un maior coñecemento dos fenómenos presentes na lingua galega falada.

3. Estudar os factores sociais do cambio lingüístico: idade, xénero, nivel de estudos e lingua habitual.

Para tal fin, tomamos como obxecto de estudo a lingua da Illa de Ons. Partindo deste material, preténdense corroborar as seguintes hipóteses:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. As particularidades históricas deste territorio influíron de maneira decisiva nas escollas lingüísticas dos seus habitantes.

2. As mudanzas da realidade social implican cambios no sistema lingüístico.

3. As variábeis idade, xénero, nivel de estudos e lingua habitual son determinantes no proceso de cambio lingüístico en marcha.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2 METODOLOXÍA E MARCO TEÓRICO

O traballo que se desenvolve a continuación baséase nun corpus de gravacións transcritas. Este método sería imposíbel de levar a cabo hai cincuenta anos, cando se realizaron as enquisas para o *Atlas Lingüístico Galego*. E incluso sería impensábel realizalo, coa facilidade actual, tan só vinte e cinco ou trinta anos atrás —pese á democratización da tecnoloxía de casetes—, debido a que a informática unicamente chegaba a unhas poucas persoas.

Nas últimas décadas atendemos á rápida evolución de aparellos e programas que facilitaron tanto o tratamento como a extracción dos datos de carácter oral. Nesta liña, a contribución do Instituto da Lingua Galega foi fundamental á hora de captar estudantes con potencial para realizar investigacións sobre elementos da oralidade aínda sen explorar. A raíz deses estudos, puidéronse publicar obras como *A Nosa Fala* (Fernández Rei e Hermida Gulías, 1996), *Os sons da lingua* (Regueira *et alii*, 1998) ou a tradución e adaptación da *Introducción á fonética* (Martínez Celdrán, 2002), entre outras.

Do mesmo modo, unha serie de proxectos xurdiron desde esta entidade ao abeiro das tecnoloxías emerxentes. Así, hoxe gozamos, por exemplo, do *Arquivo do Galego Oral* (1992), *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico AMPER-Gal* (2003), *Estudo perceptivo da variación prosódica dialectal do galego* (2010), *Dicionario de pronuncia da lingua galega* (2011), *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega CORILGA* (2012), *Ferramenta On-Line de ExpeRimentación PerceptivA FOLERPA* (2013), *Plataforma de documentación e análise de datos dialectais perceptivos* (2015) *ou Variación e cambio nos dominios galego e portugués no século XX* (2019).

En canto ao tratamento de materiais orais en corpus, destacan

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os proxectos AGO (1992) e CORILGA (2012). O primeiro mostra pequenos fragmentos de oralidade informal ligada á distribución xeográfica co obxectivo de fornecer un estudo dialectal. En contraste, o segundo contén gravacións de todos os ámbitos lingüísticos –formais e informais–, mesmo con presenza dos medios de comunicación e redes sociais. O obxectivo deste último é o estudo da oralidade en calquera das súas vertentes.

A presente tese pretende seguir o ronsel de todas estas liñas abertas de investigación, en consecuencia, a metodoloxía utilizada entronca coa dos dous últimos córpora orais mencionados. Porén, o noso estudo pretende avanzar un paso máis nas investigacións que se están a realizar no ámbito do galego, nomeadamente, na variación e no cambio lingüístico con base en corpus orais.

De acordo cos obxectivos marcados e co propósito de comprobar as hipóteses propostas, realizáronse unha serie de gravacións para seleccionar, en base ás variábeis que se ían analizar, as/os informantes que formaron parte deste estudo atendendo ás realidades existentes e procurando a súa representatividade. Non obstante, como non foi posíbel acadar o equilibrio desexado dadas as dificultades para gravar xente en idade laboral ou de estudos, procedeuse a traballar estatisticamente de maneira que os resultados fosen equiparábeis. Do mesmo xeito, descartáronse unha serie de variábeis debido á súa baixa repercusión no corpus ou á falta de consecuencias sobre os fenómenos estudados. Por tanto, non se desenvolverán polo miúdo neste estudo, senón que se apuntarán a modo de potenciais vías de investigación futuras.

Deste xeito, a presente tese consta de sete capítulos diferenciados. Os dous primeiros constitúen a introdución (§1) e a metodoloxía (§2), ademais, inclúese unha perspectiva histórica do lugar obxecto de estudo.

Nos tres seguintes (§3, §4 e §5) abórdanse os fenómenos de variación lingüística que atinxen á fonética e fonoloxía, á morfoloxía e á sintaxe. Noutras palabras, ofrécese unha perspectiva dos estudos realizados até o momento a respecto de cada un dos elementos analizados, así como a síntese estatística que corrobore a relación entre ese fenómeno e as variábeis marcadas.

Por outra parte, o capítulo §6 supón unha discusión arredor dos resultados acadados nos tres capítulos anteriores. Trátase, por conseguinte, dunha posta en común das catro variábeis fundamentais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que explican o cambio lingüístico na Illa de Ons. Finalmente, recóllense os textos que conforman o corpus lingüístico xunto cos criterios de transcrición (§7).

2.1. Metodoloxía

2.1.1. Cambio lingüístico en tempo aparente

Existen dúas metodoloxías de análise do cambio lingüístico: o cambio en tempo real e o cambio en tempo aparente. O primeiro deles analiza a variación dunha persoa ou grupo mediante mostras de lingua dilatadas no tempo. Deste xeito, pódese examinar a tendencia que presentan determinados elementos ao longo dunha cronoloxía estabelecida (Walker 2010: 95-97).

Os estudos que se desenvolven nesta liña teñen como inconveniente principal a falta de traballos previos pormenorizados, así como a carencia de gravacións con variábeis ben definidas que permitan unha comparativa ao longo do tempo. Ademais, en caso de querer realizar un estudo de aquí en diante, a dilatación temporal sería enorme, polo que habería que tomar a análise a moi longo prazo.

Pola contra, os estudos en tempo aparente analizan a variación dunha persoa ou grupo nunha franxa de tempo concreta. Esta última perspectiva permite dexergar un cambio en tanto se dá (ou non) o seu uso entre as persoas de menor idade, así como a súa proxección de futuro (Chambers, 1994: 241-244).

Aínda que este método de análise se considera que empezou co estudo sobre a illa de Martha's Vineyard realizado en 1963 (Labov, 1983), onde se compara a lingua de tres xeracións recollida nun período concreto de tempo, xa con anterioridade se realizaran outros estudos cunha metodoloxía semellante. É o caso de Gauchat (1905) para a vila Suíza de Charmey, ou a comprobación deste traballo levada a cabo por Hermann's (1925), que o propio Labov recolleu como antecedentes seus.

Como contrapartida, esta metodoloxía presenta certos problemas. En primeiro lugar, enténdese que a lingua na idade adulta fica xa formada e inalterábel e, polo tanto, aquilo que sexa diferente na xente nova será unha innovación a respecto dos grupos de maior idade. Isto non é certo, como explicou sucintamente Kabatek (2017), pois o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cambio lingüístico dáse ao longo da vida e de forma tanto individual como social ou colectiva.

En segundo lugar, a variación non ten por que desembocar irremediabelmente nun cambio e a tendencia que se observa no decorrer dos grupos de idade non ten por que ser unha liña recta, pois pode haber fenómenos que mostren unha disposición pendular. É dicir, un fenómeno pode ir nunha dirección e, co tempo, volver na contraria. Por tal motivo, a lectura dos datos en tempo aparente como unha tendencia proxectábel ao futuro é cuestionábel. Así e todo, dentro do marco dunha investigación deste tamaño, resulta suficientemente sólida como para indicar tendencias, aínda coas cautelas necesarias polo anteriormente presentado.

Para o caso do galego, a metodoloxía do tempo aparente aparece en traballos de morfoloxía como os desenvolvidos por Soto Andión (1996, 2003 e 2014) ou de fonética como os de Baleirón (2004) e Thomas (2007) a respecto da gheada, os de González González *et alii* (2002), Dopazo (2017) e Rial Montes (2018) a respecto do seseo, ou, con maior amplitude, a memoria de licenciatura de Dopazo (2013a) e outros traballos derivados dela (Dopazo 2013b, 2016 e 2019a) e a tese de Louredo (2019).

Xa que logo, o presente estudo enmárcase nesta metodoloxía, pois o corpus oral de partida consta dunha cronoloxía concreta (inicios da década de 2010) e todas as análises realizadas irán centradas na variábel *idade*, aínda que se contemplasen tamén o *xénero*, o *nivel de estudos* e a *lingua habitual*, pois queríase comprobar se tamén gardaban relación coa variación identificada tanto na totalidade do corpus como en cada grupo de idade por separado.

2.1.2. Informantes e grupos de idade

Na realización deste traballo, contamos coa transcrición de 32 gravacións semidirixidas, correspondentes a 41 falantes cunha diferenza etaria de 78 anos entre o máis novo (18) e o máis vello (96). Para estudarmos o cambio, estabelecemos unha división en torno á *idade*, que se ve reforzada polas circunstancias históricas, así como pola cohesión lingüística entre informantes de diversos perfís sociolingüísticos (§6.1).

Distinguimos, xa que logo, tres grupos de falantes: un primeiro, que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

abrangue as persoas nacidas antes de 1959 (G1); un segundo, o das persoas que naceron entre 1960 e 1979 (G2); e, o último, o das persoas nacidas a partir de 1980 (G3), xa descrito por Dopazo (2013a, 11-15). Esta división argumentarase no epígrafe correspondente á variábel *idade* (§2.1.4).

En canto aos tres grupos estabelecidos, pódese observar unha descompensación con relación ao número de persoas dos dous xéneros recollidos. No G1 débese á falta de dispoñibilidade dos informantes masculinos no momento en que se realizaron as gravacións[1]. No G2 esa dificultade increméntase por motivos laborais. Por último, no G3 a descompensación é ao revés, son as mulleres as menos representadas. Neste caso débese a que, habitualmente, elas falan español e moi poucas se prestaron a falar galego para este estudo[2].

Pese a todo, procurouse que tanto homes coma mulleres tivesen a mesma representación en canto ao tempo de transcrición, é dicir, igualouse o corpus a respecto do tempo de intervención dos falantes de ambos os dous xéneros (táboa 2).

Táboa 2: tempo de intervención dos grupos segundo a variábel *xénero*.

	G1	G2	G3	Total
Homes	1:37:27	0:44:20	0:36:26	2:58:13
Mulleres	1:37:27	0:44:20	0:36:26	2:58:13
Total	3:14:54	1:28:40	1:12:52	5:56:26

O equilibrio entre os tres grupos non foi posíbel, dadas as dificultades para atopar informantes dos dous grupos máis novos. Para evitar esta descompensación, empregáronse probas estatísticas que permitisen sacar conclusións fidedignas sen que o número de integrantes de cada grupo desvirtuase a lectura dos datos.

2.1.3. Gravacións e transcricións

Os tipos de gravación que integran o corpus de base para este estudo son entrevistas, conversas e monólogos de temática libre. En todo momento as persoas informantes tiñan coñecemento de estar a

1 Ao se realizaren as gravacións en época estival, a maioría dos homes pasaba a mañá no mar e a tarde na taberna, dificultando realizar as gravacións.

2 Por suposto, o requisito esencial para formar parte desta investigación é que o idioma maioritario en que se desenvolvese a persoa durante a grabación fose o galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ser gravadas, pois deron o seu consentimento para realizar a gravación e para formaren parte deste estudo. Realizáronse maioritariamente entre 2011 e 2013. Con todo, para lograr o equilibrio no corpus, houbo gravacións que se realizaron con posterioridade (até abril de 2017).

Máis adiante, fíxose unha selección do total de 70 horas recollidas tendo en conta a calidade (para facilitar a transcrición e revisión). Ademais, prestouse atención ás variábeis que ían formar parte do estudo (*idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*). Por último, transcribíronse case 6 horas (8,5% do total), empregando o programa ELAN (2004).

No que atinxe aos criterios de transcrición, seguíronse os propostos na obra *A Nosa Fala* (Fernández Rei e Hermida, 1996) e, especialmente, no proxecto *Arquivo do Galego Oral* (1992), adaptando algúns deles aos fenómenos particulares da zona. Tamén se incorporaron os relativos á análise do discurso expostos no *CORILGA* (2012). Este proceso deu como resultado un compendio de 32 textos, que chega a ser unha imaxe das realizacións lingüísticas de persoas entre 18 e 96 anos nos inicios da década de 2010.

Para o estudo dos fenómenos que poden afectar o *–s* en coda silábica, confeccionouse un cuestionario a base de imaxes no que se tiveron en conta todos os posíbeis contextos ante os que pode aparecer este fonema. Esta enquisa realizóuselle a dúas persoas do G1 —muller e home— nunha sala sen ruídos, cunha gravadora profesional Tascam DR-100MKII e un micrófono de diadema Shure SM10A. Como resultado obtivéronse dúas gravacións de alta calidade que posibilitaron a análise acústica. As mostras recolléronse en formato WAV e procesáronse co programa Praat 5.0 (Boersma, 2001).

Co fin de nos asegurar unha pronuncia o máis espontánea posíbel e reducir o efecto do paradoxo do observador (Labov, 1972c), creouse un ambiente distendido e informal, no que non só se tratase de responder aos estímulos visuais, senón que se fosen fiando relatos de vida e anécdotas. Deste modo, rebaixouse a presión á que se puidesen sentir sometidas as persoas entrevistadas —coas que xa se tiveran varios contactos previos— e o resultado foi máis natural.

O volume de datos recollidos é 22 veces menor que o recollido no corpus principal. Porén, o obxectivo fundamental era tratar de controlar os contextos para poder analizar os resultados mediante espectrogramas,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

polo que o volume cuantitativo non é pertinente.

Os casos recollidos nestas dúas gravacións pasaron a formar parte dun corpus alternativo denominado *Corpus B*, do que se botou man para corroborar as apreciacións extraídas do corpus principal.

2.1.4. Variábeis

Como xa se mencionou anteriormente, as variábeis a través das que se analizará o cambio lingüístico son *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*. Nun primeiro momento considerouse tamén a *lingua inicial*, porén, tras lle aplicar as probas estatísticas, detectouse que a repercusión nestes datos era nula.

Asemade, barallouse a opción de incluír o *lugar de destino* no que se asentaron as/os informantes tras o éxodo dos anos 70. Desta volta, as dificultades eran dúas: a primeira, apenas hai representatividade das persoas que migraron ao Salnés e á Barbanza e, a segunda, sería preciso contar cun estudo lingüístico profundo dos lugares de destino para poder corroborar en que medida influíu. Non obstante, haberá mencións puntuais a esta variábel.

A información relativa a estas variábeis recolleuse no momento da entrevista mediante un cuestionario con máis información, de tipo persoal, que podería ser relevante para un estudo de variación e cambio lingüístico como o presente ou outros futuros.

En canto á variábel *idade*, como xa se relatou no punto anterior, estabelécense tres grupos en base á realidade histórica e lingüística, así como aos estudos preliminares (Dopazo, 2013a). Somos conscientes de que a idade non é agrupábel senón que as persoas funcionan de maneira individual. Así as cousas, Keller (1994) presenta a idea da man invisíbel, é dicir, a lingua como ente independente, cunhas tendencias globais que estabelecen a predominancia dunha variante por riba doutras cunha influencia da decisión persoal dos falantes practicamente inconsciente.

No tocante ao *xénero*, fronte á concepción amplamente estabelecida de que "tanto el sexo cuanto la generación están determinados de modo natural" (Caravedo, 2003: 43), os actuais estudos sexoxenéricos (Duque, 2010; Conrod, 2019) contradín esta tendencia histórica asumida. Ekert e McConnell-Ginet (2013) afirman que "[g]ender is not something we are born with, and not something we *have*, but something we *do* (West

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

and Zimmerman 1987) —something we *perform* (Butler 1990)" —unha constante en Ekert (1989 e 2014, entre outros traballos). Esta idea xa fora apuntada polas primeiras filósofas feministas que afondaron no eido do xénero. Sirva de exemplo a afirmación "on ne naît pas femme: on le devient" (Beauvoir, 1976: 10) en canto á construción da feminidade, ou toda a teoría arredor da problemática do xénero de Butler (1990).

Denominamos esta variábel *xénero* aínda que tan só se faga mención da dicotomía *muller–home*, que coincide nesta tese coa concepción social binarista do *sexo asignado* (vaxina – muller, pene – home). Non se considera tan relevante para a variación lingüística analizada nin o *sexo asignado* (aquel que se dá no momento en que nace unha persoa) nin a *identidade sexual/de xénero* (reflexo na aparencia persoal dos posíbeis roles de xénero así como a relación que se estabelece da sexualidade corpórea e dos xenitais, Cabello, 2016) das persoas como si o *xénero sentido* (percepción que cada persoa ten sobre o seu propio xénero, que pode coincidir co xénero asignado ou non, Kaplan, 2011), pois é este último o que determina o desenvolvemento lingüístico dunha persoa á hora de se performar socialmente. Esta foi a pregunta que se lles realizou a todas as persoas informantes no momento en que se deu por concluída a gravación, mesmo coa posibilidade de incluír persoas non binarias.

Baixo esta premisa, o traballo de Dopazo (2017) confirma que unha muller terá menos posibilidades de presentar seseo e, se o presenta, será laminal e con máis seguridade que apical. Do mesmo modo, apréciase tamén a tendencia de que a súa *lingua inicial* e *habitual* sexa cada vez máis o español.

Malia que se podería analizar a repercusión das outras variábeis (*sexo asignado* ou *identidade sexual/de xénero*), sería precisa unha redirección do corpus, así como unha nova selección das persoas que o integran, para que fosen representativas todas as posibilidades. Daquela, trataríase doutro traballo diferente ao que aquí nos compete.

Ademais, neste estudo partiuse das respostas recollidas na enquisa. Malia que a cuestión era aberta, tan só se rexistraron esas dúas posibilidades (muller e home). Con posterioridade, unha persoa que se recoñecera como 'muller' en 2012 transicionou a 'home' desde 2019. Como o corpus xa estaba pechado e, naquel momento, a identificación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

era ‘muller’, decidiuse continuar contemplándoa nese grupo[3] coas debidas precaucións por se desvirtuaba os resultados.

A este respecto, no apartado correspondente ao *xénero* das conclusións, discútese arredor das disquisicións ás que se chegou logo da análise. Do mesmo xeito, tamén se abre o debate acerca da influencia da *identidade sexual* sobre a lingua.

Casos coma este verten luz sobre a concepción errada do *xénero* como categoría pechada con base na asimilación deste como unha expresión do sexo. Esta última categoría tan só garda relación cos órganos sexuais —dito sexa de paso que unicamente en relación aos maioritarios, vaxina e pene, sen categorizar as persoas intersexuais. Partindo dunha base binomial de *sexo*, equipárase esta realidade física á *identidade de xénero*, asumindo a correspondencia unívoca destes dous elementos. É dicir, que as persoas que teñen vaxina son ‘mulleres’ e as que teñen pene son ‘homes’ (Butler, 1990).

Esta idea está na base da sociedade, inflúe socialmente na educación recibida e, de forma inconsciente, na performatividade lingüística individual. Con todo, o *xénero* non é unha categoría estanca, senón que permite a mobilidade ao longo da vida. Ademais, preséntase como unha amalgama na que cadaquén se atopa a distinta distancia, aínda tendo como focos principais os dous socialmente recoñecidos. Por este motivo, consideramos que era máis acertado empregar o termo *xénero* no canto de *sexo*.

En terceiro lugar atopamos o *nivel de estudos*, unha variábel que xa consideraba relevante Labov (1966, 1972a) nalgunhas das súas análises e que foi o eixo central de numerosas investigacións dentro do cambio lingüístico. Nesta tese preséntanse catro niveis. O primeiro deles, *sen estudos*, reúne aquelas persoas que non saben ler nin escribir ou que o chegan a facer pero con grandes dificultades. O segundo, *primarios*, engloba quen se manexa na lectoescritura xunto con quen ten o título de Educación Xeral Básica ou Educación Primaria. O terceiro nivel é o dos *estudos secundarios*, referido a aquelas persoas que cursaron —ou aínda o están a facer— Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato ou Formación Profesional. Por último, o nivel *universitario* queda restrinxido ás persoas que realizaron ou están en proceso de obter un

3 A persoa en cuestión está de acordo en que se contemple deste modo no tocante ao estudo realizado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

título superior, ben sexa Diplomatura, Licenciatura, Grao, Mestrado ou Doutoramento.

Finalmente, en canto á *lingua habitual*, decidiuse determinar tres grupos en relación a dous polos principais, galego e español, cunha terceira vía en que se contemplen estas dúas linguas. Baixo a etiqueta *galego* reúnense as persoas que só falan galego ou que usan maiormente esta lingua, tanto en ámbitos familiares como coas persoas máis próximas (amizades, persoal do traballo etc.). Tívose a mesma consideración ao crear o grupo *español*. De acordo con isto, aquelas persoas que no ámbito familiar e de relación máis próxima empregan as dúas linguas ou que presentan unha distribución de linguas segundo o contexto estarán agrupadas na etiqueta *galego e español*.

Esta clasificación xurdiu a raíz da análise dos datos pois, en realidade, a agrupación en catro (só galego, máis galego, máis español, só español) que propón o Mapa Sociolingüístico de Galiza —tanto o de 1992 (Rojo e González González, 1995) como o de 2004 (González González, 2008)— evidenciaba un uso parello nos dous elementos centrais. Daquela, resultaría redundante distribuír o noso corpus en catro cando a tendencia e a realidade deste é de tres grupos. Polo tanto, as probas realizadas neste corpus cadran coas afirmacións a respecto dos usos por parte das persoas entrevistadas.

2.1.5. Tratamento dos datos

No que atinxe ao tratamento dos datos, empregouse WordSmith (Scott, 2008), facendo concordancias de cada un dos fenómenos que se ían estudar. Posteriormente, introducíronse todos os datos recadados no programa SPSS (IBM, 2013), que permite facer táboas e analizar datos estatisticamente. Trátase dunha análise cuantitativa, baseada no número de casos que se dan en cada contexto, comparados ou ben cos datos totais ou ben seguindo as variábeis estabelecidas.

As probas ás que se someteu esta información foron, nun primeiro momento, as de presentación dos totais e porcentaxes segundo os grupos estabelecidos en cada variábel. Con este fin, confeccionáronse táboas cos datos deluvados, é dicir, o número correspondente a cada unha das persoas informantes segundo o fenómeno que se estea a analizar. Con estes datos, facilmente se puido extraer a información global de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cada un dos grupos que conforman as variábeis que se analizan e, posteriormente, a porcentaxe que supón.

A continuación, acháronse as medias de uso individuais dividindo o número concreto de usos dun fenómeno entre o total de realizacións nese contexto. Desde este punto, obtivéronse as distintas medianas das catro variábeis para observar a tendencia do fenómeno concreto. Deste modo, mediante a obtención da mediana dos usos medios de todas as persoas que integran cada grupo conséguense borrar as posíbeis diferenzas derivadas das desigualdades numéricas.

Finalmente, dado que a natureza propia destes datos non permitiría pasar un test de normalidade, non se pode aplicar a proba ANOVA, polo tanto, debemos empregar a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis. Esta proba estatística advirte da relevancia significativa dunha variábel a respecto do uso medio que cada grupo fai dun fenómeno en particular. En concreto, se o resultado é inferior a 0,050[4], significa que cando menos dous grupos de entre os comparados diverxen nos usos.

Agora ben, cómpre identificar entre que grupos se está a dar esa diferenza no uso. Para ese fin, empregamos o test de Mann-Whitney, un método *post-hoc* mediante o que identificamos a relación significativa que se estabelece entre cada un destes grupos e o resto deles. Desta maneira, poderemos saber cal é a tendencia do cambio lingüístico con base nas variantes recollidas en cada fenómeno que analicemos.

2.2. Marco Teórico

Neste apartado presentaranse as bases teóricas sobre as que se sostén a análise proposta. En primeiro lugar, como o punto de partida deste estudo é un corpus oral (§2.2.1), desenvolverase unha perspectiva histórica da disciplina para contextualizar a necesidade de realizar este tipo de investigacións.

En segundo lugar, dado que o interese deste traballo é a variación e o cambio lingüístico (§2.2.2), estabeleceremos os fundamentos básicos polos que esta metodoloxía sería aplicábel a calquera outro corpus con características semellantes.

4 Este límite é o que se emprega habitualmente para determinar a significación dun resultado estatístico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2.1. A lingüística de corpus

Pódese considerar que os estudos de corpus se inician coa obra *Computational Analysis of Present-Day American English* (Kucera e Francis, 1967). Con anterioridade a esta publicación, comezaran a aparecer estudos con base en compendios textuais, aínda que cun volume de datos menor[5]. Non é até 1971, co Proxecto Francés de Montreal (Sankoff e Sankoff, 1971), cando aparece o primeiro corpus oral. A día de hoxe este tipo de córpora supoñen un número significativamente inferior en relación aos escritos.

No caso do galego, a dilatación no tempo dun corpus oral estendeuse até a década de 1990, coa aparición do *AGO*. Porén, non se pode considerar un corpus no mesmo sentido dos anteriores, pois carecía dun mecanismo que permitise extraer datos lingüísticos. Deste xeito, non podemos falar de córpora orais en galego até a década de 2010, coa posta na rede dunha parte do *AGO* e coa aparición de *CORILGA*.

Un dos problemas cos que nos atopamos á hora de realizar estudos sobre lingua oral en galego é a falta de materiais: os córpora existentes aínda son pequenos e a traxectoria histórica dos materiais é bastante curta. En particular, o *AGO* conta con gravacións desde a segunda metade dos anos 70, aínda que nunha proporción bastante baixa. Tan só 74 concellos e aproximadamente 30 horas de gravación. Da década de 1980 consérvanse arredor de 350 horas de gravación e a metade dos concellos de fala galega. Na de 1990, a mostra esténdese a máis de 1000 horas de 271 concellos. Desde a entrada do novo milenio, o dominio lingüístico galego está practicamente todo recollido, con atención á variabilidade sociolingüística, isto é, cunha representación considerábel dos diferentes perfís de informante. En canto ao *CORILGA*, as gravacións remóntanse á década de 1960, coa cesión do material recollido por Gustav Henningsen: arredor de 60 horas gravadas en diversos puntos do país. Ademais, neste corpus non só se contemplan as variedades informais da lingua, senón que conta cunha parte importante de rexistros cultos, ben sexan dos medios de comunicación, ben de conferencias e fragmentos literarios lidos.

5 É o caso de Remacle (1952-1960)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Isto lévanos a un volume de datos reducido para o estudo dunha variedade concreta do galego. Por este motivo, co obxectivo de levar a cabo un estudo como o presente, cómpre realizar gravacións propias e crear un corpus independente. Neste caso, ademais, as gravacións e parte das transcricións pasaron a formar parte do *AGO*.

2.2.2. Variación e cambio lingüísticos

A variación é un feito inherente ás linguas. Desde a obra de Saussure, *Cours de linguistique générale* publicada *post mortem* en 1916 (Saussure, 2005), existe a idea de que resulta posíbel detectar unha orde detrás desta variación. Así e todo, o intento de plasmar a variación podémolo considerar anterior, dadas as recolleitas de datos para a creación de atlas lingüísticos como o *Sprachatlas von Nord- und Mitteldeutschland* de Georg Wenker (1881), que atendía só á fonética, ou o *Atlas Linguistique de la France*, dirixido por Jules Gilliéron, desenvolvido entre 1897 e 1900 e que se comezou a publicar en 1902, que ademais de á fonética tamén atendía á morfoloxía e ao léxico. De todos os xeitos, a constatación da variación lingüística podémola remontar mesmo á época romana, a través do *Appendix Probi* de Apio Claudio (do século IV), onde se buscaba corrixir os considerados "erros de pronuncia".

Non obstante, esta realidade foi considerada antolladiza até case finais do século pasado. Mesmo o pai do estudo da variación e o cambio lingüístico, Labov, a presenta deste modo:

> Si el cambio lingüístico fuera constante y estuviera fielmente correlacionado con el uso de la lengua, podría estudiarse por medio de alguno de los métodos empleados para el análisis de la erosión, el deterioro y las roturas. Pero no es de ningún modo constante, excepto en el hecho de su existencia. El cambio es esporádico en sentido profundo, viaja rápidamente por algunas regiones de la estructura hasta hacerse irreconocible en uno o dos siglos, para detenerse luego tan repentinamente que reglas que fueron normales e inevitables se vuelven inconcebibles y desnaturalizadas en una década, hasta desaparecer por

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> milenios proporcionando la ilusión de estabilidad. El fenómeno que estamos estudiando es irracional, violento e impredecible (Labov, 1996: 43)

Este é o autor que inicia os estudos variacionistas. De feito, nesta mesma obra presenta unha serie de variábeis que axudan a explicar os motivos da variación identificada.

Na actualidade, á hora de realizar unha análise variacionista, o foco co que se examina a lingua pode ser de tres tipos, segundo as tres vagas descritas por Eckert (2012). A primeira delas, iniciada por Labov (1966) co estudo *Social Stratification of English in New York City*, dá o salto á consideración da lingua como un fenómeno social. Xa que logo, os diferentes estratos sociais son relevantes á hora de determinar un cambio na lingua. A este respecto, Labov introduce a idea de *vernacular*:

> Most of the speakers of any social group have a vernacular style, relative to their careful and literary forms of speech. This most spontaneous, least studied style is the one that we as linguists will find the most useful as we place the speaker in the overall pattern of the speech community. (Labov, 1972a: 112)

Trátase da lingua habitual de cada falante, aínda que baixo esta denominación estea a noción de lingua inicial. Neste punto, tamén cabe interpretar a aparición de diferentes variedades coexistindo nun mesmo informante e que a escolla pode ser consciente ou non.

Este elemento xogará un papel fundamental na segunda vaga, onde o foco do estudo recae nun grupo concreto de persoas (Eckert, 2012: 91-93). A identificación desa variedade *vernacular* supón unha escolla consciente para a expresión de pertenza a un grupo. Podemos entender como grupo tanto aqueles que teñen unha expresión social como tamén as denominadas comunidades de fala —concepto introducido por Gumperz (1968 e 1982) e Labov (1972), entre outros— e que fai referencia a un grupo social que comparte a mesma variedade fronte a outras próximas. Esta segunda vaga é na que podemos incluír o estudo que imos desenvolver na tese, pois procura analizar os trazos que empregan as/os falantes da Illa de Ons e poñelos en relación coa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

norma, así como entre os grupos internos que se poidan derivar desta comunidade.

Por último, a terceira vaga centra o estudo no uso de estilos para construír identidades (ou entrar a formar parte delas) de forma non estática (Eckert, 2012: 93-97). Deste xeito, pódense advertir tanto os motivos do xurdimento dunha nova variábel nun fenómeno concreto como os motivos da súa expansión. Nesta vaga cabería incluír algunhas das puntualizacións que se fan no estudo da fala da Illa de Ons, pois dan indicios da disidencia dentro da uniformidade esperábel. En relación a este particular, podemos exemplificar co caso do xénero e a análise que se fai sobre el no punto §6.3.

2.2.3. O estudo do cambio lingüístico

A mudanza no foco do estudo variacionista trouxo consigo un cambio de perspectiva sobre a análise do cambio lingüístico. Nun primeiro momento, as teorías consideraban as linguas un ente independente das persoas que as empregan, ademais de entender que "a lingua" era unicamente a variedade estándar, sen considerar outras variedades. Co paso do tempo, as investigacións forneceron unha visión ben distinta. O elemento de estudo pasaron a ser os colectivos ou grupos que presentaban diferenzas de uso nas súas variedades e, finalmente, as persoas como individualidades lingüísticas.

De feito, a postura de Keller (1994), na súa teoría da man invisíbel, incide na capacidade do individuo de impeler un cambio lingüístico mediante a forza do grupo. Noutras palabras, unha vez se xera unha nova variante nun único individuo, a forza grupal pode levala á expansión e mesmo ao triunfo a través da identidade de grupo. Isto tamén o apunta Kabatek (2017: 28-29), pois afirma que "[o] individuo non cambia a lingua: o cambio existe cando a proposta individual pasa a ser adoptada por outros e cando pasa a ser un feito colectivo na comunidade dos falantes", apoiándose en que ""La innovación no es 'cambio'", dicía con moita claridade Coseriu (1958 [1978]: 79)".

De acordo con esta idea do cambio lingüístico, un dos factores esenciais é a motivación. No tocante a este último, temos que estabelecer dúas vías dependendo do lugar onde se sitúe o foco inicial. Por unha banda atopamos os factores internos e, por outra, os factores externos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo Hickey (2010: 7) "Internal change is that which occurs within a speech community, generally among monolingual speakers, and external change is that which is induced by contact with speakers of another language". Deste xeito, os factores internos son aqueles que xorden dentro dunha mesma variedade por razóns intrínsecas a ela. En oposición, os factores externos son aqueles motivados polo contacto con outras variedades ou con outras linguas. Así, aínda que non se vaia facer referencia directa a estes dous focos do cambio lingüístico na presente análise, aparecen de forma implícita.

No caso dos factores internos, atopamos multitude de exemplos, tanto na fonética (ceceo, rotacismo etc.) coma na morfoloxía (morfemas verbais). En canto aos externos, temos todos os casos en que o español inflúe na escolla de formas fonéticas (eliminación da gheada e seseo), morfolóxicas (aparición das formas *esto*, *eso*, *aquelo* fronte ás tradicionais *isto*, *iso*, *aquilo*) e mesmo sintácticas (colocación dos pronomes), na liña das condicións expostas por Thomason (2010: 34).

Ademais, podemos contemplar os factores extralingüísticos, onde entra en xogo non tanto a relación de poder entre dúas variedades ou linguas como a "dominance relations in terms of social, political and/or economic strength" (Johanson, 2002: 306). Nesta visión do cambio lingüístico podemos incluír a influencia das variedades normativas tanto do galego coma do español que se introducen a través da educación regrada.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3. FONÉTICA E FONOLOXÍA

Na Illa de Ons identificamos procesos fonolóxicos comúns a outros lugares do territorio lingüístico galego. No vocalismo prodúcense casos de prótese (*a.nécora* por *nécora*), epéntese (*déixa.i.a* por *déixaa*), paragoxe (*muller.e* por *muller*), aférese (*[a]riando* por *arriando*), síncope (*der[a]marrar* por *desamarrar*), apócope (*lax[e]* por *laxe*), metátese (*preçebe* por *percebe*), harmonización (*piquiniño* por *pequeniño*), palatalización do *a* (*häbía* ou *hebía* por *había*), metafonía nominal (*Centulo* por *Centolo*), entre outros moitos.

En canto ao consonantismo, apréciase unha substitución da lateral palatal [ʎ] pola oclusiva palatal [ɟ], que se dá xa no G1 e remata o proceso no G2 e G3. Este mesmo proceso ocorre tanto coa gheada como co seseo (e toda a reestruturación fonolóxica das sibilantes en posición de ataque silábico), onde se aprecia un cambio no tipo de realización, así como unha progresiva desaparición destes dous fenómenos. No sistema de sibilantes podemos incluír o que acontece co *–s* na coda silábica, que son procesos complementarios que apuntan a estabilidade en canto ao contexto de uso. Aí atopamos o rotacismo, aspiración, desaparición do *–s* e palatalización.

Neste punto vaise describir a natureza dalgúns dos fenómenos fonéticos máis destacados co fin de ver a súa ligazón coas variábeis delimitadas para identificar a influencia sobre o cambio lingüístico na Illa de Ons. Asemade, analizarase a repercusión que produce esta creba no sistema fonolóxico e a posíbel (re)organización que haxa en marcha.

Traballarase cos dous fenómenos fonéticos perceptivamente máis salientes e que gozan de maior estudo na traxectoria da lingüística galega: a gheada e o seseo. Como seseo é un concepto que simplifica a realidade deste fenómeno, considerarase toda a estrutura do sistema de sibilantes, tanto en posición de ataque silábico como tamén de coda.

A escolla non é fortuíta, pois trátase duns fenómenos con repercusión

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

social alta e unha grande estigmatización. Desta consideración dá conta Fernández Rei (1990: 177-181 e 197-200) e recupera a información Freixeiro Mato (2006: 143-150 e 169-174). Aínda atendemos a un ataque recente na prensa pouco antes da finalización desta tese[1]. Pola contra, as alteracións do *–s* en coda silábica é unha serie de procesos sen apenas estudo en galego pero cunha repercusión grande no sistema de sibilantes. Por tal motivo tamén se vai dedicar un epígrafe á súa análise.

Deste xeito, o primeiro capítulo estará dividido en tres partes: §3.1 gheada, §3.2 sistema de sibilantes e §3.3 coda silábica.

3.1. Gheada

Enténdese por gheada a realización fricativa fronte á realización oclusiva ou aproximante velar voceada que tamén se atopa nesas mesmas posicións. A aparición ou non da gheada débese a factores xeográficos, sociais e contextuais que se van analizar ao longo deste epígrafe.

Se tomamos unha perspectiva histórica, hai case dous séculos que se fala da gheada, sempre con connotacións negativas cara ás persoas que a empregan (Fernández Rei, 1990: 117-181). Con todo, as primeiras mostras de gheada son bastante anteriores e sitúaas Mariño (2003: 61) no século XVII, mais non é até o tempo de Sarmiento que se comeza a empregar este termo, aínda que referido ao fenómeno contrario, ao da *gueada*.

Desde que temos datos da distribución dialectal deste fenómeno (década de 1930), o que se aprecia é un retroceso no uso. Analizando os mapas 167, 168 e 169 do *ALGa* III (1999) para a posición do *–g–* intervocálico e os mapas 176, 177 e 178 para a posición inicial deste elemento, o que podemos observar é que, no momento en que se fixeron as enquisas —década de 1970—, a gheada estaba estendida por toda a provincia da Coruña e de Pontevedra, así como por boa parte da de Ourense e o occidente da de Lugo.

A pronuncia maioritaria da gheada, segundo o *ALGa* III (1999), é a fricativa farínxea non voceada [ħ][2], salvo na Ría da Arousa e ao

1 GARCÍA NEGRO, Pilar (2022). "¡Viva la lengua gallega!", en *Nòs Diario* <https://www.nosdiario.gal/opinion/maria-pilar-garcia-negro/viva-lengua-gallega/20220613185742145629.html> [Consultado o 02/07/2022]


2 Con total seguridade, baixo esta descrición atópase non só a fricativa farínxea non

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

longo da costa desde Cedeira até Ponteceso, así como en lugares do interior máis próximos ao Atlántico, onde atopamos unha realización fricativa velar non voceada [x]. Na Veiga (Ourense) e Corullón (León) rexistrouse unha pronuncia próxima á fricativa uvular voceada [ʁ].

Comparando os datos manexados por Zamora Vicente (1986: 13) cos recollidos no *ALGa* e os expostos por Fernández Rei (1990: 164-177) para as provincias de Lugo e Ourense, a primeira impresión é que se trata dun fenómeno en claro retroceso. Actualmente, temos a perspectiva fornecida por Rodríguez Lorenzo (2011), onde se comparan os datos recollidos no *ALPI* (década de 1930), *ALGa* (década de 1970) e os seus propios (recollidos en 2008). A lectura desta comparativa é que a gheada retrocede na mesma proporción da primeira á segunda cata e da segunda á terceira. Podémolo apreciar na imaxe 1:

Imaxe 1: Isoglosas do uso de gheada nas enquisas do *ALPI* (1934), *ALGa* (1974) e Rodríguez Lorenzo (2008).



voceada, senón tamén a voceada, así como a larínxea (±voceada), pois é o que se atopa na actualidade neste territorio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais, cabería pensar que tipo de persoas e contextos de uso se tomarían en conta para esa representación. A este respecto, Míguez Iglesias, nun traballo en que analiza os usos da gheada e o seseo en dous grupos de idade do concello de Brión, postula unha posíbel variábel das que inflúen actualmente no retroceso da gheada, o rexistro:

> a pesar de estaren recoñecidos como pronuncias alternativas na variedade estándar, o seseo e a gheada sexan excluídos dos rexistros coidados. Desta forma, aínda que a variedade estándar do galego se vai consolidando e ocupando cada vez máis espacios, estes fenómenos van recuando cada vez máis no seu uso (Míguez Iglesias, 1996: 39-40)

En canto ás gramáticas, Carvalho comenta ao respecto:

> La pronunciación de *g* [...] como velar fricativa sorda, a la manera de una *h* aspirada germánica o reforzada con distintos matices hasta alcanzar a veces la identidad con la *j* castellana, constituye un rasgo dialectal, aunque muy extendido, considerado como vulgarismo y rechazado por el gallego culto (Carballo, 1966: 64)

O que vemos, por un lado, é que confunde fonemas con letras, ademais de dar unha descrición contraditoria, pois fala de fricativa velar non voceada e di que é como a aspirada xermánica, que en realidade é fricativa larínxea. Por outro lado, describe a gheada como "vulgarismo rexeitado polo galego culto", contribuíndo aos prexuízos amplamente estendidos sobre este fenómeno (Recalde, 1994).

Na gramática de Álvarez *et alii*, vinte anos máis tarde, atopamos mencionado este fenómeno a respecto do sistema consonántico, nomeadamente nas oclusivas voceadas, sen facer unha caracterización e sen entrar a valorar. Con todo, explícase que é unha forma escollida para o galego estándar:

> Téñase en conta que en grande parte do noso territorio lingüístico o sistema fonolóxico non presenta /g/, xa que evolucionou a /h/, fonema aspirado, normalmente farínxeo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> xordo. Este fenómeno, coñecido co nome de 'gheada', foi recollido no galego estándar, como pronuncia alternativa ó sistema de non gheada, mantendo sempre as mesmas grafías [...]; tras /ŋ/ en interior de palabra sempre [g], conforme á práctica máis estendida, que non propagou [h] a esta posición (Álvarez *et alii*, 1986: 27)

Pola contra, Álvarez e Xove fornecen unha definición, pese a ser dependente das realizacións sen gheada. Estes autores volven insistir no carácter normativo desta pronuncia, da que puntualizan que se procura evitar nos estilos formais. Por último, resulta interesante a consideración da distribución social que amosa este fenómeno actualmente:

> A gheada consiste en que en lugar do fonema oclusivo velar sonoro /g/ existe un fonema fricativo ou aproximante, con realizacións xordas ou sonoras, localizadas entre o veo do padal e a glote [...]. En posición interior de palabra tras /ŋ/ xeralmente mantense [g] [...]. Aínda que a gheada ten inicialmente distribución diatópica, agora tamén a ten social; a pesar da aceptación normativa, nos estilos formais evítase (Álvarez e Xove, 2002: 39)

En último lugar, Freixeiro Mato dedícalle varias páxinas, mais o que nos compete agora é a caracterización que fai dela:

> Nunha grande parte do territorio galego, que comprende o bloque occidental e algunhas zonas do central e oriental, non existe a realización oclusiva velar sonora [g], substituída por outra que pode ser o son [ħ] fricativo faringal xordo (ou [ʕ] fricativo faringal sonoro), [h] fricativo laringal ou glotal xordo (ou [ɦ] fricativo laringal ou glotal sonoro), [x] fricativo velar xordo, [χ] fricativo uvular xordo (ou [ʁ] fricativo uvular sonoro e [ʁ̞] aproximante uvular sonoro), dando orixe ao fenómeno da gheada, considerado de carácter dialectal (Freixeiro Mato, 2006: 142)

Este autor dá conta dunha serie de posíbeis pronuncias para a gheada e unha extensión aproximada deste fenómeno no territorio.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mais, de novo, volve describir a gheada a partir das falas en que non aparece ("a realización oclusiva velar sonora [g] substituída por...").

3.1.1. Explicación da orixe da gheada

O xenerativismo pode explicar a orixe da gheada a través da teoría de trazos, segundo a cal, cando desaparece un nodo ou rama, os trazos ligados a el tamén se perden. Segundo a teoría de Prince e Smolensky (2004: 195-201), a xerarquía parte dunha Raíz da que dependen trazos do tipo [±aproximante], [±sonorante], [±consonántico]. Nun segundo plano sitúanse as características larínxeas como [±sonoro] e as supralarínxeas (modo de articulación: [±nasal], [±lateral] etc.; e lugar de articulación: labial, coronal, dorsal etc.). Deste xeito, podemos esquematizar os trazos definitorios do [ɣ̞] e o [h] e ver de forma gráfica esta hipótese sobre a orixe da gheada (imaxe 2).

Imaxe 2: Representación dos trazos de [ɣ̞] fronte a [h].



Faltaría por explicar o paso de voceada a non voceada, ao que xa se adiantou Santamarina (1980: 247) dicindo que a "desonorización que veu despois é un fenómeno secundario menos complexo e mais coñecido. Lembrémo-la desonorización aínda recente dos fonemas sibilantes do galego e castelán". Con todo, a desonorización non é un proceso doado de argumentar (Rost, 2022). Así e todo, non é o obxecto desta tese.


Con todo, a presión do español puido axudar á pronta extensión deste fenómeno, así como o salto dunha fricativa larínxea [h] a outra velar [x]. Esta idea está presente desde Santamarina (1980: 245) entre as persoas que defenden a tese estruturalista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.1.2. Análise espectrográfica das realizacións da gheada


O relevante para este estudo da gheada é a descrición do tipo de fricativa que podemos atopar. Para tal fin, cómpre estabelecer cales son as súas posíbeis realizacións: fricativas larínxeas ou fricativas velares. Ademais, en caso de non haber gheada, o segmento sería unha oclusiva/ aproximante velar voceada.

Imaxe 3: Espectrograma da realización *dous gatos*, marcando a fricativa larínxea non voceada. Informante M1946.



A primeira delas, fricativa larínxea, caracterízase por presentar a frecuencia máxima arredor dos 3000Hz e un segundo pico de intensidade entre os 5000Hz e os 6000Hz (Labraña e van Oosterzee, 2003: 947). No caso concreto da imaxe 3, apreciamos o espectrograma dunha fricativa con frecuencia máxima 3129Hz e un segundo pico sobre os 5600Hz, polo que estaría dentro da descrición ofrecida.


Imaxe 4: Espectrograma da realización *a dos milagros*, marcando a fricativa velar non voceada. Informante M1974.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A segunda, fricativa velar, "shows a peak between 2000 and 3500 Hz." (Labraña e van Oosterzee, 2003: 69-70). No caso concreto da imaxe 4, o foco de maior intensidade da fricativa analizada atópase a 3550Hz, polo que se axusta a estes patróns.

Imaxe 5: Espectrograma da realización *a virgen milagrosa*, marcando a aproximante velar voceada. Informante M1974.



A última, aproximante velar voceada, ten como trazos distintivos a voz, que as outras dúas non posúen, un F2 arredor dos 1600Hz e non hai ruído (Martínez Celdrán, 1998: 71). Na imaxe 5 vemos como o F2 desta aproximante está en 1646Hz, polo que cumpre as características descritas, ademais non se aprecia ruído mais si barras de voz.

3.1.3. Análise dos datos do corpus

O que atopamos no corpus recollido para este traballo, como acabamos de ver no punto anterior, son dúas realizacións distintas de gheada e, ademais, unha pronuncia alternativa sen gheada. Deste xeito, cómpre estabelecer os patróns que inflúen na escolla entre unha pronuncia ou outra e mesmo entre o uso ou non da gheada.

Táboa 3: Distribución das pronuncias de gheada e non gheada, segundo a variábel *idade*. Datos totais e porcentuais.

	[h]		[x]		[ɣ]	
G1	1045	96%	17	2%	21	2%
G2	31	6%	160	32%	309	62%
G3	18	4%	78	17%	358	79%
Total	1094	53%	255	13%	688	34%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo se recolle na táboa 3[3], tanto os datos totais como os porcentuais coinciden en que a gheada perde presenza conforme se descende en idade. Na mesma liña, a realización fricativa velar vai suplindo a larínxea case até o punto da desaparición desta última.

Xa está presente no G1 un 2% das realizacións de gheada velares e outro 2% de casos de ausencia deste fenómeno. En canto ao G2, os datos porcentuais para a gheada velar ascenden ao 30% (fronte ao 6% de casos farínxeos) e as pronuncias sen gheada supón o 62%. No G3 representan o 17% as pronuncias de gheada velar (fronte ao 4% de larínxea) e o 79% os casos sen gheada. Testemúñase, polo tanto, un descenso progresivo do uso da gheada e a práctica desaparición da pronuncia tradicional larínxea.

Se botamos man da estatística, as medianas (táboa 4) apuntan a que no G1 e G2 son residuais as formas velares e as sen gheada, mentres que no G3 as maioritarias son precisamente esas dúas, con predominancia dos casos en que non se emprega gheada.

Táboa 4: Mediana dos usos das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *idade*.

	[h]	[x]	[ɣ]
G1	96,09	0,02	0,02
G2	26,62	0,27	0,47
G3	0,08	0,24	0,68

Procédese a realizar a proba non paramétrica Kruskal-Wallis, que dá significativo xa que o resultado é inferior a 0,050. Isto implica que, cando menos entre dous dos grupos, hai unha diferenza significativa. Para identificar de cales se trata, emprégase a proba *post-hoc* de Mann-Whitney (táboa 5).

3 A adscrición a cada un dos grupos realizouse mediante clasificación auditiva, tras unha comprobación por medio de análise espectrográfica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5: Resultados da significación da proba Mann-Whitney das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, comparadas segundo a variábel *idade*.

[h]

G1	G2	0,002
	G3	0,000
G2	G1	0,002
	G3	0,607
G3	G1	0,000
	G2	0,607

[x]

G1	G2	0,005
	G3	0,294
G2	G1	0,005
	G3	1,000
G3	G1	1,000
	G2	0,387

[ɣ]

G1	G2	0,031
	G3	0,002
G2	G1	0,031
	G3	0,468
G3	G1	0,002
	G2	0,468

Grazas a esta proba, pódese apreciar que, en canto á gheada larínxea, o G1 está totalmente distanciado dos outros dous (0,00). Ademais, entre eles existe certa proximidade (0,607). No que ten que ver coa gheada velar, tan só é significativa a diferenza entre o G1 e o G2 (0,005). Por último, no que atinxe á ausencia de gheada, o G1 vólvese distanciar dos outros dous, G2 (0,03) e G3 (0,00).

Na variábel *xénero* atopamos medianas de uso de 95,74 [h] e 0,00 [x] e [ɣ] entre as mulleres e 25,00 [h] e 0,00 [x] e 6,67 [ɣ] entre os homes. Kruskal-Wallis, a este respecto, non identifica variación significativa.

O *nivel de estudos* presenta as medianas que se recollen na táboa 6, cunha clara distribución en dúas partes: as persoas sen estudos e estudos primarios, por unha banda, e as de estudos secundarios e universitarios, pola outra.

Táboa 6: Mediana dos usos das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Sen Estudos	99,59	0,00	0,00
Primarios	96,26	0,00	0,41
Secundarios	5,94	33,19	42,57
Universitarios	0,00	16,39	82,16

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por tal motivo, as probas estatísticas determinan que todas as posíbeis pronuncias gardan relación con esta variábel: 0,000 [h] e 0,006 [x] e 0,005 [ɣ]. Por tanto, aplicamos Mann-Whitney e achamos que se confirma esa división que se apreciaba entre as persoas sen estudos e con estudos primarios fronte ás de estudos secundarios e universitarios (táboa 7).

Táboa 7: Resultados da significación da proba Mann-Whitney das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, comparadas segundo a variábel *nivel de estudos*.

		[h]			[x]			[ɣ]
S.Est	Pri.	0,316	S.Est	Pri.	0,712	S.Est	Pri.	0,216
	Sec.	0,002		Sec.	0,002		Sec.	0,004
	Uni.	0,002		Uni.	0,394		Uni.	0,026
Pri.	S.Est	0,316	Pri.	S.Est	0,712	Pri.	S.Est	0,216
	Sec.	0,002		Sec.	0,001		Sec.	0,008
	Uni.	0,000		Uni.	0,441		Uni.	0,057
Sec.	S.Est	0,002	Sec.	S.Est	0,002	Sec.	S.Est	0,004
	Pri.	0,002		Pri.	0,001		Pri.	0,008
	Uni.	0,310		Uni.	0,240		Uni.	0,699
Uni.	S.Est	0,002	Uni.	S.Est	0,394	Uni.	S.Est	0,026
	Pri.	0,000		Pri.	0,441		Pri.	0,057
	Sec.	0,310		Sec.	0,240		Sec.	0,699

Finalmente, no que ten que ver coa variábel lingua habitual, as medianas (táboa 8) parecen apuntar certa relación. Kruskal-Wallis corrobora esta apreciación cunha significación de 0,002 [h] e 0,005 [ɣ], mais non no caso de [x] (0,542).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 8: Mediana dos usos das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Galego	98,21	0,00	0,00
Gal.Esp.	5,00	22,41	70,59
Español	0,00	13,27	86,73

Mann-Whitney atopa que o único grupo diverxente é o de galegofalantes, onde se estabelece a diferenza de base a respecto dos outros dous. Fronte a isto, as persoas que empregan unicamente o español ou xunto co galego teñen índices de uso destas dúas fricativas moi semellantes (táboa 9).

Táboa 9: Resultados da significación da proba Mann-Whitney das pronuncias [h], e [ɣ] en relación á gheada, comparadas segundo a variábel *lingua habitual*.

		[h]			[ɣ]
Gal.	G.E.	0,011	Gal.	G.E.	0,036
	Esp.	0,003		Esp.	0,004
G.E.	Gal.	0,011	G.E.	Gal.	0,036
	Esp.	0,183		Esp.	0,267
Esp.	Gal.	0,003	Esp.	Gal.	0,004
	G.E.	0,183		G.E.	0,267

Polo tanto, existe unha variación dependente dos grupos estabelecidos. Analizaremos, a continuación, as variábeis que entran en xogo en cada un dos grupos de idade –*xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*– co fin de explicar esta mudanza en curso.

3.1.3.1. Grupo 1

Este grupo é o que menos variación amosa, pois tan só ten 17 casos de [x] e 21 de [ɣ], dos que 13 e 9 respectivamente corresponden a unha soa falante (M1948c).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A variábel *xénero* presenta unhas medianas moi próximas tanto na realización [h] como na [x] (táboa 10). Pola contra, a ausencia de gheada semella ser propia das mulleres. Con todo, esta aseveración debe collerse con cautela, xa que se trata basicamente dunha soa falante e os datos son tan poucos que apenas habería diferenza entre ambos os grupos.

Táboa 10: Mediana dos usos no G1 das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Muller	99,59	0,00	0,00
Home	99,17	0,00	0,83

A proba Kruskal-Walis confirma que a distribución das tres pronuncias é a mesma entre os dous grupos estabelecidos, pois [h] ten un índice de significación de 0,536, [x] de 0,183 e [ɣ] de 0,157. Así as cousas, debemos afirmar que non existe diferenza de uso destas formas ligada ao *xénero*.

A variábel *nivel de estudos* —neste grupo tan só primarios ou sen estudos— mostra unha uniformidade maior (táboa 11). A proba de Kruskal-Wallis confirma que a distribución das tres pronuncias é a mesma entre os dous grupos estabelecidos, pois [h] ten un índice de significación de 0,602, [x] de 0,904 e [ɣ] de 0,353. Non existen, por tanto, diferenzas significativas entre a realización destas consoantes e os grupos estabelecidos.

Táboa 11: Mediana dos usos no G1 das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Sen Estudos	99,59	0,00	0,00
Primarios	99,17	0,00	0,00

3.1.3.2. Grupo 2

Este é o grupo que maior variación presenta. En canto ao *xénero*, mostra unha posíbel diferenza na pronuncia da fricativa velar segundo as medianas (táboa 12).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 12: Mediana dos usos no G2das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Muller	5,63	2,78	51,72
Home	5,88	40,00	57,14

A proba Kruskal-Walis confirma que a distribución das tres pronuncias é a mesma entre os dous grupos estabelecidos, pois [h] ten un índice de significación de 0,284, [x] de 0,524 e [ɣ] de 0,622. Polo tanto, ser muller ou home non é determinante para o uso destas formas dentro do G2.

A variábel *nivel de estudos* —neste grupo tan só primarios, secundarios e universitarios— (táboa 13), presenta unhas medianas crecentes en canto a [ɣ], mentres que son descendentes en [x] e, sobre todo, en [h]. Con todo, a distancia non se aprecia considerábel.

Táboa 13: Mediana dos usos no G2 das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Primarios	14,55	26,44	20,00
Secundarios	5,94	33,19	42,57
Universitarios	0,00	0,00	95,00

A proba Kruskal-Walis confirma que a distribución das tres pronuncias é a mesma entre os grupos estabelecidos, pois [h] ten un índice de significación de 0,181, [x] de 0,180 e [ɣ] de 0,641. Non existen, por tanto, diferenzas significativas entre a realización destas consoantes e a variábel *nivel de estudos*.

Táboa 14: Mediana dos usos no G2das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Galego	7,55	21,65	14,00
Gal.Esp	5,44	28,56	68,32
Español	0,00	0,00	100,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A última variábel que se tivo en conta para este grupo é a de *lingua habitual* (táboa 14). Neste sentido, atopamos un descenso no uso da gheada, independentemente do tipo, até o punto de non existir no subgrupo de españolfalantes.

Do mesmo modo,aplícase a proba Kruskal-Wallis. Segundo esta, atopamos unha distribución normal pois [h] ten unha significación de 0,466, [x] de 0,679 e [ɣ̞] de 0,870.

3.1.3.3. Grupo 3

Este grupo, aparentemente, continúa o proceso de substitución das formas propias da gheada, así como da desaparición deste fenómeno xa visto no G2. Polo tanto, os resultados que se poidan ver a teor das medianas dos datos serán semellantes aos xa vistos no anterior epígrafe.

En canto ao *xénero* (táboa 15), apréciase que en ambos os dous predominan os casos sen gheada sobre a pronuncia larínxea. Do mesmo xeito, a fricativa larínxea apunta un maior uso entre os homes do que entre as mulleres. Pola contra, a pronuncia [ɣ̞] ten maior presenza entre as mulleres.

Táboa 15: Mediana dos usos no G3 das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Muller	0,00	19,51	77,59
Home	21,28	19,15	59,57

Con todo, a proba Kruskal-Wallis tan só rexeita a hipótese nula no caso de [x], pois presenta unha significación de 0,046, moi próxima do nivel mínimo de 0,05, mais que nos obriga a aceptar que existe certa liberdade de distribución entre as categorías muller-home nesa pronuncia. Pola contra, non existe variación en [h] dado que a significación é de 0,121, nin en [ɣ̞], con 0,513.

En canto á variábel *nivel de estudos* (táboa 16), fronte ao que se poida apreciar nas medianas, onde destaca o descenso, de novo, do uso de [h] fronte ao ascenso de [x] e sobre todo de [ɣ̞], a proba de Kruskal-Wallis apunta que a distribución de uso é igual en todos os casos. Deste modo, [h] ten unha significación de 0,279, [x] de 0,137 e [ɣ̞] de 0,807.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 16: Mediana dos usos no G3 das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Primarios	21,28	19,15	59,57
Secundarios	12,50	35,00	52,50
Universitarios	0,00	19,51	77,59

A última das variábeis que se tivo en conta para este grupo é a da *lingua habitual*. Segundo as medianas (táboa 17), as persoas con *lingua habitual* galego son as que máis empregan [h], con todo, [x] é a pronuncia máis estendida e, de forma case ocasional, utilizan [ɣ̞]. As que empregan galego e español ou só español teñen un comportamento parello. Deste xeito, presentan [ɣ̞] como pronuncia maioritaria e, en caso de empregaren gheada, fronte á larínxea, é máis usual a velar.

Táboa 17: Medina dos usos no G3 das pronuncias [h], [x] e [ɣ] en relación á gheada, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[h]	[x]	[ɣ]
Galego	25,00	70,00	5,00
Gal.Esp	0,00	19,15	77,59
Español	1,83	16,39	81,78

Pese a esta lectura dos datos, a proba Kruskal-Wallis afirma que non se atopa variación en ningún dos casos, dado que o índice de significación de [h] é 0,189, de [x] é 0,500 e de [ɣ̞] é 0,172.

3.1.4. Gheada tras nasal

Tomouse de forma separada o contexto tras nasal pola tendencia diverxente que presenta a respecto do contexto tras vogal ou inicial. Mentres que nestes últimos casos a tendencia na zona occidental de Galiza é a aparición da gheada (ben larínxea, ben velar), tras nasal pódense dar varias posibilidades: non se producir gheada (ou só en palabras de alta frecuencia como *ninguén*, *ningún*... e compostas do prefixo *en–* e palabras que comezan por *g–*), producirse gheada (coas características propias do lugar) ou que se perda o trazo [+voceada], dando como resultado unha consoante oclusiva velar non voceada

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[k]. Esta é a pronuncia máis común en toda a zona atlántica, nalgúns lugares en coexistencia coa oclusiva velar voceada [g].

Nas zonas en que a gheada era a única pronuncia posíbel, o [ɣ̞] pasou a ser alleo ao sistema fonolóxico. De aí que houbese lugares que estendesen o uso da gheada tamén ao contexto tras nasal. Noutra deriva paralela, este [g] sufriu un proceso de desonorización, pasando a ser oclusivo velar non voceado [k], un fonema que non é estraño no sistema (Santamarina, 1980).

Na Illa de Ons atopamos que este último é o proceso que se produciu como resultado tradicional. Con todo, tampouco é raro escoitar a forma [g] no G1. No caso do G2, o resultado non voceado é case inexistente. Curiosamente, un informante deste grupo emprega gheada tras nasal nunha única ocasión [ẽŋhaɲʊ][4], polo que non se terá en conta esta forma para a análise estatística. Por último, no G3 non se recolle ningún caso non voceado (táboa 18).

Táboa 18: Distribución das pronuncias [ɡ] e [k] de gheada tras nasal segundo a variábel *idade*. Datos numéricos e porcentuais.

	[ɡ]		[k]	
G1	10	27%	27	73%
G2	10	83%	2	17%
G3	13	100%	0	0%
Total	33	53%	29	47%

A primeira das variábeis que se analiza é a *idade*. As medianas (táboa 19) indícannos un descenso da velar non voceada xa apreciado nas porcentaxes anteriores, en aras da voceada, que no G2 e G3 se desmarca totalmente do G1, segundo as porcentaxes.

Táboa 19: Mediana dos usos en canto á frecuencia de uso das pronuncias [ɡ] e [k] tras nasal, dividida segundo a variábel *idade*.

	[ɡ]	[k]
G1	37,50	62,50
G2	100	0,00
G3	100	0,00

4 Lembremos que, ademais, é deses casos de prefixación sobre palabras que xa de seu tiñan gheada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por contra, a proba Kruskal-Wallis confirma que a variación é relevante na pronuncia, pois a significación é inferior a 0,05 (0,018). A este respecto, Mann-Whitney identifica a relación entre o G1 e o G3 como eixo diverxente, pois entre eles dáse unha significación de 0,009. Pola contra, entre os G1 e o G2 os índices son de 0,151 e entre o G2 e G3 0,432.

En canto á variábel *xénero*, a mediana parece indicar que só hai tendencia diverxente na pronuncia [g], a xulgar polos datos (táboa 20). Así e todo, a proba Kruskal-Wallis confirma que non existe variación entre estes dous grupos estabelecidos, pois a significación é superior ao valor de seguranza (0,351).

Táboa 20: Mediana dos usos das pronuncias [g] e [k] tras nasal, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[g]	[k]
Muller	9,38	4,63
Home	4,40	4,60

Nas medianas do *nivel de estudos* (táboa 21) percíbese a desaparición da pronuncia [k] nos niveis de estudos máis altos. En cambio, na voceada [g], permanecen ao longo dos catro grupos estabelecidos. Con todo, chama a atención a desigualdade máis evidente nas medianas das persoas con estudos primarios, fronte á equitatividade nas de sen estudos.

Táboa 21: Mediana dos usos das pronuncias [g] e [k] tras nasal, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[g]	[k]
Sen Estudos	2,50	2,50
Primarios	4,28	6,73
Secundarios	2,00	0,00
Universitarios	5,00	0,00

Kruskal-Wallis estabelece a relación entre a escolla destas pronuncias e a variábel *nivel de estudos*, en tanto que a significación é inferior a 0,05, concretamente 0,042. Mann-Whitney determina que as producións diverxentes están entre primarios e universitarios, cun

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

índice de significación de 0,019. En oposición, no resto de relacións non se pode falar de significatividade, tal e como se extrae dos datos: entre sen estudos e primarios (0,661), sen estudos e secundarios (0,381), sen estudos e universitarios (0,151), primarios e secundarios (0,154) e secundarios e universitarios (1,000).

Por último, a variábel *lingua habitual* presenta unhas medianas que marcan maior uso de [g] que de [k] por persoas que teñen parcial ou totalmente o español nas súas intervencións diarias (táboa 22). Pola contra, tan só as persoas monolingües en galego contan coa pronuncia [k] entre as súas posíbeis.

Táboa 22: Mediana dos usos das pronuncias [g] e [k] tras nasal, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[g]	[k]
Galego	6,78	9,23
Gal.Esp.	4,00	0,00
Español	3,00	0,00

Neste caso, tal e como se apreciaba nas medianas, existe unha correlación entre a *lingua habitual* e a escolla de pronuncias voceada ou non voceada. A significación é inferior a 0,05 (concretamente 0,019), por tal motivo, existe relación entre a variábel e a pronuncia. A proba *post-hoc* de Mann-Whitney identifica esta variación entre os grupos de persoas galegofalantes e aquel que emprega tanto o galego como o español (0,039). Nos outros dous casos non existe variación estatisticamente relevante.

Se trasladamos estas análises ao que acontece dentro de cada un dos grupos de idade estabelecidos, o resultado estatístico en todos os casos é superior a 0,05 segundo a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis. Por tal motivo, evitamos presentar as análises neste traballo para non alongar a redacción a sabendas de que non nos levará a ningures.

Esta realidade pódese deber ao baixo número de informantes en cada un dos grupos, que presenta un resultado que, se houber máis informantes e datos, podería ser outro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2. Sistema de sibilantes

Entendemos por sibilante toda aquela consoante fricativa que se xera ao expulsar o aire ao longo dunha canle estreita formada pola lingua e que desemboca nun obstáculo final, que en galego son sempre os dentes.

Para comprender o sistema ou sistemas de sibilantes vixentes na actualidade, cómpre partir do que se presupón para a Idade Media. Estabelecemos, xa que logo, dous pares de fricativas (prepalatais e apicoalveolares) e un par de africadas dentoalveolares, opostas todas elas polo trazo voz.

Deste xeito, temos seis fricativas que deron como resultado as tres que atopamos no galego estándar (Álvarez e Xove, 2002: 38): fricativa palatal, fricativa apical e fricativa interdental. Iso si, para o caso desta última, as *NOMIGa* e as gramáticas recentes aceptan, no canto dunha interdental, outro tipo de sibilante, sen entrar en descricións fonéticas, mais sobreentendendo ben apical ben laminal (Álvarez e Xove, 2002: 40).

Neste segundo epígrafe, analizaremos o caso do *seseo*, o *ceceo* e a *despalatalización*. Todos estes fenómenos son un reaxuste do sistema de sibilantes que comezou na época medieval e que continúa activo.

3.2.1. Os sistemas actuais de sibilantes

Para comprendermos a variabilidade en canto ao sistema de sibilantes presentes no noso territorio na actualidade, é preciso partirmos da reconstrución do sistema que se estabelece como dominante na Idade Media. A este respecto, atopamos a proposta de Mariño (2016: 316-349) —entre outros autores—, quen nos indica a existencia de tres pares de sibilantes opostas polo trazo [±voceado], a saber, fricativa apicoalveolar, africada predorsodentoalveolar e fricativa palatal.

Con todo, apunta Mariño (2016: 343) que "[a]índa que as fontes de estudo dispoñibles son informativamente moi pobres e esixen pronunciarse con suma cautela a respecto disto, [...] a desafricación da consoante africada palatal sonora e a súa confluencia con /ʒ/ debía de estar xa moi difundida ao comezar o século XIII". Esta confluencia tamén se acabou dando entre a africada e a fricativa palatais non voceadas, como apunta unhas liñas máis adiante este mesmo autor:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"a desafricación afectou tamén a consoante africada palatal xorda nas variedades centrais e meridionais do portugués, pero non nas variedades setentrionais".

Xa na Idade Media comezaron os dous procesos máis relevantes que influíron no sistema de sibilantes e que deron orixe aos actuais. Por un lado, a xa mencionada perda do punto africado, que converteu as africadas predorsodentoalveolares en fricativas e, polo outro, a perda do trazo [+voceado], que reduciu estes tres pares de fricativas a tan só tres elementos (Mariño, 2016: 344-349).

Estes dous procesos compártenos moitas das linguas románicas. Na nosa contorna, tan só escapan da perda do trazo [+voceado] o portugués e algunha illa lingüística do territorio galego. Este sistema, rexistrado en Hermisende (Zamora) e Lobios e Entrimo (Ourense), é o que González González (1991) e Fernández Rei (1990: 210-211) denominan Sistema Arcaico (SA). Costas (1994: 244-248) cuestiona a evolución que se presenta implícita na teoría destes dous autores. Do mesmo xeito, puntualiza con diversos subsistemas, algúns xa apuntados por Fernández Rei.

Unha descrición actual dos sistemas de sibilantes empregados no concello de Entrimo podémolo atopar en Rodríguez Rodríguez (2018), que nos amosa tres subsistemas en convivencia. O mesmo acontece con Costas (2017) a respecto dos subsistemas do Val do Ellas.

O sistema xurdido despois da perda do trazo [+voceado], con tan só tres elementos en oposición [s̪] [s] e [ʃ], é o que Fernández Rei (1990) e González González (1991) denominan Sistema de Transición (ST) e que Costas postula coexistente co SA xa na Idade Media. Esta idea tamén nola deixa ver Mariño (2016: 346) "con ritmos e cronoloxías distintos que os investigadores, actuais e futuros, dificilmente poderemos desentrañar".

Nos datos recollidos para o *ALGa* III (1999), este sistema aparece en Camariñas, Carnota, Noia e, con menos vitalidade, en Rianxo e Pontevedra. A este respecto, Fernández Rei determina:

> Nas zonas da Coruña de seseo predorsal hai vinte anos podía constatarse que nalgunhas vilas costeiras o seseo tiña realización apical (Camariñas e Rianxo, por ex.), mentres que nas parroquias do rural veciñas o seseo era

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> predorsal (Camelle no concello de Camariñas, Taragoña ou Asados no de Rianxo). E esa oposición seseo apical (vilego e mariñeiro) fronte a predorsal (rural e labrego) en boa parte segue existindo hoxe. (Fernández Rei 2004: 309)

Precisamente na cidade de Pontevedra, Mariño estabelece probábel a existencia do ST desde o século XVI atendendo ás consideracións de Álvarez e Rodríguez Montederramo (2002: 262). Polo seu lado, Costas (1994: 262) estende o territorio ocupado por este sistema a lugares puntuais do norte da ría de Pontevedra e do concello de Vigo, así como ás "aldeas arraianas portuguesas de Rio de Onor e Guadramil, en Rihonor, na provincia de Zamora".

Sexa como for, este sistema está desaparecido, pois xa González González e Fernández Rei marcan que se atopa en vías de extinción. Non obstante, todos os autores concordan en que do ST derivan todos os que teñen desfonoloxización de parte ou da totalidade destes tres elementos.

Atopamos, xa que logo, o que González González (1991) denominou Subsistema do galego común, Fernández Rei (1990) Sistema Moderno non seseante (SM-I) e Costas Subsistemas thetaístas. Nel dáse a oposición entre unha fricativa apical [s̪], unha fricativa palatal [ʃ] e, como innovación, unha fricativa interdental [θ] aparece no lugar da fricativa laminal [s] no ST. Costas advirte que neste sistema, aínda que exista uniformidade de uso en posición de ataque silábico, podemos atopar realizacións distintas en coda silábica: oposición entre [θ] e [s̪], desfonoloxización en [s̪] ou supresión deste elemento.

Na actualidade tamén convive cos anteriores o Sistema Moderno seseante (SM-II), seguindo a denominación de Fernández Rei; Subsistema occidental, segundo González González; ou Subsistemas occidentais ou seseantes, de acordo con Costas. Este sistema —ou, máis ben, sistemas— caracterízanse pola desfonoloxización das fricativas laminal [s] e apical [s̪], ben en favor dunha ou ben en favor da outra, mais en oposición á fricativa palatal [ʃ].

Enténdese por desfonoloxización a perda de pertinencia fonolóxica dun determinado elemento fonético en aras doutro co que estabelecía oposición. Deste xeito, podemos describir un sistema en que as formas opostas son a palatal [ʃ] e a apical [s̪], situado no *ALGa* III (1999) e por

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fernández Rei (1990: 212) nas falas da Ría da Arousa (salvo Ribeira), do norte da Ría de Pontevedra e dunha área que ascende desde o río Ulla, pasando por Santiago e o Val do Dubra. Pola contra, o sistema en que se opón a palatal [ʃ] e a laminal [s] atopámolo desde a Costa da Morte até o Barcala e o Xallas, así como no Morrazo, o Fragoso e o concello do Covelo.

Esta desfonoloxización deu orixe a outros sistemas con menor difusión no tempo en que se realizaron as enquisas do Atlas. Porén, Fernández Rei e González González dan conta deles e Costas revísaos e actualízaos. Referímonos, neste caso, ao que González González chama Subsistema Innovador. Aparece de forma esporádica en puntos en que se emprega o SM-II laminal. Mais Fernández Rei (1990: 212) puntualiza que aparece "especialmente nos 'novos'".

Do mesmo xeito, tamén se rexistraron sistemas en que a desfonoloxización se dá en favor da interdental [θ] en oposición á palatal [ʃ] ou mesmo á apical [s̪] (por despalatalización). E puntos en que este ceceo non é sistemático, senón que flutúan a interdental e outra fricativa (apical e/ou laminal) fronte á palatal.

A problemática destas descricións radica en que se fai unicamente unha idealización dos usos reais. É dicir, non existe un estudo pormenorizado, a partir dun corpus transcrito, que permita estabelecer cal é a realidade destes usos e a que se deben os diversos sistemas que conviven nun mesmo lugar, en caso de que os haxa. Sobre esta particularidade advirte González González, pois é consciente da coexistencia de dous ou máis sistemas nun mesmo lugar.

> [S]incronía non quere dicir estatismo no estado da lingua que se pretende estudiar. Moi ó contrario, no seu existir concreto hai unha interdependencia entre ser e devir, por iso non pode sorprender que mentres que en determinadas zonas do territorio o subsistema de sibilantes se presenta considerablemente estable –sobre todo na área ocupada polo sistema do galego común–, noutras se atope, en cambio, nun proceso de fonda transformación (González González, 1991: 547)

Neste sentido, apunta dous factores que inflúen na evolución en curso. O primeiro deles é a idade e o segundo é un factor socio-

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

económico. Este último, determina González González, está marcado polos oficios que desempeñan tradicionalmente as persoas dun lugar concreto. Pódense incluír, ademais, *nivel de estudos*, *lingua habitual* e mesmo aventurar que o *xénero* poida influír.

3.2.2. Seseo

O seseo é un fenómeno que transcende o mundo lingüístico e tamén se debate en círculos non lingüísticos. Este feito leva a que teña certa repercusión social que, moi probabelmente, está na base do retroceso xeográfico e social deste fenómeno (García de Diego, 1984: 34; Zamora Vicente, 1986: 5-6; Fernández Rei, 1990: 193). Moitos dos prexuízos que aparecen ligados ás realizacións seseantes tamén se atopan nas primeiras gramáticas e dicionarios (Saco y Arce, 1868; Valladares, 1892).

En canto á definición que se fornece, nas gramáticas máis recentes descríbese a partir das falas non seseantes e mesmo se confunden fonemas con grafías. Carvalho (1966: 62-63) defende que "[e]n algunas comarcas [...] hay *seseo*, o sea, que la *c* se pronuncia como *s*. [...] Pero el *seseo* debe ser considerado un hábito fonético dialectal". Non obstante, nunha nota a rodapé, Carvalho apunta que "[e]l *seseo* es propio del dialecto atlántico u occidental; pero dentro de la zona correspondiente hay comarcas en que se distinguen *s* y *z*. Existe también un *seseo* reducido a la consonante final de palabra. Óyese *cerceira* 'cerezo', pero *rapás* 'muchacho' (y consecuentemente, *rapases* 'muchachos')". Salvando a paréntese final, que contradí a tese que acaba de estabelecer, o relevante desta nota é a consideración de seseo tanto en posición de ataque e coda silábica, como tan só na coda.

Polo tanto, habería un problema na definición, xa que non sería posíbel falar de substitución do *c* e do *z* polo *s*, pois tan só sería do *z* e en posición de coda. Tampouco sería correcto o xuízo de "final de palabra", dado que pode acontecer en posición medial, como no caso de *dezmo*.

Álvarez *et alii* (1986) parten do estándar para a consideración da pronuncia seseante e non seseante en oposición ao uso da interdental [θ], co problema xa mencionado de Carvalho. O interesante desta proposta é que conciben dous sistemas en igualdade e coexistencia e, do mesmo xeito, que a pronuncia está disgregada da grafía:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Agora ben, no sistema proposto como estándar danse dúas normas alternativas, segundo se recolla ou non a existencia do fonema /θ/, frente a /s/ e a /ʃ/ [...]. No segundo caso aténdese ó sistema da área occidental, seseante, que na simplificación do sistema antigo cara ó moderno, non xerou o fonema interdental. A existencia destas dúas normas non ten repercusións gráficas, só de lectura (Álvarez *et alii*, 1986: 31-32)

Pola súa parte, Álvarez e Xove consideran a existencia de dúas áreas: unha en que a oposición se dá entre a fricativa interdental e a apical e outra en que son a fricativa laminal e a apical as que se atopan en distribución complementaria. Este último par é o que identifican co seseo. Polo tanto, en ningún momento contemplan a posibilidade de que estes dous fonemas aparezan nos contextos esperábeis un do outro, é dicir, están a describir o ST, pese a que todos os estudosos apuntan á súa práctica desaparición. Ademais, mencionan que o seseo pode afectar á fricativa palatal, pero sen dicir de que forma.

> O seseo consiste na existencia no sistema estándar dun fonema /s/ realizado como laminal [s], que corresponde a /θ/ do sistema non seseante; este fonema oponse a /s̻/, realizado como apical [s̻] nos dous subsistemas [...]. O seseo presenta aínda outras variantes dialectais, que poden afectar tamén ó fonema /ʃ/. Na lingua culta emprégase habitualmente o subsistema non seseante (Álvarez e Xove, 2002: 39)

Por último, Freixeiro Mato considera que o seseo é a ausencia da interdental, sen especificar nada a respecto da estruturación do sistema e sen definir realmente o que é o fenómeno.

> Pódese definir o seseo como a ausencia, nunhas determinadas áreas xeográficas, do fonema fricativo interdental xordo /θ/ do galego común, mantendo nas mesmas posicións un *s*, aínda que este admita diferentes realizacións (Freixeiro Mato, 2006: 162)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto aos estudos fonéticos, Fernández Rei (1990: 189) describe este fenómeno como "a ausencia de /θ/ e a presencia dun *s* nas mesmas posicións nas que no galego común hai /θ/". Cabe dicir que esta definición preséntase incompleta, pois non explica cal é a pronuncia que pode aparecer en lugar da fricativa interdental, mesmo mesturando fonemas con grafías. Esta problemática resólvese nun artigo posterior en que se estabelece que o seseo "consiste na ausencia do fonema non sibilante fricativo apicodental xordo /θ/ (ou interdental xordo de carácter ciceante) e a presencia no seu lugar dunha sibilante fricativa apicoalveolar [s̻] (o *s* apical) ou ben lámino-alveolar [s] (o *s* predorsal)" (Fernández Rei, 2004: 307).

De toda esta problemática decatouse González González (2005), pois nestas definicións non hai unha descrición das múltiples realidades que subxacen baixo a etiqueta seseo. Como vimos máis arriba, existen varios sistemas que conviven actualmente en Galiza, polo que a denominación seseo é un concepto demasiado vago como para describir a realidade ou realidades que se engloban nel.

3.2.2.1. Análise espectrográfica das realizacións das sibilantes

Na Illa de Ons atopamos un sistema de sibilantes cunha desfonoloxización avanzada que afecta non só ás fricativas laminal e apical, senón tamén á palatal e no que, progresivamente, se vai incorporando a interdental.

Na táboa de sistemas de sibilantes proposta por Fernández Rei (1990: 211) e por González González (1991), o modelo do que teriamos que partir sería o Sistema de Transición, relativamente presente nas persoas de maior idade do G1 (Dopazo, 2017: 59). A desfonoloxización suporía a perda de pertinencia contrastiva entre as realizacións fricativas apical [s̻] e laminal [s].

Primeiro realizouse unha análise espectrográfica, previa á descrición do uso destes distintos sons. Repasáronse os estudos escritos a este respecto co fin de discriminar e identificar as fricativas sibilantes.


Dentro da análise acústica, Martínez Mayo (2000) e Rodríguez Álvarez (2018) estudan [s̻] [θ] e [ʃ] tomando como puntos clave a duración, a intensidade e as zonas de concentración de enerxía. Pola súa parte, Formoso (2001) extrae os picos de maior intensidade mostrados nun LPC (*Linear Predictive Coding*).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Máis recentemente, Labraña (2009 e 2014) traballou cos puntos máis elevados nun LPC, igual que se está a facer noutras linguas (Iribar e Turrez, 2015). Pola contra, outros estudos como o de Regueira (2014) ou o de Rial (2018), buscan os índices diferenciais das fricativas na intensidade (pico máis elevado e ca*ída final) a partir do espectro.* Do mesmo xeito, comproban os valores medios dos centros de gravidade.

Para este epígrafe introdutorio, vaise seguir o último modelo descrito. De primeiras, partirase da idea de que na Illa de Ons existen tres fricativas sibilantes: unha palatal [ʃ], outra apical [s̻] e unha terceira laminal [s], todas elas non voceadas (Dopazo, 2017). Ademais, poderase atopar unha cuarta fricativa, non sibilante, que gaña terreo entre os grupos de xente máis nova: a interdental [θ].

Gráfica 1: Comparativa de espectros medios das sibilantes laminal[s], apical [s̻] e palatal [ʃ]. Informante M1946.



A partir do corpus B, extraéronse oito das sibilantes que máis claramente se identifican como palatal, apical e laminal. A continuación, recolléronse os valores de intensidade para os primeiros 12 kHz (1024 valores) para cada unha delas e trasladáronse a unha gráfica, tal como aparece representado máis arriba (gráfica 1). Nela apreciamos que as fricativas apical (liña negra) e laminal (liña vermella) debuxan un perfil practicamente idéntico, co pico máis elevado arredor dos 4500Hz e a caída a partir dos 9000Hz. En cambio, a fricativa palatal (liña verde) difire das outras dúas, co pico máis elevado arredor dos 3000Hz e a caída a partir dos 7000Hz.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Os espectros, á luz dos datos, non axudan a estabelecer diferenzas entre a apical e a laminal. Polo tanto, botouse man dos centros de gravidade. Na táboa 23, as medias e as medianas dan conta dunha distribución en que a laminal presenta valores medios arredor de 7500Hz, a apical arredor de 6000Hz e a palatal arredor de 4000Hz. Esta nova proba presenta unha posíbel evidencia para a distinción das tres fricativas, con especial interese na laminal e apical.

Táboa 23: Valores de media, mediana, desviación típica, máximo e mínimo dos centros de gravidade das fricativas laminal [s̻], apical [s̺] e palatal [ʃ] producidas por M1946.

	Laminal [s̻]	Apical [s̺]	Palatal [ʃ]
MEDIA	7539	6122	4116
MEDIANA	7392	6105	4300
DESV	512	464	527
MÁX	8278	6736	4766
MIN	7096	5414	3118

A distribución está corroborada pola análise Cluster, que estabelece conxuntos estábeis de membros dun mesmo grupo atendendo a valores predeterminados. Neste caso, non só marcou a existencia de tres grupos (laminal, apical e palatal), senón que tamén verificou a incorporación dos membros previamente seleccionados para eses grupos atendendo á percepción auditiva.

Imaxe 6: Espectrograma da realización *bautizare*, marcando a fricativa interdental non voceada [θ]. Informante M1974.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, a fricativa interdental caracterízase, segundo Martínez Celdrán (1998: 70), por unha frecuencia de inicio de 3000Hz e de máxima intensidade de 5500Hz. Na imaxe 6 apréciase que a frecuencia de inicio da interdental está entorno aos 3100Hz e a intensidade máxima se dá aos 5423Hz.

3.2.2.2. Análise dos datos

Como acabamos de ver, na Illa de Ons aparecen catro fricativas. Para este punto concreto, o seseo, imos ver a distribución que presentan a fricativa apical e a laminal —así como a progresiva incorporación da fricativa interdental— nas posicións derivadas dos pares medievais apicoalveolar e predorsodentoalveolar. A análise referirase tan só ao contexto de ataque silábico[5].

O que se busca neste epígrafe é dar unha visión holística da desfonoloxización destes dous contextos, atendendo os factores estabelecidos e a progresiva introdución da interdental por influencia das normas do galego e do español.

Táboa 24: Distribución das fricativas apical [s̻], laminal[s], interdental [θ] e palatal [ʃ]. Datos totais e porcentaxe que representan.

	[s̻]	[s]	[θ]	[ʃ]
G1	3030	1138	82	692
	61%	23%	2%	14%
G2	1623	200	363	259
	66%	8%	15%	11%
G3	1566	8	418	110
	75%	0%	20%	5%
Ttal	6219	1346	863	1061
	66%	14%	9%	11%

Debemos ter en conta que, ademais do seseo, entran en xogo dous fenómenos máis que afectan o sistema de sibilantes: o *ceceo* e a *despalatalización*. Na táboa24, aparecen os datos recollidos no

5 Para a desfonoloxización producida entre a laminal e a apical, nos contextos esperábeis unha da outra na Illa de Ons, remitimos ao artigo de Dopazo (2017).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

corpus para as catro fricativas que acabamos de describir, xunto coas porcentaxes correspondentes.

Estes datos tan só se corresponden co cómputo final de casos rexistrados para cada unha das fricativas. As porcentaxes demostran que a apical é a máis empregada, a laminal perde usos até a práctica desaparición no G3, a interdental segue o proceso inverso da anterior (táboa 24). Por último, a palatal parece tamén diminuír o uso. Con todo, para a análise do seseo precisamos tan só a distribución da laminal e da apical nos contextos esperábeis, así como nos que son propios da outra fricativa.

Segundo a nomenclatura empregada polos estudosos Fernández Rei (1990), Costas (1994) e González González (2005), no paso do ST ao SM-II tense que dar un período de desfonoloxización en que ambas as dúas fricativas están presentes. Este é o caso da Illa de Ons. Estamos nun momento en que a fricativa laminal e a fricativa apical continúan presentes. Deste xeito, o que queremos analizar é en que medida unha ou outra avanza cara a se converter na dominante deste sistema. Polo tanto, clasificamos os datos atendendo á evolución fonética previa a este proceso de desfonoloxización e clasificámolos en "esperábeis", aquelas realizacións que se manteñen fieis á evolución, e en "desfonoloxizados", aquelas que aparecen nos contextos propios da outra realización.

Táboa 25: Distribución das fricativas apical [s̻] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado. Datos totais e porcentaxe que representan.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[s̻]	[s]	[s̻]	[s]
G1	2586	741	397	444
	61%	18%	10%	11%
G2	1435	123	77	188
	79%	7%	4%	10%
G3	1526	6	2	40
	97%	0%	0%	3%
Ttal	5547	870	476	672
	73%	12%	6%	9%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cunha lectura superficial dos datos, podemos entender, xa que logo, que o seseo ten tendencia a desaparecer e que esta deriva está ligada á variábel *idade*. Do mesmo xeito, a práctica desaparición da fricativa laminal tamén apunta a esta explicación.

Táboa 26: Mediana de frecuencia de uso das fricativas apical [s̻] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *idade*.

	Esperábel		Desfonoloxizado	
	[s̻]	[s]	[s̻]	[s]
G1	66,35	14,89	8,64	7,81
G2	92,54	0,00	5,56	0,00
G3	99,14	0,00	0,51	0,00

Se botamos man da estatística, as medianas (táboa 26) indican que os contextos esperábeis son, maioritariamente, de fricativas apicais nos tres grupos de idade. Con todo, no G1 os casos de desfonoloxización presentan unha mediana bastante próxima entre a laminal e a apical. Isto rompe no G2, mostrando unha tendencia á desaparición do seseo laminal. Pola contra, no G3 tanto a laminal, en todo tipo de contextos, como a apical, en contextos de desfonoloxización, apuntan á desaparición tendo en conta os ínfimos datos de mediana expostos.

Táboa 27: Resultados da proba *post-hoc* Mann-Whitney do uso da fricativaapical [s̻] e laminal[s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *idade*.

	Esperábel		Desfonoloxizado	
	[s̻]	[s]	[s̻]	[s]
G1-G2	0,001	0,002	0,207	0,005
G1-G3	0,001	0,000	0,072	0,000
G2-G3	0,311	0,536	0,588	0,485

Procedemos á comprobación estatística a través da proba non paramétrica Kruskal-Wallis. De tal modo, determina que, en contextos esperábeis, tanto a apical como a laminal presentan variación significativa (0,000), mentres que nos contextos desfonoloxizados, tan só fica sen se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dar na pronuncia apical (0,152). Mann-Whitney determina que o G1 é o que marca a diferenza, tanto a respecto do G2 como do G3 en contexto esperábel como desfonoloxizado (táboa 27).

A continuación, a variábel *xénero* presenta as medianas que se recollen na táboa 28. Nelas podemos observar como, tanto en contextos esperábeis como desfonoloxizados, as mulleres empregan case en exclusiva as realizacións laminais, mentres que as apicais presentan un uso parello entre os dous xéneros identificados.

Táboa 28: Mediana de frecuencia de uso das fricativas apical [ʂ] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *xénero*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[ʂ]	[s]	[ʂ]	[s]
Muller	68,15	12,62	6,19	6,90
Home	78,27	0,00	6,43	0,08

Se analizamos estes datos estatisticamente, a variación non é significativa na fricativa apical (0,075 contexto esperábel e 0,989 desfonoloxizado) mentres que na fricativa laminal debemos falar de relevancia, pois non sobe de 0,032 a significación en contexto esperábel e de 0,030 desfonoloxizado.

Táboa 29: Mediana de frecuencia de uso das fricativas apical [ʂ] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[ʂ]	[s]	[ʂ]	[s]
Sen Est.	56,83	24,70	6,21	12,26
Primar.	70,27	11,23	6,32	5,07
Secund.	92,54	0,00	7,46	0,00
Univers.	90,28	0,09	0,97	0,09

En canto á variábel *nivel de estudos*, as medianas indican unha distribución case parella entre os dous primeiros grupos e os dous segundos (táboa 29). Así e todo, existe certa tendencia maior ao uso das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

formas laminais (tanto en contextos esperábeis como desfonoloxizados) no grupo de persoas sen estudos, probabelmente por estar integrado na súa practica totalidade por mulleres.

A proba non paramétrica de Kruskal-Wallis identifica que a variación non é significativa para a pronuncia apical en contexto desfonoloxizado (0,589). Pola contra o resto de pronuncias atópanse por baixo do 0,050 de significación (apical esperábel 0,023; laminal esperábel 0,018; e laminal desfonoloxizada 0,035), polo que aplica sobre elas a relevancia da variábel.

Táboa 30: Resultados da proba *post-hoc* Mann-Whitney do uso da fricativa apical [s̪] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[s̪]	[s]	[s̪]	[s]
S.E.-Prim.	0,263	0,125	0,670	0,140
S.E.-Sec.	0,001	0,001	0,731	0,002
S.E.-Univ.	0,132	0,132	0,240	0,180
Prim.-Sec.	0,012	0,027	1,000	0,048
Sec.-Univ.	0,731	0,731	0,628	0,731

Así que, á luz dos datos fornecidos pola proba *post-hoc* Mann-Whitney, a diverxencia de uso áchase entre os grupos de estudos secundiarios e o das persoas sen estudos, así como tamén co de estudos primarios en todas as realizacións do contexto esperábel e a fricativa laminal desfonoloxizada.

Táboa 31: Mediana de frecuencia de uso das fricativas apical [s̪] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[s̪]	[s]	[s̪]	[s]
Gal.	69,64	11,23	7,89	5,26
Gal.Esp.	99,62	0,00	0,38	0,00
Esp.	97,86	0,09	0,97	0,09

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Finalmente, no que ten que ver coa variábel *lingua habitual*, apréciase nas medianas de novo que a laminal é a menos empregada e case en exclusiva polas persoas galegofalantes (táboa 31). Así e todo, o índice de uso é bastante baixo. Curiosamente, tamén se pode observar que teñen maior índice de desfonoloxización as persoas españolfalantes que quen empregan o galego e o español como lingua habitual.

Se analizamos estes datos estatisticamente, atopamos que hai indicios de significación para os contextos esperábeis (apical 0,018 e laminal 0,011), mentres que nos contextos desfonoloxizados a apical presenta variación (0,031) mais a laminal non (0,051), aínda que cuns índices moi próximos á significación.

Táboa 32: Resultados da proba *post-hoc* Mann-Whitney do uso da fricativa apical [s̪] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[s̪]	[s]	[s̪]	[s]
Gal.-G.E.	0,003	0,011	0,072	0,018
G.E.-Esp.	0,412	0,788	1,000	0,788
Gal.-Esp.	0,224	0,321	0,009	0,377

Mann-Whitney, segundo os datos recollidos na táboa 32, identifica a diferenza nos usos das formas esperábeis entre galegofalantes e persoas que empregan galego e español (0,003 apical e 0,011 laminal), así como tamén nas formas desfonoloxizadas da fricativa laminal (0,018). Do mesmo xeito, tamén entre as galegofalantes e as españolfalantes en contexto desfonoloxizado as fricativas apicais (0,009).

Estas mesmas variábeis podémolas analizar independentemente dentro dos tres grupos de idade marcados co fin de achar se a variación se ofrece con maior claridade neles.

3.2.2.2.1. Grupo 1

Este é o grupo que maior índice de uso presenta tanto de casos desfonoloxizados como da fricativa laminal en xeral. Na distribución das medias segundo a variábel *xénero* (táboa 33) apreciamos, en primeiro lugar, que a laminal ten medianas máis elevadas entre as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mulleres, tanto en contexto esperábel (22,22 mulleres, 12,05 homes) como desfonoloxizado (8,08 mulleres, 4,38 homes).

No primeiro, apréciase a inversión das fricativas principais, pois os homes teñen unha tendencia máis elevada que as mulleres ao uso das apicais (60,61 mulleres, 70,27 homes). No contexto desfonoloxizado, aínda que os datos son próximos, hai certa distancia (7,41 mulleres, 13,97 homes).

Estes datos indican que as mulleres empregan máis a frivativa laminal. Isto acontece nos contextos esperados, pero tamén é a solución máis estendida para a desfonoloxización. Noutras palabras, como a laminal é a fricativa que goza de maior uso para a desfonoloxización, é menos posíbel que a apical vaia aparecer nos contextos esperábeis da laminal.

Non obstante, no grupo dos homes dáse o caso oposto, pois a apical é a máis empregada para a desfonoloxización, polo que é menos probábel que apareza a laminal en contextos esperábeis da apical.

Táboa 33: Mediana de frecuencia de uso no G1 das fricativas apical [ʂ] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *xénero*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[ʂ]	[s]	[ʂ]	[s]
Muller	60,61	22,22	7,41	8,08
Home	70,27	12,05	13,97	4,38

A proba non paramétrica de Kruskal-Wallis determina que a distancia apreciada non é suficiente para falarmos de variación significativa. A laminal presenta uns índices de 0,204 tanto no caso de contextos esperábeis como desfonoloxizados. O mesmo acontece coa apical, pois en contextos esperábeis a significación é de 0,141 e en desfonoloxizados 0,132.

No tocante á variábel *nivel de estudos*, apréciase algo semellante á variábel anterior, as persoas sen estudos teñen medianas máis elevadas nas fricativas laminais en ambos os contextos, mentres que as de estudos primarios fan o propio coas fricativas apicais (táboa 34).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 34: Mediana de frecuencia de uso no G1 das fricativas apical [s̻] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	Esperábel		Desfonolox.	
	[s̻]	[s]	[s̻]	[s]
Sen Est.	56,83	24,70	6,21	12,26
Primar.	68,13	13,76	9,74	7,11

De acordo con Kruskal-Wallis, a distancia entre os grupos é insuficiente para estabelecer unha correlación entre esta variábel e o fenómeno analizado, cun índice de significación en contextos esperábeis de 0,230 na apical e 0,649 na laminal. Do mesmo modo, os datos dos contextos non etimolóxicos tamén carecen de significación tanto na apical (0,459) como na laminal (0,508). Polo tanto, a variábel *nivel de estudos*, para este grupo de idade, non inflúe.

3.2.2.2.2. Grupo 2

Este grupo, segundo vimos, está en pleno proceso de cambio do SM-II ao SM-I (Fernández Rei, 1990: 211). É dicir, nel apréciase o proceso de introdución da fricativa interdental por influencia da norma, tanto do galego como do español. Xa que logo, analizaremos a interdental, pois entra en xogo neste novo sistema de sibilantes.

Antes de máis, cómpre destacar que non se considerou esta fricativa no G1 pois, pese a se detectaren producións semellantes á interdental (en realidade laminodentais), este fenómeno, coñecido como ceceo, vaise tratar no punto seguinte. Do mesmo xeito, todas as producións interdentais dos outros dous grupos en contexto non esperábel traballaranse como ceceo. Aínda que é unha decisión discutíbel, a diferenza entre o G1 e os outros dous radica na natureza da pronuncia (laminodental no G1 e interdental no G2 e G3). Ademais, o feito de que a pronuncia interdental apareza nos grupos de idade máis novos garda, aparentemente, unha relación directa co incremento no *nivel de estudos* e, xa que logo, co coñecemento das normas tanto do galego como do español pois, nestas variedades, a interdental goza dun gran prestixio. Xa que logo, o que se translitera como *c* ou *z* pasa a influír na súa pronuncia interdental.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo tanto, analizaremos as variábeis que máis repercuten sobre este cambio en proceso. O esperábel é que o *nivel de estudos* e, probabelmente, o *xénero* sexan as dúas que máis inflúan. Non obstante, a *lingua habitual* pode ser un factor igualmente relevante.

En canto ao *xénero* (táboa 35), as medianas dan conta de que, igual que acontecía no G1, a fricativa laminal predomina nas mulleres practicamente en exclusiva. Concretamente, os homes teñen unhas medianas de 0,00, tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, mentres que as mulleres presentan no primeiro 1,22 e no segundo 0,82. Aínda que sexan índices baixos, son os únicos rexistrados.

A respecto da interdental, parece que a empregan máis os homes (20,24) que as mulleres (1,56). Estes datos poderían gardar unha relación de correspondencia cos anteriores, pois canto máis aparece a interdental, menos laminais detectamos en contexto esperábel. En consecuencia, menos doado é que poidan entrar no contexto desfonoloxizado. Polo tanto, a diferenza aparece en calquera das tres fricativas e con independencia do contexto.

Táboa 35: Mediana de frecuencia de uso no G2 das fricativas apical [s̪] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, así como interdental [θ], dividida segundo a variábel *xénero*.

	Esperábel			Desfonoloxizado	
	[s̪]	[s]	[θ]	[s̪]	[s]
Muller	77,30	1,22	1,56	7,39	0,82
Home	78,75	0,00	20,24	0,00	0,00

Estatisticamente, a significación é irrelevante para os dous contextos. No esperábel, a apical ten un índice de 0,607, a laminal de 0,074 e a interdental de 0,651. En contexto desfonoloxizado, a apical presenta 0,766 e a laminal 0,074. De tal modo que a dependencia desta variábel non é significativa en ningunha das pronuncias, independentemente dos contextos.

A variábel *nivel de estudos* (táboa 36) presenta medianas estábeis tanto na apical etimolóxica como non etimolóxica. Ademais, a fricativa laminal, contra todo prognóstico, semella máis propia das persoas con nivel de estudos universitarios, todas elas mulleres. Na fricativa interdental non se aprecia tendencia clara.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 36: Mediana de frecuencia de uso no G2 das fricativas apical [s̻] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, así como interdental [θ], dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	Esperábel			Desfonoloxizado	
	[s̻]	[s]	[θ]	[s̻]	[s]
Primarios	78,76	0,00	13,71	2,13	0,00
Secundaros	79,59	0,00	0,82	5,95	0,00
Universitarios	63,08	14,62	2,31	9,23	10,77

A proba non paramétrica Kruskal-Wallis confirma a falta de dependencia desta variábel e as pronuncias analizadas. En contexto esperábel, a fricativa apical ten índice 0,247, a laminal 0,251 e a interdental 0,830. En contexto desfonoloxizado, a apical presenta significación de 0,195 e a laminal 0,251. Polo tanto, confírmase o que se observaba coas medianas.

A última variábel que se tivo en conta é a *lingua habitual* (táboa 37). Neste sentido, apréciase de novo que a laminal é a fricativa que maiores distancias presenta nas medianas. Agora entre o grupo de españolfalantes habituais e os outros dous. En canto á apical, tan só parece haber unha distancia considerábel no contexto esperábel e, de novo, no grupo de españolfalantes a respecto dos outros dous. A interdental apunta a un uso crecente nos grupos monolingües, mentres que a apical desfonoloxizada é máis recorrente entre as persoas que empregan galego e español nos usos habituais.

Táboa 37: Mediana de frecuencia de uso no G2 das fricativas apical [s̻] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, así como interdental [θ], dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	Esperábel			Desfonoloxizado	
	[s̻]	[s]	[θ]	[s̻]	[s]
Gal.	78,76	0,00	7,50	5,31	0,00
Gal.Esp.	78,57	0,00	1,15	7,59	0,00
Esp.	47,93	20,59	12,77	1,06	17,65

A estatística determina a que esta variábel é irrelevante no uso e distribución das fricativas. No contexto esperábel, a apical ten unha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

significación de 0,203, a laminal de 0,625 e a interdental de 0,795. Á súa vez, no contexto desfonoloxizado, a apical presenta índices de 0,374 e a laminal de 0,625.

3.2.2.2.3. Grupo 3

Neste grupo poderemos apreciar a práctica substitución da fricativa laminal en favor da interdental, así como esta mesma fricativa en contexto desfonoloxizado. Cabe estabelecer, xa que logo, cales poden ser as variábeis que inflúen neste proceso de cambio.

En canto ao *xénero* (táboa 38), obsérvase un descenso abrupto nas medias tanto das laminais como de todo o contexto desfonoloxizado. Aínda así, parece que as mulleres teñen maior protagonismo neste proceso, pois nas laminais non hai casos en ningún dos contextos (0,00) fronte aos 0,06 dos homes en contexto de desfonoloxización. Así e todo, a distancia é ínfima. Un caso semellante é o dos 0,38 (mulleres) e 8,20 (homes) das apicais desfonoloxizadas, aínda que aquí existe algo máis de diferenza. As apicais en contexto esperábel apenas presentan diferenzas (77,53 mulleres, 73,16 homes). Na interdental tamén existe certa distancia, pois apréciase unha mediana menor nos homes (13,65) que nas mulleres (21,35), derivada de seren os que teñen maior índice de laminais esperábeis e apicais desfonoloxizadas.

Táboa 38: Mediana de frecuencia de uso no G3 das fricativas apical [ʂ] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, así como interdental [θ], dividida segundo a variábel *xénero*.

	Esperábel			Desfonoloxizado	
	[ʂ]	[s]	[θ]	[ʂ]	[s]
Muller	77,53	0,00	21,35	0,38	0,00
Home	73,16	0,00	13,65	8,20	0,06

A proba Kuskal-Wallis confirma estas apreciacións indicando que a variación non é significativa en ningún dos casos. No contexto esperábel, a apical ten 0,195 e a laminal 0,386, mentres que no desfonoloxizado se aprecia que a apical ten 0,435 e a laminal 0,386. A que, sen dúbida, mostra a proximidade máis elevada é a interdental (1,000). Polo tanto, esta variábel non é determinante no uso das fricativas dentro deste grupo de idade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto á variábel *nivel de estudos* (táboa 39) —unicamente primarios, secundarios e universitarios—, cabe destacar que a laminal só aparece no grupo de estudos secundarios. Por outra parte, as medianas das apicais en contexto esperábel mostran unha tendencia crecente conforme ascende o nivel de estudos. O mesmo acontece coa interdental. E a apical desfonoloxizada é maioritaria no grupo de estudos primarios. De todos os xeitos, as medianas son ben próximas nalgúns dos contextos.

Táboa 39: Mediana de frecuencia de uso no G3 das fricativas apical [ʂ] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, así como interdental [θ], dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	Esperábel			Desfonoloxizado	
	[ʂ]	[s]	[θ]	[ʂ]	[s]
Primarios	61,74	0,00	13,26	25,00	0,00
Secundarios	75,48	1,95	13,91	8,20	0,45
Universitarios	77,53	0,00	21,35	0,38	0,00

Kruskal-Wallis corrobora as apreciacións iniciais. A apical en contexto esperábel presenta significación de 0,238, mentres que a laminal 0,287 e a interdental 0,973. En contextos desfonoloxizados, a apical presenta 0,714 e a laminal 0,287. Xa que logo, esta variábel tampouco é determinante para o uso das fricativas.

Táboa 40: Mediana de frecuencia de uso no G3 das fricativas apical [ʂ] e laminal [s], tanto en contexto esperábel como desfonoloxizado, así como interdental [θ], dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	Esperábel			Desfonoloxizado	
	[ʂ]	[s]	[θ]	[ʂ]	[s]
Gal.	64,06	1,95	0,39	33,20	0,39
Gal.Esp.	73,49	0,00	26,51	0,00	0,00
Esp.	75,36	0,06	23,76	0,75	0,06

A última das variábeis que podería ter influencia neste grupo é a da *lingua habitual*. Segundo as medianas (táboa 40), as persoas con lingua habitual galego son as que máis empregan tanto a laminal en todos os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

contextos como a apical en contextos de desfonoloxización. Pola contra, as que empregan o español (só ou xunto co galego) tamén presentan medianas máis elevadas de interdental. Ademais, estes datos apuntan a unha variabilidade grande con distancia entre as persoas galegofalantes e as dos outros dous grupos para todas as fricativas.

Aplícase de novo a proba non paramétrica Kruskal-Wallis, que determina que,en contextos esperábeis, a apical presenta significación de 0,830, a laminal de 0,287 e a interdental de 0,035. Polo tanto esta última é a única na que a variábel é pertinente. Do mesmo xeito, en contextos desfonoloxizados, a apical ten índices de 0,080 e a laminal de 0,287. Así que en ningunha destas fricativas inflúe a variábel *lingua habitual* para o seu uso.

3.2.3. Ceceo

Denomínase ceceo a realización laminodental [s̪] ou interdental [θ] da fricativa desfonoloxizada nun contexto de seseo laminal. Pese a todo, cómpre facermos unha reflexión sobre o significado tanto da voz *seseo* como do termo *ceceo*. A este respecto González González observa:

> El término *seseo* está fuertemente emparentado con el de *ceceo*. Ambos tratan, desde el punto de vista fonológico, de describir, con una perspectiva sincrónica, los resultados de dos realizaciones divergentes con respecto al habla estándar: la pronunciación de la [θ] del modelo estándar como [s] (en el caso del seseo), y la pronuncia de la [s] del habla estándar como [θ] (en el caso del ceceo). La denominación de estos fenómenos se basa en el resultado fonético triunfante en las variedades de hablas en los que se dan (González González, 2005: 258)

Este fenómeno aparece rexistrado, entre outros, no mapa 196 do *ALGa* III (1999) onde ocupa a zona do Morrazo e algúns puntos do sur de Pontevedra. Con anterioridade, Carvalho (1966: 66, n. 13) apuntou que "se han registrado casos de *ceceo* en la comarca de Bueu". Pola súa parte, Fernández Rei constata a respecto deste fenómeno:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> En zonas de seseo predorsal, o *s* pode avanzar no punto de articulación para pasar a articularse como [θ] [...] é o que se denomina ceceo, que se rexistra nalgún punto do Morrazo (Cela-Bueu, por ex.) e máis esporadicamente nas falas do sur de Pontevedra (Fernández Rei, 1990: 56)

Polo tanto, a parroquia de Cela, en Bueu, é unha zona en que o ceceo era habitual. Deste xeito, non é de estrañar que na Illa de Ons apareza, debido á deriva do sistema de sibilantes (*vid. supra* §3.2.2). A fricativa interdental entra a facer oposición á apical, en consecuencia, redúcese a incidencia do ceceo ao G1 e, de forma moi excepcional, ao G2[6].

3.2.3.1. Análise dos datos

Se reparamos na táboa 41, podemos apreciar como as mulleres son case exclusivamente as informantes que presentan este fenómeno (9 mulleres e 3 homes no G1, 2 mulleres e 1 home no G2). Do mesmo modo, representan o número máis elevado de casos.

É mester destacar que, no G2, as persoas informantes posúen un nivel de estudos primario e, case na súa totalidade, teñen o galego como única lingua habitual. Este feito lévanos a computarmos estes tres informantes do G2 xunto con todos os do G1 co fin de ver que variábeis inflúen, mais sen analizar a de *idade*.

Táboa 41: Distribución dos casos de ceceo segundo informante do G1 e do G2 (deste grupo só se ofrecen os casos en que hai *ceceo*). Datos absolutos, media e nivel de estudos.

INFORMANTE	NIVEL ESTUDOS	ABSOLUT.	MEDIA
Muller1961	Primarios	14	0,14
Muller1962b	Primarios	2	0,02
Home1966	Primarios	1	0,01

6 *Vid.* nota previa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INFORMANTE	NIVEL ESTUDOS	DATOS	MEDIA
Home1915	Primarios	0	0,00
Muller1924	Sen estudos	0	0,00
Muller1925	Sen estudos	8	0,08
Muller1930	Sen estudos	10	0,10
Home1933	Primarios	1	0,01
Muller1942	Primarios	5	0,05
Muller1943	Sen estudos	2	0,02
Home1944	Primarios	3	0,03
Home1946	Primarios	4	0,04
Muller1946	Sen estudos	0	0,00
Muller1948a	Sen estudos	2	0,02
Muller1948b	Sen estudos	9	0,09
Muller1948c	Sen estudos	20	0,20
Home1949a	Primarios	0	0,00
Home1949b	Primarios	9	0,09
Muller1949	Primarios	1	0,01
Home1950	Primarios	0	0,00
Muller1952	Primarios	6	0,06
Muller1954	Primarios	0	0,00
Muller1959	Sen estudos	2	0,02

Como se mencionou, analizaranse as variábeis *xénero* e *nivel de estudos* por ver a relevancia que poidan ter no uso do ceceo (táboa 42). En canto á primeira, as medianas apuntan a que as mulleres (0,04) empregan máis este fenómeno que os homes (0,01). Kruskal-Wallis confirma a significación do *xénero* no uso do ceceo (0,047).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 42: Mediana de frecuencia de uso do ceceo, dividida segundo as variábeis *xénero* e *nivel de estudos*.

	Xénero	Niv. Est.	
Muller	0,04	0,04	Sen Estudos
Home	0,01	0,02	Primarios

O *nivel de estudos*, pola súa banda, presenta unhas medias de 0,04 no grupo sen estudos e de 0,02 no de estudos primarios, polo que parece seguir unha tendencia semellante á da variábel anterior. A proba non paramétrica Kruskal-Wallis permite rexeitar a relación entre esta variábel e o fenómeno cunha significación de 0,738.

3.2.4. Despalatalización

Dentro dos sistemas de sibilantes descritos por Fernández Rei (1990), Costas (1994) e González González (2005) atopamos unha proposta en que a desfonoloxización non só se dá entre a laminal e a apical, senón tamén entre estas dúas e a palatal. Trátase do denominado Sistema Innovador. González González (2005: 259) puntualiza que "el fonema /s/ puede tener, según los lugares y según los hablantes, una realización predorsodental o una realización apicoalveolar". Pola súa parte, Fernández Rei (1990: 212) engade que a "despalatalización do /ʃ/" aparece "no sistema seseante predorsal", iso si, "especialmente nos 'novos'".

Na Illa de Ons danse numerosos casos de despalatalización, sobre todo entre a xente máis nova. A pesar de todo, entre a xente do G1 o fenómeno está asentado.

3.2.4.1. Análise dos datos

Coa deriva do sistema de sibilantes (*vid. supra* §3.2.2), en que a fricativa interdental entra a facer oposición á apical, redúcense os casos de laminal e, polo tanto, a despalatalización en favor desa fricativa é case inexistente (táboa 43). En consecuencia, para este fenómeno imos analizar os casos de forma conxunta (apical e laminal).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 43: Datos e porcentaxe que representan da pronuncia de [ʃ] e despalatalización en [s̟] e [s], xunto coa mediana da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/.

	[ʃ]	[s̟]	[s]
G1	692	59	2
	92%	8%	0%
G2	259	102	2
	71%	28%	1%
G3	110	145	3
	43%	56%	1%
Total	1061	306	7
	77%	22%	1%

	[ʃ]	/s/
G1	91,29	8,71
G2	80,68	19,32
G3	41,35	58,65

Á luz das medianas (táboa 43), apreciamos que a despalatalización é un fenómeno galopante até o punto de representar no G3 máis da metade das producións en que o esperábel é unha fricativa palatal. O G1 posúe un 8% e o G2 un 19%. Polo tanto, a variábel *idade* é moi posíbel que garde relación con este fenómeno. Xa que logo, a pronuncia de [ʃ] descende conforme ascende a despalatalización ao longo dos tres grupos.

Segundo a proba Kruskal-Wallis, existe variación significativa entre o uso da fricativa palatal ou da despalatalización e a variábel *idade*, pois os índices son de 0,002.

A este respecto, Mann-Whitney atopa diferenzas de uso entre o G1 e G3 (0,000) e entre o G2 e G3 (0,041), pois entre o G1 e G2 non se aprecia índice significativo (0,158).

En canto ao *xénero*, apreciamos na táboa 44 que a despalatalización é máis propia dos homes. As probas estatísticas, ante esta apreciación, indican que non é suficiente esa distancia, pois dan como resultado 0,346. Por tal motivo, esta variábel non é significativa para a escolla na produción das fricativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 44: Mediana de frecuencia de uso da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[ʃ]	/s/
Muller	90,63	9,38
Home	83,33	16,67

No tocante ao *nivel de estudos* (táboa 45), apréciase que a despalatalización acomete unha crecida paralela ao ascenso do nivel de estudos, con excepción do grupo de persoas universitarias, que rompen esa tendencia con datos comprendidos entre as persoas de estudos primarios e secundarios. A proba non paramétrica Kruskal-Wallis determina que a variación ligada a esta variábel non é significativa dado que o resultado é 0,105.

Táboa 45: Mediana de frecuencia de uso da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[ʃ]	/s/
Sen Estudos	93,80	6,20
Primararios	87,50	12,50
Secundarios	51,72	48,28
Universitarios	77,47	22,53

En canto á variábel *lingua habitual* (táboa 46), as medianas máis elevadas de despalatalización aparecen no grupo de persoas que empregan o galego e o español nas interaccións habituais. Con todo, as persoas que utilizan só o español teñen datos máis elevados que as que empregan só o galego. Isto apunta, por tanto, a que esta variábel é relevante á hora de realizar a pronuncia concreta.

Táboa 46: Mediana de frecuencia de uso da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[ʃ]	/s/
Galego	90,63	9,38
Gal.Esp.	53,85	46,15
Español	76,90	23,10

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se aplicamos as probas estatísticas pertinentes, comprobamos que o resultado é 0,150, polo tanto, a *lingua habitual* non inflúe na produción palatal ou non deste segmento.

A continuación analizaremos se, dentro de cada un destes grupos, existen variábeis que determinen o seu maior ou menor uso.

3.2.4.1.1. Grupo 1

A primeira das variábeis, o *xénero*, ofrece unhas medianas (táboa 47) en que a despalatalización parece ser característica dos homes, pese a que non presentan números moito máis elevados (8,11 mulleres, 12,50 homes). A proba Kruskal-Wallis confirma que non existe relación entre esta variábel e o uso da fricativa palatal ou presentar despalatalización (0,522).

Táboa 47: Mediana de frecuencia de uso no G1 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[ʃ]	/s/
Muller	91,89	8,11
Home	87,50	12,50

En canto ao *nivel de estudos*, as medianas (táboa 48) apuntan unha proximidade elevada nestas pronuncias. Nesta liña, as probas estatísticas confirman que non existe significación (0,589), polo que debemos afirmar que esta variábel non é determinante na escolla do tipo de fricativa neste contexto.

Táboa 48: Mediana de frecuencia de uso no G1 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[ʃ]	/s/
Sen estudos	93,80	6,20
Primarios	91,29	8,71

3.2.4.1.2. Grupo 2

A variábel *xénero* (táboa 49) neste grupo presenta medianas que parecen indicar usos diferenciados. Nas producións despalatalizadas, as mulleres amosan unha mediana de 12,50 e os homes de 25,00, a metade,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de modo que a distancia é bastante elevada. Malia esta apreciación inicial, a proba Kruskal-Wallis determina que a variación non é significativa (0,699), polo que o *xénero* non inflúe na despalatalización no G2.

Táboa 49: Mediana de frecuencia de uso no G2 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[ʃ]	/s/
Muller	87,50	12,50
Home	75,00	25,00

En canto ao *nivel de estudos*, as medianas (táboa 50) apuntan un descenso na despalatalización no grupo de estudos universitarios. Con todo, a tendencia ofrecida no G1 en que a despalatalización ascende conforme é máis elevado o nivel de estudos, no G2 tamén ocorre.

Con todo, as probas estatísticas apuntan a que a variación entre estes tres grupos non é significativa (0,352), igual que acontecía no G1.

Táboa 50: Mediana de frecuencia de uso no G2 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[ʃ]	/s/
Primarios	75,39	24,61
Secundarios	59,09	40,91
Universitarios	95,83	4,17

Por último, a variábel *lingua habitual* presenta unhas medianas bastante próximas entre si (táboa 51). O grupo de persoas que usan galego e español como linguas habituais amosan maior uso da palatal e, polo tanto, menor índice de despalatalización. Fronte ao grupo de galegofalantes, no que se rexistra un índice de uso inverso (69,70 de [ʃ] e 30,30 de casos despalatalizados). Se comprobamos estas apreciacións a través das probas estatística, Kruskal-Wallis corrobora a falta de relación cun índice de 0,586.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 51: Mediana de frecuencia de uso no G2 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[ʃ]	/s/
Galego	69,70	30,30
Gal.Esp.	73,30	26,70
Español	93,18	6,82

Polo tanto, podemos estabelecer que todas estas variábeis carecen de influencia determinante para os usos despalatalizados no G2.

3.2.4.1.3. Grupo 3

Neste grupo, a variábel *xénero* presenta medianas moi próximas (táboa 52), cunha distancia un pouco maior na despalatalización en favor das mulleres (60,16 mulleres, 57,14 homes), aínda que mínima. A proba Kruskal-Wallis estabelece que non existe unha variación significativa (0,827), polo que non é relevante estatisticamente.

Táboa 52: Mediana de frecuencia de uso no G3 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *xénero*.

	[ʃ]	/s/
Muller	39,84	60,16
Home	42,86	57,14

En canto ao *nivel de estudos*, as medianas (táboa 53) permiten observar que o grupo de estudos secundarios é o que máis emprega a despalatalización, moi próximo do universitario, fronte ao grupo de estudos primarios, que presenta as medias máis baixas. Constátase que, entre todos os grupos, se dá unha distancia curta, que se corrobora coa proba Kruskal-Wallis (0,667).

Táboa 53: Mediana de frecuencia de uso no G3 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *nivel de estudos*.

	[ʃ]	/s/
Primarios	53,85	46,15
Secundarios	38,10	61,90
Universitarios	39,84	60,16

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, as medias da variábel *lingua habitual* indican, de novo, proximidade (táboa 54). O grupo de persoas que usan o español como lingua habitual presentan maior uso da palatal (53,64), nunha gradación progresiva desde as que só empregan o galego, mais sen grandes distancias entre si.

Aplicando as probas estatísticas, corroboramos que non existe relación entre esta variábel e o uso crecente da despalatalización, pois a significación é de 0,538.

Táboa 54: Mediana de frecuencia de uso no G3 da pronuncia [ʃ] e da despalatalización en /s/, dividida segundo a variábel *lingua habitual*.

	[ʃ]	/s/
Galego	33,33	66,67
Gal.Esp.	42,86	57,14
Español	53,64	46,36

Polo tanto, a despalatalización parece ser independente destas variábeis no terceiro grupo de idade.

3.3. Coda Silábica

Para entendermos cal vai ser o obxecto de estudo neste punto, cómpre definir primeiro o que se entende por sílaba e cales son as súas partes. Kenstowicz (1994: 250) define a sílaba como "an abstract unit of prosodic organization through which a language expresses much of its phonology". Este estudoso explica que a sílaba, na teoría fonolóxica, foi sempre un tema controvertido por formar parte da bagaxe conceptual da gramática tradicional. Pese a todo, a gramática xenerativa advirte que a sílaba é un concepto esencial para comprendermos a estrutura fonolóxica. Na mesma liña, Hayes (1999: 352) insiste en que "there are no known phonological processes that count segments, although many processes count moras or syllables". Polo tanto, entra en xogo tamén a prosodia. Con esta perspectiva entronca a definición proposta por Nespor e Vogel (1994 [1986]: 24) "la categoría terminal de la jerarquía prosódica".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto á estrutura da sílaba, consta dun núcleo —en galego sempre é unha vogal— que pode ir acompañado —aínda que non necesariamente— tanto por un ataque —posición prenuclear— como por unha coda —posición posnuclear.

Nas variedades informais da lingua, a posición de ataque silábico só pode presentar até un máximo de dous elementos, mentres que a coda adoita presentar un —salvo no caso das palabras que rematan en [ŋs̪], no galego occidental (Regueira, 2002: 236-237; Colina e Simonet, 2014: 1434-1435). En variedades máis formais, atopamos en posición de coda practicamente calquera segmento e mesmo se pode dar o caso, tanto en ataque como en coda, que apareza un elemento semivocálico (Regueira e Fernández Rei, 2019: 15-16). Non obstante, esta é unha problemática que non atinxe o presente estudo. Polo tanto, á luz dos datos anteriores, a estrutura da sílaba en galego presenta o seguinte esquema:

$$[\text{Ataque } (C_1)(C_2)(SV_1) + \text{Núcleo V} + \text{Coda } (SV_2)(C_3)(C_4)]$$

No tocante a esta estrutura, cómpre analizar as particularidades da coda. Esta posición non a pode ocupar, por norma xeral, unha consoante obstruínte "coa excepción de [s̪] e, na maioría das falas, de [θ]; nalgunhas zonas occidentais pode aparecer [ʃ]" (Regueira, 2002: 238). Polo tanto, os segmentos que se poden atopar son os seguintes: [ŋ], [ɾ], [l], [s̪], [θ] e [ʃ][7]. A maiores cabe considerar [h], como resultado da aspiración.

Máis concretamente, analizaremos os contextos de [s̪] como coda silábica e as distintas alteracións que este elemento pode sufrir: *rotacismo*, *aspiración*, *desaparición* e *palatalización*. Descartamos os casos da fricativa interdental neste contexto, dado que non aplica sobre ela ningún tipo de influencia máis que o coñecemento da norma. Por último, teremos en conta aqueles segmentos en que o *–s* non sofre alteracións.

7 Estes sons pódense ver alterados dependendo do elemento que os siga na cadea fónica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.1. Alteracións de [s̪] en posición de coda silábica

No paso do latín ao galego, as consoantes en coda silábica reducíronse até quedar [n], [r], [l] e [s][8]. Nas linguas máis próximas —o portugués, o asturiano e o español— o proceso foi o mesmo. Esta mudanza dá conta de que os elementos obstruíntes nesta posición están fortemente restrinxidos. O [s], que tamén é un fonema obstruínte, atende a procesos de lenición seguindo esta tendencia (Payán, 1995: 452-457; Galvão Maia, 2017: 79).

Nesta situación atopamos toda a Romania oriental, que carece de *–s* na coda silábica. Da Romania occidental destaca o caso do francés, que na actualidade tan só o presenta de forma secundaria, tras a caída das vogais finais. Algo semellante está a acontecer en español. Fernández de Molina (2016: 94) advirte que "este sonido ha sufrido, en amplias zonas del dominio hispánico, un proceso de debilitamiento que comienza con la aspiración de *–s* y que, en algunos casos, concluye con la elisión total del segmento".

En galego atopamos as mesmas debilitacións que menciona Fernández de Molina, a *aspiración* e a *desaparición*, así como a do *rotacismo*. Pola contra, dáse outro proceso oposto en que o *–s* sofre un reforzamento. Este é o fenómeno coñecido como *palatalización* e no *português padrão* é a pronuncia escollida para a posición que estamos a analizar.

Atopamos escasos estudos sobre estes fenómenos en galego, pese ás implicacións fonolóxicas que supoñen. En todo caso, rexístranse alusións vagas ao rotacismo e á aspiración en gramáticas xerais (Álvarez e Xove, 2002: 41; Freixeiro, 2006: 161). Tamén se alude á palatalización na *Dialectoloxía da Lingua Galega* de Fernández Rei (1990, 56). Porén, non hai achegas concretas sobre estes fenómenos, salvo no caso do rotacismo[9], malia que aparece descrito algún deles en teses e tesiñas sobre falas particulares[10].

8 [θ], [ʃ] e [h] son innovacións na lingua.

9 Consúltense os estudos de Prieto Alonso (1985 e 1988), Dubert (1999), Pérez (2004) e García (2008).

10 É o caso das análises de Enríquez (1971, 84-86) sobre o concello do Grove, de Gómez (1997, 35-37) sobre Frades, de López (1990, 66-70) sobre Sarria e de Dubert (1993, 26-28) sobre a comarca compostelá. Tamén se pode incluír neste grupo a publicación de Taboada (1979, 54-57) sobre o val de Verín. Cómpre destacar que as propostas só mostran exemplos destas falas e tratan de describir os contextos en que aparecen, sen achegar datos de frecuencia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resulta necesario, xa que logo, recorrer a estudos sobre outras linguas, así como analizar que acontece con este segmento a partir dunha serie de preguntas sen resolver a día de hoxe.

As cuestións máis relevantes para o subsecuente exame son: *existe unha distribución destes fenómenos segundo o elemento que os segue?*, *detéctase unha sistematicidade no proceso?*, *que variá*beis *entran en xogo para a mudanza do* [ʂ]*?* ou *en que estadio se atopa cada un dos grupos de idade nesta mudanza?* Outros interrogantes máis específicos relativos a cada fenómeno son: *que tipo de elemento é o resultante do rotacismo?*, *e o da aspiración?* ou *o* [ʃ] *resultante da palatalización é igual que o que atopamos en posición de ataque?*

3.3.1.1. Análise dos datos

Para comezar o estudo, cómpre observar o número total de casos de [ʂ] en coda silábica —tanto con alteración como sen ela— e distribuílos atendendo aos tres grupos de idade e ao elemento que os sucede na cadea fónica.

Tal e como amosan os resultados totais (táboa 55), apréciase un desequilibrio entre os contextos. Por exemplo, ante a africada palatal rexístranse 60 *–s*, fronte aos 8746 *–s* detectados ante pausa. Este desequilibrio pode ser útil para comprobar se existe relación entre número de ocorrencias na fala e contextos máis débiles ante as posibles alteracións.

Táboa 55: Distribución de *-s* en coda silábica sen atención á pronuncia ou alteración, dividida segundo os tres grupos de idade e os contextos fonéticos posíbeis. Datos totais e porcentaxe que representan.

	G1	G2	G3
[β]	210	72	70
[ð]	281	212	127
[ɣ]	0	10	19
[m]	185	107	78
[n]	141	51	47

	G1	G2	G3
[β]	4%	2%	3%
[ð]	6%	7%	5%
[ɣ]	0%	0%	1%
[m]	4%	4%	3%
[n]	3%	2%	2%

nin tratar de dar explicación a estes fenómenos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[l]	32	23	23	[l]	1%	1%	1%
[ʎ]	32	7	6	[ʎ]	1%	0%	0%
[f]	101	49	42	[f]	2%	2%	2%
[h]	44	1	4	[h]	1%	0%	0%
/s/	103	67	47	/s/	2%	2%	2%
[θ]	1	5	16	[θ]	0%	0%	1%
[ʃ]	32	7	3	[ʃ]	1%	0%	0%
[r]	19	34	23	[r]	0%	1%	1%
[t͡ʃ]	14	5	3	[t͡ʃ]	0%	0%	0%
[p]	415	261	141	[p]	8%	9%	6%
[t]	822	508	466	[t]	16%	17%	20%
[k]	510	275	225	[k]	10%	9%	10%
PSA	1263	753	666	PSA	25%	25%	29%
VGL	792	538	312	VGL	16%	18%	13%

Para proceder coa análise, é necesario organizar previamente os datos recollidos. Molina Martos (2015: 92) estabelece unha distribución atendendo ao elemento consonántico que segue o *–s* en coda silábica:

> ENTORNO CONSONÁNTICO SIGUIENTE. Variantes: 0. Lateral; 1. Rótica; 2. Nasal; 3. Fricativa /f, θ, s, x/; 4. Laxa /b, d, g, ɳ/; 5. Tensa /p, t, k/; 6. Africada /t͡ʃ/; 7. No aplica.

Á hora de aplicar esta proposta ao galego da Illa de Ons cómpre primeiro adaptala, pois, como non se dan no español, non se teñen en conta a gheada (na realización fricativa larínxea [h], pois só aparece a representación do [x] do español), nin a fricativa palatal [ʃ]. Polo tanto, habería que incluír ambas as dúas dentro do grupo das Fricativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén habería que analizar separadamente a posición final e a posición ante vogal, que Molina Martos considera unha variable única baixo o nº7 <no aplica>. Ademais, segundo as particularidades observadas[11], resulta pertinente contemplar á parte tanto a fricativa labiodental [f], como a fricativa interdental [θ]. Deste xeito, os contextos agrupados serían *aproximantes voceadas*, *nasais*, *laterais*, *fricativas* (con especial atención á labiodental e á interdental), *africada*, *oclusivas non voceadas*, *pausa* e *vogal*. Aínda que o interese da análise se centrará nos contextos independentes, esta clasificación serviranos para estabelecer certos contextos en que sexa maioritarias algunhas das alteracións deste segmento.

En canto á distribución dos fenómenos (táboa 56), apréciase un elevado número de *–s* que se mantén sen alterar. Estes *–s* son, maioritariamente, os que se atopan ante vogal, ante pausa e ante /p, t, k/. Dado que estes contextos son os máis numerosos e onde menos fenómenos aplican —como veremos máis adiante—, este feito non resulta sorprendente.

Táboa 56: Distribución de *-s* en coda silábica segundo o fenómeno que inflúe. Datos numéricos divididos segundo a variábel *idade*.

	ROT.	ASPIR.	DESP.	PALT.	MANT.[12]
G1	688	126	438	151	3601
G2	187	6	142	10	2641
G3	61	17	91	0	2149

Hai que destacar as grandes diferenzas entre os tres grupos de idade (táboa 57). O G1 presenta un elevado número de casos de rotacismo —máis da metade dos datos totais recollidos para este fenómeno (61%). Algo semellante ocorre coa aspiración (73%), a palatalización (90%) e a desaparición (50%). Esta diferenza explica que os casos de mantemento do *–s* no primeiro grupo sexan máis baixos que os dos outros dous.

11 Por unha banda, a fricativa labiodental produce alteracións diferentes ás do resto de fricativas (menor desaparición e maior rotacismo e aspiración). Por outra banda, a fricativa interdental é un elemento practicamente alleo á realidade fonolóxica do G1 que se vai introducindo progresivamente nos outros dous. Xa que logo, non é posible facer unha comparativa e merece un tratamento especial.

12 ROT. "rotacismo", ASP. "aspiración", DESP. "desaparición do [s] e crase", PAL. "palatalización" e MANT. "mantemento do [s]".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 57: Distribución de *-s* en coda silábica segundo o fenómeno que inflúe. Porcentaxes que representan divididas segundo a variábel *idade*.

	ROT.	ASPIR.	DESP.	PALT.	MANT.
G1	61%	73%	50%	90%	28%
G2	28%	6%	27%	10%	35%
G3	12%	21%	22%	0%	37%

Son igualmente significativas as diferenzas entre o G2 e o G3. No caso do rotacismo, existe unha tendencia decrecente no uso e, en menor medida, na desaparición. O fenómeno da palatalización chega a carecer de rexistros no G3. Pola contra, a aspiración despunta no G3 a respecto do G2.

Todas estas cuestións serán examinadas polo miúdo nos seguintes epígrafes, onde se tratará cada fenómeno de xeito independente, atendendo tanto á variábel *idade* como ao resto de variábeis (*xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*). Finalmente, perfilaremos a posíbel relación entre eles, co obxectivo de trazar unha perspectiva holística da coda silábica e os fenómenos que inflúen sobre ela, xa tratados no estudo de Dopazo (2019b).

3.3.1.2. Rotacismo

Entendemos por rotacismo o cambio de calquera consoante por un son rótico. Dubert (1999: 367) afirma que "[n]a lingüística galega chámaselle rotacismo por antonomasia a un fenómeno que consiste no cambio do segmento fricativo alveolar situado coda (sic) da sílaba polos segmentos golpeado alveolar [ɾ] ou aproximante alveolar [ɹ]". Habitualmente, este fenómeno ocorre ante consoantes voceadas [β̞], [ð̞], [ɣ̞], [l], [m] e [n]. Este proceso non é exclusivo do galego, pois está presente en numerosas linguas, tanto románicas (español, portugués, romanés...) como non románicas (inglés, alemán, éuscaro...).


3.3.1.2.1. Análise espectrográfica das realizacións do rotacismo

Á luz desta definición, Dubert (1999: 367) advirte que as producións do rotacismo son "segmentos golpeado alveolar [ɾ] ou aproximante alveolar [ɹ]". Ladefoged (2003: 148-151) describe o primeiro como "a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


single tap of the tongue". Deste tipo de segmentos atopamos na Illa de Ons, pero son minoritarios (imaxe 7), non chegando ao 3% dos casos analizados do corpus B.

Imaxe 7: Espectrograma da realización *seis barcos*, marcando a rótica golpeada alveolar [ɾ]. Informante M1946.



A aproximante alveolar presenta as características propias das aproximantes, é dicir, continuidade, baixada de enerxía e, ademais, Ladefoged di que este son está caracterizado por "a decrease in the frequency of F3". Nos segmentos que analizamos, o F3 oscila entre os 2000Hz e 2400Hz, sendo significativamente máis baixo que os segmentos que o rodean. Polo tanto, estariamos ante unha aproximante alveolar voceada [ɹ̬] (imaxe 8). Este segmento é o predominante no corpus B.

Imaxe 8: Espectrograma da realización *tres bolas de pan*, marcando a rótica aproximante alveolar [ɹ̬]. Informante H1941.



3.3.1.2.2. Os contextos fónicos do rotacismo

Segundo Lorenzo (1975: 136), o rotacismo en galego só afecta o *–s* cando vai seguido de consoante voceada. Esta xa foi a postura de Carvalho (1966: 66), que defendeu que "la s final de sílaba se realiza

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como r fricativa ante consonante sonora". Freixeiro (2006: 211) mantén esta idea, anotando que o rotacismo aparece nos casos de sonorización do –*s*, "perante consoante sonora", e bota man da definición proposta na gramática de Carré Alvarellos (1967: 35). Sobre esta noción volve Fernández Rei (1990: 57) cando describe xeograficamente o fenómeno (sur de Lugo, interior de Pontevedra e gran parte de Ourense). Pese a todo, constata que "[e]xcepcionalmente, o rotacismo pode darse diante da consoante xorda fricativa (*ar flores, or zapatos, todor xuntos*)".

Álvarez e Xove (2002: 41) sosteñen unha concepción próxima a esta última, aínda que exclúen a caracterización de voceada, apuntando a que a natureza do segmento que segue o –*s* en coda silábica debe ser "aproximante ou fricativo". Neste caso, ao trazo "aproximante" subxacen as aproximantes voceadas [β̬, ð̬, ɣ̬], pese a se tratar dunha descrición moi vaga. Ademais, outros segmentos que non son aproximantes nin fricativos tamén favorecen a aparición deste fenómeno. Estamos a pensar nas nasais [m, n] e, en certa medida, nas laterais [l, ʎ].

Por outra parte, diversos artigos e memorias de licenciatura sobre falas de concellos mencionan este fenómeno. Un exemplo é o estudo a cargo de Taboada (1979: 54-55), que analiza a fala de Verín, onde explica que o rotacismo ocorre "sobre todo, ante consonante sonora, aunque puede aparecer también ante sorda: h, f y θ". Segundo menciona o especialista, dáse a mesma distribución de contextos en Nigrán, Marín e Xinzo.

Outra descrición do fenómeno aparece na obra de Enríquez (1971: 84-85) sobre a fala do Grove. Nela, a autora insiste en que o contexto é ante consoante sonora, pese a ter recollidos entre os exemplos cuantiosos casos ante [x] e un ante [k].

Non obstante, na década de 1990 xorden traballos que achegan novos datos e lecturas. Así, Dubert (1993: 27), para a comarca de Compostela, afirma que se trata dun "fenómeno que pertence ó rural, desterrado completamente do ámbito urbano". Noutro traballo sobre Frades, Gómez (1997, 35-37) apunta que non só se dá nos contextos xa mencionados, senón tamén "ante oclusiva xorda".

Alén destas achegas, desenvolvéronse cinco estudos dedicados especificamente ao rotacismo en galego. Un dos máis actuais é o de Pérez (2004), onde describe este fenómeno para o concello de Vilardevós atendendo a distintas variábeis (*idade*, *nivel de estudos*, *xénero*...).


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porén, non achega información sobre os datos, só porcentaxes. Na mesma liña, nun traballo arredor do rotacismo en codas complexas (*–ns*), García (2008) estuda non tanto o fenómeno como a resilabización e a nasalización do segmento prenasal.

En último lugar, sitúanse dous artigos de Prieto (1985; 1988) —o segundo unha revisión do primeiro— e un de Dubert (1999), que se centran nos contextos de aparición deste fenómeno e en estabelecer regras para explicar por que non aparece ante vogais, pausa e consoantes oclusivas non voceadas.

En 1988 (298-299), Prieto retoma a idea de que o rotacismo tivo a súa orixe ante contextos sonoros [β̞, ð̞, ɣ̞, m, n, l], explicando que o [s̪] pasa a [ɾ] "por un processo fonológico complexo, cuja primeira etapa consistiria na sonorizaçom do *s*". E continúa defendendo que "[p]orém, esta mesma hipótese nom pode explicar o rotacismo do galego ante consoante surda" poñendo como exemplo [f, s̪, ʃ]. Prieto (1988: 299) explica o rotacismo seguindo a teoría da xerarquía de intensidade, en que "os sons aparecem classificados segundo umha Escala de Intensidade ('Strength Scale') de mais fraco a mais forte". Por este motivo, afirma que "o rotacismo em galego aparece em posiçom implosiva ante consoante cujo valor nom excede 4 na hierarquia de intensidade" (imaxe 9).

Imaxe 9: Escala de intensidade proposta por Prieto (1988: 299) para explicar o contexto de aparición do rotacismo en galego.



Finalmente, Dubert volve advertir que:

> a pesar de que a sonoridade dos segmentos que seguen a [s] xoga un papel fundamental na descrición da orixe do rotacismo que elabora Lorenzo (1975), na fonoloxía sincrónica do fenómeno este trazo non ten importancia ningunha (Dubert, 1999: 376)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta argumentación baséase nos trazos comúns das consoantes que bloquean o proceso do rotacismo. De feito, Dubert elabora unha regra para explicar os contextos en que aparece:

$$s > ɾ \Big/ \underset{\text{coda}}{__} \quad \text{se non} \begin{Bmatrix} [-\text{continuo}] \\ \# \end{Bmatrix}$$

> /s/ transfórmase en /ɾ/ cando, estando na coda, non vaia seguido de pausa ou non vaia seguido de consoante marcada como [-continuo] (Dubert, 1999: 376)

Estas propostas presentan dous problemas. O primeiro deles é que o rotacismo non é un fenómeno que se dea de maneira categórica. É dicir, unha vez detectado, non se pode estabelecer que apareza na totalidade de contextos en que o [s̪] vai seguido das consoantes descritas. Xa que logo, hai outra serie de procesos que probabelmente entren en xogo. Se se atende á fonoloxía prosódica, pódese explicar que inflúa non só o contexto que segue o [s̪], senón tamén a relación de prominencia relativa (Nespor e Vogel, 1986-1994: 19).

Por outro lado, algúns dos contextos ante os que aparece o rotacismo na Illa de Ons —sobre todo, ante oclusivas non voceadas, pero tamén ante africada— escapan á definición de Prieto e Dubert para este fenómeno. Fronte á proposta de Prieto, caerían por enriba de 5 (imaxe 9) na xerarquía. Fronte á de Dubert, estes segmentos caracterízanse como [-continuo].

Tanto os datos de Enríquez (1971: 84-85) como os de Gómez (1997: 35-37) contradín estas dúas interpretacións. De feito, esta última autora estabelece que "nas conversas espontáneas que mantivemos con algúns informantes puidemos constatar rotacismo tamén nese contexto [ante africada xorda]".

Este último contexto semella habitual no G1 e esporádico no G2, pois teñen 2 e 1 casos respectivamente. Do contexto ante oclusivas non voceadas están recollidos exemplos só no G1 (4 casos ante [p] e 2 ante [t]). Curiosamente o caso que recolle Enríquez (1971: 84-85) é ante oclusiva velar [k]. Gómez (1997: 35-37) tamén ofrece exemplos de rotacismo ante este tipo de consoante. Na Illa de Ons tamén se rexistran estes casos, aínda que non estean recollidos no presente corpus.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 58: Distribución de-*s* en coda silábica rotatizado atendendo ao contexto fonético. Datos totais e mediana sobre o valor absoluto de cada contexto, divididos segundo a variábel *idade*.

	G1	G2	G3
[β]	156	37	6
[ð̞]	204	79	21
[ɣ]	0	1	0
[m]	123	38	13
[n]	82	5	14
[l]	17	9	4
[ʎ]	10	0	0
[f]	58	9	2
[h]	17	0	1
/s/	5	1	0
[θ]	0	1	0
[ʃ]	0	0	0
[r]	0	0	0
[t͡ʃ]	2	1	0
[p]	4	0	0
[t]	2	0	0
[k]	0	0	0
PSA	0	5	0
VGL	1	0	0

	G1	G2	G3
[β]	0,74	0,51	0,09
[ð̞]	0,73	0,37	0,17
[ɣ]	0,00	0,10	0,00
[m]	0,66	0,36	0,17
[n]	0,58	0,10	0,30
[l]	0,53	0,39	0,17
[ʎ]	0,31	0,00	0,00
[f]	0,57	0,18	0,05
[h]	0,39	0,00	0,25
/s/	0,05	0,01	0,00
[θ]	0,00	0,20	0,00
[ʃ]	0,00	0,00	0,00
[r]	0,00	0,00	0,00
[t͡ʃ]	0,14	0,20	0,00
[p]	0,01	0,00	0,00
[t]	0,00	0,00	0,00
[k]	0,00	0,00	0,00
PSA	0,00	0,01	0,00
VGL	0,00	0,00	0,00

Na táboa 58 obsérvanse tres exemplos de rotacismo ante a africada, catro ante a oclusiva bilabial non voceada e dúas ante a dental. Tamén

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

se recollen cinco casos de rotacismo ante pausa e un ante vogal que caberá examinar polo miúdo nas seguintes páxinas.

3.3.1.2.3. Grupo 1

Este grupo é o que maior número de casos de rotacismo presenta, tanto totais como de media (táboa 58). Ademais, o fenómeno pódese dar ante máis contextos que no resto de grupos. Isto indica que o rotacismo goza de prestixio encuberto (Labov, 2006: 58).

Táboa 59: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* rotatizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1.

	TTL	ROT	%
[β]	210	156	74%
[ð]	281	204	73%
[ɣ]	0	0	0%
[m]	185	123	66%
[n]	141	82	58%
[l]	32	17	53%
[ʎ]	32	10	31%
[f]	101	58	57%
[h]	44	17	39%
/s/	103	5	5%
[θ]	1	0	0%
[ʃ]	32	0	0%
[r]	19	0	0%
[t͡ʃ]	14	2	14%
[p]	415	4	1%
[t]	822	2	0%
[k]	510	0	0%
PSA	1263	0	0%
VGL	792	1	0%
TTL	5060	681	14%

Partindo dos datos ofrecidos na táboa 58, resulta posíbel afirmar que /b/ e /d/ son os sons que máis favorecen a aparición do rotacismo. Despois sitúanse /m/ e /n/, consoantes nasais, seguidas moi de preto

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pola fricativa labiodental /f/, as laterais e a fricativa faringal da gheada. A continuación, aparecen as fricativas (tanto laminal como apical), a africada palatal e as oclusivas non voceadas /p, t, k/ (en número de casos supera a oclusiva bilabial á africada –4 e 2–, mais porcentualmente o fenómeno é máis representativo na africada que na oclusiva –14% e 1%, como podemos observar na táboa 59).

Se se toman en consideración a hipótese de Dubert (1999) e os datos que se achegan para a Illa de Ons, pódense estabelecer tres grandes grupos de consoantes que amosan unha progresiva extensión de contextos de uso do rotacismo. Nun primeiro grupo, atópanse as consoantes que comparten o trazo [+voceado], a saber, aproximantes voceadas [β̞, ð̞][13], nasais [m, n] e laterais [l, ʎ][14]. Un segundo grupo é o das fricativas [f, h, s̪ / s, ʃ][15]. O terceiro grupo fórmano as oclusivas non voceadas [p, t, k]. Por último, temos que mencionar a africada palatal [t͡ʃ], pois está a medio camiño entre o segundo e terceiro grupo, cun primeiro momento de oclusión e un segundo fricativo. Á marxe haberá que contemplar os contextos ante pausa e vogal.

A partir desta descrición, unha hipótese plausíbel é que o rotacismo apareceu ante consoantes voceadas (probabelmente as aproximantes [β̞, ð̞, ɣ̞]) e, posteriormente, estendeu os seus contextos ás demais consoantes voceadas, despois ás fricativas e, por último, ás oclusivas. Noutras palabras, estamos ante unha mudanza dos trazos pertinentes para que o rotacismo poida aparecer, de [+voceado] a [+continuo] —en consonancia coa hipótese de Dubert— até rematar sendo o trazo [+consonántico] o detonante.

Conforme aos datos observados, o rotacismo apareceu ante as aproximantes [β̞, ð̞, ɣ̞] —cunhas porcentaxes que se achegan ao 75% no corpus. Paulatinamente, foi xurdindo ante nasais [m, n] —derredor do 60-65%— e laterais [l, ʎ] —50% e 30% respectivamente. En consecuencia, o trazo que comparten todas estas consoantes e que permitiu esta extensión de contextos, como xa se dixo, foi o de

13 Non consideramos [ɣ̞] por non aparecer neste grupo de idade, mais podería presentar un comportamento semellante.

14 Para o caso da lateral palatal temos que ler os datos con precaución pois, pese a que [ʎ] é a forma máis habitual, cada vez está máis presente a deslateralización, téndomos como nova realización unha oclusiva palatal [ɟ]. Polo tanto, compórtase como unha oclusiva, desvirtuando os datos.

15 Non consideramos [θ] por non aparecer neste grupo de idade, mais poderiamos establecer a hipótese de que presentaría a tendencia do resto de fricativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[+voceado]. Ora ben, cal puido ser o motivo polo que este fenómeno deu o salto ás fricativas?

Cabería pensar que o nexo de unión fosen as fricativas voceadas descritas por Fernández Rei (1990: 210) e González González (2005: 256) como SA. Non obstante, Rodríguez Rodríguez (2016: 100) indica que "o *ALGa* III (mapas 198 e 199) tamén rexistran este fenómeno [o rotacismo] en varios puntos da provincia de Ourense, pero non na Limia Baixa" e continúa explicando que este fenómeno "non é dos informantes de máis idade". De feito, os poucos casos que recolle pertencen aos informantes de menor idade.

Xa que logo, resulta viábel propor a hipótese de que o rotacismo é un fenómeno anterior á aparición da gheada e, cando esta se produciu, ficou lexicalizado ante este segmento despois da súa mudanza. Porén, os datos non son suficientes para corroborar este suposto. En calquera caso, tanto a fricativa labiodental [f] como a faringal [h] amosan uns índices de rotatización moi elevados —57% e 44% respectivamente. O resto de fricativas (apical/laminal, palatal e interdental) presentan porcentaxes bastante baixas, pero é preciso salientalas dado que é máis esperábel a crase consonántica nestes contextos.

O segundo salto dáse coas africadas e oclusivas. As africadas caracterízanse por un primeiro momento de oclusión e un segundo de fricación. Polo tanto, funcionalmente parecen actuar como [–cont.]. Do mesmo modo, podemos ter en conta o experimento realizado por Alonso González (2017: 24), que trata a espirantización das oclusivas non voceadas. No seu traballo afirma que "es en el grupo de hablantes de L1 gallego donde se encuentran 21 de las 32 realizaciones aproximantes, aquellas con mayor grado de relajación gestual" e especifica que "hay que resaltar que 14 de esas 21 producciones son atribuibles a un sólo informante (LG-2), quien representa por sí solo el 43.75% de los ejemplos de espirantización encontrados en el estudio". En concreto, este informante LG-2 é natural de Bueu, polo que as realizacións espirantizadas das oclusivas poden constituír un trazo característico desta zona ou, quizais, dun modelo de lingua máis tradicional. Polo tanto, este segundo salto non se percibe tan abrupto desde o punto de vista articulatorio xa que, ao seren segmentos aproximantes, pasarían a ter o trazo [+continuo] do que falaba Dubert (1999) e estar no chanzo 4 da escala de forza de Prieto (1988).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, atopamos un único caso de rotacismo ante vogal. Véndomos o exemplo concreto que reproducimos a continuación, podemos deducir que se trata dunha reformulación do discurso. Xa que logo, o rotacismo viría inducido pola nasal que aparece despois da pausa (***na** Illa*)[16].

> de quinse cuartas tamên | non? | (INH) xa podía or viaxes | qu' ántex non había **motórer è# | na** Illa namai[s] qu' èra[n] dòrnas || (Home 1915)

Táboa 60: Distribución de *-s* rotatizado, *-s* en coda e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.ROT	M.TOT	%	H.ROT	H.TOT	%
[β]	78	103	76%	78	109	72%
[ð]	113	157	72%	96	129	74%
[m]	66	102	65%	57	82	70%
[n]	39	84	46%	43	57	75%
[l]	8	16	50%	9	16	56%
[ʎ]	4	21	19%	6	11	55%
[f]	42	66	64%	16	35	46%
[h]	13	23	57%	4	21	19%
/s/	5	55	9%	2	51	4%
[θ]	0	12	0%	0	20	0%
[ʃ]	0	1	0%	0	0	0%
[r]	0	13	0%	0	7	0%
[t͡ʃ]	2	12	17%	0	2	0%
[p]	1	240	0%	3	175	2%


16 Con todo, supera os límites deste estudo analizar a estruturación discursiva, polo que rexistramos este exemplo como punto de partida para futuras análises.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[t]	0	470	0%	2	349	1%
[k]	0	261	0%	0	249	0%
PSA	0	572	0%	0	695	0%
VGL	0	468	0%	1	376	0%
TTL	371	2676	14%	317	2384	13%

Segundo os datos presentados (táboa 60), a variábel *xénero* ten certo peso no que ao rotacismo se refire, pero non resulta tan evidente na porcentaxe total, como nos diferentes contextos. Ademais, obsérvanse as diferenzas entre as porcentaxes de /n/, /ʎ/, /f/, /h/ ou /t͡ʃ/, onde se acada unha distancia entre o 19% e o 38%. Estas observacións pódense apreciar mellor na gráfica2.

Gráfica 2: Distribución das porcentaxes de -srotatizadoen cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1, atendendo á variábel*xénero*.



Con todo, aplicamos as probas estatísticas para esta variábel. A mediana das mulleres é 12,37, mentres que para os homes é 14,43. Polo tanto, a distancia é baixa, aínda que se aprecie. Kruskal-Wallis corrobora esta lectura cunha significación de 0,937.

Pola súa banda, a variábel *nivel de estudos* presenta medianas de 11,72 para as persoas sen estudos e de 15,41 para as de estudos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

primarios, máis distanciados que na variábel anterior, aínda que non en demasía. A este respecto, as probas estatísticas confirman, de novo, que non aparece relevancia significativa, pois os índices son de 0,082.

Fronte a estes datos, sitúanse os extraídos do corpus B (táboa 61), que se empregarán para contrastar se os das transcricións presentan ou non erros de percepción. Debido á similitude das porcentaxes en ambos os casos, estabelecemos que as apreciacións son correctas.

Táboa 61:Distribución de *-s* en coda, *-s* rotatizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1. Datos do corpus B.

	TTL	ROT	PORC
[β]	22	15	68%
[ð]	36	21	58%
[m]	22	10	45%
[n]	26	12	46%
[l]	18	8	44%
[ʎ]	12	8	67%
[f]	20	11	55%
[h]	23	18	78%
/s/	19	7	37%
[θ]	0	0	0%
[ʃ]	10	7	70%
[r]	6	0	0%
[t͡ʃ]	11	1	9%
[p]	27	0	0%
[t]	33	0	0%
[k]	21	0	0%
PSA	122	0	0%
VGL	18	0	0%
TTL	446	118	26%

Estes exemplos contribúen a explicar por que o rotacismo pode aparecer ou non en contextos favorábeis e se existe un vínculo entre a realización —ou non— e o ámbito fonolóxico do *pé*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo a definición de Nespor e Vogel (1986-1994: 102-113) o pé constitúe unha agrupación fonolóxica de tamaño intermedio entre a sílaba e a palabra. Esta estrutura componse dunha sílaba tónica seguida (ou non) de unha ou máis sílabas átonas —pé trocaico— ou ben unha sílaba débil seguida de unha ou máis fortes —pé dactílico.

Táboa 62: Distribución de casos de *-s* rotatizado entre pés fonolóxicos e dentro dun mesmo pé, dividido segundo a variábel *xénero*. Datos do corpus B.

	M1946	H1941	TTL
ENTRE	14	17	31
DENTRO	52	35	87

De acordo cos datos recollidos no corpus B (táboa 62), apréciase a tendencia á realización deste fenómeno cando o linde de sílaba está dentro do pé fonolóxico. Porén, non se trata dun resultado sistemático, polo que non podemos concluír que esta estrutura teña unha relación estreita coa aparición do rotacismo.

3.3.1.2.4. Grupo 2

Neste grupo rexístrase un descenso do número de exemplos a respecto do anterior. Pese a todo, o índice de uso deste fenómeno é elevado, tal e como demostran os datos da táboa 63.

Táboa 63: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* rotatizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2.

	TTL	ROT	PORC
[β̞]	72	37	51%
[ð̞]	212	79	37%
[ɣ̞]	10	1	10%
[m]	107	38	36%
[n]	51	5	10%
[l]	23	9	39%
[ʎ]	7	0	0%
[f]	49	9	18%
[h]	1	0	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

/s/	67	1	1%
[θ]	5	1	20%
[ʃ]	7	0	0%
[ɾ]	34	0	0%
[t͡ʃ]	5	1	20%
[p]	261	0	0%
[t]	508	0	0%
[k]	275	0	0%
PSA	753	5	1%
VGL	538	0	0%
TTL	2985	186	6%

Fronte ao que acontecía co G1, percíbese a desestabilización do fenómeno do rotacismo. As consoantes co trazo [+voceado] continúan a ser as que maior porcentaxe de casos de rotacismo provocan.

Cabe mencionar a aparición da [ɣ], ausente no anterior grupo, así como da [θ]. Do mesmo xeito, [ʎ] produce un índice 0 de rotatización, probabelmente por se tratar dun segmento xa completamente deslateralizado [ɟ] neste grupo de idade.

Aínda que excede os obxectivos do noso estudo, tras estes casos e á marxe, recollemos os cinco ante pausa, pois trátase de exemplos de carácter excepcional e carentes de rexistro previo. Neles anticípase a aparición dunha consoante que facilita o rotacismo. Isto podería levar a que este fenómeno non se realiza só por coarticulación, senón que implica un mecanismo fonolóxico máis complexo. Sexa como for, non forma parte dos obxectivos deste estudo.

> Chan da Pôlvora || {ô | ô lado do campi} || si | or de miña nai || è o | **or** | or no# | or meus.e | (INH) è me# meu | meus | meu abuèlo naceu
>
> pèro daquèl' había un duèño da Illa | (INH) è o duèño má[i]s o: | **or** | or do ekhérsito ese | è o: | or de | or da forestal |
>
> deixaban un pouco pa comer ti | è pa sementar | pèro viñan o | o qu' èran **or** | or duèños è +che deixaban pouco | è como | coma quen di traballaba

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tamên || o cura: | o domingo había qu' ir á misa se non o: **or |** os a# | os abuêlos.e: | xa +che disían com' ò millor (Home 1966)

gustou+me moito | fun un día por curiosidá | cunhas **amígar |** no i[n]stituto | dixêran+me qu' estaba' 'n remo | dixen | "ah | poir vou a ir (Muller 1973)

Nos índices de aparición do rotacismo neste grupo de idade apreciamos unha notábel diferenza entre mulleres e homes (táboa 64). O 3% das realizacións correspóndelles ás mulleres e o 9% aos homes. Trátase de cifras bastante baixas se as comparamos co grupo anterior (13% e 14%), sobre todo coas relativas ás mulleres. Non obstante, hai outras variábeis que poden influír nestes datos e que non están ligadas directamente ao *xénero*.

Táboa 64: Distribución de *-s* rotatizado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.ROT	M.TTL	PORC	H.ROT	H.TTL	PORC
[β̞]	8	30	27%	29	42	69%
[ð̞]	19	95	20%	60	117	51%
[ɣ̞]	0	2	0%	1	8	13%
[m]	7	53	13%	31	54	57%
[n]	0	27	0%	5	22	23%
[l]	5	16	31%	4	7	57%
[ʎ]	0	4	0%	0	3	0%
[f]	0	1	0%	1	3	33%
[h] [x]	1	3	33%	0	2	0%
/s/	1	30	3%	8	19	42%
[θ]	1	30	3%	0	37	0%
[ʃ]	0	3	0%	0	4	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[r]	0	21	0%	0	13	0%
[t͡ʃ]	0	2	0%	1	3	33%
[p]	0	111	0%	0	150	0%
[t]	0	248	0%	0	260	0%
[k]	0	141	0%	0	134	0%
PSA	1	383	0%	4	370	1%
VGL	0	230	0%	0	308	0%
TTL	43	1430	3%	144	1556	9%

Para unha análise comparativa entre falantes deste grupo precisamos observar as medias dos datos para que sexa representativo. Ademais, as achegas de certos falantes son moi reducidas. En concreto, como ocorre con Muller1968, pese a mostrar unha tendencia grande cara ao rotacismo, os datos recollidos foron só 2.

Táboa 65: Distribución de -s rotatizado e media que representado G2 segundo informante. Datos das variábeis *lingua habitual*, *nivel de estudos* e *xénero*, xunto con tempo de intervención no corpus.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	ROT.	MEDIA
Muller1968	Primarios	galego	2	0,25
Muller1962b	Primarios	galego	18	0,11
Home1966	Primarios	gal. e esp.	130	0,10
Home1976	Primarios	galego	3	0,09
Home1979	Primarios	galego	6	0,06
Muller1971	Primarios	galego	17	0,04
Muller1973	Medios	galego	4	0,03
Home1973	Medios	gal. e esp.	2	0,02
Muller1961	Primarios	gal. e esp.	4	0,01
Muller1976	Primarios	gal. e esp.	0	0
Home1960	Medios	gal. e esp.	0	0
Muller1962a	Universit.	gal. e esp.	0	0
Muller1963	Universit.	español	0	0

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nunha primeira aproximación á táboa 65, observamos unha ordenación das medianas vinculada á lingua habitual —só galego, galego e español ou só español—, salvo polo caso do Home1966. Máis polo miúdo, no tocante á variábel *nivel de estudos*, detectamos que, dentro de cada grupo de falantes —variábel *lingua habitual*—, a organización parece obedecer á seguinte correspondencia: maior nivel de estudos = menor índice de rotacismo.

A continuación, analizamos estatisticamente as variábeis *xénero, nivel de estudos* e *lingua habitual*. En canto á variábel *xénero*, a mediana de casos, aínda que diferente, é próxima entre mulleres (2,00) e homes (6,00). Segundo a proba Kruskal-Wallis, non existe relación significativa entre estes dous grupos (0,603). Noutras palabras, ser muller ou home non inflúe estatisticamente para o uso do rotacismo neste grupo.

A respecto da variábel *nivel de estudos*, constatamos o mesmo fenómeno, pois as medianas son 7,50, 200,00 e 0,00 para o grupo de estudos primarios, secundarios e universitarios respectivamente. Kruskal-Wallis dá conta dunha relación significativa (0,018). A proba non *post-hoc* Mann-Whitney identifica a distancia entre as persoas de estudos secundarios e universitarios (0,018).

Por último, en canto á variábel *lingua habitual*, a mediana para as persoas galegofalantes (7,50), as que empregan o galego e o español (0,50) e as españolfalantes (0,00) amosan unha alta proximidade.

A proba Kruskal-Wallis non se pode aplicar, polo que non é posíbel analizar a pertinencia desta variábel para o uso do rotacismo. Con todo, as medianas permiten apreciar unha tendencia de maior emprego por parte dos galegofalantes. En cambio, o uso do español parece contribuír á desaparición do fenómeno.

3.3.1.2.5. Grupo 3

En comparación cos anteriores, o descenso do fenómeno do rotacismo é acusado neste grupo (14% - 6% - 3%). Ademais, fronte ao paralelismo estabelecido entre os dous primeiros no que atinxe aos contextos de aparición do fenómeno, o G3 presenta unha distribución aleatoria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Encabezan a listaxe as consoantes nasais, situándose a alveolar por riba da bilabial (táboa 66). Se atendemos ao número de casos, sobresae a aproximante dental pero, en porcentaxes, non representa máis que o 17%. Deste xeito, queda por debaixo, incluso, dos casos ante fricativa labiodental. O grupo das aproximantes atópase en terceiro lugar, seguido polas laterais —a lateral palatal foi completamente substituída pola oclusiva palatal— e pola fricativa labiodental.

Esta estruturación anómala é un síntoma do quebre do fenómeno. Xa que logo, estes datos son só vestixios do que noutros grupos supuña unha expansión ou certa estabilidade.

Táboa 66: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* rotatizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G3.

	TTL	ROT	PORC
[β]	70	6	9%
[ð̞]	127	21	17%
[ɣ]	19	0	0%
[m]	78	13	17%
[n]	47	14	30%
[l]	23	4	17%
[ʎ]	6	0	0%
[f]	42	2	5%
[x]	4	1	25%
/s/	47	0	0%
[θ]	16	0	0%
[ʃ]	3	0	0%
[r]	23	0	0%
[t͡ʃ]	3	0	0%
[p]	141	0	0%
[t]	466	0	0%
[k]	225	0	0%
PSA	666	0	0%
VGL	312	0	0%
TTL	2318	61	3%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Doutra parte, cómpre ter en conta que non todos os informantes presentan rotacismo, pois existe unha serie de variábeis que inflúen neste fenómeno á hora de se producir. Como podemos observar na táboa 67, as mulleres só presentan un caso de rotacismo fronte ás 60 realizacións dos homes. Polo tanto, á luz dos datos analizados, neste grupo é relevante o *xénero*.

Táboa 67: Distribución de *-s* rotatizado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G3, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.ROT	M.TOT	PORC	H.ROT	H.TOT	PORC
[β]	0	23	0%	6	47	13%
[ð]	0	47	0%	21	80	26%
[ɣ]	0	7	0%	0	12	0%
[m]	0	31	0%	13	47	28%
[n]	1	14	7%	13	33	39%
[l]	0	6	0%	4	17	24%
[ʎ]	0	1	0%	0	5	0%
[f]	0	2	0%	1	2	50%
[h]	0	8	0%	0	8	0%
/s/	0	16	0%	2	26	8%
[θ]	0	18	0%	0	29	0%
[ʃ]	0	0	0%	0	3	0%
[r]	0	9	0%	0	14	0%
[t͡ʃ]	0	1	0%	0	2	0%
[p]	0	58	0%	0	83	0%
[t]	0	195	0%	0	271	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[k]	0	90	0%	0	135	0%
PSA	0	253	0%	0	413	0%
VGL	0	130	0%	0	182	0%
TTL	1	909	0%	60	1409	4%

Nesta altura, é preciso comprobarse existe unha relación entre as variábeis e o rotacismo para o G3. De acordo con este propósito, deluvamosos datos segundo informantes e marcamos a información relativa ás variábeis *lingua habitual*, *nivel de estudos* e *xénero*. De novo, ofrecemos tanto os datos totais como as medias.

Táboa 68: Distribución de *-s* rotatizado e media que representa do G3 segundo informante. Información das variábeis *xénero*,*nivel de estudos* e *lingua habitual*.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	ROT.	MEDIA
Home1991	Medios	galego	1	0,50
Home1988b	Primarios	galego	33	0,17
Home1988a	Primarios	gal. e esp.	22	0,08
Home1993	Medios	gal. e esp.	4	0,00
Muller1990	Universit.	español	1	0,00
Muller1989	Universit.	español	0	0,00
Muller1993	Universit.	español	0	0,00

En primeiro lugar, apreciamos que o *xénero*, o *nivel de estudos* e a *lingua habitual* son determinantes, pois distribúense por grupos as tres variábeis (táboa 68). Máis polo miúdo, cabe mencionar o caso do Home1991, cun único exemplo de rotacismo, pois apunta a ter o fenómeno ben desenvolvido, aínda que non se poida corroborar, pois ten unicamente un segundo de intervención.

Se tomamos independentemente as variables *xénero, nivel de estudos* e *lingua habitual* e obtemos a mediana de realizacións de cada subgrupo, os resultados sitúanse na mesma liña. En canto ao *xénero*, a mediana de casos revela unha gran distancia entre mulleres (0,00) e homes (12,07). A proba Kruskal-Wallis corrobora este elevado grao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de diverxencia entre os grupos (0,049), polo que a variábel é relevante para a escolla lingüística.


A respecto do *nivel de estudos* constatamos a mesma deriva, pois no grupo de estudos primarios a mediana é de 12,07, no de secundarios de 25,22 e no de universitarios de 0,00. No entanto, as probas estatísticas verifican que a relación non é significativa, xa que se atopa en 0,159. En consecuencia, esta variábel non condiciona os usos do rotacismo.

No tocante á variábel *lingua habitual*, as medianas das persoas galegofalantes (33,29), das que empregan o galego e o español (4,00) e das españolfalantes (0,00) volven distar entre si. Kruskal-Wallis estabelece que non é posíbel realizar esta comprobación. Con todo, as apreciacións van encamiñadas á pertinencia desta variábel.

3.3.1.2.6. Comparativa entre Grupos de idade

Se trasladamos os datos xa mostrados na táboa 58 a unha gráfica, poderemos apreciara evolución descrita entre os tres grupos de idade. Nela presentamos as medias dos datos nun intento de diminuír posíbeis carencias derivadas da descompensación do corpus nestes tres grupos.

Gráfica 3: Representación das medias dos datos de *-s* rotatizado segundo o contexto en que pode aparecer e a variábel *idade*.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na gráfica 3 podemos observar non só os datos concretos de cada grupo, senón tamén como os índices de aparición do rotacismo diminúen conforme descende a idade. Por outra parte, resulta significativo mencionar os seguintes casos diverxentes: ante [g] e ante [θ] só o G2 amosa casos, ante [n] o G3 presenta media máis elevada que o G2 e, por último, ante [t͡ʃ] o G2 adianta na media de casos o G1.

Alén do exposto, é preciso confirmar se existe algunha relación estatística entre a variábel *idade* e este fenómeno, ademais de revisar se o resto delas teñen algún tipo de relevancia dentro do conxunto de informantes —independentemente dos grupos estabelecidos.

En primeiro lugar, achéganse as medianas de realizacións da variábel *idade* e mais as probas estatísticas. Deste xeito, observamos que a mediana de casos para o G1 é 23,96, para o G2 é 3,97 e para o G3 é 0,22. Polo tanto, diferentes entre si, sobre todo a respecto do primeiro grupo. Aplicando as probas estatísticas, Kruskal-Wallis confirma que existe relación entre esta variábel e o rotacismo, pois a significación sitúase en 0,001. Buscamos esa diverxencia a través da proba Mann-Whitney e o resultado é que só o G1 difire dos outros dous (0,000 a respecto do G2 e 0,002 do G3), mentres que entre o G2 e o G3 non existe variación (0,757).

A continuación, analizamos a variábel *xénero*. Entre mulleres (90,63) e homes (83,33) a diferenza das medianas é aparentemente baixa. A proba Kruskal-Wallis, a este respecto, indica que estamos ante unha variábel sen relevancia no uso do rotacismo (0,588).

En terceiro lugar, as medianas da variábel *nivel de estudos* presentan diferenzas: para as persoas sen estudos é de 93,80, para as de estudos primarios é de 87,50, para as de estudos secundarios é de 51,72 e para as de estudos universitarios é de77,47. Se cadra, a proximidade máis elevada dáse entre os dous primeiros grupos e entre os dous últimos. En calquera caso, Kruskal-Wallis estabelece que existe diferenza significativa entre eles (0.000).

Táboa 69: Resultados da proba post-hoc Mann-Whitney do uso do rotacismo, divididos segundo a variábel *nivel de estudos*.

S.E.-Prim.	S.E.-Sec.	S.E.-Univ.	Prim.-Sec.	Sec.-Univ.
0,959	0,003	0,001	0,001	0,132

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo a proba Mann-Whitney (táboa 69), corrobórase a idea de que os niveis de estudos se agrupan en sen estudos e primarios fronte a secundarios e universitarios, pois é entre estes dous polos que se ofrece a diferenza, por contra, dentro destas dúas reagrupacións non se aprecia variación significativa.

Por último, a respecto da *lingua habitual* detectamos unha diferenza maior: para galego a mediana é de 90,63, para galego e español de 53,85 e para español de76,90. As probas estatísticas non se poden realizar por mostrar significacións asintónicas. Con todo, as apreciacións a respecto das medianas apuntan a unha relación entre esta variábel e o fenómeno do rotacismo.

3.3.1.3. Aspiración

Denomínase aspiración o cambio no punto de articulación do /s/ cara a unha realización glotal, laringal ou velar. Alencar (2007) "atribui a explicação do fenômeno à possível perda de ponto de articulação e permanência da fricção"[17]. Na mesma liña, Vida-Castro indica:

> la realización de /s/ (fricativa dorsal en los dialectos innovadores: [s̻]) supone un rasgo suplementario sobre la aspiración faríngea o laríngea, ya que [s̻] supone la retracción o retraso de la parte delantera de la lengua, es decir, un locus de realización más retrasado (Norval Smith, 2000: 259). Este rasgo suplementario que implica el mantenimiento de /-s/ implosiva apoya la teoría de que es más armónico asociar [h] a la coda silábica en lugar de [s], puesto que la realización de este último sonido es más marcado (y, por tanto, menos natural) que la realización de [h] Vida-Castro (2002: 58-59)

En resumo, non só se trata dun cambio no punto de articulación, senón que a aspiración consiste nunha realización menos marcada en canto á produción do son. É dicir, os movementos do sistema articulatorio que implica /s/ son máis complexos que os que supón /h/. Por conseguinte, vaise preferir a segunda realización en determinados contextos que describiremos máis adiante.

Non obstante, segundo a Teoría da Optimidade este fenómeno

17 Citado a través de Galvão Maia (2018: 80)


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

defínese a partir dunha xerarquía de trazos distintivos. Deste xeito, cando se corta un nodo ou rama, todos os trazos que hai baixo el desaparecen. Eses trazos están clasificados da seguinte maneira:

> En primer lugar, la raíz, en la que se especifican rascos como [±aproximante], [±sonorante], [±consonántico]. En segundo lugar, las especificaciones laríngeas ([±sonoro], por ejemplo) y las supralaríngeas, que incluyen modo de articulación ([±nasal], [±lateral], etc...) y lugar de articulación (labial, coronal, dorsal, etc...) (Cutillas, 2003: 11)

Con base nesta descrición e na teoría fundamentada por Prince e Smolensky (1993: 195-201), realizamos un esquema dos trazos que definen o [s̪] e o [h] (imaxe 10) co fin de expor de maneira máis gráfica esta segunda hipótese sobre a orixe da aspiración.

Imaxe 10: Representación dos trazos de [s̪] fronte a [h], o segundo co nodo supralarínxeo cortado, dando orixe aos trazos definitorios.



Como podemos comprobar, a primeira xerarquía representa os trazos distintivos de [s̪] mentres que a segunda borra o nodo SUPRALARÍNXEO, dando como resultado que aparezan as características definitorias do [h].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alén destas análises, cómpre ter en conta outra particularidade: a aspiración é un fenómeno que, habitualmente, ocorre ante consoantes oclusivas ou ante pausa, pero tamén pode aparecer ante outros contextos. Unicamente se recolle unha caracterización e descrición da distribución de uso deste fenómeno nun traballo de Regueira (2015: 228-230). Fóra desta mención, non hai estudos na nosa lingua sobre este detalle —salvo vagas descricións— e foi esquecido ou obviado no portugués (Galvão Maia, 2018). En contraste, no español existen numerosos traballos (Bernate, 2016; Pellitteri, 2015), tal e como apuntan Coloma e Colantoni (2012: 2):

> El debilitamiento de (s) en coda silábica (vamo[s] ~ vamo[h] ~ vamo[Ø]) es sin duda el fenómeno más estudiado en la sociolingüística del español. Este fenómeno, conocido como aspiración y elisión de /s/, está sumamente extendido, aunque las distintas variedades geográficas se ubican en diferentes puntos de un continuo que va desde la retención plena en todas las posiciones hasta la elisión en muchas de ellas.


3.3.1.3.1. Análise espectrográfica dos elementos aspirados

Malia que entendemos por aspiración a realización glotal, larínxea ou velar do /s/ en coda silábica, case a totalidade das realizacións rexistradas no corpus resultaron larínxeas a excepción dunha velar.

Martínez Celdrán (2002: 82) define este tipo de fricativas a partir de catro medidas, para as distinguir do resto: frecuencia de comezo (492Hz), frecuencia máxima de intensidade (5158Hz), intensidade de pico (11.16dB) e intensidade global (5.53dB). Aínda que a duración das producións recollidas neste experimento é máis curta que as analizadas por Martínez Celdrán, xa que se atopan en posición de coda, os resultados son semellantes. Esta apreciación aparece recollida en Vida-Castro (2002:60), quen apunta que, na posición de coda silábica, "la variante [s] ha de tener una duración media más larga que la de [h]".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 11: Espectrograma da realización *isleños*, marcando a fricativa larínxea resultado da aspiración de -s, neste caso voceada. Informante H1941.



No caso da imaxe 11, parece non existir frecuencia de comezo (ou ser próxima a 0), probabelmente porque o segmento está voceado pola coarticulación dos dous sons que o rodean. En canto á frecuencia máxima de intensidade, ascende a 4982Hz. A intensidade de pico é de 14.9dB e a intensidade global de 6.6dB.

3.3.1.3.2. Os contextos fónicos da aspiración

Nos estudos sobre o galego realizados en diversas memorias de licenciatura, atopamos tan só rexistros cunha breve descrición dos contextos de uso. Por exemplo, López (1990: 69-70) apunta que "afecta especialmente ó s implosivo seguido de consoante velar, sobre todo /k/", tanto en interior de palabra como en linde. Ademais, rexístrao esporadicamente ante aproximante velar voceada.

En obras de referencia, atopamos mínimas mencións sen explicacións nin descricións. Así, Fernández Rei (1990: 214-215) ofrece unha descrición xeográfica do fenómeno, situándoo "no occidente da Coruña, no concello de Vilalba e mais no Val Miñor". Tamén menciona que é máis habitual "cando o *s* é implosivo non final".

Do mesmo xeito, nas gramáticas, se aparece, só se menciona. É o caso da de Freixeiro (2006: 211). Na mesma liña, atopamos unha vaga descrición do contexto de uso en Álvarez e Xove (2002: 41): "pódese dar tamén ante realizacións oclusivas xordas". Finalmente, Carvalho (1966: 66, n. 13) achega unha breve caracterización histórica: "la *s* final de sílaba se realiza como *r* fricativa ante consonante sonora. Si la relajación de esta ɹ es muy grande, se convierte en unha aspiración laríngea (*h*)". Esta interpretación de Carvalho liga a aspiración ao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rotacismo, mentres que os contextos de uso son complementarios.

Pola contra, Galvão Maia (2018: 228) identifica como contextos ante os que aparece este fenómeno os seguintes: lateral [l] (94.4%), africada [t͡ʃ] (54.4%), nasal [m] (48.8%), oclusiva dental [d] (45.4%), oclusiva bilabial [b] (21.9%), pausa (1.9%) e oclusiva velar [k] (0.8%).

Os datos da táboa 70 amosan que a distribución deste fenómeno se corresponde, en gran medida, coas descricións vistas anteriormente, pois a maioría concéntranse ante as oclusivas non voceadas e ante pausa. No caso das nasais e das oclusivas voceadas, teñen un valor elevado e son dignos de mención respectivamente.

Táboa 70: Distribución de *-s* en coda silábica aspirado atendendo ao contexto fonético en que pode aparecer. Datos totais e medias sobre o total de casos por contexto, dividido segundo a variábel *idade*.

	G1	G2	G3
[β]	4	0	0
[ð̞]	1	0	0
[ɣ̞]	0	0	0
[m]	4	0	3
[n]	1	3	0
[l]	0	0	0
[ʎ]	0	0	0
[f]	1	1	0
[x]	0	0	0
/s/	0	0	0
[θ]	0	0	1
[ʃ]	0	0	0
[r]	0	0	0
[t͡ʃ]	0	0	0
[p]	44	1	7
[t]	31	0	2
[k]	21	1	3
PSA	15	0	1
VGL	4	0	0

	G1	G2	G3
[β]	0,02	0,00	0,00
[ð̞]	0,00	0,00	0,00
[ɣ̞]	0,00	0,00	0,00
[m]	0,02	0,00	0,04
[n]	0,01	0,06	0,00
[l]	0,00	0,00	0,00
[ʎ]	0,00	0,00	0,00
[f]	0,01	0,02	0,00
[x]	0,00	0,00	0,00
/s/	0,00	0,00	0,00
[θ]	0,00	0,00	0,06
[ʃ]	0,00	0,00	0,00
[r]	0,00	0,00	0,00
[t͡ʃ]	0,00	0,00	0,00
[p]	0,11	0,00	0,05
[t]	0,04	0,00	0,00
[k]	0,04	0,00	0,01
PSA	0,01	0,00	0,00
VGL	0,01	0,00	0,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.1.3.3. Grupo 1

Este grupo amosa o maior número de casos de aspiración, tanto totais como de media (táboa 70). Segundo estes datos, en orde descendente, [p], [t], [k] e pausa son os contextos ante os que máis aspiracións se rexistran. Polo tanto, podemos determinar que as oclusivas non voceadas son as consoantes que propician este fenómeno, seguidas do contexto ante pausa. A continuación atopamos [m] e [β̞], consoantes nasal e aproximante voceada, o resto de consoantes dos seus respectivos grupos ([n] e [ð̞][18]) e a fricativa labiodental [f]. De novo, hai que mencionar o contexto ante vogal, malia se tratar de casos illados.

Táboa 71: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* aspirado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1.

	TTL	ASP	PORC
[β̞]	210	4	2%
[ð̞]	281	1	0%
[m]	0	0	0%
[n]	185	4	2%
[l]	141	1	1%
[ʎ]	32	0	0%
[f]	32	0	0%
[x]	101	1	1%
/s/	44	0	0%
[θ]	1	0	0%
[ʃ]	103	0	0%
[r]	32	0	0%
[t͡ʃ]	19	0	0%
[p]	14	0	0%
[t]	415	44	11%
[k]	822	31	4%
PSA	510	21	4%
VGL	1263	15	1%

18 Lembremos que neste grupo de idade non temos o contexto ante /g/.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A orde continúa case inalterada nas porcentaxes que representan o total de exemplos de cada un destes contextos (táboa 71). Encabezan a listaxe as oclusivas non voceadas [p], [t] e [k] (11%, 4% e 4% respectivamente). No entanto, a nasal bilabial e a aproximante bilabial voceada (2% ambas as dúas) predominan sobre o contexto ante pausa, que se sitúa, en porcentaxes, á altura da nasal alveolar e da fricativa labiodental (1%). Pola contra, non amosan ningún tipo de representación porcentual nin a aproximante dental voceada nin o contexto ante vogal.

Táboa 72: Distribución de *-s* aspirado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1, dividido segundo a variábel *xénero*.


	M.ASP	M.TOT	PORC	H.ASP	H.TOT	PORC
[β]	4	103	4%	0	109	0%
[ð]	0	157	0%	1	129	1%
[m]	3	102	3%	1	82	1%
[n]	1	84	1%	0	57	0%
[l]	0	16	0%	0	16	0%
[ʎ]	0	21	0%	0	11	0%
[f]	1	66	2%	0	35	0%
[x]	0	23	0%	0	21	0%
/s/	0	55	0%	0	51	0%
[θ]	0	1	0%	0	0	0%
[ʃ]	0	12	0%	0	20	0%
[r]	0	13	0%	0	7	0%
[t͡ʃ]	0	12	0%	0	2	0%
[p]	12	240	5%	32	175	18%
[t]	1	470	0%	30	349	9%
[k]	1	261	0%	20	249	8%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PSA	2	572	0%	13	695	2%
VGL	0	468	0%	3	376	1%
TTL	25	2676	1%	100	2384	4%

Como aparece recollido na táboa 72, a variábel *xénero* ten certo peso na aspiración, sobre todo no tocante aos contextos de uso. Ante consoante oclusiva non voceada, pausa e vogal, dáse máis frecuentemente —ou mesmo en exclusiva— no grupo de homes. En cambio, aparece con maior facilidade no grupo de mulleres ante nasais, aproximantes voceadas e fricativa labiodental. Estas observacións pódense apreciar de maneira máis esquemática na gráfica4.

Gráfica 4: Representación das porcentaxes de *-s* aspirado en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1, atendendo á variábel*xénero*.



Para unha análise comparativa entre falantes deste grupo de idade, precisamos botar man das medias, pois o número de casos por informante é diferente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 73: Distribución de *-s* aspirado total e media do G1 segundo informante. Datos das variábeis *xénero* e *nivel de estudos*.

XÉNERO	NIV. ESTUDOS	ABSOL.	MEDIA
Home1946	Primarios	28	0,16
Home1944	Sen Estudos	39	0,14
Home1949b	Primarios	6	0,03
Home1915	Primarios	13	0,02
Muller1925	Sen Estudos	6	0,02
Muller1942	Primarios	4	0,02
Muller1930	Sen Estudos	4	0,02
Home1949a	Primarios	2	0,02
Muller1949	Primarios	1	0,02
Home1933	Primarios	5	0,01
Muller1952	Primarios	3	0,01
Muller1948b	Primarios	3	0,01
Muller1954	Primarios	1	0,01
Muller1946	Sen Estudos	3	0,00
Muller1924	Sen Estudos	0	0,00
Muller1943	Sen Estudos	0	0,00
Muller1948a	Primarios	0	0,00
Muller1948c	Primarios	0	0,00
Home1950	Primarios	0	0,00
Muller1959	Primarios	0	0,00

Segundo os datos rexistrados na táboa 73, apréciase a preeminencia dun xénero sobre o outro —de acordo coa información recollida na táboa 73 e na gráfica 4. Para contrastar estes resultados, realizamos as probas estatísticas tomando de xeito independente a variábel *xénero* e calculamos a mediana de realizacións de mulleres e homes. No caso das mulleres é de 1,39 e no dos homes de 1,49. Xa que logo, non existe apenas distancia entre ambos os grupos. Con todo, a proba Kruskal-Wallis dá un resultado de 0,037, confirmando que existe relación entre esta variábel e a aspiración.

En canto á variábel *nivel de estudos*, atopamos que as persoas sen estudos teñen unha mediana de 11,72 e as de estudos primarios 15,41.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aínda que a proximidade é elevada, vese unha maior tendencia ao uso da aspiración entre as persoas con maior formación académica. As probas estatísticas determinan que non hai significación relevante nesta variábel cuns índices de 0,841.

O resultado da variábel *xénero* coincide co do corpus B, no que tan só o home presenta este fenómeno. A táboa 74 mostra as porcentaxes da aspiración segundo o contexto ante o que aparece.

Neste caso, os exemplos son moi reducidos, polo que non sería posíbel formular ningunha hipótese. Ademais, case todos aparecen ante nasal. En cambio, no corpus principal, a meirande parte preséntase ante oclusiva non voceada e pausa.

Táboa 74:Distribución de casos totais-*s* en coda silábica, -*s* aspirado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1. Datos do corpus B.

	TTL	ASP	PORC
[β]	22	0	0%
[ð]	36	0	0%
[m]	22	3	14%
[n]	26	1	4%
[l]	18	1	6%
[ʎ]	12	0	0%
[f]	20	0	0%
[x]	23	0	0%
/s/	19	0	0%
[θ]	10	0	0%
[ʃ]	-	-	-
[r]	6	0	0%
[t͡ʃ]	11	0	0%
[p]	27	0	0%
[t]	33	0	0%
[k]	21	0	0%
PSA	122	0	0%
VGL	18	0	0%
TTL	446	5	1%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pese ao escaso número de exemplos, atendendo á influencia da fonoloxía prosódica, recollemos os datos da aspiración distribuídos segundo aparecen entre pés fonolóxicos ou dentro deles, separados por *xénero* e na súa totalidade.

Táboa 75: Distribución de casos de *-s* aspirado entre pés fonolóxicos e dentro dun mesmo pé, dividido segundo a variábel *xénero*. Datos do corpus B.

	M1946	H1941	TOTAL
ENTRE	0	0	0
DENTRO	0	5	5

De acordo cos datos recollidos no corpus B (táboa 75), a aspiración só se pode dar cando o linde de sílaba se atopa dentro do pé fonolóxico. Non obstante, debido aos baixos índices de uso neste corpus, non se pode afirmar que esta sexa a realidade.

3.3.1.3.4. Grupo 2

Este grupo amosa un claro descenso no número de exemplos a respecto do anterior, rozando a práctica desaparición do fenómeno, tal e como advirten os datos da táboa 76.

Táboa 76: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* aspirado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2.

	TTL	ASP	PORC
[β]	72	0	0%
[ð]	212	0	0%
[ɣ]	10	0	0%
[m]	107	0	0%
[n]	49	3	6%
[l]	23	0	0%
[ʎ]	7	0	0%
[f]	4	0	0%
[x]	5	0	0%
/s/	49	1	2%
[θ]	67	0	0%
[ʃ]	7	0	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[r]	34	0	0%
[t͡ʃ]	5	0	0%
[p]	261	1	0%
[t]	508	0	0%
[k]	275	1	0%
PSA	753	0	0%
VGL	538	0	0%
TTL	2986	6	0%

No G1a aspiración supuña un 2% dos casos de *–s* en coda silábica, pese a seren 125 os exemplos rexistrados. Neste grupo descende a tan só 6 e, por conseguinte, carecen de representación porcentual. Con todo, estes vestixios prevalecen, como acontecía no G1, ante nasal, fricativa labiodental e oclusivas non voceadas. O contexto que máis favorece este fenómeno é o da nasal alveolar (3 casos – 6% do total), seguido da fricativa labiodental (1 caso – 2% do total) e das oclusivas non voceadas (1 caso ante bilabial e 1 caso ante velar). Non se detectan exemplos ante aproximante voceada nin ante pausa ou vogal.

Táboa 77: Distribución de *-s* aspirado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.ASP	M.TOT	PORC	H.ASP	H.TOT	PORC
[β]	0	30	0%	0	42	0%
[ð]	0	95	0%	0	117	0%
[ɣ]	0	2	0%	0	8	0%
[m]	0	53	0%	0	54	0%
[n]	2	27	7%	1	22	5%
[l]	0	16	0%	0	7	0%
[ʎ]	0	4	0%	0	3	0%
[f]	0	1	0%	0	3	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[x]	0	3	0%	0	2	0%
/s/	0	30	0%	1	19	5%
[θ]	0	30	0%	0	37	0%
[ʃ]	0	3	0%	0	4	0%
[r]	0	21	0%	0	13	0%
[t͡ʃ]	0	2	0%	0	3	0%
[p]	0	111	0%	1	150	1%
[t]	0	248	0%	0	260	0%
[k]	1	141	1%	0	134	0%
PSA	0	383	0%	0	370	0%
VGL	0	230	0%	0	308	0%
TTL	3	1430	0%	3	1556	0%

Fronte ao rexistrado para o G1, o G2 presenta unha tendencia ao uso da aspiración dependente do *xénero*. Na táboa 77 recóllense 3 casos realizados por mulleres e outros 3 por homes. Nestes exemplos, a distribución de contextos é semellante, pois o grupo predominante é o das nasais, seguido do das oclusivas non voceadas. Entre os homes, ademais, aparece un caso ante fricativa labiodental. As probas estatísticas reafirman esta tendencia parella na variábel *xénero* cunha significación de 0,524. Do mesmo modo, o *nivel de estudos* (0,338) e a *lingua habitual* (0.458) tampouco son determinantes para o uso deste fenómeno. De novo, probabelmente polo seu baixo índice de uso.

3.3.1.3.5. Grupo 3

O G3 presenta máis exemplos de aspiración que o anterior (17 fronte a 6). Este dato supón o 1% das realizacións de *–s* en coda silábica do G3. Fronte ao que acontecía co rotacismo, non se produce un progresivo descenso de uso. De feito, percíbese unha leve tendencia de rexeneración do fenómeno. Emporiso, a distribución dos casos continúa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a ser semellante a respecto dos outros dous grupos, achegándose máis á do G1.

O contexto máis favorábel para a aspiración no G3 (táboa 78) é ante oclusivas non voceadas —bilabial, velar e dental, nesta orde—, seguido das nasais —só ante a bilabial rexistramos o fenómeno—, interdental e pausa. En porcentaxes, a interdental é a que adquire maior relevancia, pois supón un 6% —pese a rexistrarmos un único caso. A continuación situaríanse a oclusiva bilabial non voceada cun 5%, a nasal bilabial cun 4%, a oclusiva velar non voceada cun 1% e, por último, a oclusiva dental non voceada e a pausa, que non chegan nin ao 1%.

Táboa 78: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* aspirado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G3.

	TTL	ROT	PORC
[β]	70	0	0%
[ð]	127	0	0%
[ɣ]	19	0	0%
[m]	78	3	4%
[n]	47	0	0%
[l]	23	0	0%
[ʎ]	6	0	0%
[f]	42	0	0%
[x]	4	0	0%
/s/	47	0	0%
[θ]	16	1	6%
[ʃ]	3	0	0%
[r]	23	0	0%
[t͡ʃ]	3	0	0%
[p]	141	7	5%
[t]	466	2	0%
[k]	225	3	1%
PSA	666	1	0%
VGL	312	0	0%
TTL	2318	17	1%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estes datos corroboran a continuidade do fenómeno —agás no contexto ante fricativa labiodental, que semella desaparecido. Ademais, dan conta da relevancia que acada neste último grupo, pois aparece ante un fonema novo no sistema: a fricativa interdental. É de destacar este feito, xa que só se detectan 16 exemplos deste contexto, un deles aspirado.

Igual que acontecía co G1, unha compoñente de *xénero* parece influír na configuración deste fenómeno. A táboa 79 inclúe os datos da aspiración atendendo a esta variábel. Por unha banda, a distribución mulleres 2 – homes 15 resulta significativa. Por outra, as porcentaxes de aparición segundo contexto amosan que, salvo ante [m] e [k] —dos que hai exemplos nas mulleres e que presentan porcentaxes semellantes—, a respecto dos homes detéctase unha maior porcentaxe de ocorrencia da aspiración.

Táboa 79: Distribución de *-s* aspirado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G3, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.ASP	M.TOT	PORC	H.ASP	H.TOT	PORC
[β̞]	0	23	0%	0	47	0%
[ð̞]	0	47	0%	0	80	0%
[ɣ̞]	0	7	0%	0	12	0%
[m]	1	31	3%	2	47	4%
[n]	0	14	0%	0	33	0%
[l]	0	6	0%	0	17	0%
[ʎ]	0	1	0%	0	5	0%
[f]	0	2	0%	0	2	0%
[x]	0	8	0%	1	8	13%
/s/	0	16	0%	0	26	0%
[θ]	0	18	0%	0	29	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[ʃ]	0	0	0%	0	3	0%
[r]	0	9	0%	0	14	0%
[t͡ʃ]	0	1	0%	0	2	0%
[p]	0	58	0%	7	83	8%
[t]	0	195	0%	2	271	1%
[k]	1	90	1%	2	135	1%
PSA	0	253	0%	1	413	0%
VGL	0	130	0%	0	182	0%
TTL	2	909	0%	15	1409	1%

Para unha análise comparativa entre falantes deste grupo de idade precisamos observar as medianas. Nunha primeira aproximación á táboa 80, podemos observar que predomina un *xénero* sobre o outro, na liña do que aparecía na táboa 73. Para confirmarmos estas apreciacións, realizamos as probas estatísticas pertinentes.

Táboa 80: Distribución dos casos totais de *-s* aspirado e media que representa, segundo informante do G3. Información das variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

XÉNERO	NIV. EST.	LING. HABIT.	ASP.	MEDIA
Home1988a	Secund.	Galego	5	0,02
Home1993	Secund.	Gal.Esp.	9	0,01
Home1988b	Primarios	Gal.Esp.	1	0,01
Muller1993	Univers.	Gal.Esp.	1	0,00
Muller1990	Univers.	Español	1	0,00
Muller1989	Univers.	Español	0	0,00
Home1991	Secund.	Galego	0	0,00

En primeiro lugar,consideramos independentemente a variábel *xénero* e calculamos a mediana de realizacións de mulleres e homes. A mediana de casos é 0,31 para mulleres e 0,79 para homes. Estes datos xa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

permiten afirmar que non existen diferenzas pola baixa distancia entre si, pese a todo, é preciso comprobar se se trata de diferenzas significativas ou non. En segundo lugar, a proba Kruskal-Wallis corrobora que a distancia entre mulleres e homes é insuficiente (0.114). Polo tanto, trátase dunha variábel que non determina o uso deste fenómeno.


O mesmo acontece coa variábel *nivel de estudos*, que tampouco presenta significación estatística cun índice de 0,127, pese a que as medianas son de 0,60 para as persoas con estudos primarios, 0,99 para que de estudos secundarios e 0,31 para as de estudos universitarios, evidenciando un maior uso entre as do segundo grupo e mesmo as do primeiro.

Finalmente, a *lingua habitual* mostra medianas de 0,93 para a xente galegofalante, 0,60 para a que emprega galego e español e 0,16 para a españolfalante. Con todo, as probas estatísticas non se poden aplicar.

3.3.1.3.6. Comparativa entre grupos de idade

Se trasladamos os datos da táboa 70 a unha gráfica, poderemos apreciar de modo máis esquemático a evolución —que vimos de analizar— entre os tres grupos de idade. A gráfica inclúe as medias de uso para cada contexto. Esta escolla débese ao intento de diminuírmos as posíbeis carencias derivadas da descompensación do corpus en canto aos tres grupos.

Gráfica 5: Representación das medias de -s aspirado segundo o contexto en que pode aparecer e a variábel *idade*.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tal e como fomos vendo ao longo deste epígrafe, os índices de aparición da aspiración diminúen no G2 e remontan no G3. Na gráfica 5 podemos observar os datos concretos de cada grupo de idade. Cabe mencionar, como casos diverxentes desta tendencia, o contexto ante [n] e [f], en que o G2 amosa máis casos que os outros dous grupos. O mesmo acontece co contexto ante [θ], onde o G3 é o único que presenta exemplos, pois esta fricativa é practicamente allea ao sistema fonolóxico do G1. Por último, cabe mencionar o contexto ante [m], ante [p], ante [t] e ante pausa, onde é o G3o que presenta máis casos que o G2. En todos os outros contextos é o G1 o que se sitúa en primeiro lugar.

Para rematar, é preciso estabelecer se existe algunha relación estatística entre os grupos de idade e este fenómeno, ademais de revisar se as variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual* tamén gardan relación co conxunto de informantes —independentemente da variábel *idade*.

Con este propósito, comprobamos as estatísticas da variábel *idade* e obtemos a mediana de realizacións de cada subgrupo. De acordo con este procedemento, a mediana de casos para o G1 é 2,17, para o G2 é 0,04 e para o G3 é 0,33. Á luz dos datos, as medianas son próximas entre os dous últimos grupos e diferentes a respecto do primeiro.

De novo, é preciso sabermos se estas medianas dan conta dunha diferenza significativa ou non. Segundo Kruskal-Wallis a significación é 0,212. Noutras palabras, non existe relación entre as variantes.

A continuación, estudamos independentemente a variábel *xénero* e calculamos a mediana de realizacións dentro de cada un dos dous grupos. Neste caso, a mediana é moi diferente para mulleres (9,38) e homes (16,67). En correspondencia, Kruskal-Wallis confirma que existe relación significativa entre a variábel *xénero* e o fenómeno da aspiración (0,029).

A variábel *nivel de estudos* presenta medianas de 6,20 entre as persoas sen estudos, 12,50 estudos primarios, 48,28 secundarios e 22,53 universitarios. De tal modo, aparenta existir certa relación entre esta variábel e o distinto uso do fenómeno da aspiración. As probas estatísticas, pola contra, determinan unha significación de 0,087 e, xa que logo, non habería relación.

Finalmente, a variábel *lingua habitual* amosa medianas de 9,38 para o grupo de galegofalantes, 46,15 no grupo de persoas que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

empregan galego e español e, para as españolfalantes 23,10. Neste caso, as probas paramétricas non se puideron aplicar. Con todo, os datos das medianas parecen levar á idea de que hai é pertinente esta variábel para a aparición deste fenómeno.

3.3.1.4. Desaparición de [s̪] e crase

A desaparición de [s̪] en coda silábica designa a elisión completa dese segmento. Débese distinguir entre a desaparición propiamente dita, resultado dun proceso de debilitamento do [s̪], e a crase. Esta última está motivada pola proximidade articulatoria da consoante que se atopa xusto despois. O fenómeno non é exclusivo das linguas romances, pois:

> [e]n la reconstrucción del *Indoeuropeo* que hace Adrados, aparece el fonema *S* carente del rasgo relevante de sonoridad. El alófono era sordo, pero se hacía sonoro ante consoante sonora y en algunas lenguas en posición intervocálica. Este alófono estaba expuesto a aspirarse y a perderse (Payan: 1995)


En definitiva, por unha parte, a desaparición de [s̪] constitúe un fenómeno moi antigo e común a toda a rama lingüística do indoeuropeo. Por outra parte, está motivada pola sonorización do [s̪], ora a causa da consoante que o segue, ora a raíz da posición intervocálica. É dicir, a desaparición prodúcese por lenición. Ademais, o autor unicamente considera a desaparición de [s̪] motivada polo debilitamento, excluíndo a crase consonántica.

3.3.1.4.1. Análise espectrográfica


Tanto na crase como na desaparición froito da lenición, os espectrogramas amosan un continuo entre a vogal anterior e o elemento que a provoca. As imaxes 12 e 13 dan conta da inexistencia de [s̪] por mor destes dous fenómenos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 12: Espectrograma da realización *dous ratos*, marcando a consoante que causa a desaparición de [s̪] por crase. Informante M1946.



Imaxe 13: Espectrograma da realización *tres lupas*, marcando a consoante que causa a desaparición de [s̪]. Informante H1941.



3.3.1.4.2. Os contextos fónicos da desaparición e a crase

Non existen en galego estudos de referencia sobre os contextos fónicos da desaparición de [s̪] e da crase. De feito, nas gramáticas e nas teses manexadas só se atopou referencia na tese sobre o norte da Terra Cha (Regueira, 1989: 98-99). En cambio, en español son numerosos os traballos que os tratan desde diferentes perspectivas.

Os datos máis relevantes son dous: o motivo polo que se produce a desaparición deste segmento e se garda algún tipo de relación cos fenómenos anteriormente descritos —rotacismo e aspiración. Este proceso inflúe na reestruturación do paradigma morfolóxico, tanto verbal como non verbal:

> En español, el segmento /-s/ implosiva presenta la característica de que, además de formar parte del lexema de muchas palabras (pasta, gracias), es marca de plural en el nombre (perros) y de segunda persona de singular en el verbo (das), y también forma parte de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> otros morfemas verbales (dais, coméis, damos, comemos). Esta circunstancia ha dado lugar a que muchos autores hayan tratado este problema desde el punto de vista funcionalista, basándose en la hipótesis de que la /-s/ tenderá a mantenerse cuando aporte significado gramatical y a desaparecer cuando no sea morfemática. Sin embargo, esta hipótesis no ha acabado de demostrarse nunca con los datos, que muestran una tendencia antifuncional (Vida-Castro, 2002: 4)

Procedemos a examinar a relación entre a distribución de casos e o contexto, explorando o vínculo da desaparición de [s̪] e a crase coas variábeis descritas, así como co rotacismo e coa aspiración.

Na táboa 81, este fenómeno aparece distribuído en todos os contextos. Cabe salientar o caso das sibilantes /s/, a vibrante múltiple [r], a pausa, a oclusiva non voceada bilabial [p] e as nasais [m] e [n], atendendo, sobre todo, ás medias sobre o conxunto de datos para cada contexto posíbel.

Táboa 81: Distribución da desaparición de [s̪] e crase en coda silábica atendendo ao contexto fonético en que pode aparecer. Datos totais e media sobre o total de casos, divididos segundo a variábel *idade*.

	G1	G2	G3
[β̞]	13	1	3
[ð̞]	9	3	2
[ɣ̞]	0	2	1
[m]	14	11	4
[n]	25	5	2
[l]	4	0	1
[ʎ]	22	2	2
[f]	11	2	2
[x]	21	0	1
/s/	77	47	37
[θ]	0	0	0
[ʃ]	24	0	2

	G1	G2	G3
[β̞]	0,06	0,01	0,04
[ð̞]	0,03	0,01	0,02
[ɣ̞]	0,00	0,20	0,05
[m]	0,08	0,10	0,05
[n]	0,18	0,10	0,04
[l]	0,13	0,00	0,04
[ʎ]	0,69	0,29	0,33
[f]	0,11	0,04	0,05
[x]	0,48	0,00	0,25
/s/	0,75	0,70	0,79
[θ]	0,00	0,00	0,00
[ʃ]	0,75	0,00	0,67

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[r]	19	31	18
[t͡ʃ]	0	1	0
[p]	52	18	6
[t]	13	1	0
[k]	17	4	3
PSA	98	8	4
VGL	19	6	3
TTL	438	142	91

[r]	1,00	0,91	0,78
[t͡ʃ]	0,00	0,20	0,00
[p]	0,13	0,07	0,04
[t]	0,02	0,00	0,00
[k]	0,03	0,01	0,01
PSA	0,08	0,01	0,01
VGL	0,02	0,01	0,01
TTL	0,09	0,05	0,04

3.3.1.4.3. Grupo 1

Este grupo é o que maior número de exemplos de desaparición amosa, tanto totais como nas medias por norma xeral (táboa 81). Se observarmos a porcentaxe que representa este fenómeno en cada un dos contextos posíbeis (táboa 82), cómpre destacar as elevadas cifras tanto da rótica [r] como das fricativas /s/, [ʃ] e, en menor medida, [h].

Consideramos que este grupo está afectado pola crase consonántica. No tocante á gheada, difire dos outros, pois ante este contexto rexistramos tanto a desaparición como o rotacismo. Xa que logo, os datos porcentuais aparecen repartidos e non se detecta ningún pico elevado. Pola contra, se sumamos as porcentaxes de ambos os dous, o resultado é marcadamente alto (87%).

Táboa 82: Distribución de *-s* en coda, desaparición de [s̟] e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1.

	TTL	DES	PORC
[β̞]	210	13	6%
[ð̞]	281	9	3%
[ɣ̞]	0	0	0%
[m]	185	14	8%
[n]	141	25	18%
[l]	32	4	13%
[ʎ]	32	22	69%
[f]	101	11	11%
[h]	44	21	48%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

/s/	103	77	75%
[θ]	1	0	0%
[ʃ]	32	24	75%
[r]	19	19	100%
[t͡ʃ]	14	0	0%
[p]	415	52	13%
[t]	822	13	2%
[k]	510	17	3%
PSA	1263	98	8%
VGL	792	19	2%
TTL	4997	438	9%

No outro grupo, o da desaparición de [s̪], é mester salientar, por orde, a presenza da lateral palatal (69%), da nasal alveolar (18%), da lateral alveolar e da oclusiva bilabial non voceada (13%), da nasal bilabial e da pausa (8%), da aproximante bilabial voceada (6%), da oclusiva velar non voceada e da aproximante dental voceada (3%), das vogais (2%) e, por último, da oclusiva dental non voceada (1%). Os únicos contextos en que non aparece este fenómeno é ante fricativa interdental —como xa se explicou— e a africada.

Táboa 83: Distribución da desaparición de [s̪], *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.DES	M.TOT	PORC	H.DES	H.TOT	PORC
[β]	3	103	3%	10	109	9%
[ð]	5	157	3%	4	129	3%
[m]	7	102	7%	8	82	10%
[n]	18	84	21%	7	57	12%
[l]	2	16	13%	2	16	13%
[ʎ]	17	21	81%	5	11	45%
[f]	4	66	6%	7	35	20%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[h]	6	23	26%	15	21	71%
/s/	39	55	71%	39	51	76%
[θ]	0	1	0%	0	0	0%
[ʃ]	7	12	58%	17	20	85%
[r]	13	13	100%	7	7	100%
[t͡ʃ]	0	12	0%	0	2	0%
[p]	10	240	4%	42	175	24%
[t]	2	470	0%	10	349	3%
[k]	1	261	0%	16	249	6%
PSA	7	572	1%	91	695	13%
VGL	2	468	0%	17	376	5%
TTL	143	2676	5%	297	2384	12%


Aínda que non son moi numerosos os casos que se rexistran en cada un dos contextos, este fenómeno ten maior incidencia nos homes (12%) que nas mulleres (5%). A táboa 83 recolle as diverxencias de uso que a variábel *xénero* presenta no tocante á desaparición de [s̪]. É o caso da lateral palatal, que nas mulleres alcanza o 81% mentres que nos homes representa só o 45%. O exemplo contrario atopámolo ante oclusiva bilabial non voceada e ante pausa, en que os datos son superiores nos homes que nas mulleres (24%-4% e 13%-1% respectivamente). Ademais é de destacar o que acontece ante o resto de oclusivas non voceadas e ante vogal, pois detéctanse exemplos puntuais para as mulleres que non deixan pegada nas porcentaxes.

En canto á crase consonántica, nos dous contextos máis favorábeis, ante rótica e ante sibilante, as porcentaxes son similares en ambos os dous grupos estabelecidos (100%-71% para as mulleres e 100%-76% para os homes). Non acontece o mesmo ante a fricativa palatal, onde aparece unha marxe elevada entre mulleres (58%) e homes (85%). Ocorre igual ante a fricativa larínxea (gheada), cunha diferenza de 26% a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

71% respectivamente. Como xa se dixo, este último contexto afecta por igual á desaparición e ao rotacismo. Con todo, é innegábel a diferenza existente segundo o *xénero*. Podemos observar estas apreciacións de maneira máis esquemática na gráfica 6.

Gráfica 6: Representación das porcentaxes de desaparición de [s̪] e crase en cada un dos contextos fonolóxicos en que pode aparecer no G1, atendendo á variábel *xénero*.



Noutra orde de cousas, cabe salientar que, fronte ás hipóteses defendidas por Terrel (1981: 117) ou Tejada (2012: 195), entre outros, a respecto da orixe deste fenómeno —nas que se defende que o debilitamento de [s̪] pasa por un estadio previo de aspiración—, os datos do corpus difiren en gran medida desta teoría. Aínda que non negan unha posíbel relación entre a aspiración e a desaparición —sobre todo no caso dos homes—, apuntan a unha relación máis forte co rotacismo, sen chegar a estabelecerse unha correlación unívoca. Noutras palabras, os contextos en que aparecen as porcentaxes máis elevadas de desaparición de [s̪] están intimamente ligados aos contextos máis favorábeis á aparición do rotacismo. Se non temos en conta este vínculo entre o rotacismo e a desaparición, non sería posíbel explicar por que os contextos ante os que se produce este fenómeno non son, maioritariamente, os mesmos que os da aspiración.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 84:Distribución dos datos de crase de *-s* totais e medias segundo informante do G1. Información das variábeis *xénero* e *nivel de estudos*.

XÉNERO	NIV. EST.	CRASE	MEDIA
Muller1948c	Primarios	2	0,67
Home1946	Primarios	16	0,24
Muller1925	Sen est.	4	0,13
Home1915	Primarios	43	0,05
Muller1946	Sen est.	8	0,05
Home1949a	Primarios	2	0,05
Muller1942	Primarios	8	0,04
Home1944	Sen est.	9	0,03
Home1933	Primarios	8	0,03
Muller1952	Primarios	10	0,02
Muller1948b	Primarios	10	0,02
Home1949b	Primarios	6	0,02
Muller1954	Primarios	5	0,02
Muller1930	Sen est.	3	0,02
Muller1943	Sen est.	3	0,01
Muller1949	Primarios	3	0,01
Muller1924	Sen est.	1	0,00
Muller1948a	Primarios	0	0,00
Home1950	Primarios	0	0,00
Muller1959	Primarios	0	0,00

Para unha análise comparativa entre falantes deste grupo de idade precisamos observar as medianas. Na táboa 84 recollemos os datos tan só da crase consonántica e podemos apreciar un equilibrio entre os de homes e mulleres. En contraste, a táboa 85 amosa que se atopan intimamente ligadas a desaparición de [s̪] e a variábel *xénero*.

Cómpre analizar estatisticamente e por separado a desaparición de [s̪] e a crase para corroborar a nosa observación. En canto á primeira, detéctase unha distribución dependente da variábel *xénero* segundo as medianas (mulleres 1,30, homes 8,33). Con todo, Kruskal-Wallis dá como resultado 0,393, polo que afirma a falta de relación entre esta variábel e a desaparición de [s̪].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 85: Distribución dos datos de desaparición de [s̪] totais e medias segundo informante do G1. Información das variábeis *xénero* e *nivel de estudos*.

XÉNERO	NIV. EST.	DESAP.	MEDIA
Home1933	Primarios	10	0,33
Home1915	Primarios	163	0,17
Muller1946	Sen est.	29	0,12
Muller1924	Sen est.	5	0,08
Home1949b	Primarios	11	0,06
Home1946	Primarios	18	0,03
Home1944	Sen est.	17	0,03
Muller1952	Primarios	8	0,03
Muller1925	Sen est.	7	0,03
Muller1943	Sen est.	6	0,03
Muller1948c	Primarios	4	0,02
Muller1942	Primarios	7	0,02
Muller1948b	Primarios	6	0,01
Muller1954	Primarios	3	0,01
Muller1930	Sen est.	2	0,01
Home1949a	Primarios	1	0,02
Muller1948a	Primarios	0	0,00
Muller1949	Primarios	0	0,00
Home1950	Primarios	0	0,00
Muller1959	Primarios	0	0,00

A respecto da crase consonántica, na mesma liña do que acontecía no fenómeno anterior, as medianas mostran unha distancia considerábel (mulleres 1,48, homes 6,90). Pola contra, Kruskal-Wallis achega un resultado de 0,757, de modo que non existe ningún tipo de relación. Do mesmo xeito, no corpus B non se aprecia ningunha distribución, como se rexistra na táboa 86.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 86: Distribución de *-s* en coda silábica, desaparición de [s̟] e porcentaxe que representa nos contextos fonéticos que pode aparecer no G1. Corpus B.

	TTL	DES	PORC
[β̞]	22	7	32%
[ð̞]	36	13	36%
[m]	22	7	32%
[n]	26	13	50%
[l]	18	9	50%
[ʎ]	12	4	33%
[f]	20	7	35%
[h]	23	5	22%
/s/	19	11	58%
[θ]	-	-	-
[ʃ]	10	2	20%
[r]	6	6	100%
[t͡ʃ]	11	7	64%
[p]	27	0	0%
[t]	33	0	0%
[k]	21	0	0%
PSA	122	0	0%
VGL	18	0	0%
TTL	446	91	20%

Por un lado, a crase presenta unha distribución parecida á do corpus principal, pois o único elemento que difire é a fricativa palatal [ʃ] (con 75% fronte aos 20% do corpus B). Por outro lado, en canto á desaparición de [s̟], os resultados son moi diferentes aos xa vistos. No corpus de referencia aparecían dous focos importantes: o das aproximantes voceadas —nomeadamente nasais e laterais— e o das oclusivas non voceadas. En cambio, no corpus B só se detectan as primeiras, que non soben do 50%. Ademais, o elemento de maior índice de desaparición é a africada [t͡ʃ], cun 64% de casos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 87: Distribución de casos de crase de *-s* entre pés fonolóxicos e dentro dun mesmo pé, dividido segundo a variábel *xénero*. Datos do corpus B.

	M1946	H1941	TOTAL
ENTRE	3	4	7
DENTRO	4	5	9

A táboa 87 mostra os casos de crase entre pés fonolóxicos e dentro deles, tanto separados por xéneros como na súa totalidade. Pese a que os datos son bastante baixos, a distribución é case equitativa.

Segundo a táboa 88, a desaparición de [s̪] prodúcese maioritariamente cando o linde de sílaba se atopa dentro do pé fonolóxico, tanto para o caso das mulleres (5-27) como para o dos homes (10-27), cuns datos moi semellantes en ambos os dous grupos.

Táboa 88: Distribución de casos de desaparición de [s̪] entre pés fonolóxicos e dentro dun mesmo pé, dividido segundo a variábel *xénero*. Datos do corpus B.

	M1946	H1941	TOTAL
ENTRE	5	10	15
DENTRO	27	27	54

Finalmente, podemos analizar a repercusión do *nivel de estudos* neste grupo. En canto ás medianas atopamos que na crase a distancia é ínfima, pois nas persoas sen estudos temos unha mediana de 6,00 fronte a 5,22 das persoas con estudos primarios. A proba non paramétrica de Kruskal-Wallis confirma esta apreciación cun índice de significación de 0,707.

Fronte a isto, as medianas da desaparición son 18,56 no caso das persoas sen estudos e 2,14 das que presentan estudos primarios. Malia a distancia apreciábel, as probas estatísticas mostran unha significación de 0,455, polo que tampouco se podería falar de relevancia desta variábel para a aparición deste fenómeno.

3.3.1.4.4. Grupo 2

Este grupo mostra un claro descenso no número de exemplos a respecto do anterior, tal e como advirten os datos da táboa 89, en comparación cos do G1, recollidos na táboa 82. A diferenza non é tan grande como noutros fenómenos xa vistos. Aínda así, atópase por riba

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

da cuarta parte —no que atinxe aos datos totais. En datos porcentuais, a desaparición de [s̪] supón o 5% do total, mentres que no anterior representaba o 9%. Deste modo, significa pouco menos da metade da porcentaxe do G1.

Táboa 89: Distribución de -s en coda silábica, desaparición de [s̪] e porcentaxe que representa en cada contexto fonético en que pode aparecer no G2.

	TTL	DES	PORC
[β̞]	72	1	1%
[ð̞]	212	3	1%
[ɣ̞]	10	2	20%
[m]	107	11	10%
[n]	51	5	10%
[l]	23	0	0%
[ʎ]	7	2	29%
[f]	49	2	4%
[h]	1	0	0%
/s/	67	47	70%
[θ]	5	0	0%
[ʃ]	7	0	0%
[r]	34	31	91%
[t͡ʃ]	5	1	20%
[p]	261	18	7%
[t]	508	1	0%
[k]	275	4	1%
PSA	753	8	1%
VGL	538	6	1%
TTL	2985	142	5%

Constatamos de novo que a crase consonántica é o fenómeno de maior porcentaxe tamén para este grupo de idade. Un 91% aparece no contexto ante rótica, un 70% ante sibilante e un 50% ante gheada —independentemente das realización descritas no punto §3.1.3.2. En contraste, ante fricativa palatal non se rexistra ningún caso, probabelmente debido ao baixo número de contextos existentes —derivados da despalatalización vista no punto §3.2.4.1.2.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No tocante á desaparición de [s̟] destacan, de novo, a lateral palatal (29%), a aproximante velar voceada (20%), a africada e as nasais (10%), a oclusiva bilabial (7%) e, por último, as aproximantes voceadas bilabial e dental, a oclusiva velar non voceada, a pausa e as vogais (1%). Cabe resaltar o que acontece ante a africada, xa que no grupo de idade anterior non se rexistrou ningún caso.

Igual que acontecía no G1, neste grupo podemos apreciar unha tendencia á desaparición e crase con relación ao *xénero*. Na táboa 90 obsérvase que os homes case duplican o número de casos das mulleres. Se atendemos aos contextos de uso, no caso dos homes preséntanse a práctica totalidade de desaparicións ante oclusivas, pausa e vogal.

Táboa 90: Distribución de *-s* en coda silábica, desaparición de [s̟] e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.DES	M.TOT	PORC	H.DES	H.TOT	PORC
[β]	0	30	0%	1	42	2%
[ð]	1	95	1%	2	117	2%
[ɣ]	1	2	50%	1	8	13%
[m]	2	53	4%	9	54	17%
[n]	1	27	4%	4	22	18%
[l]	0	16	0%	0	7	0%
[ʎ]	0	4	0%	2	3	67%
[f]	1	30	3%	1	19	5%
[h]	0	1	0%	2	3	67%
/s/	22	30	73%	25	37	68%
[θ]	0	3	0%	0	2	0%
[ʃ]	0	3	0%	0	4	0%
[r]	18	21	86%	13	13	100%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[t͡ʃ]	0	2	0%	1	3	33%
[p]	1	111	1%	17	133	13%
[t]	1	248	0%	0	260	0%
[k]	0	141	0%	4	134	3%
PSA	0	383	0%	8	370	2%
VGL	1	230	0%	5	308	2%
TTL	49	1430	3%	95	1539	6%

Neste grupo de idade o fenómeno supón o 3% das realizacións nas mulleres e o 6% nos homes. Trátase de cifras bastante baixas que se corresponden, non obstante, coa liña de distribución por xéneros do grupo anterior (5% e 12% respectivamente). Ademais de contemplarmos o *xénero* como factor determinante na diferenza entre os dous grupos, outras variábeis poden influír tamén nestes datos.

Táboa 91: Distribución dos datos totais e de desaparición de [s̪] e medias sobre o total de casos, segundo informante do G2. Información das variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	DESAP.	MEDIA
Home1966	Primarios	gal. e esp.	53	0,04
Home1976	Primarios	galego	1	0,03
Muller1962a	Universit.	gal. e esp.	2	0,01
Muller1971	Primarios	galego	3	0,01
Muller1973	Medios	galego	1	0,01
Home1973	Medios	gal. e esp.	1	0,01
Muller1962b	Primarios	galego	1	0,01
Muller1961	Primarios	gal. e esp.	2	0,00
Home1960	Medios	gal. e esp.	0	0,00
Muller1963	Universit.	español	0	0,00
Muller1968	Primarios	galego	0	0,00
Muller1976	Primarios	gal. e esp.	0	0,00
Home1979	Primarios	galego	0	0,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para levar a cabo un estudo comparativo entre falantes deste grupo de idade precisamos ter en conta as medias, pois o tempo de intervención individual é diferente.

Segundo os datos recollidos na táboa 91, distribuídos de acordo coas medias, non existe unha correspondencia entre ningunha das variábeis estabelecidas e o resultado desta orde, fronte ao que acontecía noutros fenómenos analizados.

Para corroborar esta apreciación, examinamos de xeito independente as variábeis *xénero, nivel de estudos* e *lingua habitual* e extraemos a mediana de realizacións de cada subgrupo. En canto ao *xénero*, a mediana de casos é diferente para mulleres (0,57) e para homes (0,76), aínda que relativamente próximas. Kruskal-Wallis estabelece a significación en 0,435, polo que a relación entre esta variábel e a desaparición de [s̲] é inexistente. No *nivel de estudos* a mediana para os primarios é 0,86, para os secundarios é 0,38 e para os universitarios é 0,65. Segundo as probas estatísticas, a significación é 0,877. Polo tanto, tampouco existe relación.

Táboa 92: Distribución dos datos de crase de *-s* e medias sobre o total de casos, segundo informante do G2. Información das variábeis *lingua habitual*, *nivel de estudos* e *xénero*.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	CRASE	MEDIA
Muller1968	Primarios	galego	1	0,13
Muller1961	Primarios	gal. e esp.	15	0,04
Muller1971	Primarios	galego	14	0,04
Home1966	Primarios	gal. e esp.	33	0,03
Muller1962a	Universit.	gal. e esp.	4	0,02
Muller1963	Universit.	español	3	0,02
Home1973	Medios	gal. e esp.	3	0,02
Home1979	Primarios	galego	2	0,02
Muller1962b	Primarios	galego	2	0,01
Muller1973	Medios	galego	1	0,01
Home1976	Primarios	galego	0	0,00
Muller1976	Primarios	gal. e esp.	0	0,00
Home1960	Medios	gal. e esp.	0	0,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, en canto á *lingua habitual* as medianas son as seguintes: galego 0,78, galego e español 0,00 e español 2,08. En base a estas cifras, podemos intuír unha relación desta variábel coa desaparición de [s̪]. No entanto, non se puideron aplicar as probas estatísticas.

A táboa 92 inclúe os datos sobre a crase de [s̪], dispostos atendendo á media. De novo, non se aprecia correspondencia entre este fenómeno e as variábeis estabelecidas. De xeito independente, tamén comprobamos a relación entre a crase de [s̪] e o *xénero*, o *nivel de estudos* e a *lingua habitual* e calculamos a mediana de realizacións de cada subgrupo. En canto ao *xénero*, a mediana de casos é exactamente a mesma para mulleres e para homes (2,15). Kruskal-Wallis estabelece a significación en 0,435, é dicir, non hai relación estatística.

No *nivel de estudos* constatamos que a mediana para os primarios é 2,53, para os secundarios é 2,22 e para os universitarios é 1,31. Segundo as probas estatísticas, a significación ascende a 0,721 polo que non se pode determinar relación ningunha.

Por último, en canto á *lingua habitual*, as medias son: galego 2,38, galego e español 1,31 e español 2,21. Non se poden aplicar probas estatísticas mais parece que a tendencia é a mesma que nas variábeis anteriores.

En consecuencia, neste grupo, non existe relación entre as variábeis *xénero*, *nivel de estudo* e *lingua habitual* e o fenómeno da desaparición de [s̪] nin da crase.

3.3.1.4.5. Grupo 3

Neste terceiro grupo, o número de casos descende (táboa 93), mais non de forma drástica (91 fronte aos 144 do grupo anterior). O índice porcentual mantense no 4%, indicando un estancamento. Con todo, a distribución tanto da crase como da desaparición de [s̪] parecen seguir patróns lixeiramente diferentes. Para o primeiro dos fenómenos, o [s̪] e o [r] amosan uns índices parecidos –74%, 70% e 79% o [s̪] e 100%, 91% e 78% o [r] nos tres grupos de idade respectivamente. Non obstante, no caso do [ʃ] a continuidade dáse entre o G1 e o G3, con independencia do G2, no que o resultado deste fenómeno é 0%.

Porcentualmente, os contextos máis favorábeis para a desaparición de [s̪] neste grupo de idade son, por orde: ante a lateral palatal[19], ante

19 En realidade habería que falar de oclusiva palatal [ɟ] pero, a falta dun estudo que o confirme, consideraremos —coas debidas precaucións— esta realización como lateral palatal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a gheada[20], ante as nasais e as aproximantes voceadas, ante a fricativa labiodental, ante as oclusivas non voceadas —nomeadamente a bilabial— e, finalmente, ante pausa e ante vogal. Mais, se comprobamos os datos numéricos, o panorama cambia, pois as oclusivas non voceadas son as que máis casos rexistran (6 a bilabial e 3 a velar). A continuación, aparecen as aproximantes voceadas (3 a bilabial, 2 a dental e 1 a velar), as nasais (4 a bilabial e 2 a alveolar), pausa (4), vogal (3), laterais e fricativa labiodental. Estes datos confirman, pese a seren reducidos, a continuidade do fenómeno.

Táboa 93: Distribución de *-s* en coda silábica, desaparición de [s̪] e porcentaxe que representa en cada contexto fonético en que pode aparecer no G3.

	TTL	DES	PORC
[β]	70	3	4%
[ð]	127	2	2%
[ɣ]	19	1	5%
[m]	78	4	5%
[n]	47	2	4%
[l]	23	1	4%
[ʎ]	6	2	33%
[f]	42	2	5%
[x]	4	1	25%
/s/	47	37	79%
[θ]	16	0	0%
[ʃ]	3	2	67%
[r]	23	18	78%
[t͡ʃ]	3	0	0%
[p]	141	6	4%
[t]	466	0	0%
[k]	225	3	1%
PSA	666	4	1%
VGL	312	3	1%
TTL	2318	91	4%

20 Para unha achega detallada sobre a realización máis probábel neste grupo de idade remitimos ao epígrafe dedicado a este fenómeno (1.1.3.3).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Igual que acontecía nos outros dous grupos de idade, a compoñente *xénero* non parece determinante na configuración deste fenómeno, segundo as porcentaxes totais (3% mulleres e 5% homes). Na táboa 94 móstranse os datos para a crase e a desaparición de [s̪] distribuídos segundo o *xénero*. O factor sobre o que inflúe a variábel é o contexto ante o que pode aparecer o fenómeno, pois para as mulleres case está circunscrito á crase, mentres que para os homes a desaparición está presente en case todos os contextos. Á luz destes datos, poderiamos determinar que a continuidade da crase e da desaparición de [s̪] está ligada á variante home. Con todo, esta hipótese corroborarémola estatisticamente xunto co resto de variábeis pertinentes.

Táboa 94: Distribución de *-s* en coda silábica, desaparición de [s̪] e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G3, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.DES	M.TTL	PORC	H.DES	H.TTL	PORC
[β̪]	0	23	0%	3	47	6%
[ð̪]	0	47	0%	2	80	3%
[ɣ̪]	0	7	0%	1	12	8%
[m]	1	31	3%	3	47	6%
[n]	0	14	0%	2	33	6%
[l]	0	6	0%	1	17	6%
[ʎ]	0	1	0%	2	5	40%
[f]	0	2	0%	1	2	50%
[h]	0	8	0%	0	8	0%
/s/	0	16	0%	2	26	8%
[θ]	15	18	83%	22	29	76%
[ʃ]	0	0	0%	2	3	0%
[r]	6	9	67%	12	14	86%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[t͡ʃ]	0	1	0%	0	2	0%
[p]	1	58	2%	5	83	6%
[t]	0	195	0%	0	271	0%
[k]	0	90	0%	3	135	2%
PSA	1	253	0%	3	413	1%
VGL	1	130	1%	2	182	1%
TTL	25	909	3%	66	1409	5%

Así e todo, para unha análise comparativa entre falantes deste grupo de idade precisamos observar as medias, pois o tempo de intervención individual é diferente e o volume de datos recollidos tamén.

Táboa 95: Distribución dos datos de desaparición de [s̪] e as medias sobre o total de casos, segundo informante do G3. Información das variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	DESAP.	MEDIA
Home1993	Medios	gal. e esp.	25	0,03
Home1988b	Primarios	galego	3	0,02
Muller1990	Universit.	español	2	0,01
Home1988a	Primarios	gal. e esp.	1	0,00
Muller1989	Universit.	español	1	0,00
Muller1993	Universit.	español	1	0,00
Home1991	Medios	galego	0	0,00

Co obxectivo de saber se a desaparición de [s̪] e a crase operan de diferente maneira e cales son as variábeis que entran en xogo, estudaremos os datos separadamente. Nunha primeira aproximación á táboa 95, como xa apuntabamos máis arriba, apréciase o predominio dun *xénero* sobre o outro, polo que se realizan as probas estatísticas necesarias para comprobar esta observación. Por conseguinte, extraemos a mediana de realizacións, que se aprecian bastante próximas entre mulleres (0,34) e homes (0,93). Ao aplicarmos a proba Kruskal-Wallis,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os resultados para a variábel *xénero* supón o 0,629, é dicir, a diferenza entre mulleres e homes é estatisticamente insignificante.

A continuación, calculamos as medianas do *nivel de estudos* (primarios 1,51, secundarios 0,34 e universitarios 0,34). As probas estatísticas determina que a significación é de 0,518, polo tanto, non existe relación.

Por último, obtemos os datos correspondentes á *lingua habitual* (galego 0,17, galego e español 1,51 e español 0,48). A proba Kruskal-Wallis apunta un índice de significación de 0.042, de modo que a relación entre esta variábel e a desaparición de [s̪] é significativa. Mann-Whitney determina que a diverxencia só se aprecia entre as persoas galegofalantes e as que empregan galego e español (0,042).

Con todo, percibimos que as variantes *xénero* muller, *nivel de estudos* universitarios e *lingua habitual* español son o mesmo grupo de individuos. Noutras palabras, trátase dunha conxunción de elementos que inflúen á vez. Malia esta apreciación, non sempre inflúe na pertinencia da variábel.

A respecto da crase, nos datos da táboa 96 apréciase a predominancia do fenómeno nos homes, pese a que quen encabeza as cifras é Muller1989, cunha media lixeiramente superior que os tres homes, aínda que con menos casos totais que Home1993. Como se comentou máis arriba, nos contextos posíbeis, as mulleres presentan maior índice de crase que de desaparición. Así e todo, temos en conta as probas estatísticas pertinentes para comprobar se o *xénero* repercute sobre o fenómeno e calculamos a mediana de realizacións de mulleres (0,57) e homes (0,76). Kruskal-Wallis dá como resultado 1,000, polo que non existe nada de variación estatística entre estes dous grupos.

Táboa 96: Distribución dos datos de crase e as medias sobre o total de casos, segundo informante do G3. Información das variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	CRASE	MEDIA
Muller1989	Universit.	español	12	0,04
Home1993	Medios	gal. e esp.	23	0,03
Home1988a	Primarios	gal. e esp.	9	0,03
Home1988b	Primarios	galego	5	0,03

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Muller1990	Universit.	español	6	0,02
Muller1993	Universit.	español	3	0,01
Home1991	Medios	galego	0	0,00


De modo semellante, a variábel *nivel de estudos* correspóndese coas seguintes cifras: primarios 0,86, secundarios 0,38 e universitarios 0,65. Segundo as probas estatísticas, a significación é de 0,429, é dicir, non existe relación. Por último, a *lingua habitual* presenta diferentes resultados entre os grupos, conforme falan galego 0,78, galego e español 0,00 e español 2,08. A proba Kruskal-Wallis non se puido aplicar.

3.3.1.4.6. Comparativa entre grupos de idade

Se trasladamos os datos da táboa 81 a unha gráfica, podemos apreciar de forma máis clara a evolución entre os tres grupos de idade. Trátase das medias do corpus de referencia pois, deste modo, diminúen as posíbeis carencias froito da descompensación entre eles.

Na gráfica 7 podemos observar os picos máis elevados do [s̪] e do [r] —para a crase— así como do [p] e do contexto ante pausa —para a desaparición. Por norma xeral, nestes tres grupos, como acontecía no rotacismo, o descenso de uso deste fenómeno segue a orde G1-G2-G3. Pese a todo, existen contextos en que esta tendencia non se cumpre. É o caso, dentro da crase, do [ɣ] e, dentro da desaparición, do [t͡ʃ].

Gráfica 7: Representación das medias de desaparición de [s̪] e crase segundo os contextos fonolóxicos en que pode aparecer e a variábel *idade*.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén hai exemplos en que o G3 presenta maior uso que o G2 —sempre por debaixo do G1—, ofrecendo un panorama semellante ao da aspiración, como ocorre nos contextos ante [β̞], [l], [h] e [ʃ]. Este feito ten que ver co estreito vínculo que a desaparición de [s̪] garda tanto co rotacismo como coa aspiración —*vid. supra1.3.1.4.2*. Con todo, cómpre ter en conta, no tocante aos datos do G3, a disposición que amosan en canto ás variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

Por último, é preciso confirmar se existe algunha relación estatística entre os grupos e estes fenómenos, ademais de revisar se as variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual* teñen repercusión no conxunto de informantes —con independencia dos grupos.

De acordo con este propósito, achamos as medianas. A continuación, analizamos, en primeiro lugar, a desaparición de [s̪]. Atendendo á variábel *idade*, a mediana de casos para o G1 é 3,10, para o G2 é 0,65 e para o G3 é 0,34. Noutras palabras, as medias son próximas entre os dous últimos grupos e afástanse do primeiro deles. Kruskal-Wallis determina que a significación é 0,009, verificando que a distribución das medias non é a mesma entre as tres categorías, polo que a variábel *idade* inflúe neste fenómeno.

Aplicamos a proba *post-hoc* Mann-Whitney para identificar entre que grupos se presenta a maior variación. A conclusión á que se chega á luz dos datos é que o grupo diverxente se trata do G1, pois a respecto do G2 ten significación 0,007 e a respecto do G3 0,025. Por contra, entre o G2 e o G3 a significación é 0,875, polo que actúan dun xeito semellante no uso deste fenómeno.

En canto ao *xénero*, a mediana de casos é bastante próxima entre mulleres (0,78) e homes (2,12). Kruskal-Wallis estabelece a significación en 0,318, de modo que non existe relación entre esta variábel e a desaparición de [s̪].

No tocante ao *nivel de estudos*, as medianas son as seguintes: sen estudos (4,38), primarios (1,86), secundarios (0,34) e universitarios (0,48). Segundo as probas estatísticas, a significación é de 0,080, é dicir, non existe relación.

Finalmente, as medias da *lingua habitual* para galego (1,54), galego e español (0,50) e español (0,48) están moi próximas entre si de novo as dúas últimas e afastadas da primeira. Kruskal-Wallis determina que non se poden aplicar as probas estatísticas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En segundo lugar, no que atinxe á crase, a variábel *idade* presenta unha mediana de realizacións de 2,88 para o G1, 2,15 para o G2 e 2,51 para o G3. Como se pode observar, as medias dos tres grupos son próximas entre si. Conforme indica Kruskal-Wallis, a significación é de 0,692, polo tanto, non existe relación entre a variábel *idade* e a crase.

Por outra parte, a mediana de casos para o *xénero* é bastante próxima entre mulleres (1,82) e homes (2,68). As probas estatísticas confirman que non existe relación entre esta variábel e a crase (0,817).

En canto ao *nivel de estudos*, os datos son bastante similares: sen estudos (2,40), primarios (2,78), secundarios (2,15) e universitarios (1,57). Polo tanto, enténdese ben por que Kruskal-Wallis indica que non existe relación estatística ningunha (0,733).

Para rematar, a variábel *lingua habitual* presenta as seguintes medias: galego (2,62), galego e español (1,16) e español (2,51). Non se poden aplicar as probas estatísticas, con todo, as medias apuntan unha pequena diferenza entre o segundo grupo e os outros dous nesta variábel.

3.3.1.5. Palatalización

A palatalización designa o proceso polo cal un determinado elemento adquire carácter palatal. No presente estudo, o segmento afectado é o fricativo apicoalveolar, que se realiza cun trazo [+posterior] do esperábel.

Bateman (2011: 589-590) describe dous tipos diferentes de palatalización. Por unha banda, a que ten que ver coa influencia exercida por un segmento palatal posterior. Por outra banda, aquela na que un segmento torna palatal sen necesidade de influencias próximas, Esta segunda opción é a que nos atinxe. Entre moitas posíbeis denominacións, a autora recolle a de *palatalización*, que empregaremos de aquí en diante:

> [T]he change in place (toward palatal) and often manner of articulation in a palatalizing context, /k/ → [t͡ʃ] or /t/ → [t͡ʃ], has been referred to as *tongue-fronting* with simultaneous *spirantization* (Bhat 1978), *palatalization* (Fromkinetal 2011), *coronalization* (Hume 1994 for velars becoming coronals, /k/ → [t͡ʃ]), *posteriorization* (Halland Hamann 2006), or *full palatalization* (Bateman 2007) (Bateman, 2011: 589)


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A evolución deste fenómeno é a oposta á dos tres xa analizados, pois supuñan un debilitamento do segmento, mentres que, neste caso, ten lugar un endurecemento. É dicir, a dificultade articulatoria que implica realizar unha fricativa palatal é maior da que carrexan, por exemplo, unha fricativa apical, unha aproximante alveolar ou unha fricativa glotal dado o esforzo articulatorio que implica para o órgano móbil situarse máis atrasado.

3.3.1.5.1. Análise espectrográfica das realizacións da palatalización

Entres as poucas referencias que se rexistran deste fenómeno en galego, só Fernández Rei (1990: 56) ofrece unha aproximación fonética ao describilo como "un s apical algo palatalizado ou ben [ʃ]". Secasí, non existe unha proba que demostre de forma clara se unha realización é máis ou menos palatal. Acusticamente apréciase a diferenza, pero con dificultades e sempre dentro dun abano.

Imaxe 14: Espectrograma da realización *tres chalés*, marcando o[s̪] final palatalizado. Informante M1946.



A imaxe 14 correspóndese con dous casos de palatalización. O primeiro deles, *tre*[ʃ], pode estar motivado pola africada palatal seguinte. En cambio, o segundo, *chalé*[ʃ], non ten ningún segmento que poida influír sobre el.


Conforme as indicacións de Martínez Celdrán (2002: 81-82), as diferenzas básicas entre as fricativas apical e palatal obsérvanse a simple vista pola masa de intensidade que presentan no espectrograma. Se queremos botar man dalgún dato máis preciso, este autor propón catro indicadores: frecuencia do comezo, frecuencia máxima de intensidade,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intensidade de pico e intensidade global. As cifras que definen a fricativa palatal serían, nesa orde, 2123Hz, 3508Hz, 65.29Db e 59.19Db.

No caso concreto da imaxe 14, os datos son 1969Hz, 2919Hz, 66.65Db e 65.42Db. Polo tanto, estamos ante unha fricativa palatal. O mesmo ocorre coa imaxe 15, que amosa este mesmo segmento palatalizado, cos datos 1816Hz, 3102Hz, 61.90Db e 59.14Db,.

Imaxe 15: Espectrograma da realización *dúas femias*, marcando o [ʃ] final procedente da palatalización. Informante H1941.



3.3.1.5.2. Os contextos fónicos da palatalización

Para o caso do galego contamos con algunhas descricións do fenómeno que nos indican a realización e os contextos (Fernández Rei, 1990: 56). A este respecto, Regueira describe, en relación co portugués, o caso da palatalización da seguinte maneira:


> Estes procesos teñen que considerarse independentes respecto do portugués e tamén entre as áreas galegas en que se ten constatado, xa que non hai indicios de que se trate de difusión. No portugués este cambio rexístrase xa na Idade Media (Cardeira 2001) e a idea xeral é que se difundiu de sur para norte. Regueira (2015: 34-35)

Ademais, este mesmo autor considera que a distribución deste fenómeno na área analizada (Mazaricos) se restrinxe ao contexto de "Fin de enunciado (ante pausa)". Debido á falta de estudos en que se describan detalladamente os usos deste fenómeno en galego, botamos man do material para o portugués. Na bibliografía revisada non se ofrece unha descrición dos contextos ante os que se dá a palatalización, pero explícase o motivo da súa aparición e achégase a súa distribución xeográfica. Lima e Scherre (2015: 310) lembran que estes estudos:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> versam sobre o /S/ em posição pós-vocálica (SARAIVA, 2000; PEDROSA, 2009) apontam que a coda silábica é uma posição que favorece bastante o fenômeno da variação. Nesta posição, o /S/ não apresenta valor distintivo, mas, sim, uma variação linguística.

A carencia de valor distintivo é a que permite a palatalización, mais tamén calquera dos fenómenos vistos: rotacismo, aspiración e desaparición/crase de [ʂ]. A propósito desta idea, Lipski (1986: 142) estabelece que nalgúns dialectos do portugués "/s/ is palatalized to [š] in preconsonantal and in phrase-final position" e enuncia a hipótese mediante a seguinte regra:




Non obstante, o patrón non recolle con exactitude a realidade do fenómeno para o caso concreto da Illa de Ons. Como veremos máis adiante e salvo contadas excepcións, os contextos redúcense a: ante consoante oclusiva non voceada e ante pausa. Retomando o artigo de Regueira (2015: 34-35), o contexto ante pausa coincide, mais ante oclusiva non voceada neste estudo a realización case exclusiva é a aspiración.

En canto á distribución xeográfica da palatalización, en Portugal forma parte do *padrão*. Xa que logo, a día de hoxe, trátase dunha distribución máis sociolectal que xeográfica. Do outro lado do Atlántico, no Brasil, segundo Lima e Scherre (2015: 309), o mapa de distribución e porcentaxe de uso deste fenómeno é o seguinte (imaxe16):

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 16: Distribución da palatalización de [ʂ] en coda no portugués do Brasil.



As autoras afirman que se trata dun fenómeno moi corrente no país. Do mesmo xeito, inciden na diferenza porcentual existente entre a posición final e medial[21], pois esta última é a máis produtiva:

21 Para este traballo non diferenciamos entre estas dúas posicións dado que as porcentaxes de uso eran semellantes en todos os casos, polo que se decidiu considerar todo en conxunto. Ademais o número de casos era demasiado baixo como para poder levar a diante este tipo de análise.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Observando o mapa, a palatalização do /S/ se mostra bastante produtiva no português brasileiro. Quando temos a variante palatal em posição de coda medial e final, a divisão apresenta uma maior ocorrência em posição medial (Lima e Scherre, 2015: 310)

No ámbito xeográfico do galego, de acordo con Fernández Rei (1990: 56), o fenómeno da palatalización "rexístrase moi esporadicamente [...] pero nalgún punto do Morrazo é case sistemático". Este dato resulta de especial relevancia, xa que coincide coa demarcación comarcal do presente estudo.

Por outra parte, Freixeiro Mato (2006: 168) apunta, na súa gramática, a respecto dos sistemas de sibilantes, tres aspectos que debemos considerar. En primeiro lugar, no *sistema occidental* con *seseo predorsodental* "en posición implosiva a realización do arquifonema normalmente é apicoalveolar e non predorsodental, aínda que en posición final ante pausa tamén se pode realizar como palatal".

En segundo lugar, no *sistema despalatalizador* "en posición implosiva ante pausa o arquifonema pode realizarse máis ou menos palatalizado segundo os falantes". Por último, no *sistema innovador* "[e]n posición posnuclear /s/ pode realizarse como apicoalveolar ou palatal". Segundo esta última referencia, a palatalización prodúcese en posición final ante pausa[22].

Táboa 97: Distribución da palatalización de *-s* en coda silábica atendendo ao contexto fonético en que pode aparecer. Datos totais e medias divididas segundo a variábel *idade*.

	G1	G2	G3
[β]	0	0	0
[ð]	1	0	0
[ɣ]	0	0	0
[m]	0	0	0
[n]	2	0	0

	G1	G2	G3
[β]	0,00	0,00	0,00
[ð]	0,00	0,00	0,00
[ɣ]	0,00	0,00	0,00
[m]	0,00	0,00	0,00
[n]	0,01	0,00	0,00

22 A esta disposición axústanse os exemplos ofrecidos por Fernández Rei (1990: 56).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[l]	0	0	0	[l]	0,00	0,00	0,00
[ʎ]	0	0	0	[ʎ]	0,00	0,00	0,00
[f]	0	0	0	[f]	0,00	0,00	0,00
[x]	0	0	0	[x]	0,00	0,00	0,00
/s/	0	0	0	/s/	0,00	0,00	0,00
[θ]	0	0	0	[θ]	0,00	0,00	0,00
[ʃ]	0	0	0	[ʃ]	0,00	0,00	0,00
[r]	0	0	0	[r]	0,00	0,00	0,00
[t͡ʃ]	0	0	0	[t͡ʃ]	0,00	0,00	0,00
[p]	5	0	0	[p]	0,01	0,00	0,00
[t]	15	0	0	[t]	0,02	0,00	0,00
[k]	33	1	0	[k]	0,06	0,00	0,00
PSA	82	8	0	PSA	0,06	0,01	0,00
VGL	13	1	0	VGL	0,02	0,00	0,00
TTL	151	10	0	TTL	0,03	0,00	0,00

Conforme aos datos extraídos do corpus, dispostos de acordo co contexto e co grupo de idade, constatamos que este fenómeno ten lugar ante pausa ou consoante oclusiva non voceada case exclusivamente (táboa 97). Tamén aparece en bastantes ocasións ante vogal e, só no G1, de xeito esporádico, ante nasal alveolar e aproximante voceada dental. Ademais, sobresae o número de casos rexistrados no G1 fronte ao do G2, onde semella un fenómeno case residual. Na mesma liña, no G3 non se recolleu exemplo ningún.

3.3.1.5.3. Grupo 1

Este grupo é o que maior número de casos de palatalización presenta, tanto totais como de media (táboa 97). Segundo os datos da táboa 98, a posición ante pausa é o contexto que máis favorece este fenómeno

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(un 7% do total de casos). Os seguintes son, por orde, as oclusivas non voceadas (velar 6%, dental 2% e bilabial 1%) e a vogal (2%). De modo semellante, atopamos exemplos illados ante nasal alveolar (dous casos que representan o 1%) e aproximante dental (un só caso). No conxunto de datos recollidos de [s̪] en coda silábica para este grupo de idade, a palatalización ten unha representación do 3%.

Táboa 98:Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* palatalizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1.

	TTL	ROT	PORC
[β̪]	212	0	0%
[ð̪]	286	1	0%
[m]	186	0	0%
[n]	141	2	1%
[l]	32	0	0%
[ʎ]	32	0	0%
[f]	101	0	0%
[h]	44	0	0%
/s/	105	0	0%
[θ]	1	0	0%
[ʃ]	32	0	0%
[r]	20	0	0%
[t͡ʃ]	14	0	0%
[p]	415	5	1%
[t]	821	15	2%
[k]	544	33	6%
PSA	1264	83	7%
VGL	793	13	2%
TTL	5043	152	3%

Á luz dos datos analizados, este fenómeno parece producirse cando o contexto seguinte non presenta o trazo [+voceado], é dicir, en posición final ou ante oclusiva non voceada. O feito de que a palatalización teña lugar ante vogal son difíciles de explicar. En cambio, os exemplos ante nasal e aproximante parecen extensións puntuais do fenómeno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 99:Distribución de *-s* palatalizado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1, dividido segundo a variábel *xénero*.


	M.PAL	M.TOT	PORC	H.PAL	H.TOT	PORC
[β]	0	103	0%	0	109	0%
[ð̞]	0	157	0%	1	129	1%
[m]	0	102	0%	0	82	0%
[n]	1	84	1%	1	57	2%
[l]	0	16	0%	0	16	0%
[ʎ]	0	21	0%	0	11	0%
[f]	0	66	0%	0	35	0%
[h]	0	23	0%	0	21	0%
/s/	0	55	0%	0	51	0%
[θ]	0	1	0%	0	0	0%
[ʃ]	0	12	0%	0	20	0%
[r]	0	13	0%	0	7	0%
[t͡ʃ]	0	12	0%	0	2	0%
[p]	3	240	1%	2	175	1%
[t]	10	470	2%	5	349	1%
[k]	20	261	8%	13	249	5%
PSA	59	572	10%	24	695	3%
VGL	5	468	1%	8	376	2%
TTL	98	2676	4%	54	2384	2%

Como amosa a táboa 99, a variábel *xénero* ten certo peso sobre a palatalización. Esta preeminencia atinxe tanto á porcentaxe que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

representa sobre o total, como aos contextos concretos (agás ante vogal e ante [ð̞]). O caso da nasal alveolar é diferente, pois presenta o mesmo número de exemplos, malia que para as mulleres supón o 1% e para os homes o 2%. No resto de contextos, o maior número de ocorrencias correspóndese co grupo das mulleres. Cómpre destacar que a diferenza a respecto desta variábel non é excesiva dado o baixo número de exemplos. Esta análise pódese apreciar con maior claridade na gráfica 8, en que a cor azul representa as realizacións das mulleres e a vermella as dos homes.

Gráfica 8: Representación das porcentaxes de uso de *-s* palatalizado no G1 segundo contexto fonolóxico en que pode aparecer e a variábel *xénero*.



Se revisamos os datos do corpus B (táboa 100), os contextos predominantes volven ser ante pausa e ante oclusiva non voceada, con porcentaxes próximas ao 100%. Por outra parte, é preciso salientar o que acontece coa africada. No corpus de referencia non hai rexistros, probabelmente debido ao baixo índice de exemplos ante ese contexto. Así e todo, no corpus B a representatividade é bastante elevada (27%). Ademais, o fenómeno rexístrase tamén ante nasal bilabial e fricativa labiodental (un e dous exemplos respectivamente).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Táboa 100: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* palatalizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G1. Datos do corpus B.

	TTL	PALAT	PORC
[β]	22	0	0%
[ð̞]	36	0	0%
[m]	22	1	5%
[n]	26	0	0%
[l]	18	0	0%
[ʎ]	12	0	0%
[f]	20	2	10%
[h]	23	0	0%
/s/	19	0	0%
[θ]	-	-	-
[ʃ]	10	0	0%
[r]	6	0	0%
[t͡ʃ]	11	3	27%
[p]	27	27	100%
[t]	33	32	97%
[k]	21	21	100%
PSA	122	118	97%
VGL	18	1	6%
TTL	446	205	46%


Á hora de determinar se os segmentos do corpus B están palatalizados, recorremos aos índices descritos por Martínez Celdrán, así como ao experimento realizado por Regueira (2015) con informantes de Mazaricos. Neste último, achégase unha comparación dos espectros das fricativas —palatal e apical— en ataque silábico coas realizacións en coda. En base ao perfil dos espectros, determínase se existe tendencia á palatalización.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 17: Comparativa de espectros de [ʃ] en ataque e coda de sílaba. Caso portugués. Regueira (2015).




Imaxe 18: Comparativa de espectros de [ʃ] en ataque e coda de sílaba. Caso Mazaricos. Regueira (2015).



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 19: Comparativa de espectros de [s̪] e [ʃ] en ataque de sílaba coa sibilante en distintos contextos ante oclusivas e a africada. Medias extraídas de M1946 e H1941 do Corpus B.



Nas imaxes 17 e 18 o perfil do espectro das fricativas en ataque silábico e en coda coincide, cunha redución mínima da intensidade entre o primeiro e o segundo. En cambio, no caso da Illa de Ons, aprécianse menos similitudes. Na imaxe 19, aparecen marcados cun trazo descontinuo os espectros do [s] —vermello— e do [ʃ] —azul— en ataque. Cun trazo máis groso represéntase os perfís de [s] ante [p] en interior de palabra —azul escuro— e ante [t] en límite de palabra —azul máis claro. Estes dous últimos elementos amosan unha tendencia moi semellante á do [ʃ].

O resto de curvas, malia se caracterizaren por unha intensidade máis baixa —arredor dos 10 dB fronte aos 20 dB das tres anteriores—, presentan o pico máis elevado entre os 2000 Hz e os 4000 Hz de frecuencia, igual que acontece co [ʃ] en posición de ataque silábico.

O contexto ante [t͡ʃ] correspóndese cun terceiro perfil que ascende a máis de 30 dB, co punto máis elevado en 4000 Hz. No entanto, a curva continúa a ser a mesma que a do [ʃ] en ataque.

Á luz destes datos, podemos determinar que existen tres patróns de palatalización do [s] en coda silábica: o primeiro correspóndese cos elementos palatalizados de forma plena —ante [p] en interior de palabra e ante [t] en límite de palabra—, o segundo presenta un perfil

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

próximo á palatalización —os demais contextos— e o último constitúe o caso diferencial ante a africada. Os dous primeiros patróns coinciden coa definición que ofrece Fernández Rei (1990: 57) —recuperada despois por Freixeiro Mato (2006: 168). En contraste, o terceiro espectro semella unha coarticulación. Xa que logo, non estariamos ante un perfil de palatal ou prepalatal, senón ante unha articulación próxima á africada.

Co obxectivo de corroborar estes supostos, medimos o centro de gravidade dos segmentos sen alteracións froito do rotacismo, da aspiración e da desaparición de [s̪] ou crase. A continuación, aplicamos a análise cluster, que crea conxuntos de grupos segundo a proximidade dos valores asignados. Deste modo, agrúpanse de forma estatística os casos individuais atendendo a criterios de homoxeneidade. O resultado corrobora o exame realizado, pois detéctanse tres grandes grupos: un unido ás realizacións de [ʃ] en posición de ataque, outro ligado ás realizacións de [s] na mesma posición e un intermedio que forma un macrogrupo co primeiro. En consecuencia, as curvas que teñen o pico máis elevado en torno aos 10 dB están máis próximas dunha realización palatal que dunha apical.

En canto ás probas estatísticas derivadas da relación das variábeis *xénero* e *nivel de estudos* para este fenómeno concreto dentro do G1, comezamos obtendo as medianas dos datos recollidos no corpus de referencia. Para o caso das mulleres, a mediana é de 0,03, no dos homes os índices son de 1,45. Malia a distancia, non é significativa, segundo recolle a proba non paramétrica de w(0,485).

Do mesmo modo, as medianas para o nivel de estudos distribúense da seguinte maneira: persoas sen estudos (3,44) e con estudos primarios (0,99). Outra vez, as probas estatísticas determinan que non se trata dunha variación significativa (0,179).

3.3.1.5.4. Grupo 2

Neste grupo, o fenómeno da palatalización é case inexistente. Atopamos tan só 10 casos distribuídos entre os contextos ante pausa (8 rexistros) e ante vogal e [k] (un en cada). O descenso queda patente tanto nos datos totais como na porcentaxe que representan (táboa 101).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 101: Distribución de *-s* en coda silábica, *-s* palatalizado e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2.

	TTL	ROT	PORC
[β̞]	72	0	0%
[ð̞]	212	0	0%
[ɣ̞]	10	0	0%
[m]	107	0	0%
[n]	49	0	0%
[l]	23	0	0%
[ʎ]	7	0	0%
[f]	4	0	0%
[h]	5	0	0%
/s/	49	0	0%
[θ]	67	0	0%
[ʃ]	7	0	0%
[r]	34	0	0%
[t͡ʃ]	5	0	0%
[p]	261	0	0%
[t]	508	0	0%
[k]	275	1	0%
PSA	753	8	1%
VGL	538	1	0%
TTL	2986	10	0%

Os contextos que se conservan neste grupo coinciden cos máis favorábeis para a palatalización no G1. Outra vez, presenta maior índice de uso o contexto de posición final ante pausa. Ademais, se se distribúen os datos entre mulleres e homes, o fenómeno parece practicamente exclusivo delas (táboa 102).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 102: Distribución de *-s* palatalizado, *-s* en coda silábica e porcentaxe que representa en cada un dos contextos fonéticos en que pode aparecer no G2, dividido segundo a variábel *xénero*.

	M.PAL	M.TTL	PORC	H.PAL	H.TTL	PORC
[β]	0	30	0%	0	42	0%
[ð]	0	95	0%	0	117	0%
[ɣ]	0	2	0%	0	8	0%
[m]	0	53	0%	0	54	0%
[n]	0	27	0%	0	22	0%
[l]	0	16	0%	0	7	0%
[ʎ]	0	4	0%	0	3	0%
[f]	0	30	0%	0	19	0%
[h]	0	1	0%	0	3	0%
/s/	0	30	0%	0	37	0%
[θ]	0	3	0%	0	2	0%
[ʃ]	0	3	0%	0	4	0%
[r]	0	21	0%	0	13	0%
[t͡ʃ]	0	2	0%	0	3	0%
[p]	0	111	0%	0	133	0%
[t]	0	248	0%	0	260	0%
[k]	1	141	1%	0	134	0%
PSA	8	383	2%	0	370	0%
VGL	0	230	0%	1	308	0%
TTL	9	1430	1%	1	1539	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste grupo de idade apréciase unha notable diferenza entre mulleres e homes en canto á palatalización. Do mesmo xeito, observamos unha distribución de contextos, pois o único caso ante vogal supón tamén o único caso do grupo de homes. Con todo, é interesante comprobar a distribución do fenómeno segundo as persoas informantes.

Táboa 103: Distribución dos datos de *-s* palatalizados totais e medianas que representan, divididos segundo informante do G2. Información da variábel *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

XÉNERO	ESTUDOS	L. HABIT.	PALAT.	MEDIA
Muller1961	Primarios	gal. e esp.	6	0,01
Muller1971	Primarios	galego	2	0,01
Muller1973	Medios	galego	1	0,01
Home1966	Primarios	español	1	0,00

Na táboa 103 rexístranse os casos de palatalización das persoas informantes xunto coas medias que representan sobre o total de casos nese contexto. Á luz dos datos, podemos comprobar que nas mulleres o fenómeno desenvólvese de maneira uniforme, mentres que nos homes o seu uso é anecdótico. Do mesmo modo, parece haber unha correspondencia entre o *nivel de estudos* e o uso da palatalización. Na *lingua habitual* non se percibe unha tendencia clara.

Con todo, aplicamos as probas estatísticas sobre o total de persoas deste grupo de idade para comprobarmos se as apreciacións son correctas. En canto á variábel *xénero*, tanto as mulleres coma os homes mostran unha mediana de 0,00, con toda seguridade derivado do baixo número de persoas que presentan este fenómeno. A este respecto, Kruskal-Wallis estabelece que non se dá correspondencia significativa, cun índice de 0,284.

En canto á variábel *nivel de estudos*, as medianas volven ser 0,00 para todos os grupos. E as probas estatísticas corroboran esta apreciación (0,861). Finalmente, na variábel *lingua habitual*, atopamos que tanto as persoas que empregan o galego só como xunto co español, a mediana é 0,00, mentres que as que empregan como lingua habitual só o español teñen, curiosamente, unha mediana de 0,04. A proba estatísticas non se poden aplicar. Con todo, a diferenza entre os grupos é tan reducida que non debería ter significación estatística.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


3.3.1.5.5. Grupo 3

Neste grupo non rexistramos ningún caso de palatalización. Esta deriva (152-10-0) entronca coa dos outros fenómenos analizados.

3.3.1.5.6. Comparativa entre grupos de idade

Debido ao baixo número de casos e de informantes, non é posible facer unha análise estatística do fenómeno. Para maior esquematismo, na gráfica 9 presentamos os datos ponderados da palatalización atendendo aos grupos de idade co fin de comparar a tendencia de uso.

Gráfica 9: Representación dos datos totais de *-s* palatalizado, segundo o contexto fonolóxico en que pode aparecer e a variábel *idade*.



O G1, marcado en azul, presenta un pico elevado nos contextos ante consoante oclusiva non voceada, pausa e vogal. Ademais, detectamos dúas achegas ante aproximante dental e nasal alveolar. En cambio, o G2, en vermello, mostra un pico con menor altitude no contexto ante pausa, vogal e oclusiva non voceada velar. Apréciase, xa que logo, unha diminución deste fenómeno que culmina coa ausencia de palatalización no G3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.1.6. Comparativa entre os fenómenos que actúan na coda silábica

Neste punto estudaremos o uso do rotacismo, a aspiración, a desaparición de [s̪] e crase e a palatalización ante cada un dos contextos vistos. O obxectivo desta análise é detectar a distribución destes fenómenos de acordo cos contextos nos que aparecen. Por conseguinte, para evitar que as porcentaxes resulten demasiado reducidas, desbotamos os datos do mantemento de [s̪].

Táboa 104: Alteracións de *-s* en coda silábica afectado polos fenómenos do rotacismo, a aspiración, a desaparición de [s̪] e crase e a palatalización. Distribución dos datos totais e porcentuais, atendendo os contextos fonolóxicos en que poden aparecer.

	ROT	ASP	DESP	PLT	TTL
[β̪]	199	4	17	0	220
[ð̪]	309	1	14	1	325
[ɣ̪]	1	0	3	0	4
[m]	174	7	30	0	211
[n]	101	4	32	2	139
[l]	30	0	5	0	35
[ʎ]	10	0	26	0	36
[f]	69	2	15	0	86
[h]	19	0	24	0	43
/s/	8	0	162	0	170
[θ]	1	1	0	0	2
[ʃ]	0	0	26	0	26
[r]	0	0	69	0	69
[t͡ʃ]	3	0	1	0	4

	ROT	ASP	DESP	PLT
[β̪]	90%	2%	8%	0%
[ð̪]	95%	0%	4%	0%
[ɣ̪]	25%	0%	75%	0%
[m]	82%	3%	14%	0%
[n]	73%	3%	23%	1%
[l]	86%	0%	14%	0%
[ʎ]	28%	0%	72%	0%
[f]	80%	2%	17%	0%
[h]	44%	0%	56%	0%
/s/	5%	0%	95%	0%
[θ]	50%	50%	0%	0%
[ʃ]	0%	0%	100%	0%
[r]	0%	0%	100%	0%
[t͡ʃ]	75%	0%	25%	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[p]	4	52	76	5	137
[t]	2	33	13	15	63
[k]	0	25	24	34	83
PSA	5	16	110	91	222
VGL	1	3	28	14	46
TTL	936	148	675	162	1921

[p]	3%	38%	55%	4%
[t]	3%	52%	21%	24%
[k]	0%	30%	29%	41%
PSA	2%	7%	50%	41%
VGL	2%	7%	61%	30%
TTL	49%	8%	35%	8%

Na distribución total das porcentaxes recollidas na táboa 104, sobresae o rotacismo (49%), seguido da desaparición de [ʂ] e crase (35%). Cabe resaltar que a crase atinxe case un terzo do total de casos de desaparición, acadando un índice superior ao 95% nos contextos en que aplica. Finalmente, a palatalización e a aspiración amosan ambas as dúas unha distribución contextual semellante, cun 8%.


A respecto do número de casos por contexto, advírtese unha diferenza considerábel entre eles, pois os datos oscilan entre os 2 exemplos da fricativa interdental e os 325 da aproximante dental voceada. Por seren os menos recorrentes, vanse tratar con precaución os contextos [ɣ], [θ] e [t͡ʃ].

3.3.1.6.1. Análise porcentual e de distribución dos fenómenos

Para maior claridade, na gráfica 10 recollemos as distribucións porcentuais de cada un dos fenómenos conforme ao contexto ante o que actúan. En concreto, o azul representa os casos de rotacismo, o verde os de desaparición de [ʂ] e crase, o vermello os de aspiración e o morado os de palatalización.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 10: Representación dos datos porcentuais de *-s* en coda silábica atendendo os contextos fonolóxicos en que poden aparecer e os fenómenos polos que se pode ver afectado.



O rotacismo e a desaparición de [s̪] e crase superan en uso os demais fenómenos e maioritariamente coinciden en contextos. En contraste, ante /s/, [ʃ] e [r] obsérvase unha tendencia diferente, pois son contextos propios da crase consonántica e, xa que logo, predomina a desaparición de [s̪]. Por último, ante oclusivas non voceadas, pausa e vogal sobresaen a palatalización e a aspiración. A desaparición froito da aspiración tamén está presente, en boa medida, nestes contextos.

Non obstante, é preciso comprobar, a través das probas estatísticas, esta distribución. Deste xeito, os resultados para a media de cada un dos contextos é o seguinte:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 105: Distribución das medias dos catro fenómenos analizados segundo o contexto fonolóxico.

	[β̞]	[ð̞]	[ɣ̞]	[m]	[n]	[l]	[ʎ]	[f]	[h]	/s/
ROT	0,90	0,95	0,25	0,83	0,73	0,86	0,28	0,80	0,45	0,04
ASP	0,02	0,00	0,00	0,03	0,03	0,00	0,00	0,02	0,00	0,00
DES	0,08	0,04	0,75	0,14	0,23	0,14	0,72	0,17	0,55	0,96
PAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

	[θ]	[ʃ]	[r]	[t͡ʃ]	[p]	[t]	[k]	PSA	VGL	TTL
ROT	0,50	0,00	0,00	0,75	0,03	0,03	0,00	0,02	0,02	0,5
ASP	0,50	0,00	0,00	0,00	0,38	0,52	0,30	0,07	0,09	0,1
DES	0,00	1,00	1,00	0,25	0,55	0,22	0,29	0,50	0,60	0,4
PAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,04	0,23	0,41	0,41	0,30	0,1

As medias dan conta de certa variabilidade duns contextos a outros. Este dato pode responder a unha distribución dependente do elemento que segue o [s̪] na cadea fónica. Para comprobar se estas diferenzas son significativas, aplicamos a proba non paramétrica Kruskal-Wallis. Tal e como aparece reflectido na táboa 106, agás no caso de [ɣ̞], [θ], [t͡ʃ] e [t], o resto de elementos está por debaixo de 0,05, polo tanto, a escolla de cada fenómeno e o contexto gardan relación directa.

Táboa 106: Resultado da proba non paramétrica Kruskal-Wallis, que determina se existe normalidade nos datos segundo as variábeis (neste caso *contexto fonolóxico*). A proba é positiva con valores inferiores a 0,050.

[β̞]	[ð̞]	[ɣ̞]	[m]	[n]	[l]	[ʎ]	[f]	[h]	/s/
0,000	0,000	0,296	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000	0,000

[θ]	[ʃ]	[r]	[t͡ʃ]	[p]	[t]	[k]	PSA	VGL
0,570	0,000	0,000	0,110	0,000	0,210	0,007	0,000	0,000

A continuación, aplícase a proba Mann-Whitney para determinar cales son os fenómenos que presentan diverxencia entre si (táboa 107). Tal e como xa se apuntou máis arriba, os contextos [ɣ̞], [θ] e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[t͡ʃ] contan cun volume de datos demasiado baixo como para poder sacar conclusións fidedignas, de aí que nos resultados sexan os únicos casos en que non haxa diverxencias. Dito noutras palabras, esta proba estatística determina que todos os fenómenos da coda silábica teñen unha representatividade igual de significativa ante estes tres sons consonánticos, malia ser unha idea contraintuitiva.

Táboa 107: Resultados da proba Mann-Whitney, que estabelece a relación existente entre as distintas variábeis. O valor de significación é 0,050.

	[β̞]	[ð̞]	[ɣ̞]	[m]	[n]	[l]	[ʎ]	[f]	[h]	/s/
R-A	0,000	0,000	0,317	0,000	0,000	0,000	0,079	0,000	0,001	0,042
R-D	0,000	0,000	0,569	0,000	0,014	0,005	0,057	0,008	0,608	0,000
R-P	0,000	0,000	0,317	0,000	0,000	0,000	0,079	0,000	0,001	0,042
A-D	0,281	0,012	0,155	0,060	0,056	0,042	0,002	0,023	0,003	0,000
A-P	0,042	0,986	1,000	0,022	0,155	1,000	1,000	0,317	1,000	1,000
D-P	0,006	0,014	0,155	0,000	0,001	0,042	0,002	0,006	0,003	0,000

	[θ]	[ʃ]	[r]	[t͡ʃ]	[p]	[t]	[k]	PSA	VGL
R-A	0,986	1,000	1,000	0,079	0,003	0,043	0,002	0,082	0,079
R-D	0,317	0,001	0,000	0,327	0,003	0,155	0,003	0,007	0,003
R-P	0,317	1,000	1,000	0,079	0,924	0,045	0,000	0,000	0,011
A-D	0,317	0,001	0,000	0,317	0,932	0,503	0,672	0,211	0,080
A-P	0,317	1,000	1,000	1,000	0,001	0,938	0,626	0,006	0,269
D-P	1,000	0,001	0,000	0,317	0,001	0,546	0,287	0,124	0,523

Descartando eses tres contextos xa comentados, no resto de posibilidades corroboramos as apreciacións iniciais vistas a través das porcentaxes na gráfica 10. É dicir, atopamos determinados fenómenos que gozan de maior presenza en determinados contextos, dando lugar a que, entre estes e o resto de fenómenos, non se estabeleza unha pauta de uso semellante, senón todo o contrario. Noutras palabras, cada fenómeno posíbel de alteración do *–s* en coda silábica ten uns contextos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

propios ou nos que é maioritario.

Do mesmo modo, certos contextos son compartidos por dous ou máis fenómenos, dando lugar nos datos analizados da táboa 107 a puntos de relación elevados, que neste caso evidéncianse a través de significacións superiores a 0,050.

Por outra parte, na táboa 108 obsérvase a diferenza que as medianas de uso do rotacismo, da aspiración, da desaparición de [s̪] e crase e da palatalización presentan a respecto das variábeis *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

Táboa 108: Medianas dos usos dos catro fenómenos analizados, distribuídos atendendo ás variábeis *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	Rot	Asp	Des	Pal
G1	53,20	4,71	20,19	5,56
G2	47,22	0,00	33,33	0,00
G3	10,00	10,00	78,69	0,00
Muller	51,57	4,03	22,19	4,22
Home	52,18	0,23	36,39	0,00
Sen Est.	49,49	8,13	28,75	8,22
Primar.	51,57	1,08	28,73	0,23
Secund.	60,00	13,51	20,00	0,00
Univers.	6,56	10,00	80,00	0,00
Galego	51,57	3,79	27,96	3,47
Gal.Esp.	59,46	2,38	25,00	0,00
Español	6,56	10,00	80,00	0,00

Para a variábel *idade*, a mediana de cada un dos fenómenos é a que se recolle na táboa 108. Como se pode observar, existe unha clara tendencia á desaparición dos fenómenos tanto do rotacismo como da aspiración e, sobre todo, da palatalización. Pola contra, a desaparición increméntase conforme descende a idade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así e todo, segundo Kruskal-Wallis non existe relación significativa para o rotacismo (0,227), a aspiración (0,442) nin a desaparición (0,092), mentres que si para a palatalización (0,003). Neste caso, aplicamos a proba Mann-Whitney e identifica esta variación entre o G1 e o G3 (0,005) así como entre o G2 e o G3 (0,022). É, por tanto, no G3 onde se producen realizacións anómalas a respecto dos outros dous grupos de idade.

En canto ao *xénero*, apenas se aprecian grandes variacións entre mulleres e homes. As probas estatísticas así o confirman no rotacismo (0,293), a aspiración (0,700) e a desaparición (0,203). De novo, a nota discordante aparece na palatalización, onde o índice de significación é 0,038, mostrando unha relación directa entre esta variábel e o uso deste fenómeno.

O *nivel de estudos* segue a mesma tendencia, así o marca tamén Kruskal-Wallis. Só a palatalización ten unha compoñente de variación relacionada con esta variábel (0,026). Mann-Whitney estabelece esa variación tan só entre as persoas sen estudos e as de estudos universitarios (0,004).

Finalmente, nas medianas da *lingua habitual* apréciase a mesma tendencia que no resto de variábeis. Así e todo, Kruskal-Wallis non identifica que esa variación sexa significativa (rotacismo 0,513, aspiración 0,286, desaparición 0,117 e palatalización 0,064).

Procedemos, por último, a ver se dentro de cada grupo de idade existe variación con pertinencia estatística.

3.3.1.6.2. Grupo 1

Neste grupo de idade é onde, aparentemente, menor variación imos atopar. Así e todo, na táboa 109 apreciamos que as medianas teñen certa distancia nalgúns dos fenómenos, máis concretamente na palatalización con respecto ao *xénero*.

Táboa 109: Medianas dos usos dos catro fenómenos analizados no G1, distribuídos atendendo ás variábeis *xénero* e *nivel de estudos*.

	Rot	Asp	Des	Pal
Muller	54,55	4,07	20,00	9,76
Home	51,85	5,56	20,37	0,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sen Est.	49,49	8,13	28,75	8,22
Primar.	55,93	3,10	20,19	4,22

A este respecto, Kruskal-Wallis determina que tan só se pode falar de variación significativa na palatalización dentro da variábel *xénero* (0,030).

3.3.1.6.3. Grupo 2

O G2 xa amosa maiores distancias nas medianas en todas as variábeis que están en xogo (táboa 110). Nomeadamente, as distancias máis grandes parecen estar no rotacismo e na aspiración.

Táboa 110: Medianas dos usos dos catro fenómenos analizados no G1, distribuídos atendendo ás variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	Rot	Asp	Des	Pal
Muller	30,75	0,23	43,34	0,00
Home	57,14	0,00	25,00	0,00

Primar.	30,75	0,23	43,34	0,00
Secund.	57,14	0,00	28,57	0,00
Univers.	37,50	50,00	12,50	0,00

Galego	7,14	2,02	50,08	0,00
Gal.Esp.	57,14	0,00	33,33	0,00
Español	37,50	50,00	12,50	0,00

As probas estatísticas confirman que tan só existe variación relacionada co *xénero* no rotacismo (0,045). O resto de variábeis non teñen pertinencia estatística.

3.3.1.6.4. Grupo 3

Por último, no G3 atopamos que as medianas poden evidenciar certa relación, sobre todo, no rotacismo (táboa 111). Malia todo, Kruskal-Wallis non ve relevancia estatística en ningún dos casos con relación a ningunha das tres variábeis estabelecidas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 111: Medianas dos usos dos catro fenómenos analizados no G1, distribuídos atendendo ás variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	Rot	Asp	Des	Pal
Muller	6,56	14,75	78,69	0,00
Home	34,73	6,19	53,51	0,00

Primar.	69,02	7,95	23,04	0,00
Secund.	5,00	5,00	90,00	0,00
Univers.	6,56	14,75	78,69	0,00

Galego	69,02	7,95	23,04	0,00
Gal.Esp.	5,00	5,00	90,00	0,00
Español	6,56	14,75	78,69	0,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4. MORFOLOXÍA

Na Illa de Ons identificamos procesos morfolóxicos comúns a outros lugares do territorio lingüístico galego que diverxen da proposta das *NOMIGa*. Na morfoloxía verbal atopamos casos de variación nos morfemas (*colleno*, *collenon* ou *colleron*), no radical dalgúns verbos (*truio* ou *truxo*), na tonicidade (*comiamos* ou *comíamos*), entre outras moitas. Na morfoloxía non verbal áchase variación nos demostrativos indefinidos (*iso* ou *eso*), nalgúns cuantificadores (*moito* ou *muito*), na contracción da preposición *en* co demostrativo definido (*nesta* ou *en esta*) etc.

Neste punto vaise describir a natureza dalgúns dos aspectos morfolóxicos máis destacados co fin de ver a súa ligazón coas variábeis delimitadas para ver a súa influencia no cambio lingüístico na Illa de Ons. Nalgúns casos, as formas verbais que aparecen descritas dialectoloxicamente para os territorios do Morrazo e do Salnés gozan de maior uso entre as persoas do G1 e van cedendo terreo ás normativas no G2 e G3. Noutros, son as formas propias destes lugares as que aparecen nos grupos de idade máis novos en contraposición a formas coincidentes co estándar no G1. Isto mesmo se pode describir para outros fenómenos da morfoloxía non verbal que se analizarán neste epígrafe.

Deste xeito, este cuarto capítulo vai estar dividido en dúas partes: §4.1. Morfoloxía verbal e §4.2. Morfoloxía non verbal, onde se traballarán os fenómenos recollidos resumidamente no primeiro parágrafo, xunto con outros con menor proxección dialectolóxica.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1. Morfoloxía verbal

A morfoloxía verbal é aquela que atinxe o verbo e o seu paradigma. Soborda os límites deste traballo o debate arredor das súas casuísticas. Así e todo, hai algunhas reflexións derivadas sobre a correlación entre significado e representación morfemática que resulta preciso mencionar, pois implican fenómenos analizados nas vindeiras páxinas. É o caso da alomorfia:

> [a]nother major problem that morphological theories must deal with is the disturbance in the one-to-one association of sound and meaning due to allomorphy. There are many cases in which a single semantic unit has multiple surface representations (Bybee, 1985: 6).

Para o caso concreto do galego, é preciso ter en conta, como apunta Dubert (2017: 305), que:

> a concepción da morfoloxía verbal que aparece nas gramáticas galegas actuais (Álvarez *et al.* 1986, Freixeiro Mato 2000, Álvarez / Xove 2002, Fernández Rei 1991 e 1998, Santamarina 1974, véxase tamén Câmara Jr. 1970) encaixa dentro do que se podería denominar modelo *Unidade e Disposición*.

Dito doutro modo, cada morfema en que se divide a palabra desempeña unha función única. Non obstante, esta idea deriva da exclusión da diacronía dentro da análise sincrónica dos elementos. Ademais, Dubert (2017: 312) afirma que "as segmentacións morfolóxicas atípicas efectivamente realizadas polos falantes [...] crean novos problemas relacionados coa exclusión da diacronía á hora de describir unha estrutura sincrónica". De feito, neste estudo, algúns dos elementos que se van analizar, aínda que non se someterán a unha división en morfemas, dependen en gran medida das reinterpretacións realizadas polos falantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.1. Morfema da P6 do pretérito de indicativo

Este morfema[1] presenta, segundo os mapas 11, 58, 131, 147, 189, 264, 364 e 416 do *ALGa* I (1990), as formas *–ron*, *–ran*, *–ren*, *–non* e *–no*. Fernández Rei (1990: 90-91) identifica as formas "*–ran* (Lobios-Ourense) e *–ren* (O Grove-Pontevedra)" como "minoritarias", mentres que *–no* e *–non* teñen unha extensión algo maior, pois están distribuídas polo "occidente coruñés (en Xaviña-Camariñas, *–non*) e puntos esporádicos de Pontevedra (O Morrazo, A Lama, Mos...). En puntos illados lucenses e pontevedreses de *–ron* existe a forma *fono* (de *ir*, *ser*)". Por último, a forma *–ron*, que deriva directamente da latina *–RŬNT*, é a máis empregada no país. Por este motivo, foi a escollida para a norma.

Na Illa de Ons é maioritaria tamén *–ron*, seguida de *–no* e, de forma máis residual, aparece *–non*. Na táboa 112 podemos observar as porcentaxes que representan na súa totalidade. Respectivamente, supoñen o 58%, 39% e 3%.

Táboa 112: Distribución das formas do morfema de P6 do pretérito de indicativo e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	–ron	*–no*	*–non*
G1	71	123	11
	35%	60%	5%
G2	32	0	0
	100%	0%	0%
G3	79	0	0
	100%	0%	0%
TOTAL	182	123	11
	58%	39%	3%

Pola contra, se deluvamos os datos nos tres grupos de idade, destaca a ausencia de formas *–no* e *–non* no G2 e G3, mentres que no G1 a

1 Falamos de morfema en todos os casos que veremos neste epígrafe aínda que, en realidade, se trate de varios amalgamados pois, segundo a reflexión de Dubert (2017: 312) xa vista desde unha perspectiva sincrónica non sempre é doado estabelecer un morfema concreto para un valor determinado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

forma –*ron* é a segunda (35%), por detrás de –*no* (60%). Detéctase, xa que logo, unha mudanza derivada desta variábel, mais poida que actúen sobre o cambio outras como o *xénero* ou o *nivel de estudos*.

Táboa 113: Distribución das formas do morfema de P6 do pretérito de indicativo segundo informante. Datos totais, medias e porcentaxes que representan.

	Dat. totais			Medias			Porcentaxes		
	ron	*no*	*non*	*ron*	*no*	*non*	*ron*	*no*	*non*
Home1915	9	41	4	0,17	0,76	0,07	17%	76%	7%
Muller1924	0	3	0	0,00	1,00	0,00	0%	100%	0%
Muller1925	8	26	2	0,22	0,72	0,06	22%	72%	6%
Muller1930	5	13	0	0,28	0,72	0,00	28%	72%	0%
Home1933	9	0	1	0,90	0,00	0,10	90%	0%	10%
Muller1942	6	8	2	0,38	0,50	0,13	38%	50%	13%
Muller1943	0	8	0	0,00	1,00	0,00	0%	100%	0%
Home1944	14	2	0	0,88	0,13	0,00	88%	13%	0%
Home1946	1	2	0	0,33	0,67	0,00	33%	67%	0%
Muller1946	0	2	0	0,00	1,00	0,00	0%	100%	0%
Muller1948a	0	2	0	0,00	1,00	0,00	0%	100%	0%
Muller1948b	4	3	0	0,57	0,43	0,00	57%	43%	0%
Muller1948c	1	4	2	0,14	0,57	0,29	14%	57%	29%
Home1949a	3	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Home1949b	9	8	0	0,53	0,47	0,00	53%	47%	0%
Muller1952	2	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1954	0	1	0	0,00	1,00	0,00	0%	100%	0%
Muller1961	3	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Muller1962b	6	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1963	1	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1971	14	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Home1973	4	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1973	3	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Home1979	1	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Home1988a	2	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Home1988b	3	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1989	22	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1990	16	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Home1993	21	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%
Muller1993	15	0	0	1,00	0,00	0,00	100%	0%	0%

A táboa 114 mostra o total de informantes que empregaron esta forma no corpus. Secasí, o único grupo en que se aprecia variación é no G1, polo que se restrinxirá a análise a el. Segundo aparece rexistrado na táboa 113, catro dos seis homes superan o 50% de uso do morfema *–ron*, mentres que só dúas mulleres, das once existentes, acadan eses índices. No caso do morfema *–no*, maioritario para o resto das mulleres, é a forma única de cinco delas. Finalmente, debido á escasa representatividade do morfema *–non*, non resulta posíbel estabelecer tendencias.

As medianas de uso destas formas segundo a variábel *idade* (táboa 114) determina para o G1 27,78 (*–ron*) 66,67 (*–no*) e 0,00 (*–non*), mentres que para o G2 e G3 100,00 (*–ron*) e 0,00 o resto. A proba non paramétrica Kruskal-Wallis determina que as formas *–ron* (0,000) e *–no* (0,000) teñen dependencia da variábel *idade*, mentres que a forma *–non* carece dela (0,111). A proba Mann-Whitney identifica os usos diverxentes no G1. Con relación ao G2, a significación é 0,000 (*–ron*) 0,001 (*–no*), mentres que co G3 é 0,001 (*–ron*) 0,002 (*–no*). Por contra, entre o G2 e o G3 os índices son 1,000 tanto para *–ron* como para *–no*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 114: Mediana da frecuencia de uso dos morfemas de P6 do pretérito de indicativo, segundo a variábel *idade*.

	–ron	*–no*	*–non*
G1	27,78	66,67	0,00
G2	100,00	0,00	0,00
G3	100,00	0,00	0,00

En canto ao *xénero*, as medianas (táboa 115) apuntan a unha clara distribución dependente, pois as mulleres presentan 57,14 (*–ron*), 42,86 (*–no*) e 0,00 (*–non*) e os homes 100,00 (*–ron*) e 0,00 o resto. Con todo, Kruskal-Wallis estabelece un índice de significación moi superior ao 0,05 que implique relación entre a variábel e o fenómeno (0,445 *–ron*, 0,350 *–no* e 0,966 *–non*).

Táboa 115: Mediana da frecuencia de uso dos morfemas de P6 do pretérito de indicativo, segundo a variábel *xénero*.

	–ron	*–no*	*–non*
Muller	57,14	42,86	0,00
Home	100,00	0,00	0,00

Na variábel *nivel de estudos* (táboa 116) atopamos as seguintes medianas: sen estudos (25,00 *–ron*, 72,22 *–no* e 0,00 *–non*), primarios (55,04 *–ron*, 44,96 *–no* e 0,00 *–non*), secundarios e universitarios (100,00 *–ron* e 0,00 *–no* e *–non*).

Táboa 116: Mediana da frecuencia de uso dos morfemas de P6 do pretérito de indicativo, segundo a variábel *nivel de estudos*.

	–ron	*–no*	*–non*
Sen Estudos	25,00	72,22	0,00
Primarios	55,04	44,96	0,00
Secundarios	100	0,00	0,00
Universitarios	100	0,00	0,00

As probas estatísticas determinan, igual que acontecía coa *idade*, que existe relación nas dúas primeiras formas (0,002 *–ron* e 0,003 *–no*), mentres que non para a última (0,317 *–non*).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aplicando a proba post-hoc de Mann-Whitney (táboa 117), descubrimos que a variación máis acusada se presenta entre o grupo sen estudos e o de estudos tanto secundarios (0,004 *–ron* e 0,004 *–no*) como universitarios (0,004 *–ron* e 0,004 *–no*). Estes dous grupos tamén amosan certo nivel de distanciamento co de primarios, mais tan só nas formas *–ron*, 0,034 en ambos os casos.

Táboa 117: Resultados da proba *post-hoc* Mann-Whitney para a variábel *nivel de estudos*.

	S.E.-Prim.	S.E.-Sec.	S.E.-Uni.	Prim.-Sec.	Prim.-Uni.	Sec.-Uni.
–ron	0,207	0,004	0,004	0,034	0,034	1,000
–no	0,130	0,004	0,004	0,070	0,070	1,000

Finalmente, na *lingua habitual* atopamos algo semellante. Segundo a táboa 118, as medianas para as persoas galegofalantes son de 52,94 (*–ron*), 100,00 (*–no*) e 0,00 (*–non*) e para os outros dous grupos 100,00 (*–ron*) e 0,00 (*–no* e *–non*). Kruskal-Wallis estabelece os seguintes datos de significación: 0,022 *–ron*, 0,033 *–no* e 0,418 *–non*. Polo tanto, esta variábel é determinante na escolla das dúas primeiras formas, mentres que na segunda é totalmente irrelevante.

Táboa 118: Mediana da frecuencia de uso dos morfemas de P6 do pretérito de indicativo, segundo a variábel *lingua habitual*.

	–ron	*–no*	*–non*
Galego	52,94	47,06	0,00
Gal.Esp.	100,00	0,00	0,00
Español	100,00	0,00	0,00

Mann-Whitney estabelece que a diferenza se acha entre o grupo de galegofalantes e o que emprega galego e español (0,041) tan só para a forma *–ron*, pois entre os outros grupos non hai diferenza en ningún dos morfemas posíbeis para a P6 do pretérito de indicativo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.1.1. Grupo 1

Tal e como se comentou máis arriba, cómpre estabelecer a pertinencia das variábeis á hora de escoller as formas do morfema. Tan só se analizará para o G1 dado que os outros dous grupos carecen de variación e, xa que logo, non tería sentido buscar a relación de uso cando é exactamente o mesmo.

En canto á variábel *xénero*, as medianas das mulleres son 22,22 *–ron*, 72,22 *–no* e 0,00 *–non* e as dos homes 70,22 *–ron*, 29,78 *–no* e 0,00 *–non* (táboa 119). Dado que as medianas teñen valor inverso nos dous xéneros, cabe pensar que esta variábel inflúe na escolla do morfema. Con todo, Kruskal-Wallis estabelece a significación en 0,169 *–ron*, 0,184 *–no* e 0,901 *–non*.

Táboa 119: Mediana da frecuencia de uso dos morfemas de P6 do pretérito de indicativo no G1, segundo a variábel ***xénero*****.**

	–ron	*–no*	*–non*
Muller	22,22	72,22	0,00
Home	70,22	29,78	0,00

En segundo lugar, a variábel nivel de estudos (táboa 120) amosa unhas medianas de 25,00 (*–ron*), 72,22 (*–no*) e 0,00 (*–non*) nas persoas sen estudos e 37,50 (*–ron*), 50,00 (*–no*) e 0,00 (*–non*) nas de estudos primarios.

Táboa 120: Mediana da frecuencia de uso dos morfemas de P6 do pretérito de indicativo no G1, segundo a variábel *nivel de estudos*.

	–ron	*–no*	*–non*
Sen Estudos	25,00	72,22	0,00
Primarios	37,50	50,00	0,00

As probas estatísticas ofrecen o índice de significación 0,476 (*–ron*), 0,307 (*–no*) e 0,289 (*–non*), polo que non existe relación entre esta variábel e a escolla do morfema.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.2. Morfema da P1 do pretérito de indicativo da primeira conxugación

No caso deste morfema, a distribución de formas que atopamos nos mapas 6 e 200 e, para o caso concreto do verbo *dar*[2], o 223 do *ALGa* I (1990), é *–ei*, *–ein*, *–en* e *–ín*. Fernández Rei (1990: 81) di a respecto desta variábel:

> *Cantei* é a forma xeral, a máis estendida xeograficamente e, por iso, a establecida desde sempre como normativa; *cantein*, que se dá nunha franxa oriental que percorre Galicia de norte a sur, e tamén en puntos illados da costa occidental da provincia da Coruña, presenta a extensión do *–n* das outras conxugacións, interpretado como morfema caracterísitico desta persoa e deste tempo. De *cantein* chégase a *cantén* por reducción do ditongo; esta é a forma da costa máis occidental da provincia da Coruña, da parte suroriental de Lugo e do sur de Pontevedra; *cantín* é propia das rías da Arousa e Pontevedra, e presenta unha forma análoga á desta persoa nas outras conxugacións.

Na Illa de Ons resulta maioritaria a terminación *–ei* e, de maneira máis puntual, rexístrase –ín. Na táboa 121 podemos observar as porcentaxes que representan, no cómputo total, estas formas. Respectivamente, supoñen o 84% e 16%.

Táboa 121: Distribución das formas do morfema de P1 do pretérito de indicativo e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	–ei	–ín
G1	59	14
	81%	19%
G2	23	5
	82%	18%
G3	23	1
	96%	4%

2 Este verbo presenta una distribución das formas diferente ao resto dos verbos da primeira conxugación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TOTAL	105	20
	84%	16%

De acordo cos datos que reflicte a táboa 122, agás o único caso do Home 1988b no G3, só as mulleres presentan o morfema –ín. Á luz destes datos, unicamente se detectan diferenzas na forma –ín. Con todo, cómpre analizar estatisticamente os datos para chegarmos a unha conclusión.

Táboa 122: Distribución das formas do morfema de P1 do pretérito de indicativo segundo informante. Datos totais, medias e porcentaxes que representan.

	Datos totais		Medias		Porcentaxes	
	–ei	–ín	*–ei*	–ín	*–ei*	–ín
Home1915	17	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1925	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1930	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1933	3	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1942	3	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1943	12	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1944	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1948b	7	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1948c	2	2	0,50	0,50	50%	50%
Home1949a	3	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1949b	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1949	1	2	0,33	0,67	33%	67%
Muller1952	4	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1954	0	10	0,00	1,00	0%	100%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Muller1959	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1961	6	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1962a	3	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1962b	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1963	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1971	2	1	0,67	0,33	67%	33%
Home1973	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1973	5	4	0,56	0,44	56%	44%
Home1979	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1988a	9	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1988b	2	1	0,67	0,33	67%	33%
Muller1989	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1990	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1993	5	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1993	5	0	1,00	0,00	100%	0%

Nos tres grupos o morfema *–ei* é maioritario. Ademais, cómpre salientar que o uso porcentual destas formas nos dous primeiros é moi semellante (arredor do 80% para *–ei* e 20% para –ín). En contraste, no último dos grupos redúcense até un 4% as incidencias de –ín, ascendendo até o 96% as de *–ei*. Xa que logo, a variábel *idade* parece influír no uso deste morfema. Aínda así, cabe corroborar estas apreciacións a través das probas estatísticas. Segundo as medianas recollidas na táboa 123, non existen diferenzas entre grupos e Kruskal-Wallis verifica esta apreciación, cun índice de 0,915.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 123: Mediana da distribución dos morfemas de P1 do pretérito de indicativo, dividida segundo a variábel *idade*.

	–ei	–ín
G1	100,00	0,00
G2	100,00	0,00
G3	100,00	0,00

En canto ás variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*, as medianas continúan a ser as mesmas en todos os contextos: 100,00 *–ei* e 0,00 –ín. Kruskal-Wallis, a este respecto ratifica esta lectura, cunha significación de 0,257 para o *xénero*, 0,621 no *nivel de estudos* e 0,622 na *lingua habitual*.

Polo tanto, esta forma non mostraría variación con relevancia estatística. Así e todo, analizaremos o que acontece en cada un dos grupos de idade estabelecidos para achar se a variación se revela aí.

4.1.2.1. Grupo 1

Este é o grupo que maior variación presenta, pois é onde se dá o cómputo maior do morfema –ín. En canto á variábel *xénero*, as medianas achadas son as xa vistas e iguais para mulleres e homes (100,00 *–ei* e 0,00 –ín). O mesmo podemos dicir do *nivel de estudos* sen atender a cambio ningún. Kruskal-Wallis ofrece a significación 0,189 para a primeira variábel e 0,263 para a segunda. Polo tanto non existe relación entre estas variábeis e o uso que se mostra no G1 deste morfema.

4.1.2.2. Grupos 2 e 3

Igual que acontecía no grupo anterior as medianas continúan a ser as mesmas nestes dous grupos e o resultado das probas estatísticas tamén presentan un resultado negativo para as variábeis analizadas. Xa que logo, non existe variación estatística considerábel.

4.1.3. P3 do pretérito de indicativo do verbo *vir*

No territorio galego atopamos cinco formas diferentes para esta persoa, de acordo cos datos recollidos no *ALGa* I (1990), a saber, *veu*, *veo*, *viu*, *vén* e *veno*. A primeira é a que máis extensión xeográfica ocupa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e a forma escollida para a norma. *Veo* sitúase no galego oriental e no Baixo Miño, *viu* no sur de Pontevedra e *vén* —coincidente coa forma de P3 do presente de indicativo— no occidente da Coruña. Por último, *veno* aparece rexistrada nun único punto do Bierzo.

Da forma correspondente en latín, VĔNĬT, proveñen directamente tanto a forma *vén* coma *veno* (cun morfema de persoa e número *–o* a maiores) (Fernández Rei, 1990: 102-103). O resto de formas creáronse de maneira analóxica sobre a raíz *v–* cos morfemas de persoa e número e tempo e modo correspondentes (*–eu* ou *–iu*).

No corpus recadamos tanto a forma *veu* coma a forma *vén*. Na táboa 124 amósase que as porcentaxes de uso son maiores para *vén*. Con todo, constitúe unha lectura aparente, pois tan só o G1 a emprega. Trátase, pois, dun cambio inducido pola variábel *idade*.

Táboa 124: Distribución das formas de P3 do pretérito de indicativo do verbo *vir*e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	VEU	*VÉN*
G1	5	30
	14%	86%
G2	6	0
	100%	0%
G3	1	0
	100%	0%
TOTAL	12	30
	29%	71%

Non obstante, é preciso sinalar que os 5 casos de *veu* no G1 e os 6 no G2 son de mulleres (táboa 125). Do mesmo xeito, o 60% dos casos de *vén* están producidos por mulleres. Polo tanto, a variábel *xénero* parece xogar un papel importante na escolla destas formas. Co fin de comprobar se inflúe nestes usos, procedemos a realizar as probas estatísticas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 125: Distribución das formas do morfema de P3 do pretérito de indicativo do verbo *vir* segundo informante. Datos totais, medias e porcentaxe que representan.

	Datos totais		Medias		Porcentaxes	
	vén	*vén*	*vén*	*vén*	*vén*	*vén*
Home1915	0	8	0,00	1,00	0%	100%
Muller1924	0	1	0,00	1,00	0%	100%
Muller1925	1	2	0,33	0,67	33%	67%
Home1933	0	1	0,00	1,00	0%	100%
Muller1942	2	5	0,29	0,71	29%	71%
Muller1943	0	3	0,00	1,00	0%	100%
Muller1948c	0	5	0,00	1,00	0%	100%
Muller1949	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1954	0	4	0,00	1,00	0%	100%
Muller1959	1	1	0,50	0,50	50%	50%
Muller1961	3	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1962b	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1973	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Home1993	1	0	1,00	0,00	100%	0%

En primeiro lugar, as medianas da variábel *idade* atenden a esta distribución: G1 (0,00 *veu* e 100,00 *vén*) e G2 e G3 (100,00 *veu* e 0,00 *vén*). A este respecto, Kruskal-Wallis determina unha significación de 0,025, polo que esta variábel é claramente relevante para o uso desta forma verbal. A este respecto, Mann-Whitney concreta que a diferenza se atopa tan só entre o G1 e o G2, cunha significación de 0,014.

En segundo lugar, a variábel *xénero* presenta unha distribución de medianas entre as mulleres de 33,33 (*veu*) e 66,67 (*vén*) fronte ás 0,00 (*veu*) e 100,00 (*vén*) dos homes. Kruskal-Wallis indica que estas formas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

non están ligadas á variábel *xénero*, pois os índices de significación son 0,561. Noutras palabras, o *xénero* non inflúe no uso destas formas.

En terceiro lugar, o *nivel de estudos* ten como medianas: sen estudos (0,00 *veu* e 100,00 *vén*), primarios (28,57 *veu* e 71,43 *vén*), secundarios e universitarios (100,00 *veu* e 0,00 *vén*). A primeira vista parece que esta variábel influirá. Aplicando as probas estatísticas, o resultado é 0,276, polo que tampouco se pode falar de relevancia. Finalmente, na lingua habitual tan só atopamos dous grupos, ambos os dous co galego como lingua común (soa ou xunto co español). Para esta último grupo tan só hai un informante, motivo polo que os resultados poden estar, en realidade, alterados. As medianas son 28,57 (*veu*) e 71,43 (*vén*) para as persoas galegofalantes e 100,00 (*veu*) e 0,00 (*vén*). Kruskal-Wallis ofrece para estes datos a significación de 0,234. De tal modo que non é relevante esta variábel para a escolla das formas da P3 do pretérito de indicativo do verbo *vir*.

4.1.3.1. Grupo 1

Feitas as medianas, a distribución ofrécese de maneira que as mulleres teñen 14,29 (*veu*) e 85,71 (*vén*) e os homes 0,00 (*veu*) e 100,00 (*vén*). Con todo, Kruskal-Wallis non atopa relevante esta variábel, pois o índice de significación é 0,239.

No nivel de estudos, as medianas son exactamente as mesmas para os dous grupos: 0,00 (*veu*) e 100,00 (*vén*), xa que logo, o resultado das probas estatísticas tamén estabelecerán a irrelevancia desta variábel para a escolla de formas, cun índice de 0,700.

4.1.3.2. Grupos 2 e 3

Nestes dous grupos non ten sentido realizar as probas xa que non existe variación nas formas ao estaren recollidos unicamente usos de *veu*.

4.1.4. Radical do pretérito do verbo *traer*

Neste epígrafe estudaremos o radical de pretérito do verbo *traer*. No mapa 386 do *ALGa* I (1990) aparecen recollidas as formas *troux-*, *troix-*, *trux-*, *trax-*, *traix-*, *trougu-*, *troigu-*, *trugu-*, *troi-*, *trui-*, *tru-* e *tr-*/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tra-. Na dialectoloxía de Fernández Rei (1990: 102) descríbese a súa distribución xeográfica da seguinte maneira:

> No tema de perfecto os radicais *troux[-en,* -èche*(s)...,* -èra*...,* -èse*...]* e *trougu[-en,* -èche*(s)...]* rexístranse por todo o galego, agás no occidente de Pontevedra, que presenta como forma característica *trui[-en,* -èche*(s)* ~ *-eche(s)...]* [...], e na xente nova *trux[-en,* -èche*(s)...]*. Son minoritarios os radicais *troix-* e *troigu-*, ó igual que *traix-* e *tra[*-ín*,* -èra*...]*.

Na Illa de Ons as formas rexistradas foron *trux-* e *tru-*.[3] Malia que os datos son bastante escasos (11 aparicións en todo o corpus), semella que a raíz *tru-* goza de maior uso que *trux-*, como se observa na táboa 126 —reducida aos informantes con esta forma verbal.

Dez dos casos pertencen ao G1 (supoñendo un 70% para *tru-* e un 30% para *trux-*) e un único caso ao G2. As porcentaxes no G1 ascenden para a raíz *tru-* até o 80% do total e descenden para *trux-* até o 20%. Todas as cifras corroboran a predominancia da primeira forma.

Táboa 126: Distribución das formas da raíz do verbo *traer* segundo informante. Datos totais, medias e porcentaxe que representan.

	Datos totais		Medias		Porcentaxes	
	tru-	*trux-*	*tru-*	*trux-*	*tru-*	*trux-*
Home1915	3	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1942	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1943	2	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1948b	0	3	0,00	1,00	0%	100%
Muller1949	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1971	0	1	0,00	1,00	0%	100%

3 Referímonos á raíz como *tru-* no canto de *trui-* (Fernández Rei, 1990: 102) porque os exemplos recollidos alternan entre formas con e sen *i*. Daquela, entendemos que se trata máis ben dun *i* epentético entre a raíz *tru-* e os morfemas de persoa e número.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto á variábel *idade*, malia termos só unha representante do G2, cos datos que se recollen neste corpus podemos afirmar que as medianas son totalmente opostas: 100,00 (*tru-*) e 0,00 (*trux-*) no G1 e 0,00 (*tru-*) e 100,00 (*trux-*) no G2. Kruskal-Wallis, pola contra, estabelece que non é significativa esta variación, argüíndo un índice de 0,157.

No *xénero*, *trux-* para os homes é inexistente, cunha mediana de 0,00 fronte aos 100,00 de *tru-*. Malia os datos da táboa 126, as mulleres tamén presentan estas mesmas medianas. Estatisticamente, Kruskal-Wallis verifica esta visión cun índice de 0,480. Polo que o *xénero* non é determinante para a escolla dunha raíz ou outra.

Finalmente, o *nivel de estudos* identifica medianas de 100,00 en *tru-* e 0,00 en *trux-* para os grupos de persoas sen estudos ou con estudos primarios, fronte aos valores opostos no de estudos secundarios. As probas estatísticas, á súa vez, determinan que non existe significación abonda (0,335) para que esta variábel sexa pertinente á hora de escoller a raíz do verbo *traer*.

4.1.4.1. Grupo 1

Dado que tan só hai unha persoa que non pertence ao G1 dentro das que presentan esta forma verbal, as apreciacións estatísticas non varían do visto en xeral ao que afecta unicamente a este grupo. Polo tanto, a variación continúa sen ser significativa.

4.1.5. Tonicidade na P4 do copretérito, pospretérito e antepretérito de indicativo

En galego existe alternancia na tonicidade do copretérito de indicativo tanto na P4 como na P5. Sobre este aspecto pódense consultar numerosos mapas[4] do *ALGa* I (1990). Pola súa parte, Fernández Rei (1990: 85) caracterízao dialectalmente do seguinte xeito:

4 Verbos regulares: 4 e 19 da primeira conxugación; 48, 60, 103bis e 134 da segunda conxugación; e 142, 171 e 182 da terceira conxugación. Verbos irregulares: 218, 231, 249, 288, 290, 343, 358, 390 e 410.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> As formas do IPI (*cantabamos*, *-ades*), do IFP (*cantariamos*, *-ades*) e mais do IPP (cantaramos, -ades) con acentuación paroxítona, son característicos de todo o centro e do sur do territorio lingüístico galego (mapa 32). No occidente e nordeste coruñés, centro e norte de Lugo, unha franxa do suroeste de Pontevedra, occidente de Asturias e algunhas falas de León e Zamora produciuse un desprazamento acentual, da vocal do SMT á VT.

A Illa de Ons sitúase, segundo esta descrición, dentro da área de tonicidade paroxítona. Polo tanto, os casos de acentuación proparoxítona constitúen unha innovación. De acordo cos datos totais que aparecen na táboa 127, as formas paroxítonas diminúen conforme descende a idade das persoas informantes. Agora ben, resulta necesario analizar estatisticamente a repercusión das variábeis.

Táboa 127: Distribución das formas paroxítonas e proparoxítonas e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	parox.	*propar.*
G1	165	18
	90%	10%
G2	57	21
	73%	27%
G3	19	13
	59%	41%
TOTAL	241	52
	82%	18%

Pese ao cambio en acción das formas paroxítonas ás proparoxítonas, as primeiras mantéñense como as máis empregadas en todos os grupos e, no cómputo total, supón un 82% dos casos (táboa 127). Ademais, constátase que as mulleres teñen maior índice porcentual de uso das formas proparoxítonas (táboa 128). Con todo, cómpre utilizar as probas estatísticas estabelecidas para corroborar estas apreciacións iniciais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 128: Distribución das formas con acentuación proparoxítona e paroxítona na P4 do copretérito, pospretérito e antepretérito de indicativo, segundo informante. Datos totais, medias e porcentaxe que representan.

	Datos totais		Medias		Porcentaxes	
	PROP.	*PARX.*	*PROP.*	*PARX.*	*PROP.*	*PARX.*
Home1915	2	27	0,07	0,93	7%	93%
Muller1925	1	3	0,25	0,75	25%	75%
Muller1930	1	8	0,11	0,89	11%	89%
Home1933	5	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1943	1	19	0,05	0,95	5%	95%
Muller1946	0	1	0,00	1,00	0%	100%
Home1946	3	11	0,21	0,79	21%	79%
Muller1948b	3	79	0,04	0,96	4%	96%
Muller1948c	0	4	0,00	1,00	0%	100%
Home1949b	0	3	0,00	1,00	0%	100%
Muller1952	2	8	0,20	0,80	20%	80%
Muller1954	0	2	0,00	1,00	0%	100%
Muller1961	3	19	0,14	0,86	14%	86%
Muller1962b	1	11	0,08	0,92	8%	92%
Muller1963	11	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1971	4	22	0,15	0,85	15%	85%
Home1973	1	4	0,20	0,80	20%	80%
Muller1973	1	0	1,00	0,00	100%	0%
Muller1976	0	1	0,00	1,00	0%	100%
Home1988b	0	2	0,00	1,00	0%	100%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Muller1989	0	2	0,00	1,00	0%	100%
Muller1990	10	2	0,83	0,17	83%	17%
Home1993	3	11	0,21	0,79	21%	79%
Muller1993	0	2	0,00	1,00	0%	100%

A respecto das medianas da variábel *idade*, no G1 obtemos 5,95 (proparoxítona) e 94,05 (paroxítona), no G2 15,38 (proparoxítona) e 84,62 (paroxítona) e no G3 0,00 (proparoxítona) e 100,00 (paroxítona). Á luz dos datos, non parece demasiado evidente o cambio. Segundo a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis, a significación sitúase en 0,606 e, polo tanto, non existe relación entre esta variábel e a escolla da tonicidade verbal.

En canto ao *xénero*, as medianas das mulleres son 11,11 (proparoxítona) e 88,89 (paroxítona) e as dos homes 6,90 (proparoxítona) e 93,10 (paroxítona), de modo que non parece gardar relación. As probas estatísticas ratifican esta lectura, cun índice de 0,746.

Pola contra, o *nivel de estudos* (táboa 129) conta cunhas medianas que poden evidenciar certa relevancia desta variábel na escolla da tonicidade verbal, pois o grupo de persoas universitarias mostran uns índices inversos ás sen estudos e as de estudos primarios e secundarios teñen unhas cifras aínda inferiores a estes últimos.

Táboa 129: Mediana da distribución das formas con acentuación proparoxítona e paroxítona na P4 do copretérito, pospretérito e antepretérito de indicativo, segundo a variábel *nivel de estudos*.

	PROP.	*PARX.*
Sen Estudos	16,27	83,73
Primarios	5,28	94,72
Secundarios	15,38	84,62
Universitarios	83,33	16,67

Con todo, cómpre realizar as probas estatísticas para corroborar estas apreciacións. Nesta liña, Kruskal-Wallis estabelece a significación en 0,483, polo que cabe descartar a relación entre esta variábel e a escolla da tonicidade verbal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, as medianas ligadas á *lingua habitual* (táboa 130) mostran unha progresión no uso das formas proparoxítonas ligado ao decrecemento das paroxítonas conforme ascende o uso do español. Deste modo, as persoas galegofalantes teñen de mediana 8,33 (proparoxítona) e 91,67 (paroxítona), as que empregan galego e español 10,71 (proparoxítona) e 89,29 (paroxítona) e as españolfalantes 83,33 (proparoxítona) e 16,67 (paroxítona).

Táboa 130: Mediana da distribución das formas con acentuación proparoxítona e paroxítona na P4 do copretérito, pospretérito e antepretérito de indicativo, segundo a variábel *lingua habitual*.

	PROP.	*PARX.*
Galego	8,33	91,67
Gal.Esp.	10,71	89,29
Español	83,33	16,67

Kruskal-Wallis determina que non existe relación entre esta variábel e o uso das distintas formas acentuais, pois a significación sitúase en 0,616.

4.1.5.1. Grupo 1

O primeiro dos grupos, en canto á variábel *xénero*, os datos apuntan a unha proximidade elevada, pois as mulleres presentan medianas de 8,06 (proparoxítona) e 91,94 (paroxítona) e os homes 3,45 (proparoxítona) e 96,55 (paroxítona). A este respecto, Kruskal-Wallis coloca o índice de significación en 0,730, confirmarndo as apreciacións iniciais.

No *nivel de estudos*, malia termos unha distancia maior, non é tan elevada como para considerármola significativa. As persoas sen estudos presentan as seguintes medianas: 16,27 (proparoxítona) e 83,73 (paroxítona), mentres que de estudos primarios 1,83 (proparoxítona) e 98,17 (paroxítona). Estes datos o que nos evidencian é que as persoas con menor instrución educativa teñen máis permeabilidade ás formas coincidentes co español. Así e todo, as probas estatísticas desestiman que, certamente, exista relación entre esta variábel e a acentuación (0,120).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.5.2. Grupo 2

Neste grupo, a variábel *xénero* ten de medianas para as mulleres 14,51 (proparoxítona) e 85,49 (paroxítona) e para os homes 20,00 (proparoxítona) e 80,00 (paroxítona). A proba non paramétrica de Kruskal-Wallis indica que non existe variación con relevancia estatística, cun índice de significación de 0,614.

En canto á variábel *nivel de estudos*, as medianas son: 10,98 (proparoxítona) e 89,02 (paroxítona) nos estudos primarios, 15,38 (proparoxítona) e 84,62 (paroxítona) nos secundarios e 100,00 (proparoxítona) e 0,00 (paroxítona) nos universitarios. Neste caso parece realmente influír a categoría á que se pertenza. Con todo, as probas estatísticas desestiman esta apreciación, situando a significación en 0,135.

Finalmente, na variábel *lingua habitual*, neste caso concreto só galego ou só español, volvemos ver unha tendencia semellante á da variábel anterior: 14,51 (proparoxítona) e 85,49 (paroxítona) galegofalantes e 100,00 (proparoxítona) e 0,00 (paroxítona) españolfalantes. Así e todo, Kruskal-Wallis volve determinar que non existe relación (0,207).

4.1.5.3. Grupo 3

Neste grupo, as variábeis *xénero* e *nivel de estudos* van ligadas (os integrantes de cada subgrupo son os mesmos), polo que as medianas e os resultados estatísticos tamén serán os mesmos. En canto ás mulleres/universitarias, as medianas son 0,00 (proparoxítona) e 100,00 (paroxítona), mentres que os homes/de estudos secundarios 10,71 (proparoxítona) e 89,29 (paroxítona). Kruskal-Wallis pon a significación en 1,000, polo que non existe variación en absoluto.

En canto á variábel *lingua habitual*, as persoas galegofalantes teñen medianas 0,00 (proparoxítona) e 100,00 (paroxítona), as que empregan galego e español 10,71 (proparoxítona) e 89,29 (paroxítona) e as españolfalantes 41,67 (proparoxítona) e 58,33 (paroxítona). As probas estatísticas dan unha significación de 0,687, así que tampouco garda relación.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2. Morfoloxía non verbal

A morfoloxía non verbal abrangue o resto de elementos que non son o verbo. En particular, no presente estudo analizaranse os fenómenos con variación en demostrativos, determinantes, preposicións, adverbios, conxuncións e pronomes. Para o exame destes elementos, partirase das descricións dialectolóxicas existentes —se as houber— para despois observar a variación na Illa de Ons e as súas posíbeis causas.

4.2.1. Pronomes demostrativos indefinidos *isto/esto*


O paradigma dos demostrativos en galego caracterízase por presentar unha gran variedade de formas. En concreto, os indefinidos inclúen dúas posíbeis: *isto/iso/aquilo* e *esto/eso/aquelo*. As primeiras son as normativas, fronte ás segundas, desbotadas desde o 2003.

As formas latinas das que derivan as actuais son ĬSTUM, ĬPSUM e ECCU ĬLLUM. Por norma xeral, o Ĭ latino dá lugar en galego a [e], polo tanto, as formas rectas presentarían *e*. Con todo, desde a Idade Media produciuse un proceso denominado *hipercaracterización* (Fernández Rei, 1990: 69-73), que consiste na dupla caracterización dunha forma do pronome. É dicir, o masculino, o feminino e o indefinido teñen unha vogal propia que os diferencia entre si (*–e*, *–a*, *–o*, respectivamente). Pois ben, en diversas zonas do territorio galego desenvolveuse un segundo trazo, deste xeito, aparecen formas do tipo *iste*, *ista* ou *isto*.

No *ALGa* II (1995) os mapas 226 (*isto*), 230 (*iso*) e 234 (*aquilo*) rexistran, ademais destes dous pares de formas, *aquesto*, *aqueso* e *aquello* nalgún punto do Bierzo. Unha distribución conxunta das mesmas atopámola na imaxe 20, realizada por Fernández Rei (1990: 72) a partir dos mapas antes mencionados do Atlas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 20: Distribución xeográfica das formas hipercarcterizadas e non hipercaracterizadas do pronome indefinido no país (Fernández Rei, 1990)



Mapa 27. *Xeografía das formas neutras dos deícticos.* Elaboración propia con material do *ALGa.*

Na Illa de Ons, atopamos tanto formas hipercaracterizadas como non hipercaracterizadas. Como aparece recollido na táboa 131, as formas hipercaracterizadas (FH) son maioritarias (un 73%), fronte as non hipercaracterizadas (FNH) (un 27%).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 131: Distribución das formas hipercarcterizadas e non hipercaracterizadas do pronome indefinido e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	FH	*FNH*
G1	148	11
	93%	7%
G2	41	53
	44%	56%
G3	55	28
	66%	34%
TOTAL	244	92
	73%	27%

A táboa 132 mostra a distribución das formas e permite determinar cales destes pronomes presentan maior permeabilidade á entrada das FNH. Xa desde o G1, a maior porcentaxe de FNH detéctase, por orde, nos demostrativos de primeiro grao (*esto*), nos de segundo grao (*eso*) e, sen rexistro ningún neste corpus, nos de terceiro grao (*aquelo*). Esta tendencia mantense nos outros dous grupos de idade, sendo o G2 o que maior influencia amosa tanto nas de primeiro grao (67%) como nas de segundo grao (56%). Ademais, é o único grupo no que xorden formas do terceiro grao.

Táboa 132: Distribución de todas as formas hipercarcterizadas e non hipercaracterizadas do pronome indefinido e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	isto	*iso*	*aquilo*	*esto*	*eso*	*aquelo*
G1	57	81	11	5	6	0
	92%	93%	100%	8%	7%	0%
G2	6	32	3	12	40	1
	33%	44%	75%	67%	56%	25%
G3	5	49	0	11	17	0
	31%	74%	0%	69%	26%	0%
TOTAL	68	162	14	28	63	1
	71%	72%	93%	29%	28%	7%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Co obxectivo de establecer as variábeis que subxacen a esta tendencia recorremos ás probas estatísticas. A táboa 133 inclúe os datos deluvados por informante, xunto coas variábeis *xénero, nivel de estudos* e *lingua habitual*. Dun lado, no G1 as FNH predominan entre os homes, doutro lado, no G2 e no G3, entre persoas con *lingua habitual* español ou galego e español.

Táboa 133: Distribución das FH e FNH do pronome indefinido por informante. *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

			Datos totais		Medias	
Xénero	*N.est.*	*L.hab.*	*FH*	*FNH*	*FH*	*FNH*
Home1915	Prim.	Gal.	10	0	1,00	0,00
Muller1924	S.est.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Muller1925	S.est.	Gal.	1	0	1,00	0,00
Muller1930	S.est.	Gal.	6	1	0,86	0,14
Home1933	Prim.	Gal.	43	4	0,91	0,09
Muller1942	Prim.	Gal.	4	1	0,80	0,20
Muller1943	S.est.	Gal.	11	0	1,00	0,00
Home1944	Prim.	Gal.	2	1	0,67	0,33
Home1946	Prim.	Gal.	17	0	1,00	0,00
Muller1946	S.est.	Gal.	8	3	0,73	0,27
Muller1948b	S.est.	Gal.	16	0	1,00	0,00
Muller1948c	S.est.	Gal.	5	0	1,00	0,00
Muller1949	Prim.	Gal.	1	0	1,00	0,00
Home1949a	Prim.	Gal.	4	0	1,00	0,00
Home1949b	Prim.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Muller1952	Prim.	Gal.	10	1	0,91	0,09
Muller1954	Prim.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Muller1959	S.est.	Gal.	1	0	1,00	0,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Home1960	Secun.	GE	1	0	1,00	0,00
Muller1961	Prim.	GE	3	2	0,60	0,40
Muller1962a	Univ.	GE	2	9	0,18	0,82
Muller1962b	Prim.	Gal.	2	0	1,00	0,00
Muller1963	Univ.	Esp.	0	10	0,00	1,00
Home1966	Prim.	GE	17	23	0,43	0,58
Muller1971	Prim.	Gal.	5	2	0,71	0,29
Muller1973	Secun.	Gal.	0	5	0,00	1,00
Home1973	Secun.	GE	2	1	0,67	0,33
Home1976	Prim.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Muller1976	Prim.	GE	2	0	1,00	0,00
Home1979	Prim.	Gal.	4	1	0,80	0,20
Home1988a	Prim.	GE	6	10	0,38	0,63
Home1988b	Prim.	Gal.	4	0	1,00	0,00
Muller1989	Univ.	Esp.	6	2	0,75	0,25
Muller1990	Univ.	Esp.	1	10	0,09	0,91
Muller1993	Univ.	Esp.	16	2	0,89	0,11
Home1993	Secun.	GE	22	4	0,85	0,15

En canto ás medianas, a variábel idade apunta a unha relevancia bastante elevada á hora da escolla das formas do pronome (táboa 134). O G1 presenta un 100,00 de FH e 0,00 de FNH, o G2 69,05 de FH e 30,95 de FNH e o G3 79,81 de FH e 20,19 de FNH. A proba non paramétrica de Kruskal-Wallis corrobora que existe variación significativa cun índice de 0,012.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 134: Medianas de uso das FH e FNH, divididas segundo a variábel *xénero*.

	FH	FNH
Galego	100,00	0,00
Gal.Esp.	69,05	30,95
Español	79,81	20,19

Co fin de esclarecer entre cal dos grupos se dá a variación, aplicamos a proba Mann-Whitney (táboa 135). Segundo os resultados, observamos que, en realidade, a diferenza está entre o G1 e os outros dous grupos, pois o G2 e G3 entre si teñen unha significación de 0,892 e, xa que logo, non existe diverxencia.

Táboa 135: Significación da proba Mann-Whitney para as FH e FNH, atendendo á variábel *idade*.

	G1	G2
G2	0,017	
G3	0,027	0,892

A respecto da variábel *xénero*, as medianas parecen máis próximas entre si (táboa 136). Para as mulleres recóllese 95,45 de FH e 4,55 de FNH e para os homes 88,05 de FH e 11,95 de FNH. As probas estatísticas estabelecen a significación en 0,885, polo que non é unha variábel relevante.

Táboa 136: Medianas de uso das FH e FNH, divididas segundo a variábel *xénero*.

	FH	FNH
Muller	95,45	4,55
Home	88,05	11,95

No *nivel de estudos* atopamos as seguintes medianas (táboa 137): sen estudos 100,00 de FH e 0,00 de FNH, primarios 100,00 de FH e 0,00 de FNH, secundarios 82,31 de FH e 17,69 de FNH e universitarios 13,64 de FH e 86,36 de FNH. Kruskal-Wallis determina un 0,009 de significación, polo que a relación entre esta variábel e a escolla das formas do pronome é alta.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 137: Medianas de uso das FH e FNH, divididas segundo a variábel *nivel de estudos*.

	FH	FNH
Sen Estudos	100,00	0,00
Primarios	100,00	0,00
Secundarios	82,31	17,69
Universitarios	13,64	86,36

Con motivo de ver entre que grupos se estabelece a relación, aplicamos a proba Mann-Whitney (táboa 138). A conclusión á que se chega é que a variación aparece entre o grupo de persoas con estudos universitarios e aquelas que teñen tanto estudos primarios como ningún tipo de estudo.

Táboa 138: Significación da proba Mann-Whitney para as FH e FNH, atendendo á variábel *nivel de estudos*.

	S.Est.	Univ.	Secu.
Primarios	0,820	0,001	0,378
Secundarios	0,310	0,065	
Universitarios	0,015		

Finalmente, a variábel *lingua habitual* (táboa 139) amosa medianas de 100,00 (FH) e 0,00 (FNH) galegofalantes, 82,31 (FH) e 17,69 (FNH) quen emprega galego e español e 9,09 (FH) e 90,91 (FNH) españolfalantes. A traxectoria apunta a unha dependencia desta variábel. Aplicando a proba Kruskal-Wallis, corrobórase esa apreciación, cun índice de 0,009.

Táboa 139: Medianas de uso das FH e FNH, divididas segundo a variábel *lingua habitual*.

	FH	FNH
Galego	100,00	0,00
Gal.Esp.	82,31	17,69
Español	9,09	90,91

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cómpre agora estabelecer cales son os grupos que gardan relación entre si e cales diverxen. Segundo a proba Mann-Whitney (táboa 140), a variación existe entre as persoas galegofalantes e as castelanfalantes. Dito doutro xeito, en cada un destes dous grupos predomina unha das formas do pronome indefinido e, en certa maneira, é propio ou máis habitual nese grupo en concreto.

Táboa 140: Significación da proba Mann-Whitney para as FH e FNH, atendendo á variábel *lingua habitual*.

	Gal.	Esp.
Gal.Esp.	0,098	0,095
Español	0,020	

4.2.1.1. Grupo 1

No primeiro grupo de idade atopamos as medianas 100,00 (FH) e 0,00 (FNH) nas mulleres e 95,74 (FH) e 4,26 (FNH) nos homes. A distancia é bastante baixa, polo que non parece haber diferenza. Kruskal-Wallis confirma esta apreciación (0,219).

O mesmo acontece coa variábel *nivel de estudos* (100,00 FH e 0,00 FNH para ambos os grupos), para a cal ofrece a significación 0,823 a proba Kruskal-Wallis.

Polo tanto, neste grupo de idade, os individuos que a compoñen compórtanse de forma unánime na escolla das formas do pronome indefinido.

4.2.1.2. Grupo 2

Neste grupo, as medianas para a variábel *xénero* son 60,00 (FH) e 40,00 (FNH) nas mulleres e 80,00 (FH) e 20,00 (FNH) nos homes, polo que a diferenza non é, aparentemente, moi elevada. A proba non paramétrica Kruskal-Wallis confirma as apreciacións iniciais, mostrando unha significación de 0,282.

No *nivel de estudos* atopamos as seguintes medianas: primarios 100,00 (FH) e 0,00 (FNH), secundarios 75,71 (FH) e 24,29 (FNH) e universitarios 0,00 (FH) e 100,00 (FNH). Desta vez, parece apuntar a dependencia da variábel. As probas estatísticas confirman que o nivel

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de estudos é relevante para a escolla das formas do pronome indefinido cun índice de 0,039.

Táboa 141: Significación da proba Mann-Whitney para as FH e FNH no G2, atendendo á variábel *nivel de estudos*.

	Univ.	Secun.
Primarios	0,036	0,905
Secundarios	0,057	

Mediante a proba Mann-Whitney (táboa 141) identificamos que a variación se estabelece entre as persoas de estudos primarios e as de estudos universitarios. Polo tanto, comprendemos que empregan formas diferentes deste pronome.

Finalmente, na *lingua habitual* atopamos que as persoas galegofalantes empregan as medianas 69,05 (FH) e 30,95 (FNH), as que utilizan galego e español 80,00 (FH) e 20,00 (FNH) e os español falantes 0,00 (FH) e 100,00 (FNH). Parece seguir a mesma tendencia que a variábel anterior. Con todo, Kruskal-Wallis determina que non é relevante, pois a significación ascende a 0,333.

4.2.1.3. Grupo 3

A variábel *xénero* para o terceiro grupo presenta medianas moi próximas entre si. As mulleres 75,00 (FH) e 25,00 (FNH) e os homes 84,62 (FH) e 15,38 (FNH). A este respecto, Kruskal-Wallis afirma non haber relación (0,513).

A variábel *nivel de estudos*, por contra, parece apuntar certa relevancia. As medianas para as persoas con estudos primarios son 37,50 (FH) e 62,50 (FNH), para secundarios 92,31 (FH) e 7,69 (FNH) e para universitarios 75,00 (FH) e 25,00 (FNH). Así e todo, as probas estatísticas determinan que non existe relación (0,343).

Finalmente, a *lingua habitual* conta coas seguintes medianas: 100,00 (FH) e 0,00 (FNH) galegofalantes, 61,06 (FH) e 38,94 (FNH) quen emprega galego e español e 42,05 (FH) e 57,95 (FNH) español falantes. De novo, Kruskal-Wallis confirma a irrelevancia desta variábel á hora de escoller a forma do pronome indefinido (0,213).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.2. Cuantificador *moita(s)/moito(s)*

Neste apartado imos tratar conxuntamente as formas do demostrativo, do pronome e do adverbio que comparten o lexema *moit–* e a forma apocopada *moi*. Estes elementos, que proceden do étimo latino MULTUM, deviñeron no galego actual, segundo o mapa 271 do *ALGa* II (1995), en *moito*, *muito*, *mutio* e *muto*. *Muito* aparece no sur da provincia de Pontevedra, no noroeste da da Coruña e no galego oriental, onde tamén se rexistran as formas *mutio* e *muto*. No resto do país emprégase *moito*.

Na Illa de Ons coexisten as primeiras, *moito* e *muito*, ambas as dúas recollidas no dicionario da Real Academia Galega, mais con preferencia por *moito*, que goza de maior extensión territorial e visibilidade normativa.

Na táboa 142, as porcentaxes relativas ás formas plenas e apocopadas son semellantes, polo que se van considerar todas xuntas para as análises estatísticas. Con todo, podemos comprobar que a máis empregada é a que presenta *o* no seu radical. O G1 úsaa case exclusivamente e o G3 emprégaa nun 70% dos casos (o 30% restante son formas con *u*). Sae desta tendencia o G2, cun 32% con *o* fronte ao 68% con *u*. Aparentemente, a variábel *idade* garda estreita relación con estas formas.

Táboa 142: Distribución de todas as formas plenas e apocopadas do cuantificador MOIT- segundo grupo xeracional e porcentaxe que representan.

	MUITO	MOITO
G1	4	125
	3%	97%
G2	25	12
	68%	32%
G3	23	53
	30%	70%
TTL	52	190
	21%	79%

	MUI	MOI
G1	0	50
	0%	100%
G2	15	7
	68%	32%
G3	14	35
	29%	71%
TTL	29	92
	24%	76%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na táboa 143 atopamos unha distribución segundo a *idade*, o *xénero*, o *nivel de estudos* e a *lingua habitual*. Nela apreciamos que, no G1 comeza o proceso de ruptura da estabilidade da forma *moit-* a través, case exclusivamente, da Muller 1948a. Este proceso avanza grandemente no G2, sobre todo, da man das mulleres. Finalmente, no G3 son os homes quen máis empregan a forma *muit-*, aínda que seguidos de preto polas mulleres. Parece, neste mesmo grupo, que son as persoas con estudos universitarios quen teñen maior tendencia a empregar as formas *muit-*.

Táboa 143: Distribución das formas *muit-* e *moit-* por informante, datos totais e medias. Información das variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

			Datos totais		Medias	
Xénero	*N.est.*	*L.hab.*	*MUI-*	*MOI-*	*MUI-*	*MOI-*
Home1915	Prim.	Gal.	0	54	0,00	1,00
Muller1924	S.est.	Gal.	0	1	0,00	1,00
Muller1925	S.est.	Gal.	0	8	0,00	1,00
Muller1930	S.est.	Gal.	0	8	0,00	1,00
Home1933	Prim.	Gal.	0	13	0,00	1,00
Muller1942	Prim.	Gal.	0	15	0,00	1,00
Muller1943	S.est.	Gal.	0	8	0,00	1,00
Home1944	Prim.	Gal.	0	5	0,00	1,00
Home1946	Prim.	Gal.	0	20	0,00	1,00
Muller1946	S.est.	Gal.	0	7	0,00	1,00
Muller1948a	Prim.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Muller1948b	S.est.	Gal.	0	13	0,00	1,00
Muller1948c	S.est.	Gal.	0	1	0,00	1,00
Home1949a	Prim.	Gal.	0	7	0,00	1,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Home1949b	Prim.	Gal.	1	11	0,08	0,92
Muller1954	Prim.	Gal.	0	1	0,00	1,00
Muller1959	S.est.	Gal.	0	3	0,00	1,00
Muller1961	Prim.	GE	14	0	1,00	0,00
Muller1962a	Univ.	GE	6	0	1,00	0,00
Muller1962b	Prim.	Gal.	0	2	0,00	1,00
Muller1963	Univ.	Esp.	2	0	1,00	0,00
Home1966	Prim.	GE	41	25	0,62	0,38
Muller1971	Prim.	Gal.	12	2	0,86	0,14
Home1973	Secun.	GE	1	1	0,50	0,50
Muller1973	Secun.	Gal.	0	13	0,00	1,00
Muller1976	Prim.	GE	2	1	0,67	0,33
Home1979	Prim.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Home1988a	Prim.	GE	4	1	0,80	0,20
Home1988b	Prim.	Gal.	3	0	1,00	0,00
Muller1989	Univ.	Esp.	1	7	0,13	0,88
Muller1990	Univ.	Esp.	4	13	0,24	0,76
Muller1993	Univ.	Esp.	16	56	0,22	0,78
Home1993	Secun.	GE	9	11	0,45	0,55

O resultado das medianas confirma as tendencias que percibiramos até o momento. O G1 mostra as medianas 0,00 (*muit-*) e 100,00 (*moit-*), o G2 76,19 (*muit-*) e 23,81 (*moit-*) e o G3 34,26 (*muit-*) e 65,74 (*moit-*). Á luz dos datos, parece que a variábel *idade* inflúe na escolla destas formas. A este respecto, Kruskal-Wallis determina que a relevancia desta variábel é significativa, dado que os índices son 0,000.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 144: Significación da proba Mann-Whitney para as formas *muit-* e *moit-*, atendendo á variábel *idade*.

	G1	G3
G2	0,002	0,368
G3	0,000	

Mann-Whitney identifícanos como grupos entre os que existe maior distancia de uso o G1 fronte ao G2 (0,002) e ao G3 (0,000). Por contra, entre estes dous últimos grupos a significación é 0,368 e, por conseguinte, non se aprecian diferenzas nos usos destas formas (táboa 144).

En canto ás medianas da variábel *xénero*, as diferenzas son grandes e apuntan un maior uso do radical con *u* por parte dos homes (*muit–* 62,12 e *moit–* 37,88) e con *o* por parte das mulleres (0,00 e 100,00 respectivamente). Con todo, Kruskal-Wallis confirma a baixa correlación entre o *xénero* e a escolla de radical (0.403).

Á marxe das anteriores, as medianas do *nivel de estudos* (táboa 145) indican que a raíz *muit–* é propia dos rangos secundarios e universitarios (0.00). Para o caso de *moit–*, os dous primeiros subgrupos demostran un uso máis elevado desta forma (100,00), seguidos dos universitarios (65,74) e dos de estudos secundarios (33,33). Estes datos indúcennos a pensar que a dependencia se asenta nesta variábel.

Táboa 145: Medias dos usos do cuantificador *muit-* e *moit-*, divididas segundo a variábel *nivel de estudos*.

	MUIT–	MOIT–
Sem Estudos	0,00	100,00
Primarios	0,00	100,00
Secundarios	66,67	33,33
Universitarios	34,26	65,74

Kruskal-Wallis afirma que así é, pois a significación sitúase no 0,006. Deluvando os datos por parellas para acharmos os grupos entre os que se presenta máis distante o uso destas dúas formas, Mann-Whitney (táboa 146) determina que só existe relación de uso destas formas nos grupos sen estudos fronte ao secundarios (0,004) e ao universitario

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(0,015), así como entre o de estudos primarios e secundarios (0,032). Nas outras combinacións de grupos, os índices son superiores a 0,050, polo que non se pode considerar significativa a variación.

Táboa 146: Significación da proba Mann-Whitney para as formas *muit-* e *moit-*, atendendo á variábel *idade*.

	S.Est.	Univ.	Secu.
Primarios	0,203	0,154	0,032
Secundarios	0,004	0,429	
Universitarios	0,015		

Finalmente, a *lingua habitual* contén as seguintes medianas: galegofalantes 0,00 (*muit-*) e 100,00 (*moit-*), galego e español 80,00 (*muit-*) e 20,00 (*moit-*) e españolfalantes 23,53 (*muit-*) e 76,47 (*moit-*). As probas estatísticas determinan que é significativa a diferenza (0,015). Con todo, non se pode aplicar a proba Mann-Whitney para determinar entre que grupos se estabelece esa distancia.

4.2.2.1. Grupo 1

No G1 tanto a variábel *xénero* como a *nivel de estudos* mostran as mesmas medianas para todos os subgrupos 0,00 (*muit-*) e 100,00 (*moit-*). Por tanto, non existe variación de ningún tipo. Así que Kruskal-Wallis estabelece o índice de significación en 0,720 (*xénero*) e 0,282 (*nivel de estudos*). Xa que logo, non hai variación estatística nas formas neste grupo.

4.2.2.2. Grupo 2

Neste grupo as medianas non presentan grandes distancias entre si (táboa 147), polo que a relación desas variábeis coas formas analizadas non aparentar ser grandes. As probas estatísticas corroboran estas apreciacións: 0,741 (*xénero*), 0,795 (*nivel de estudos*) e 0,105 (*lingua habitual*).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 147: Medias dos usos do cuantificador *muit-* e *moit-* no G2, divididas segundo as variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	MUIT-	MOIT-
Muller	92,86	7,14
Home	58,33	41,67

Primar.	100,00	0,00
Secun.	62,12	37,88
Univ.	66,67	33,33

Galego	85,71	14,29
Gal.Esp.	33,33	66,67
Español	100,00	0,00

4.2.2.3. Grupo 3

Por último, no G3, malia que as medianas apuntan a unha variación elevada entre estes grupos (táboa 148), a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis non ve índices estatísticos suficientes: 0,275 (*xénero*), 0,501 (*nivel de estudos*) e 0,213 (*lingua habitual*).

Táboa 148: Medias dos usos do cuantificador *muit-* e *moit-* no G3, divididas segundo as variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	MUIT-	MOIT-
Muller	23,53	76,47
Home	80,00	20,00

Primar.	100,00	0,00
Secun.	46,25	53,75
Univ.	23,53	76,47

Galego	80,00	20,00
Gal.Esp.	23,53	76,47
Español	33,61	66,39

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.3. Contracción da preposición *en* e o demostrativo

Tanto no galego normativo coma nas súas variedades informais, a preposición *en* contrae con todas as formas do demostrativo: *esta(s) este(s) isto*, *esa(s) ese(s) iso*, *aquela(s) aquel(es) aquilo*. Pola contra, na norma escrita do español esta contracción non se recolle.

Na Illa de Ons atopamos tanto formas contraídas como non contraídas, estas últimas, con toda probabilidade, influenciadas pola forma escrita desta lingua. Por ese motivo, imos analizar se a dicotomía se debe á influencia do español como *lingua habitual* ou se inflúen outro tipo de variábeis.

Á luz dos datos expostos na táboa 149, podemos extraer tres conclusións: no G1 todos os casos son contraídos, o G2 ten máis exemplos sen contraer que o G3 e todas estas formas —contractas ou non— gozan cada vez de maior uso.

Agora ben, é necesario comprobar se existe relación entre os usos non contraídos e as variábeis *idade*, *xénero* e *nivel de estudos*[5].

Táboa 149: Distribución das formas contraídas e non contraídas da preposición *en* e os demostrativos e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	CONTRAÍDA	NON CONTR.
G1	8	0
	100%	0%
G2	9	10
	47%	53%
G3	14	5
	74%	26%
TTL	31	15
	67%	33%

En primeiro lugar, a variábel *idade* presenta medianas de 0,00 (non contractas) e 100,00 (contractas) tanto no G1 coma no G2, mentres que no G3 26,67 (non contractas) e 73,33 (contractas). A este respecto, a

5 Canto maior sexa o *nivel de estudos*, maior será o coñecemento da norma escrita do español e, no caso do G3, tamén da do galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

proba non paramétrica de Kruskal-Wallis determina que a diferenza non é significativa (0,142).

A continuación, o *xénero* non amosa diverxencias nas medianas (0,00 non contractas, 100,00 contractas en ambos os casos). Polo tanto, as probas non paramétricas confirmarán esta tendencia parella (0,289).

Na variábel *nivel de estudos* tan só diverxen da tendencia 0,00 (non contractas) e 100,00 (contractas) as persoas do grupo de estudos universitarios (40,00 e 60,00 respectivamente). Kruskal-Wallis estabelece significación de 0,163, polo que non é pertinente esta variábel para os usos contractos ou non desta preposición.

Finalmente, no tocante ás medianas da variábel *lingua habitual*, apreciamos como se inverten os usos destas formas entre as persoas galegofalantes (0,00 non contractas e 100,00 contractas), que empregan máis as contraídas, fronte ás españolfalantes (66,67 non contractas e 33,33 contractas), pasando polo estadio intermedio das que empregan as dúas linguas (10,00 non contractas e 90,00 contractas). A proba Kruskal-Wallis determina que, malia todo, non existe relación entre a *lingua habitual* e o uso contracto ou non.

Veremos a continuación o uso diferenciado por grupos. Dado que o G1 non presenta variación, carece de interese as análises que se poidan facer, polo que directamente se analizará o G2 e, despois, o G3 en busca dunha posíbel relación estatística.

4.2.3.1. Grupo 2

As mulleres teñen de mediana 50,00 en cada posibilidade mentres que os homes teñen 0,00 (non contractas) e 100,00 (contractas). As probas estatísticas determinan que non existe relación entre a escolla destas formas e a variábel *xénero* (0,333).

A variábel *nivel de estudos* amosa unha tendencia igual, pois as persoas universitarias teñen 50,00 en ambos os casos, mentres que as de estudos primarios e secundarios 0,00 (non contractas) e 100,00 (contractas). Kruskal-Wallis identifica 0,754 de significación, polo que non existe relación.

Finalmente, a *lingua habitual* ten maior variación, con medianas de 25,00 (non contractas) e 75,00 (contractas) entre os galegofalantes, 0,00 (non contractas) e 100,00 (contractas) quen utiliza galego e español e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

100,00 (non contractas) e 0,00 (contractas) españolfalantes. Kruskal-Wallis determina a significación en 0,195, contribuíndo á lectura de que, en realidade, esta variábel non ten relación coa escolla destas formas.

4.2.3.2. Grupo 3

Neste grupo, as variábeis *xénero* e *nivel de estudos* van ligadas. Mulleres universitarias teñen un 36,67 (non contractas) e 63,33 (contractas) de medianas de uso; e os homes con estudos secundarios 10,00 (non contractas) e 90,00 (contractas). Kruskal-Wallis presenta unha significación para estes casos de 0,333, polo que as variábeis non son relevantes para a escolla das formas contraídas ou non.

Finalmente, a *lingua habitual* ten medianas de 0,00 (non contractas) e 100,00 (contractas) galegofalantes, 30,00 (non contractas) e 70,00 (contractas) quen emprega galego e español e 33,33 (non contractas) e 66,67 (contractas) españolfalantes. A este respecto as probas estatísticas presentan un índice de 0,407 e, por tal motivo, non se pode falar de relevancia estatística neste uso.

4.2.4. Conxunción coordinante copulativa

A conxunción coordinante copulativa máis habitual no territorio de fala galega é *e*, cando vai seguida dunha palabra que comeza por consoante. Ante vogal, a forma máis común é a semivogal *i* [j] agás no occidente das provincias da Coruña e de Pontevedra, que manteñen a forma *e*. Nestes lugares pode "ser reforzada con *mais (eu è ti, eu è el; Xan è mais Pedro)*" (Fernández Rei, 1990: 103).

No caso da Illa de Ons, situada no occidente de Pontevedra, a máis empregada é *e* [ɛ], nalgúns casos reforzada con *mais*. De maneira esporádica, o reforzo *mais* opera de xeito independente. Alén destas formas, tres das informantes usan *i* [i] tanto ante vogais como ante consoantes[6].

6 Sempre con realización vocálica [i], no canto de semivocálica [j].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 150: Distribución das formas da conxunción copulativa *i*, *e*, *e mais*, *mais*, datos totais e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
G1	0	29736	2094	61
	0%	93%	7%	0%
G2	76	10874	374	27
	1%	96%	3%	0%
G3	177	3166	12	71
	5%	92%	0%	2%
TTL	253	43776	2480	159
	1%	94%	5%	0%

Á luz dos datos (táboa 150), a forma maioritaria é *e*. No G1, un 7% dos usos correspóndese con *e mais* e o reforzo *mais* presenta escasos rexistros, sen relevancia porcentual. No G2, *i* conta cunha representación do 1%, *e mais* do 3% e *mais* do 0%, con menor número de casos que o grupo anterior. Por último, no G3 ascende o uso de *i* até o 5%, *e mais* case desaparece e *mais* ten representatividade cun 2%. Estas lecturas denotan unha mudanza en curso. Polo tanto, cabe estabelecer as variábeis que entran en xogo no uso das conxuncións.

As medianas por *idade* indican un progresivo descenso do uso de *e mais* a favor de *mais*. En cambio, non se constata a aparición de *i* (táboa 151), malia existiren casos no cómputo total.

Táboa 151: Medianas dos usos das formas da conxunción copulativa *i*, e, *e mais*, *mais*, divididas segundo a variábel *idade*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
G1	0,00	95,85	4,15	0,00
G2	0,00	99,25	0,75	0,00
G3	0,00	96,79	0,00	1,99

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A proba non paramétrica de Kruskal-Wallis tráenos uniformidade tan só na forma *e* (0,758), mentres no resto delas a significación se sitúa por debaixo de 0,050: *i* (0,027), *e mais* (0,050) e *mais* (0,005), polo que estas tres formas son dependentes da variábel *idade*. A este respecto, Mann-Whitney presenta as seguintes puntualizacións (táboa 152):

Táboa 152: Significación da proba Mann-Whitney para as formas da conxunción copulativa *i*, *e*, *e mais*, *mais*, atendendo á variábel *idade*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
G1-G2	0,743	0,478	0,396	0,743
G1-G3	0,042	0,929	0,016	0,028
G2-G3	0,397	0,718	0,109	0,051

Polo tanto, a variación aparece entre o G1 e o G3 nesas tres formas da conxunción copulativa. Mentres que o G2 actúa a modo de grupo ponte entre ambos.

A respecto do *xénero*, conforme as medianas (táboa 153), apréciase unha estabilidade absoluta. Kruskal-Wallis corrobora esa visión con significacións de 0,830 (*i*), 0,787 (*e*), 0,525 (*e mais*) e 0,307 (*mais*).

Táboa 153: Medianas dos usos das formas da conxunción copulativa *i*, e, *e mais*, *mais*, divididas segundo a variábel *xénero*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
Muller	0,00	97,30	2,17	0,00
Home	0,00	96,43	2,38	0,00

As medianas do *nivel de estudos* (táboa 154) demostran que a forma *e mais* predomina nos grupos sen estudos e, en menor medida, nos de estudos primarios e secundarios, cunha tendencia crecente á desaparición conforme o *nivel de estudos* é maior. A forma *e* así como as *mais* e *i* experimentan unha tendencia á estabilidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 154: Medianas dos usos das formas da conxunción copulativa *i*, e, *e mais*, *mais*, divididas segundo a variábel *nivel de estudos*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
Sen Estudos	0,00	95,58	4,42	0,00
Primarios	0,00	97,32	2,38	0,00
Secundarios	0,00	94,87	2,86	0,00
Universitarios	0,00	99,36	0,00	0,00

Así e todo, Kruskal-Wallis identifica variación significativa na forma *i* (0,037), mentres que nos outros tres casos non (0,710 *e*, 0,312 *e mais* e 0,061 *mais*). Finalmente Mann-Whitney, no tocante ao uso de *i*, acha relación máis directa entre os grupos sen estudos e estudos universitarios (0,003).

Talvez, a *lingua habitual* é o motivo máis evidente desta mudanza en curso. De acordo coas medianas (táboa 155), as formas *i* e *mais* son propias das persoas que empregan o español na súa vida diaria fronte a *e mais*, que é máis común das persoas galegofalantes. En contraste, *e mais* rexístrase cunha mediana semellante en todos os grupos, iso si, cun índice de 100,00 entre as persoas que empregan o galego e o español nas interaccións habituais.

Táboa 155: Medianas dos usos das formas da conxunción copulativa *i*, e, *e mais*, *mais*, divididas segundo a variábel *lingua habitual*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
Galego	0,00	96,43	2,70	0,00
Gal.Esp.	0,00	100,00	0,00	0,00
Español	11,43	82,86	0,00	1,28

Kruskal-Wallis corrobora a diferenza para o caso concreto de i (0,037). Fronte a este dato, *e* (0,710), *e mais* (0,312) e *mais* (0,061). Mann-Whitney non se pode aplicar, polo que non podemos saber exactamente entre que grupos se atopará a relación, aínda que podemos supor que será entre o grupo de galegofalantes e o de españolfalantes.

De facermos estas mesmas pesquisas nos grupos de idade de xeito independente, se cadra, atoparemos certa relevancia das variábeis identificadas a respecto do uso destas conxuncións. Prescindimos de analizar o G1, pois tanto os datos como as medianas apuntan a unha igualdade total en calquera dos contextos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4.1. Grupo 2

Neste grupo, as medianas non mostran grandes distancias salvo no uso de *i* segundo a variábel lingua habitual (táboa 156). Polo resto, non se aprecia maiores relevancias.

Táboa 156: Medianas dos usos das formas da conxunción copulativa *i*, e, *e mais*, *mais* no G2, divididas segundo as variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
Muller	0,00	99,25	0,75	0,00
Home	0,00	96,43	3,57	0,00
Prim.	0,00	98,65	1,35	0,00
Sec.	0,00	96,43	3,57	0,00
Univ.	0,00	100,00	0,00	0,00
Galego	0,00	98,28	1,72	0,00
Gal.Esp.	0,00	100,00	0,00	0,00
Español	11,43	82,86	5,71	0,00

Isto mesmo corrobórao Kruskal-Wallis, pois identifica a relación tan só para a forma *i*, cun índice de 0,002, mentres que o resto non baixa de 0,160. Aplicamos Mann-Whitney e identifica a relación entre o grupo de galegofalantes e o de españolfalantes (0,022).

4.2.4.2. Grupo 3

Finalmente, o G3 conta cunhas medianas que lembran a tendencia do G2 (táboa 157), salvo no *nivel de estudos*, que goza de maior variabilidade de formas. Polo tanto, cabe esperar que esta última variábel e mais a *lingua habitual* garden relación co uso destas conxuncións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 157: Medianas dos usos das formas da conxunción copulativa *i*, e, *e mais*, *mais* no G3, divididas segundo as variábeis *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	i	*e*	*e mais*	*mais*
Muller	0,00	98,72	0,00	1,28
Home	0,00	94,87	0,00	5,00
Prim.	0,00	100,00	0,00	0,00
Sec.	0,36	93,15	1,43	5,06
Univ.	0,00	98,72	0,00	1,28
Galego	0,00	94,87	0,00	5,13
Gal.Esp.	0,00	100,00	0,00	0,00
Español	19,59	78,41	0,00	1,99


Con todo, Kruskal-Wallis determina que non existe relación entre estas variábeis e o uso das diferentes formas da conxunción copulativa.

4.2.5. Pronome persoal átono de Complemento Directo e Complemento Indirecto para a P2

No galego o pronome persoal átono de complemento directo (CD) para a P2 é maioritariamente *te*. Desde a comarca da Barbanza até a Costa da Morte polo occidente, e entrando até Compostela, formando case un triángulo, a forma é *che*. En canto ao complemento indirecto (CI), o pronome maioritario é *che*, agás no Baixo Miño e no sur do galego das Portelas (Zamora), así como na zona colindante de Ourense (imaxe 21). Nestes puntos, a forma do pronome é *te*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 21: Distribución xeográfica das formas *te* e *che* no país, en oposición de valores de CD e de CI. *ALGa* II: mapa 153.



Entendemos por cheísmo a coincidencia de pronomes de CD e CI baixo a forma *che*. Do mesmo xeito, teísmo é a conxunción destes pronomes na forma *te*. Sobre estes fenómenos, Álvarez (1980: 60) establece que:

> o galego ten unha forma átona de segunda persoa singular pra dativo (che) e outra pra acusativo (te). Ámbalas dúas parten de TI < TIBI [...] e TE: te é o resultado en posición anteconsonántica e che en posición antevocálica [...]. Pouco a pouco a forma che xeneralízase e pasa á posición anteconsonántica [...]. Pro nace unha nova especialización: te úsase como acusativo e che asome as funcións de dativo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A aparición da forma *che* débese ao contacto frecuente entre o *te* CI e as formas vocálicas do CD (*a*/*o*/*as*/*os*). Deste xeito, o *e* actúa a modo de iode, palatalizando o *t* e "desde esta posición xeneralizouse che, formado por regresión sobre ch', a tódolos casos de dativo, ante vocal ou ante consoante" (Álvarez, 1980: 60).

A Illa de Ons sitúase nunha área de diferenciación entre *te* (CD) e *che* (CI), coa área de cheísmo polo norte e a de distinción *te*/*che* polo sur. Con todo, rexístranse casos en que *te* presenta usos de CI. Estes exemplos recóllense no grupo de idade máis novo por interferencia co español, dado que non presenta diferenza formal na P2 entre CD e CI. Por tanto, neste estudo analizaremos os casos de CI segundo a forma do pronome que se utilice (*che*/*te*) en relación ás variábeis *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

4.2.5.1. Análise dos datos

Á luz dos datos proporcionados pola táboa 158, observamos que, pese a que no G1 xa aparece un único caso de *te* como CI, tan só o G3 presenta esta forma como relativamente usual. No G1 o CI *che* ten unha incidencia do 99%, no G2 do 100% e, pola contra, no G3 a porcentaxe baixa até o 74%. Dito doutro xeito, *te* como CI é unha innovación do G3 e ascende até unha cuarta parte das ocorrencias.

Táboa 158: Distribución das formas do pronome de complemento indirecto *che* e *te* e porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	CI CHE	CI TE
G1	113	1
	99%	1%
G2	60	0
	100%	0%
G3	25	9
	74%	26%
TOTAL	198	10
	95%	5%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se buscamos as medianas destes datos para as variábeis *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*, decatámonos de que, en realidade, os datos son 0,00 (*te*) e 100,00 (*che*). Esta visión corrobóraa Kruskal-Wallis (*xénero* 0,606, *nivel de estudos* 0,560 e *lingua habitual* 0,154), salvo para o caso da variábel *idade*, que nos ofrece unha significación de 0,049. A este respecto, Mann-Whitney esclarece que os dous grupos entre os que se dá esta variación son o G1 e o G3 (0,049) e entre o G2 e o G3 (0,049); mentres que entre o G1 e o G2 non existe diferenza (0,968).

Se aplicamos estas mesmas probas a cada un dos grupos independentemente, poderemos atopar algún tipo de relación entre as variábeis e os usos das dúas posíbeis formas do CI.

4.2.5.1.1. Grupo 1

Segundo os datos da táboa 158, no G1 tan só hai un rexistro de *te* como CI, fronte a 113 de *che*. Os datos apuntan a que non se deberá a ningunha variábel, senón a un caso puntual. Con todo, realizamos as probas estatísticas pertinentes e o resultado corrobora estas apreciacións: *xénero* 0,176 e *nivel de estudos* 0,519.

4.2.5.1.2. Grupo 2

Neste grupo non se recollen casos da forma de complemento indirecto *te*, tan só hai 60 exemplos de *che* segundo a táboa 158. Xa que logo, non cómpre analizar nada por non existir variación.

4.2.5.1.3. Grupo 3

Neste último grupo, como amosa a táboa 158, é onde maior variación se rexistra. Para a forma *che* atopamos 25 exemplos e para *te* 9 (26% dos casos).

En relación á variábel *xénero*, as medianas das mulleres e homes son iguais (0,00 *te*, 100,00 *che*). Polo tanto non se aprecia variación. Kruskal-Wallis confirma esta percepción (0,796).

No tocante á variábel *nivel de estudos*, as medianas (táboa 159) de *te* apuntan a ser propias das persoas de estudos secundarios. Malia esa lectura inicial, Kruskal-Wallis determina a falta de significacións (0,785).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 159: Mediana da frecuencia de uso das formas do pronome de complemento indirecto *te* e *che*, divididas segundo a variábel *nivel de estudos*.

	TE	*CHE*
Primarios	0,00	100,00
Secundarios	16,67	83,33
Universitarios	0,00	100,00

Por último, a variábel *lingua habitual* revela unhas medianas (táboa 160) para *te* relacionadas directamente co español nas producións habituais. En cambio, as probas estatísticas non determinan relación, cun índice de 0,643.

Táboa 160: Mediana da frecuencia de uso das formas do pronome de complemento indirecto *te* e *che*, divididas segundo a variábel *lingua habitual*.

	CI CHE	CI TE
Galego	0,00	100,00
Gal.Esp.	0,00	100,00
Español	31,82	68,18

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5. SINTAXE

Neste terceiro capítulo imos pór o foco unicamente sobre a colocación do pronome persoal átono. O punto de partida serán as regras recollidas nas gramáticas para determinar a coincidencia ou diverxencia. Desde aí, como se fixo no resto de fenómenos vistos, analizarase a relación coas variábeis *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

5.1. Colocacións do pronome persoal átono diverxentes da norma

Para este epígrafe, partiremos das normas estabelecidas como habituais na colocación do pronome persoal átono (Álvarez *et alii*, 1986: 183; Álvarez e Xove, 2002: 558; Freixeiro, 2006: 165). Deste modo, compararemos os usos que se recollen no corpus, tanto converxentes como diverxentes con estas normas. Para estes últimos, trataremos de establecer o motivo que pode subxacer a este comportamento.

Antes de máis, debemos delimitar cales son as estruturas que imos ter en conta para a análise. En primeiro lugar, pese a que o corpus consta, eminentemente, de producións en galego, o *code-switching*[1] (Cromdal, 2013; MacSwan, 2013) e o *code-mixing*[2] (Bokamba, 1988 e 1989; Muysken, 2000) contribúen á aparición de anacos do discurso realizados en español.

1 Fenómeno lingüístico producido en contextos bilingües ou de aprendizaxe de segundas linguas, polo cal a persoa emprega conscientemente unha ou outra lingua con finalidades pragmáticas.

2 Fenómeno lingüístico producido en contextos bilingües ou de aprendizaxe de segundas linguas, polo cal a persoa emprega inconscientemente formas puntuais dunha lingua en discursos producidos noutra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A respecto do *code-switching*, a colocación dos pronomes nos fragmentos en español atende ás regras desa lingua. De contarmos con eles, desvirtuaríanse os datos extraídos. En consecuencia, cómpre eliminar do cómputo todos os pronomes que se atopan en producións feitas claramente en español.

En canto ao *code-mixing*, identificamos unha serie de construcións que, en moitos casos, no que á colocación do pronome se refire, están influenciadas polo español. A modo de exemplo, vexamos os seguintes casos:

> (a) levei moitos anos | è aghora.e | **me ghusta** ir á pexca | ghústam' ir a pescar ä todo máis | non? | (H1933)
> (b) non sei como lle chamou | de Khosê María | **me parese** que o chamou | (M1948c)
> (c) èla viveu máis aquí | sabes? || èla viveu | **me parece** que se marchou ôs dès a:nos | ou ôs once | (M1962a)
> (d) unha posible invasión:: marítimo-terrestre || entonces | en Òns **se cre** que: || hai dúa[s] señalizaciónr de: | (H1979)
> (e) a competición cando | **m' imaxino** que sería o:: San Martiño | que coincide coa matanza do pòrco | (M1990)
> (f) había moitas | mi madre! || è mais cal èra | hò | ai **mi cagho** na madre | (M1946)
> (g) eu acôrdome de pequeno | **me cago** na puñeta | inda truèmos unha cabra da Illa || (H1966)
> (h) tràì[s]ll' eses cartos á mullèr | "**mi cakho** en diòla!" || è aquí que ghanas? | (H1988b)

As primeiras construcións (a-e) caracterízanse por contar cun verbo que serve para manifestar opinións ou gustos. Aventuramos a hipótese de que este tipo de estruturas puideron callar na xente a través da escolarización en español ou do contacto reiterado, pero carecemos de datos que a sustenten. No entanto, trátase dunha colocación do pronome con forte influencia do español, cun alto grao de incidencia nos falantes, aínda que non en todos —como é o caso de (a), en que se recollen as dúas posibilidades: *me ghusta* e *ghústame*. Pese a esta duplicidade, non incluiremos estes pronomes ao ser unha estrutura copiada directamente do español e practicamente sistemática en todos os grupos de idade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cambio, os exemplos (f), (g) e (h) integran unha construción lexicalizada: *me cago en + (substantivo)*. Tamén se pode dar esta estrutura sen o pronome, mais non aparece recollida despois do verbo, polo que non hai posibilidade de contraste. Xa que logo, prescindiremos destes pronomes, pois consideramos que a estrutura aplica de forma única. En consecuencia, non constitúe unha estrutura galega senón española. Destas estruturas dá conta Álvarez:

> Atopamos con certa frecuencia a fórmula me parece, precedida ou non dunha forma pronominal que vén sendo o suxeito psicolóxico, eu, e que sin dúbida reforza o carácter de opinión persoal, de afirmación sempre susceptible de ser posta en tea de xuício, do que se di a continuación. Ese eu cobra unha importancia meirande da habitual, e sobre el cárgase todo o que segue. Isto fai que ó lado da construción normal a min paréceme oiamos con certa frecuencia eu me parece, e mesmo eum' parece (Álvarez, 1980: 432)

Máis adiante Álvarez comenta a respecto de *a min me*, cunha estrutura moi próxima á anterior (*eu me – a min me*):

> Cando unha frase está encabezada por un complemento que se reproduce dentro da mesma por un pronome átono, este segue polo xeral ó verbo, pro pode antecedelo por razóns de énfase; isto non ocorre con moita mais frecuencia se o complemento citado é pronominal [...]
>
> O portugués actual, coma o galego, admite as dúas posición, e non sabemos cal era a situación primitiva exactamente. Ramsden non atopa exemplos de duplicación en textos non españois, pro apunta que nestes hai moitos casos e todos con posposición; a anteposición dáse en español e nas outras linguas romances cando o complemento pronominal átono non reproduce un complemento anterior, e disto si hai exemplos en todas elas (Álvarez, 1980: 432)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, menciona outra estrutura relevante para este epígrafe:

> Son mais frecuentes en cambio os casos de anteposición na expresión se conoce que, astra o punto de non atoparmos ningún exemplo de posposición na fala (Álvarez, 1980: 432)

Todas estas estruturas teñen que ver coa formulación de opinións, independentemente de que exista un elemento *eu* ou *a min* que estea encabezando o enunciado. Cabería pensar, logo, se en galego pór de manifesto gustos ou pareceres ten efecto sobre a colocación preverbal do pronome persoal átono. Ou, pola contra, se o elemento que aplica é a influencia do español.

5.1.1. Análise dos datos

Á luz dos datos proporcionados pola táboa 161, observamos que no G1 xa aparecen catro exemplos de pronomes con colocación diverxente da norma. Non obstante, é no G2 e mais no G3 onde estas posicións se fan máis usuais. En relación ás porcentaxes dos datos ponderados, apréciase un progresivo incremento destas posicións (0% - 16% - 8%).

Táboa 161: Distribución das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma, así como a porcentaxe que representan, segundo a variábel *idade*.

	COINC.	DIVERX.
G1	1372	4
	100%	0%
G2	521	96
	84%	16%
G3	411	38
	92%	8%
TOTAL	2304	138
	94%	6%

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se aplicamos as probas estatísticas, para a variábel *idade* as medianas (táboa 162) apuntan un uso residual das formas diverxentes coa norma tan só no G3. A este respecto, Kruskal-Wallis determina que existe variación (0,049) e Mann-Whitney áchao entre o G1 e o G3 (0,042).

Táboa 162: Mediana das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma, divididas segundo a variábel *idade*.

	COINC.	DIVERX.
G1	100,00	0,00
G2	100,00	0,00
G3	97,17	2,83

En canto á variábel *xénero*, as medianas indican uniformidade entre mulleres e homes (100,00 coincidentes e 0,00 diverxentes, en ambos os grupos). Kruskal-Wallis corrobora esta lectura (0,272).

As medianas da variábel *nivel de estudos* (táboa 163) presentan dúas tendencias separadas. Por un lado, os grupos de estudos primarios e sen estudos rexistran maior media nas colocacións coincidentes e 0,00 nos índices de producións diverxentes. Por outro lado, nos grupos de estudos secundarios e universitarios detectamos usos relativamente baixos pero indicadores dun cambio nas colocacións diverxentes. As probas estatísticas indican que esa distancia non é suficiente como para considerala significativa.

Táboa 163: Mediana das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma, divididas segundo a variábel *nivel de estudos*.

	COINC.	DIVERX.
Sen Estudos	100,00	0,00
Primarios	100,00	0,00
Secundarios	99,32	0,68
Universitarios	96,66	3,34

Por último, segundo as medianas da *lingua habitual* (táboa 164), o grupo de galegofalantes sepárase dos outros dous. O grupo de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

españolfalantes presenta un incremento considerábel nas diverxentes (5,45), que é indicativo dun cambio. Kruskal-Wallis, de novo, volve marcar o carácter regular no uso destas colocacións, pois a significación sitúaa en 0,154.

Táboa 164: Media das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma, divididas segundo a variábel *lingua habitual*.

	COINC.	DIVERX.
Galego	100,00	0,00
Gal.Esp.	95,56	4,44
Español	94,55	5,45

Talvez a disonancia se atope dentro de cada un destes grupos de idade. Por tal motivo, procedemos a analizalos individualmente.

5.1.1.1. Grupo 1

Segundo os datos da táboa 161, no G1 tan só se rexistraron 4 casos diverxentes da norma, fronte aos 1372 coincidentes. Debido á natureza destes casos anómalos, decidimos presentalos a seguir:

> no-m' acòrda moito | **xa** conte**iche** ahora tod' as couza:s | M1925
>
> "usté sac' a.fotos en tódor lados | **ind'** han**a** prender" | M1930
>
> esto || eu **o** vexo || que sea un Parque Nasional | pèro tería qu' haber outra limpiesa | H1933
>
> èr' à:sí | como destas hòras | è claro | **xa** cheirába**lle** | M1948c

Estas colocacións —sobre todo nun grupo en que todas as persoas son galegofalantes iniciais e habituais— son pouco habituais e rompen co uso normal que se dá nestas posicións. Con todo, pódense deber a arcaísmos sintácticos nos casos precedidos de adverbio, mentres que "eu o vexo" se pode deber a unha focalización. Na lírica medieval atopamos casos moi puntuais de posposición do pronome con estes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

adverbios, como o caso de "e ora **ja** dizen-**mi** d' el que...", de Johan Airas (1240-1300)[3].

Os datos apuntan que ningunha variábel vai ser determinante, pois o número de casos diverxentes é moi baixo. Así e todo, realizamos as probas estatísticas pertinentes. Efectivamente, Kruskal-Wallis estabelece a significación da variábel *xénero* en 0,176 e a do *nivel de estudos* en 0,519.

5.1.1.2. Grupo 2

Segundo a táboa 161, neste grupo é onde maior número de colocacións diverxentes se rexistran (96, o 16% das producións do G2). No entanto, deberemos ver as probas estatísticas que nos indican.

En relación á variábel *xénero*, as medianas tanto das mulleres como dos homes son 100.00 (coincidentes) e 0.00 (diverxentes). A proba non paramétrica Kruskal-Wallis identifica que non existe variación significativa (1,000).

De feito, este índice de 1,000 é o que se recolle para a variábel *nivel de estudos* e para a *lingua habitual*, malia presentaren medianas que apuntan certa ruptura a respecto do sistema estabelecido na norma actual do galego (táboa 165).

Táboa 165: Mediana dos usos en canto á frecuencia de uso das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma no G2, divididas segundo as variábeis *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

	COINC.	DIVERX.
Prim.	100,00	0,00
Secun.	99,32	0,68
Univ.	100,00	0,00

Galego	100,00	0,00
Gal.Esp.	94,12	5,88
Español	100,00	0,00

3 *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa* (MedDB). Versión 3.6.2. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://www.cirp.gal/meddb> [última consulta: 27/07/2020].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os grupos que diverxen da norma son os de estudos secundarios e mais os que empregan galego e español nas súas interaccións habituais, aínda que o seu uso non é suficiente como para considerármolo significativo.

5.1.1.3. Grupo 3

Neste grupo, segundo a táboa 161, é onde se rexistra o segundo maior porcentaxe de colocacións diverxentes (8%), por detrás do G2, con 38 casos totais recollidos.

Na variábel *xénero*, as medianas das colocacións coincidentes no G3 mostran que a ruptura apreciada no G2 noutras variábeis aquí faise evidente xa nesta. Mentres que as mulleres presentan 94,55 (coincidentes) e 5,45 (diverxentes), os homes continúan coa tendencia tradicional de 100,00 e 0,00 respectivamente. Malia todo, a distancia continúa a ser relativamente baixa como para determinar unha relación directa entre o *xénero* e as colocacións diverxentes do pronome persoal átono. Así o estabelece Kruskal-Wallis (0,796).

No tocante á variábel *nivel de estudos*, as medianas (táboa 166) evidencian un uso crecente das colocacións diverxentes a respecto do G2. Sobre todo, esta ampliación de usos vese no grupo de persoas universitarias (94,55 coincidentes e 5.45 diverxentes), aínda que tamén se estabiliza no de estudos secundarios (97,78 coincidentes e 2,22 diverxentes). As probas estatísticas determinan que non é abondo para falarmos de relación entre a variábel e esta colocación concreta, cun índice de significación de 0,785.

Táboa 166: Mediana dos usos en canto á frecuencia de uso das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma no G3, divididas segundo a variábel *nivel de estudos*.

	COINC.	DIVERX.
Primarios	100,00	0,00
Secundarios	97,78	2,22
Universitarios	94,55	5,45

Por último, a variábel *lingua habitual* presenta, de igual modo, medianas nas colocacións diverxentes que se amplían a respecto do G2 e, sobre todo, do G1 (táboa 167).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 167: Mediana dos usos en canto á frecuencia de uso das colocacións do pronome persoal átono coincidentes e diverxentes da norma no G3, divididas segundo a variábel *lingua habitual*.

	COINC.	DIVERX.
Galego	100,00	0,00
Gal.Esp.	98,78	1,22
Español	82,84	17,16

Aplicando a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis á variábel *lingua habitual*, indícanos que existe relación entre algúns dos membros deste grupo (0,042). Achamos os resultados de Mann-Whitney para determinar cales son eses grupos que diverxen nos usos e o resultado significativo ofrécesenos entre os galegofalantes e os españolfalantes (0,037).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. CONCLUSIÓN: CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO DA ILLA DE ONS

O método de análise proposto neste traballo supón un paso cara a adiante no estudo da dialectoloxía a nivel galego. Con todo, non pretende ser unha ruptura cos modelos de traballo previos, senón un diálogo constante. Isto ficou claro no debate aberto coas investigacións realizadas até o momento nos diferentes fenómenos analizados.

Por suposto, esta fórmula de análise verte luz a respecto das eivas que presenta un modelo baseado tan só na percepción e nas fundamentacións sobre casos puntuais. Con todo, tamén contribúe a lexitimar todo o labor realizado polas investigadoras e investigadores, xa que, en moitos casos, esas percepcións eran atinadas.

Somos conscientes, por suposto, das dificultades que supón realizar un estudo desta profundidade para o ámbito lingüístico galego no seu conxunto. Xa nos atopamos nalgún punto desta tese con imposibilidades á hora de corroborar estatisticamente certos fenómenos dado o baixo número de exemplos ou mesmo de informantes que integraban algún dos subgrupos estabelecidos. Por tal motivo, cumpriría un aluvión maior de falantes e unha diversidade de perfís máis diverso para facer máis doado extraer conclusións, algo que se presenta imposíbel polo esforzo humano e económico que suporía.

Aínda así, este traballo axuda a demostrar, coas ferramentas que se empregan noutras ciencias, como as catro variábeis analizadas son claros motores do cambio lingüístico. Deste modo, non só podemos confirmar a influencia que mostran nos procesos de variación e mesmo de cambio e substitución, senón que poden contribuír a que, de haber interese en crear políticas de normalización e dinamización lingüística eficientes, se saiba exactamente onde incidir e como para evitar a crecente castelanización do galego.

A progresiva incorporación das ferramentas informáticas facilitan

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que a conxunción da lingüística tradicional (neste caso a dialectoloxía) e os métodos científicos xa implementados nas ciencias experimentais se unan para facer competitiva a investigación en linguas. Con maior importancia, este prestixio vese como unha realidade en linguas minorizadas como o galego. Podemos pór como exemplo moitos dos artigos realizados na última década sobre análise fonética ou as recentes teses defendidas nas universidade galegas, nomeadamente na Universidade de Santiago de Compostela, baixo o amparo do Instituto da Lingua Galega. Tamén son unha evidencia estes avances nos proxectos desenvolvidos polo ILG nos últimos anos, con especial mención aos córpora orais pola relación estreita co estudo presente: o Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega e o Arquivo do Galego Oral. A lingüística galega, coma sempre, traballa desde a actualidade coas miras postas no futuro.

6.1. Cambio lingüístico en tempo aparente

Neste epígrafe retomaremos os datos fornecidos nos tres capítulos anteriores co fin de presentar, de maneira holística, a relación entre as catro variábeis estabelecidas e o cambio lingüístico en marcha.

Até o de agora, describíronse unha serie de elementos da variación lingüística actual. Con todo, o feito mesmo da variación pode dar pé a un cambio lingüístico ou reverterse e permanecer na forma primeira. Caravedo (2003: 40) explica que "[l]a variación actuaría, pues, como una especie de bisagra, articulando dos órdenes aparentemente contradictorios, como la permanencia y la transformación". É dicir, o cambio lingüístico precisa dunha variación previa (*change in progress* que apuntaba Labov 1963, 1966 e, sobre todo 1981, 1994, 2014), mais non toda variación culmina nun cambio definitivo.

A este respecto, podemos apuntar un caso dos analizados nos capítulos anteriores. O problema radica en determinar en que sentido se está a dar o cambio. Isto é, se se estabelece que o punto de partida é a forma predominante das persoas de maior idade ou, pola contra, é a forma máis próxima ao latín.

Por exemplo, o morfema da P6 do pretérito de indicativo (§4.1.1) presenta a variación *–no(n)*/*–ron*. A primeira forma é a máis usual no

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

G1, mentres que a segunda é a máis próxima ao morfema latino do que deriva (–RUNT). Se entendemos que as formas *–no(n)* son as propias e as que teñen maior índice de uso no G1, a forma *–ron* é a variación que, no G2 e G3, remata o proceso de cambio. En contraste, se tomamos como punto de partida a forma latina –RUNT, entendemos que o morfema inicial é *–ron* e, xa que logo, o cambio estabelécese en *–no(n)*, polo que non tería culminado.

Co fin de ver a maneira en que se artella o cambio lingüístico en tempo aparente na Illa de Ons, resúmense, a continuación, nunha táboa os resultados da análise da variación significativa para cada un dos fenómenos estudados neste traballo (táboa 168).

Táboa 168: Resumo das variábeis que entran en xogo segundo o fenómeno analizado, a saber: *idade*, *xénero*, *nivel de estudos* e *lingua habitual*.

FONÉTICA E FONOLOXÍA (§3.)			
GHEADA (§3.1.)		**GHEADA TRAS NASAL (§3.1.4.)**	
idade	SI	*idade*	SI
xénero	NON	*xénero*	NON
niv. estudos	SI	*niv. estudos*	SI
lingua hab.	SI	*lingua hab.*	SI
G1	NON	G1	NON
G2	NON	G2	NON
G3	NON	G3	NON

SESEO (§3.2.2.)		**DESPALATALIZACIÓN (§3.2.4.)**	
idade	SI	*idade*	SI
xénero	SI	*xénero*	NON
niv. estudos	SI	*niv. estudos*	NON
lingua hab.	SI	*lingua hab.*	NON

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

G1	NON
G2	NON
G3	NON

G1	NON
G2	NON
G3	NON

CECEO (§3.2.3.)	
xénero	SI
niv. estudos	NON

CODA SILÁBICA (§3.3.1.6.)	
idade	palat.
xénero	palat.
niv. estudos	palat.
lingua hab.	NON
G1	palat. e *xén.*
G2	rotac. e *xén.*
G3	NON

ROTACISMO (§3.3.1.2.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	SI
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	*niv. est.*
G3	*xénero*

ASPIRACIÓN (§3.3.1.3.)	
idade	NON
xénero	SI
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	*xénero*

PALATALIZACIÓN (§3.3.1.5.)	
idade	NON
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

G2	NON
G3	NON

G2	NON

DESAPARICIÓN (§3.3.1.4.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	*ling. hab.*

CRASE (§3.3.1.4.)	
idade	NON
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	NON

MORFOLOXIA (§4.)	
P6 PRET. IND. (§4.1.1.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	SI
lingua hab.	SI
G1	NON
G2	NON
G3	NON

P1 PRET.IND.1ªCONX.(§4.1.2.)	
idade	NON
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	NON

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

P3 PRET. IND. *VIR* (§4.1.3.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	NON

RADICAL PRET. *TRAER* (§4.1.4.)	
idade	NON
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON

TONICIDADE P4 (§4.1.5.)	
idade	NON
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	NON

PRON. DEM. INDEF. (§4.2.1.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	SI
lingua hab.	SI
G1	NON
G2	*niv. est.*
G3	NON

CUANT. *MOITA(S)/O(S)* (§4.2.2)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	SI
lingua hab.	SI

CONTRAC. *EN*+DEM. (§4.2.3.)	
idade	NON
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

G1	NON
G2	NON
G3	NON

G2	NON
G3	NON

CONX. COOR. COPUL. (§4.2.4.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	SI
lingua hab.	SI
G1	NON
G2	*ling. hab.*
G3	NON

CI *TE/CHE* (§5.1.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	NON

SINTAXE	
COLOCACIÓN PRONOME (§5.2.)	
idade	SI
xénero	NON
niv. estudos	NON
lingua hab.	NON
G1	NON
G2	NON
G3	*ling. hab.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Á luz destes datos, podemos indicar, nos seguintes apartados deste capítulo, a influencia real que teñen as distintas variábeis no proceso activo do cambio lingüístico.

6.2. Variábel *idade*

De todas as variábeis utilizadas, esta é a máis evidente para os falantes e a máis empregada na sociolingüística. No caso da Illa de Ons, evidencia dúas rupturas derivadas da historia deste lugar e deste grupo de persoas. A primeira dáse a finais da década de 1960 e inicios de 1970, momento en que as familias comezan a abandonar esta terra e se asentan nos concellos máis próximos: Bueu, Sanxenxo, Cangas e mesmo Vigo, Marín, O Grove, Ribeira... A segunda ruptura prodúcese na década de 1980, como consecuencia da escolarización en galego derivada do Título III da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia.

Xa que logo, os tres grupos que se estabeleceron para a análise teñen unha base histórico-social cunha correspondencia lingüística. Destas crebas deriva a distribución das persoas informantes nos distintos grupos de idade: no G1 entran todas as persoas nadas antes de 1960, no G2 as nacidas entre 1960 e 1979 e, por último, no G3 as nadas despois de 1980.

Con todo, existen unha serie de variábeis que actúan paralelamente e que chegan a reforzar, nalgúns casos, esta división. Así e todo, determinadas variantes inflúen transversalmente, sen atención á *idade*.

Nos estudos en tempo aparente, pártese da premisa de que o primeiro grupo de idade é o que presenta as formas xenuínas, de modo que as subseguintes alteran ou marcan a evolución desa fala tradicional. Polo tanto, os grupos de idade máis novos presentan as formas innovadoras. Malia todo, debemos coller esta hipótese con coidado, xa que todas as persoas mudan a lingua ao longo da súa vida, como analizou na historia da lingüística Kabatek (2017). Por tal motivo, debemos ter un pouco de coidado á hora de afirmar onde se atopa a innovación.

Deixando de lado esta discusión, atopamos numerosos fenómenos nesta tese en que o cambio está relacionado con esta variábel. Se revisamos a táboa 168, observaremos que é o factor principal do cambio lingüístico. Nesta liña, os fenómenos que se ven afectados cunha pertinencia significativa baixo as premisas da proba Kruskal-

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Wallis son: a gheada, a gheada tras nasal, o seseo, a despalatalización, o rotacismo, a desaparición de [s̟], a palatalización, o uso do morfema de P6 do pretérito de indicativo, a P3 do pretérito de indicativo do verbo *vir*, as formas do pronome demostrativo indefinido, as formas do indefinido *moita(s)/o(s)*, a conxunción coordinante copulativa, o complemento indirecto e a colocación do pronome persoal.

Ademais, poderíanse engadir outra serie de fenómenos que, pese a teren un índice de significación que non se pode considerar pertinente, o feito que nos grupos de idade máis novos non presente casos ningúns sería evidencia abonda de relación estreita con esta variábel.

Fronte a estes fenómenos onde a *idade* é un factor esencial do cambio, atopamos moitos outros en que non. Nestes casos estamos ante unha estabilidade no fenómeno.

6.3. Variábel *xénero*

Esta variábel estúdase no total de individuos do corpus, así como para cada un dos grupos de idade antes vistos. No G1, afecta, por exemplo, á palatalización e á aspiración. No G2, atinxe tan só ao rotacismo. No G3 sucede igual que no grupo anterior, tan só é significativo no fenómeno do rotacismo.

No plano global do corpus, esta variábel afecta ao seseo, ao ceceo, á palatalización e á aspiración. Polo tanto, trátase dun marcador relativamente pouco determinante. Con total seguridade, esta baixa incidencia na variabilidade dos fenómenos está relacionada coa natureza propia do xénero, pois non é unha realidade binomial senón, pola contra, máis ben ten carácter de amálgama.

A este respecto, no último grupo, o G3, podemos achegar unha información crucial para comprender determinadas desviacións das tendencias esperábeis nos dous subgrupos creados (muller – home) e que están na base desta discusión. Por unha banda, a informante Muller 1989 declarouse *muller* no momento da gravación (2012). Con todo, en 2019 comezou un proceso para transicionar a *home*. Lingüisticamente, amosa unha tendencia semellante ao resto de *mulleres*, mais con certas discrepancias que permiten postular unha conexión co grupo de *homes*.

Por outra banda, o informante Home 1993 declarouse *home* no momento da gravación (2012) e, posteriormente, manifestou ser homosexual. Pese a que non procede un estudo pormenorizado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

das identidades sexuais, tal e como xa se ten especificado, o feito é relevante para argumentar a influencia lingüística relacionada coa performatividade da *identidade sexual*, pois este mozo actúa de forma xeral como *home*, mais amosa diversos puntos de distanciamento co resto de persoas do seu grupo.

Por tanto, o xénero preséntase a modo de escala de grises no canto de compartimentos estancos, pese a existiren dous grandes focos evidentes sobre os que pivotan as realidades lingüísticas e que actúan a modo de imáns atraendo as entidades máis próximas.

En consecuencia, tanto o *xénero* (Muller 1989) como a *identidade sexual* (Home 1993) mostran unha compoñente de construción da identidade da persoa bastante elevada e que inflúe nas formas lingüísticas que escollen. Deste modo, a forma en que cadaquén se presenta ante o resto da comunidade garda relación con estes dous elementos que acabamos de mencionar.

Ademais, apréciase que se trata dunha variábel gradual aínda que falemos de dous focos únicos polas razóns esgrimidas. Unha mostra desta realidade gradual son os casos mencionados, mais tamén se evidencia dada a baixa influencia que se percibe a nivel global que contrasta coa observada dentro de cada grupo. Isto lévanos a pensar que as realidades de que se compón o conxunto de mulleres e o de homes son, en realidade, heteroxéneas.

Cómpre, nesta altura, introducir a teoría do *gender paradox* de Labov (2001: 399-447) na que se estabelecen tres principios fundamentais polos que se rexe o cambio lingüístico ligado ao xénero. Comprobamos, xa que logo, a pertinencia destes principios no caso concreto da Illa de Ons:

1. For stable sociolinguistic variables, women show a lower rate of stigmatized variants and a higher rate of prestige variants than men.

Nun contexto en que existen varias formas posíbeis, as mulleres presentarán maior índice de uso daquelas que gocen de prestixio do que os homes. A este respecto, pódese exemplificar coa porcentaxe de uso do rotacismo no G1 (14% mulleres, 13% homes) pois, aínda que a diferenza é tan só dun punto, elas están por diante. Conforme este fenómeno perde prestixio —pensemos no descenso que se aprecia na variábel *idade*—, as mulleres deixan de estar á cabeza no uso deste

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

fenómeno (no G2 3% mulleres e 9% homes, e no G3 0% mulleres e 4% homes). Caso semellante é o da palatalización ou algúns casos da morfoloxía verbal (a raíz do verbo *traer* ou o morfema da P1 do pretérito de indicativo dos verbos da primeira conxugación).

2. In linguistic change from above, women adopt prestige forms at a higher rate than men.

Entendemos por cambio desde arriba aquel exercido por unha variedade da mesma lingua que goza dun prestixio maior ou outra lingua que se sitúe nunha posición de dominación sobre a que se estea a analizar. Neste caso, a variedade de prestixio sería a norma do galego —habería que ver en que medida a lingua dos lugares nos que se asentou esta comunidade tamén exerce esta influencia— e a lingua que se sitúa sobre o galego da Illa de Ons sería o español.

Neste sentido, poderiamos explicar por que no G2 e G3 van desaparecendo as realizacións distintivas desta zona en aras das escollidas tanto para a norma do galego como para a do español, sempre coas mulleres por diante dos homes. Así, os exemplos fornecidos para o punto anterior explicaríanse segundo esta premisa.

Co propósito de ilustrar esta idea, podemos acudir aos datos dos pronomes demostrativos indefinidos. No G1 atopamos unha predominancia de uso das formas non hipercaracterizadas (*esto*, *eso*, *aquelo*) por parte dos homes, é dicir, as mulleres encaixan na premisa anterior. No G2 esta tendencia reflíctese nos datos e no número de persoas dun e doutro grupo que utilizan as formas non hipercaracterizadas do pronome indefinido, é dicir, hai máis mulleres que empregan estas formas e teñen un número máis elevado de ocorrencias. Probabelmente, esta mudanza prodúcese por influencia do español, pois teñen radicais coincidentes. Por último, no G3 existe unha tirapuxa entre, dunha banda, a influencia do español, que suscita a utilización das formas non hipercaracterizadas, amosando un inesperado equilibrio tanto por parte das mulleres como dos homes. Doutra banda, a norma do galego puxa cara ás formas hipercaracterizadas, que predominan nos homes.

3. In linguistic change from below, women use higher frequencies of innovative forms more than men do.

Finalmente, entendemos por cambio desde abaixo aquel exercido dentro da propia variedade da lingua ou por contacto con outras en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

igualdade de prestixio. Esta mudanza xoga en contra da tendencia anterior, con todo, neste traballo atopamos exemplos. É o caso da desaparición do [ʂ] e crase, que no G1 as mulleres realizan até nun 5%, e os homes nun 12%. No G2 as porcentaxes son de 3% mulleres e 6% homes e no G3 de 3% e 5% respectivamente. Estas porcentaxes, pese a mostrar que os homes son os que máis utilizan este fenómeno, teñen unha lectura diferente se o vemos con perspectiva. Mentres que os homes abandonan progresivamente este fenómeno, as mulleres mantéñeno en maior ou menor medida, malia que a apreciación é que retrocede. E, a respecto da representación dentro do grupo, pasan de non chegar á metade das realizacións dos homes a estar por riba da metade.

Resulta máis evidente no caso do indefinido *moita/o*, pois no G1 as mulleres teñen maior indicio de uso do radical *muit–*. No G2 son as que máis o empregan e, por último, volve inverterse este uso no G3, probabelmente por influenciada norma do galego.

É, polo tanto, unha variábel con bastante peso no inicio do cambio lingüístico. Nomeadamente, pertencer ao grupo *muller* é un motivo de peso para contribuír a que as variantes inicien o proceso de cambio, independentemente de que culmine ou non.

6.4. Variábel *nivel de estudos*

O nivel de escolarización actúa socialmente en tanto que é estratificador consciente ou inconscientemente. Noutras palabras, as persoas cun determinado nivel de estudos teñen maior relación con persoas dese mesmo nivel do que con persoas doutros niveis. Un dos motivos máis evidentes é o tipo de traballos e, polo tanto, o nivel adquisitivo que acadan. Con todo, dado que se trata dunha gradación progresiva, as relacións son máis evidentes con integrantes de grupos contiguos do que con grupos alternos ou cos máis afastados.

Esta variábel aparecía como determinante nos estudos clásicos de variación (Labov, 1966; Ekert, 1989; entre outros). Tamén foi determinante á hora de realizar traballos de dialectoloxía clásica no nesgo do perfil de informante escollido. Na lingüística galega, as investigacións do *ALGa* son un bo exemplo da escolla de persoas para realizar as enquisas:

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

> 1.2.4.- Os informantes
>
> Tratouse de buscar sempre o informante "ideal" (iletrado, de intelixencia natural, nativo do lugar igual cós seus pais e cá súa muller, que non fose ó servicio militar, que non viaxase, que se expresase coa maior espontaneidade posible, sen defectos articulatorios, etc) [...] xeralmente labrego (home ou muller), natural e veciño do lugar enquisado igual cós seus pais, de 40 a 70 anos na maioría dos casos [...]. (*ALGa* I, 1990: 12)

É dicir, buscouse un tipo de lingua concreto, apartado o máis posíbel da influencia do español (iletrado) e con pouca ou nula mobilidade xeográfica (nativo do lugar, que non fose ao servizo militar e que non viaxase). Ademais, interesaban as capas de idade máis altas (de 40 a 70) coa idea de que a lingua xa estivese fixada.

A este respecto, Labov (1963, 1966, 1994) aplicou o nivel de estudos como variábel central para algunhas das súas investigacións. Tempo despois, Caravedo (2003: 43) realizou a seguinte relectura:

> [L]os rangos asignados a la educación van desde el nivel inferior de la escuela primaria hasta el superior de los profesionales, pasando por grados intermedios como el *highschool* y el *college*, y diferenciando además el nivel que incluye la obtención de un grado del que no lo incluye.

É, xa que logo, unha variábel relevante á hora de estabelecer o perfil de falante co que se queira traballar. Porén, fronte ao que poida parecer, non é a que máis repercusións presenta para o cambio lingüístico da Illa de Ons e, cando é así, habitualmente vai ligada á variábel *lingua habitual*. É dicir, un *nivel de estudos* máis elevado asóciase a un incremento do uso do español. Secasí, nos niveis máis baixos de estudos, o *xénero* goza dunha distribución bastante clara. Por un lado, as persoas sen estudos adoitan ser mulleres e as persoas con estudos primarios homes. Ademais, os estudos superiores tan só están representados por mulleres. Probabelmente, esta distribución é a que explica que o *nivel de estudos* sexa, en moitos casos, dependente doutras variábeis.

Esta percepción está presente de xeito máis evidente no proceso de substitución da fricativa farínxea non voceada pola velar non voceada

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e, á súa vez, destas dúas pola aproximante/oclusiva velar voceada. No G1, con tan só persoas sen estudos ou con estudos primarios, a forma case exclusiva é a fricativa farínxea non voceada. No G2, coa entrada de novos niveis de estudos (secundarios e universitarios) introdúcense tamén a fricativa velar non voceada e a aproximante/oclusiva velar voceada. Por último, no G3 a fricativa farínxea non voceada está practicamente desaparecida, a velar non voceada é minoritaria e a aproximante/oclusiva velar é a que domina este contexto de uso. Por suposto, este cambio vincúlase á *lingua habitual*, pois a substitución e práctica desaparición da fricativa farínxea está ligada ao incremento de uso do español.

Ademais do exemplo da gheada, o nivel de estudos inflúe na gheada tras nasal, no seseo, na palatalización, no rotacismo, na escolla do morfema de P6 do pretérito de indicativo, na forma do pronome demostrativo indefinido e na conxunción coordinante copulativa. Ademais, no segundo grupo de idade (G2), goza de relevancia especial no uso do rotacismo e na escolla das formas do pronome indefinido.

Por tal motivo, trátase dunha variábel que contribúe non só ao cambio lingüístico, senón tamén á fixación do prestixio de determinadas formas. Dito noutras palabras, as persoas que teñen maior nivel de estudos funcionarán como exemplo para as de menor nivel, favorecendo que o cambio sexa coincidente coas súas escollas.

6.5. Variábel *lingua habitual*

A última das variábeis que se analizaron nesta tese foi a da *lingua habitual*, é dicir, a maioritaria no día a día, así como os contextos en que se emprega cada unha delas, en caso de que fosen máis dunha. Contemplouse tamén a posibilidade de traballar a variábel *lingua inicial*, con todo, os resultados non eran relevantes e, xa que logo, houbo que prescindir dela para a análise.

As linguas do contexto habitual son "galego" e "español". A maioría da xente contestaba a esta cuestión "máis galego" ou "máis español", dado que todas as persoas que compoñen o corpus son coñecedoras de ambas as dúas linguas. Puntualmente, atopamos respostas do tipo "sempre galego" ou "sempre español", xunto con "normalmente galego" ou "normalmente español". Estas categorías, malia que se poderían

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

examinar por separado, contémplanse reunidas debido á ausencia de resultados diverxentes. Por último, estabelecemos un terceiro grupo cos falantes das dúas linguas —coas súas debidas puntualizacións.

En canto á distribución e uso das linguas, a variábel *lingua habitual* semella ser a máis relevante, non só para este estudo senón tamén para múltiples investigacións que se levan desenvolvido nos últimos anos. Nesta liña, Regueira (2019, 129) reflexiona sobre a redución do sistema de sete vogais do galego con relación ao uso do español, revisando estudos previos:

> [U]nha parte non pequena do noso alumnado non é quen de diferenciar as vogais medias altas e baixas e ten unha fonética máis próxima á do español de Galicia ca á do galego "popular" (e máis aínda á do portugués), nunha situación que se asemella á que se describía en Regueira (1999) como "novo galego urbano". E nesta categoría entran non só os denominados "neofalantes" (Ramallo &O'Rourke 2014), senón tamén persoas que teñen o galego como L1.
>
> En traballos empíricos publicados recentemente este sistema de cinco vogais é o que aparece en falantes que teñen o español como lingua dominante (Aguete 2017, Amengual & Chamorro 2015), do que se pode inferir un efecto de contacto co español na extensión deste modelo fonético.

Por tanto, o efecto máis relevante é o contacto co español na vida diaria por riba da súa influencia como lingua inicial. Non quere dicir que o español L1 non exerza presión no cambio lingüístico, senón que a incidencia máis forte está na lingua habitual e a lingua da contorna.

Esta variábel é, en todas as liñas de análise deste estudo, a máis evidente na mudanza do modelo de lingua que podemos considerar "tradicional". O resultado é, cada vez máis, un patrón próximo á norma do español con retallos da norma do galego.

Así, na fonética atopamos a progresiva desaparición do fenómeno da gheada —xa mencionado no apartado anterior en conivencia coas dúas variábeis— tanto en contexto xeral como tras nasal, mais tamén do seseo. Na morfoloxía, todos os resultados diverxentes da norma —do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

galego e, sobre todo, do español— danse no G1 e, residualmente, no G2. En todos os casos, o incremento progresivo do español como *lingua habitual* favorece a desaparición dos elementos diverxentes. Ocorre con todos os morfemas verbais analizados, así como cos elementos de morfoloxía non verbal. Estatisticamente, inflúe esta variábel na escolla do morfema de P6 do pretérito de indicativo, na forma do pronome demostrativo indefinido, na raíz do cuantificador *moita(s)/o(s)* e na conxunción coordinante copulativa.

Ademais, dentro dos grupos en que a lingua habitual deixou de ser só galego e comezou a entrar tamén o español —en maior ou menor medida— atopamos outros fenómenos en que inflúe esta variábel. Así, no G2 a escolla das formas da conxunción coordinante copulativa está marcada polo nivel de estudos. E no G3 inflúe sobre a desaparición do [s̪] e, con maior percepción social na actualidade, as colocacións do pronome átono diverxentes da norma.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

AGO = FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.) (1992). *Arquivo do Galego Oral*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/ago/> [consultado: 30/12/2020].

ALENCAR, María Militão (2007). *Aspectos sócio-dialectais da língua falada em Fortaleza. As realizações dos fonemas /r/ e /r/*. UFCE. Tese de doutoramento inédita.

ALGa = Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía verbal (1990), Vol. I, 1-2. Fernández Rei, Francisco (coord.), Constantino García e Antón Santamarina (dir.). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALGa = Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía non verbal (1995), Vol. II. Álvarez Blanco, Rosario (coord.), Constantino García e Antón Santamarina (dir.). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALGa = Atlas Lingüístico Galego. Fonética (1999), Vol. III. González González, Manuel (coord.), Constantino García e Antón Santamarina (dir.). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALONSO GONZÁLEZ, Ricardo (2017). *Lenición de oclusivas sordas en gallego y en castellano de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Traballo final de mestrado inédito.

ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1980). *O pronome persoal en galego*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.

ÁLVAREZ, Rosario, MONTEAGUDO, Henrique e REGUEIRA, Xosé Luís (1986). *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

ÁLVAREZ, Rosario e RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO, Xosé Luís (2002). "*O diálogo de Alberte e Bieito*. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI", en *Boletín da Real Academia Galega* 363. A Coruña: Real Academia Galega. 241-305.

ÁLVAREZ, Rosario e XOVE, Xosé (2002). *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AMPER-Gal = FERNÁNDEZ REI, Elisa (coord.) (2003). *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico AMPER-Gal*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/amper/> [consultado: 02/01/2021].

BALEIRÓN SÓÑORA, Rosario (2004). "A gheada no concello de Padrón", en *A lingua galega: historia e actualidade*, 4. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega: Instituto da Lingua Galega. 331-336.

BALLESTEROS-ARIAS, Paula e SÁNCHEZ CARRETERO, Cristina (2014). *Ons: unha illa habitada*. Santiago de Compostela: Chocosoft.

Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB). Versión 3.6.2. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://www.cirp.gal/meddb> [última consulta: 27/07/2020].

BATEMAN, Nicoleta (2011). "On the Typology of Palatalization", en *Language and Linguistics Compass*, 5/8. 588-601.

BEAUVOIR, Simone de (1949, revisado 1976): *Le deuxième sexe*. Paris: Éditions Gallimard.

BERNATE, Emily (2016). "La aspiración de la /s/ en las hablas femenina y maculina de los limeños en los Estados Unidos", en Íkala, revista de *lenguaje y cultura*. Vol 1. Colombia: Medellin. 267-279.

BOERSMA, Paul e WEENINK, David (2013). *Praat: doing phonetics by computer*, versión 5.3.51., <http://www.praat.org/>, [consultado: 30/12/2020].

BOKAMBA, Eyamba (1988). "Code-mixing, language variation, and linguistic theory: evidence from bantu languages". *Lingua*. 76 (1). 21–62.

BOKAMBA, Eyamba (1989). "Are there syntactic constraints on code-mixing?" *World englishes*, 8 (3). 277-292.

BRUGMAN, Hennie e RUSSEL, Albert (2004). "Annotating Multimedia / Multi-modal resources with ELAN", *Proceedings of LREC 2004, Fourth International Conference on Language Resources and Evaluation*, <https://tla.mpi.nl/tools/tla-tools/elan/citing_elan/>, [consultado: 30/12/2020].

BUTLER, Judith (1990). *Gender Trouble: Feminism and the Subversion of Identity*. New York and London: Routledge.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BYBEE, Joan (1985): *Morphology*. Amsterdam: John Benjamins.
CABELLO, Francisco (2016). *Actualizaciones en sexología clínica y educativa*. Huelva: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva.

CARAVEDO, Rocío (2003). "Principios del cambio lingüístico. Una contribución sincrónica a la lingüística histórica", en *Revista de filología española* LXXXIII, 1º-2º. 39-62.
CARBALLO CALERO, Ricardo (1966). *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1967). *Gramática gallega*. A Coruña: Moret.
CHAMBERS, Jack K. e TRUDGILL, Peter (1994). *La dialectología.* Madrid: Visor.
COLINA, Sonia e SIMONET, Miquel (2014). "Galician coda restrictions and plural clusters", en *Linguistics52(6)*. Cambridge: Cambridge University. 1433–1460.
COLOMA, Germán e COLANTONI, Laura (2012). "La aspiración de /s/ en el español rioplatense: tango vs. rock", en *Actas del I Congreso de la Delegación Argentina de la Asociación de Lingüística y Filología de América Latina (ALFAL) y V Jornadas Internacionales de Filología Hispánica*. http://www.memoria.fahce.unlp.edu.ar/trab_eventos/ev.3757/ev.3757.pdf [Consultado 29/10/2018]. 1-11.
CONROD, Kirby (2019). *Language, Gender, and Harm*, https://medium.com/@kconrod/title-language-gender-and-harm-e2491de4cf42 [consultado: 11/08/2020].
CORILGA = REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís e GARCÍA MATEO, Carmen (coord.) (2012). *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/corilga/> [consultado: 30/12/2020].
COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (1994). *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudio das sibilantes galegas*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (2017). "Os actuais subsistemas de sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as dificultades para a súa normalización conxunta", en *Límite. Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía*, Vol. 11.2. Cáceres: Universidad de Extremadura. 109-132.

CROMDAL, Jakob (2013). "Bilingual and second-language interactions: Views from Scandinavia", *International Journal of Bilingualism*, 17 (2). 121-131.

CUTILLAS ESPINOSA, Juan Antonio (2003). *Teoría lingüística de la optimidad. Fonología, morfología y aprendizaje*. Murcia: Universidad de Murcia.

DOPAZO ENTENZA, José Manuel (2013a). *O patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons: textos e estudo*. Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.

DOPAZO ENTENZA, José Manuel (2013b). "Introdución á fala da Illa de Ons", en *Aunios*, 18. 73-74

DOPAZO ENTENZA, José Manuel (2016). "Co silencio tamén comunicamos", en *Aunios*, 21. 34-37

DOPAZO ENTENZA, José Manuel (2017). "Variación lingüística interxeracional na Illa de Ons (Bueu). Seseo", en *Revista Galega de Filoloxía*, 18. 49-68, <http://revistas.udc.es/index.php/rgf/article/view/3179> [consultado 17/03/2020].

DOPAZO ENTENZA, José Manuel (2019a). "Influencia do español no galego da Illa de Ons", en *Aunios*, 24. 19-22

DOPAZO ENTENZA, José Manuel (2019b). "Alteracións de [s̲] en coda silábica na Illa de Ons", en *Estudios Hispánicos*, 27. 25-38 <https://ilg.usc.es/sites/default/files/publicacions_investigadores/2019_alteracions_de_s_en_coda_silabica_na_illa_de_ons.pdf> [consultado 02/07/2022]

DUBERT, Francisco Xosé (1993). *Aproximación á fala da comarca compostelá: fonética, fonoloxía e morfosintaxe*. Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.

DUBERT, Francisco Xosé (1999). "Máis sobre o rotacismo de /s/ en galego", en Álvarez Blanco, Rosario e Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Tomo 1. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 367-382.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DUBERT, Francisco Xosé (2017). "Cambio e estrutura morfolóxica. Segmentacións atípicas en verbos galegos e portugueses", en Regueira Fernández, Xosé Luís e Elisa Fernández Rei (eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 299-326

DUQUE, Carlos (2010). "Judith Butler y la teoría de la performatividad de género", en *Revista de Educación y Pensamiento* 17. 85-95.

ECKERT, Penelope (1989). "The whole woman: Sex and gender differences invariation", en *Language variation and change*, 1 (3). 245–267.

ECKERT, Penelope e MCCONNELL-GINET, Sally (2013, 2º ed.). *Language and Gender*. New York: Cambridge University Press.

ECKERT, Penelope (2014). "The Problem with Binaries: Coding for Gender and Sexuality", en *Language and Linguistics Compass*, 8 (11). 529–535.

ENRÍQUEZ SALIDO, María del Carmen (1971). *El habla de O Grove*. Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.

Estudo perceptivo da variación prosódica dialectal do galego = FERNÁNDEZ REI, Elisa (coord.) (2010). *Estudo perceptivo da variación prosódica dialectal do galego.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.

FERNÁNDEZ DE MOLINA ORTÉS, Elena (2016). "El nivel social como indicador de la variación de -/s/ en el habla de Mérida (Badajoz)", en *Dialectología 16*. Barcelona: Universitat de Barcelona. 93-116.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (1991). "Conservadurismo e innovación no sistema de desinencias verbais do galego: o perfecto", en Dieter Kremer (ed.), *Actes du xviiie Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Niemeyer: Tübingen, III. 632-644.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (1998). "Vocal temática e conxugación verbal. A expresión da clase mórfica en español, catalán e galego moderno", en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, II. Vigo: Galaxia. 591-613.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FERNÁNDEZ REI, Francisco (2004). "Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presencia nos media e nos textos musicais", en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*, Vol. 2. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. 307-336.

FERNÁNDEZ REI, Francisco e HERMIDA GULÍAS, Carme (1996). *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, <www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php> [consultado: 30/12/2020].

FOLERPA = FERNÁNDEZ REI, Elisa (coord.) (2003). *Ferramenta On-Line de ExpeRimentación PerceptivA*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/FOLERPA/> [consultado: 02/01/2021]

FORMOSO GOSENDE, Valentina (2001). "Análise acústica das sibilantes de dúas parroquias no concello de Outes", en *Cadernos de Lingua*, 36. A Coruña: Real Academia Galega. 53-67.

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2006). *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: Xerais.

GALVÃO MAIA, Edson (2018). "Enfraquecimento do /S/ en coda silábica em dados do sul do Amazonas (Brasil)", en *Estudos de Lingüística Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. 77-94.

GARCÍA, Marcos (2008). "Aproximação ao rotacismo de /s/ pós-nasal nos dialectos ocidentais galegos", en *Estudos Lingüísticos / Linguistic Studies* 1. Lisboa: Colibrí. 179-192.

GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1984, 1909). Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología) 1909, en Verba, Anexo 23. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

GAUCHAT, Louis (1905). "L'unité phonétique dans le patois d'une commune", en *Aus Romanischen Sprachen und Literaturen: Festschrift Heinrich Mort*. Halle: Max Niemeyer. 175-232.

GÓMEZ SANJURJO, María Xesús (1997). *Contribución ó estudio do galego do concello de Frades*. Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1991). “Subsistemas de sibilantes no galego actual”, en Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes, Tome III. Université de Trèves (Trier) 1986. Niemeyer, Tübingen. 531-548.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel et alii (2002). “El subsistema *arcaico* de las fricativas dentoalveolares del gallego, una reliquia en vías de extinción”, en Jesús Díaz García (ed.) / Marina Barrio et alii (eds.): *Actas del II Congreso de Fonética Experimental = Proceedings of the II Congress of Experimental Phonetics* (Sevilla, 5, 6 y 7 de marzo de 2001). Sevilla: Universidad de Sevilla. 215-219.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (2005). “Seseo, un término poco adecuado para la descripción de la realidad plurisistemática de la lengua gallega”, en *Fonología y lingüística. Estudios ofrecidos a Antonio Quilis*, Vol. 1. Madrid: Universidad de Valladolid. 253-261.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2008).*Usos lingüísticos en Galicia*, II. A Coruña: Real Academia Galega.

GUMPERZ, John (1968). “The Speech Community”, en *International Encyclopedia of the Social Sciences*. Londres: Macmillan. 381-386.

GUMPERZ, John (1982). *Discurse Strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.

GUTIÉRREZ BRAVO, Rodrigo; Francisco ARELLANES ARELLANES, Francisco e CHÁVEZ PEÓN HERRERO, Mario Ernesto (eds.) (2015). *Nuevos estudios de Teoría de la Optimidad. Sintaxis, estudios fónicos y lingüística computacional*. México DF: El colegio de México.

HAYES, Bruce (1999). “Compensatory Lengtheningin Moraic Phonology”, en Goldsmith, John A. (ed.) *Phonological Theory. The essential readings 43*. Malden, Massacheusetts: Blackwell Publishers. 351-369.

HICKEY, Raymond (2010). “Language Contact: Reconsideration and Reassessment”, en Hickey, R. *The Handbook of Language Contact*. Wiley-Blackwell: Oxford. 1-28.

HYMAN, Larry (1981). *Fonología. Teoría y análisis*. Madrid: Paraninfo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IBM CORPORATION RELEASED (2013). *IBM SPSS Statistics for Windows, Version 22.0*. Armonk, New York: IBM Corp.

IRIBAR IBABE, Alexander e TURREZ AGUIRREZABAL, Itziar (2015). "Las consonantes fricativas de la lengua gallega", en *Estudio de Fonética Experimental*, 24. Barcelona: Universitat de Barcelona. 205-235.

JOHANSON, Lars (2002). "Contact-induced change in a code-copying framework", en Jones, M. *Language Contact*. De Gruyter: Berlin. 285-314.

KABATEK, Johannes (2017). "Dez teses sobre o cambio lingüístico (e unha nota sobre o galego)", en REGUEIRA, Xosé Luís e Elisa Fernández Rei (ed.) *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. 21-44.

KAPLAN, Steven (2011). *The Routledge Spanish Bilingual Dictionary of Psychology and Psychiatry*. Taylor & Francis.

KELLER, Rudi (1994). *On language change. The invisible hand in language*. Londres: Routledge.

KENSTOWICZ, Michael (1994). *Phonology in Generative Grammar*. Cambridge, Massacheusetts: Blackwell Publishers.

KUCERA, Henrye FRANCIS, Nelson (1967). *Computational Analysis of Present-Day American English*. Michigan: Brown University Press.

LABOV, William (1963). "The social motivation of a sound change", *Word 19*. 273-309.

LABOV, William (1966). *The social stratification of English in New York City*. Washington DC: Center for Applied Linguistics.

LABOV, William (1972a). *Sociolinguistic Patterns*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

LABOV, William (1972b). "Some principles of linguistic methodology", en *Language in society*, 1. 97-120.

LABOV, William (1972c). *Language in the Inner City: Studies in the Black English Vernacular*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

LABOV, William (1981). "Resolving the neogrammarian controversy". *Language* 57. 267–308.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LABOV, William (1994). *Principles of linguistic change. Volume 1: Internal factors*. Oxford: Blackwell.
LABOV, William (1996). *Principios del cambio lingüístico, vol. I: Factores Internos*. Madrid: Gredos.
LABOV, William (2001). *Principles of Linguistic Change, Volume II: Social Factors*. Oxford: Blackwell.
LABOV, William (2006). *The Social Stratification of English in New York*. Cambridge: University of Cambridge Press.
LABOV, William (2014). *The regularity of regular sound change*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
LABRAÑA BARRERO, Sabela (2009). "Las consonantes fricativas de la lengua gallega", en *Estudio de Fonética Experimental*, 18. Barcelona: Universitat de Barcelona. 193-213.
LABRAÑA BARRERO, Sabela e VAN OOSTERZEE, Carlos (2003). "An acoustic approach to Galician gheada", en *Proceedings of the 15th International Congress of Phonetic Science*, Barcelona. 945-948.
LABRAÑA BARRERO, Sabela (2014). "Parámetros acústicos dos sons fricativos da lingua galega", en *Estudios de Fonética Experimental*, 23. Barcelona: Universitat de Barcelona. 203-243.
LADEFOGED, Peter (2003). *Phonetic data analysis*. Cornwall: Blackwell.
Lei de Normalización Lingüística de Galicia. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippio12/system/files/Lei%203_1983.pdf#:~:text=Lei%20de%20Normalizaci%C3%B3n%20Ling%C3%BC%C3%ADstica%20de%20Galicia.%20%28Lei%203%2F1983%2C,posibilidade%20de%20constitu%C3%ADr%20instituci%C3%B3ns%20propias%20e%20impedi-lo%20> [consultado:03/08/2020]
LIMA, Jares Gomes e SCHERRE, Maria Marta Pereira (2015). "Restrições linguísticas na palatalização do /s/ pós-vocálico seguido de [t] ou [tʃ] na fala Caravelas-Bahia", en *Revista da Anpoll*, vol. 1, 45. ANPOLL: Florianópolis.
LIPSKI, John M. (1986). "Reduction of Spanish Word-Final /s/ and /n/", en *Canadian Journal of Linguistics / Revue Canadienne de Linguistique*, 31 (2). Otava: Canadian Linguistic Association. 139-156.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LÓPEZ CASTRO, María Xosé (1990). *A fala de Sarria (Lier, Calvor, Castelo). Estudo fonético e léxico*. Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.
LORENZO VÁZQUEZ, Ramón (1975). "El rotacismo en las lenguas románicas", en *Verba* 2. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 119-136.
LOUREDO RODRÍGUEZ, Eduardo (2019). *Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de Doutoramento inédita.
MACSWAN, Jeff (2013). "Code-switching and grammatical theory", en T. Bhatia and W. Ritchie *Handbook of Multilingualism*. Cambridge: Blackwell.
MARIÑO PAZ, Ramón (2003). "O idioma galego no limiar da súa renacenza", en *Revista galega de filoloxía*, Monografía 2. A Coruña: Universidade da Coruña.
MARIÑO PAZ, Ramón (2016). *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.
MARTINEZ CELDRÁN, Eugenio (1998). *Análisis espectrográfico de los sonidos del habla*. Barcelona: Ariel.
MARTINEZ CELDRÁN, Eugenio (2002). *Introducción á fonética. O son na comunicación humana*. Vigo: Galaxia.
MARTÍNEZ MAYO, Concepción (2000). "Descrición acústica de tres fricativas galegas: [s̪], [θ], [ʃ]", en *Cadernos de Lingua*, 22. A Coruña: Real Academia Galega. 81-99.
MÉNDEZ GUERRERO, Beatriz (2011).*¿Quien calla otorga? Funciones del silencio y su relación con la variable género*. Universitat de les Illes Balears. Traballo Final de Máster inédito.
